



**CURSO DE GALEGO**

**Margarita Chamorro  
Ivonete da Silva  
Xaquín Núñez**



# Aula de Galego

**3**



XUNTA DE GALICIA

# Aula <sup>de</sup> 3 Galego



## Edita

XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. Secretaría Xeral de Política Lingüística

## Autores

Margarita Chamorro, Ivonete da Silva, Xaquín Núñez

## Coordinación editorial

Jaime Corpas

## Edición

Pablo Garrido

## Corrección

Dina Moreira e Celia Rozas

## Deseño

Enric Font

## Documentación

Olga Mías

## Estudio de gravación

Soundub (Santiago de Compostela), Blind Records (Barcelona)

## Locutores

Carlos Caneda, Margarita Chamorro, Rosa Fernández, José García, Pablo Garrido, Dina Moreira

## Ilustracións

Roger Zanni excepto páx. 11, 20, 50, 54, 91 David Carrero; páx. 12, 46, 98 Javier Andrada

## © Fotografías

**Cuberta:** Xurxo Lobato; **Unidade 1** páx. 9 Peter Dazeley/Photographer's Choice/Getty Images; páx. 10 Daniel Lobo/Flickr.com, Carsten Lorentzen/Flickr.com, Jorge Picón, José Muruáis; páx. 14 Josep Abril/Miriam Ocariz; páx. 15 Nara Vieira da Silva Osga/sxc.hu, Margarita Chamorro, Teresa Estrada; páx. 16 Paco Peregrín/Colección Otoño Invierno 2008-2009/Maria Barros, Adolfo Dominguez, S.A.; **Unidade 2** páx. 17 Xulio Villarino; páx. 18 Teresa Estrada; páx. 19 Wazari; páx. 22 fischerhuder/Flickr.com; páx. 24 Xesús Búa/La voz de Galicia; **Unidade 3** páx. 25 Alain Crespo/Wikimedia Commons; páx. 26 Jesús Blanco/cronicasmarchitas.blogspot.com; páx. 27 pipo; páx. 28 Luis Alves/Flickr.com; páx. 30 Kevin Seale/sxc.hu; páx. 31 Alejandro Peters/Flickr.com, Ifernyen/Wikimedia commons, Frank Kalero, Shin, Peter Hamza, Mathew Maaskant, Frank Kalero; páx. 32 Certo Xornal/Flickr.com; **Unidade 4** páx. 33 Nehemías Jaruchik; páx. 34 pipo; páx. 35 Frank Kalero; páx. 38 josevzn/Flickr.com, Dan Taylor/Flickr.com, pipo; páx. 39 Frank Kalero, Reuters/Cordon Press, Simon Stratford/sxc.hu; páx. 40 kweez mcG/Flickr.com, Margarita Chamorro, pipo, Lucian Coman/Dreamstime.com, pipo; **Unidade 5** páx. 41 Stephen Frink/CORBIS/Cordón Press; páx. 42 Frank Kalero, Hilary Quinn/Flickr.com, Teresa Estrada, eyeliam/Flickr.com; páx. 43 Teresa Estrada, pipo, Frank Kalero; páx. 46 Teresa Estrada, T. Rolf, Tombre W., Frank Kalero; páx. 47 Frank Kalero; páx. 48 Cabildo de la Catedral de Santiago de Compostela (Derechos reservados. Prohibida la reproducción total o parcial. Edición autorizada núm12/2009), Alex Chang/Flickr.com, Manfred Zentgraf, Cristina Castañeda; **Unidade 6** páx. 49 Xulio Villarino; páx. 50 Bruno Wood, Rick Hawkins; páx. 51 Juanita De Paola, Vanessa Zanini Fernandes, pipo; páx. 55 pipo; páx. 56 Javier Lastras/Flickr.com, José Antonio Gil Martínez/Flickr.com, ANGELOUX/Flickr.com, Phillip Stewart/Flickr.com; **Unidade 7** páx. 57 Xulio Villarino; páx. 58 Leah-Anne Thompson/

istockphoto.com, Galina Barskaya/istockphoto.com, Maira Kourava/sxc.hu, Roy Compatible/sxc.hu; páx. 60 Vinicius Sgarbe/sxc.hu, Kathryn Rotondo/Flickr.com; páx. 62 pipo, Mehmet Alci/Dreamstime.com, David Ruiz/sxc.hu, Mon; páx. 63 Bruno Neves/sxc.hu, Ralph Morris/sxc.hu, Ruth Elkin/sxc.hu, Mari- nela Prodan/sxc.hu; **Unidade 8** páx. 65 Beth Perkins/Taxi/Getty Images; páx. 66 Xurxo Lobato; páx. 68 Margarita Chamorro, Ivonete da Silva, Darryl Brooks/Dreamstime.com, Rgbospace/Dreamstime.com, Tolga Kostak/sxc.hu; páx. 70 Matteo Canessa/sxc.hu; páx. 71 Pablo Herrero/Flickr.com, Pablo Iglesias/sxc.hu; páx. 72 Ramón Escuredo; **Unidade 9** páx. 73 Hans Neleman/Taxi/Getty Images; páx. 74 Gokhan Okur/sxc.hu, Millan/Dreamstime.com; páx. 75 García Ortega; páx. 76 Adrian Boca/sxc.hu; páx. 78 Frank Kalero; páx. 79 pipo; páx. 80 José Antonio Alonso/Flickr.com; **Unidade 10** páx. 81 Xulio Villarino; páx. 82 José Antonio Gil Martínez/Flickr.com, Turgalicia, Tae Sandoval Murgan/Flickr.com; páx. 83 Luis Miguel Bugallo Sánchez/Wikimedia Commons, Stephen Coburn/Dreamstime.com, pipo, Ragne Kabanova/Dreamstime.com; páx. 84 Didier Kobi/stockxpert.com; páx. 86 Melissa, Nick Willsher/sxc.hu, P.O. Sedin/sxc.hu, Mejik van Nimwegen/sxc.hu, Paige Foster/sxc.hu, Frank Kalero, Bas Stoffelsen/sxc.hu, Anna Wolniak/sxc.hu; páx. 87 Wendy Cain/sxc.hu; páx. 88 Ignorant Walking/Flickr.com, Daniel Lobo/Flickr.com, Turgalicia, Christian Lagereek. Fahraeus/Dreamstime.com; **Máis exercicios** páx. 89 Bryan Gosline/Flickr.com; páx. 90 Martin Beckett, Adam Ciesielski, Monica Szczygie, Go Vicinity, Robert Radermacher; páx. 91 Frank Kalero; páx. 93 Csaba J. Szabo, Fleur Suijten, Bjarne Kvaale, Carlos Paes, Maja Prodan, Kristian Birchall, Interact Images, Katherine de Vera; páx. 94 García Ortega; páx. 95 Arquivo histórico provincial de Lugo, páx. 101 e 102 Frank Kalero; páx. 107 Anastasios Kandris, Achilles Moreaux/Dreamstime.com, Kati Neudert/Dreamstime.com, Steve Luker/Dreamstime.com; **Resumo gramatical** páx. 113 Margarita Chamorro; páx. 137 M. Chamorro/l. da Silva, J. Núñez; **Nivel B2 en lingua galega** páx. 145 pipo; **Transcricións** páx. 149 ffriendly/Flickr.com.

Todas as fotografías de www.flickr.com están suxeitas a unha licenza de Creative Commons (Recoñecemento 2.0 y 3.0).

## Agradecementos

Suso Blanco; Carlos Caneda; Cristina Castañeda; Raquel Cibrán (ADOLFO DOMINGUEZ, S.A.); Caetano Díaz Vidal (Galicia Hoxe); Elisa Gómez, María Lema e Soly Patricio (La Voz de Galicia); Adriana Jaramillo (MARIA BARROS); Esdres e Nehemías Jaruchik; Xosé M. Sánchez Sánchez (Arquivo da Catedral de Santiago)

Queda prohibida calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación desta obra sen a autorización previa dos titulares de propiedade intelectual. A infracción dos dereitos mencionados pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual (arts. 270 e ss. do Código penal).

Este curso está baseado nunha concepción didáctica e metodolóxica da perspectiva orientada á acción, desenvolvida polos creadores do manual AULA de Difusión, Centro de Investigación y Publicaciones de Idiomas, S.L.

© Os autores e Difusión, Centro de Investigación y Publicaciones de Idiomas, S.L., Barcelona 2009

© Desta edición: Xunta de Galicia

ISBN: 978-84-453-4839-0

Depósito legal: B-34740-09

Impreso en España por Novoprint



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

difusión

Centro de  
Investigación y  
Publicaciones  
de Idiomas, S.L.



# CURSO DE GALEGO

Margarita Chamorro  
Ivonete da Silva  
Xaquín Núñez

# Aula de 3 Galego



O proxecto **Aula de galego** nace da constatación de que non existe ningún material que responda adecuadamente ás necesidades expostas nos distintos cursos de galego que se levan a cabo na actualidade dentro e fóra de Galicia: tanto os preparatorios para os distintos niveis do Celga coma os que ofrecen as distintas universidades do mundo onde hai un lectorado de galego.

O resultado desta falta de materiais específicos motivou ata agora unha situación que todos coñecemos: en cada centro ou curso os profesores foron sorteando as dificultades da carencia dun bo manual con materiais propios ou con material adaptado. Ningunha das solucións contenta o alumnado nin o profesorado, os cales, cando se lles pregunta, declaran abertamente que prefiren a coherencia e a seguridade que confire un manual ben deseñado.

Desta situación xorde a idea de publicar **Aula de galego**. Un equipo de autores con ampla experiencia no deseño de materiais didácticos, asesorados por expertos e colegas de diversos ámbitos do ensino da lingua que lles axudaron a ter unha visión de conxunto das características e das necesidades dos cursos de galego, abordaron a elaboración de **Aula de galego** co obxectivo de lles dar resposta ás esixencias deste sector, en particular atendendo aos seguintes aspectos:

#### **Desde o punto de vista da organización do material**

- En moitos casos, debido á oficialidade dos certificados e á non obrigatoriedade na asistencia ás clases, permítese a incorporación de novos alumnos cando xa se realizaron algunhas sesións, de forma que non todos permanecen o mesmo número de semanas no curso.
- Na maioría dos manuais para a aprendizaxe do galego existentes ata agora, as unidades didácticas teñen un enfoque basicamente estrutural e abordan un contido pouco variado, tanto desde o punto de vista lingüístico, coma do temático e do cultural.
- O material debe estar estruturado de tal maneira que facilite o labor de coordinación dos diferentes profesores a cargo dun mesmo curso.
- O material **Aula de galego** procura contribuír como un elemento normalizador do galego estándar, sen por iso sacrificar o emprego de materiais auténticos, adaptados ás necesidades comunicativas do alumnado.

#### **Respecto á programación**

Como en calquera contexto de aprendizaxe, nas distintas modalidades dos cursos de galego a presentación e a exercitación de novos contidos debe adecuarse ás expectativas e ás necesidades do alumnado. O material debe, polo tanto, articularse para gardar un coidado

equilibrio entre as propostas novas que presenta cada unidade, así como o reforzo e afianzamento de aspectos lingüísticos e comunicativos xa abordados en unidades ou niveis anteriores.

De igual xeito, a orientación das unidades pretende ser funcional para o heteroxéneo grupo de alumnos que van utilizar **Aula de galego**: tanto para aqueles que se encontran en situación de inmersión, como para os que acceden a través dun curso fóra de Galicia e, asemade, para os que teñen o galego como lingua propia ou ambiental. Pártese, polo tanto, do coñecemento da realidade sociolingüística do galego e da pretensión de lles dar resposta tamén ás necesidades daqueles galegos que queren consolidar a súa competencia lingüística no uso do galego estándar.

#### **Respecto ás características metodolóxicas do material**

- Nos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga, máis que en calquera outro tipo de cursos, precísase un traballo especialmente compensado entre a práctica de destrezas comunicativas e a reflexión gramatical.
- Unha carga horaria como a dos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga reclama, ademais, un material que teña moi en conta a inevitable tensión que viven profesorado e alumnado neste tipo de cursos: as actividades deben ser moi variadas tanto nos seus contidos coma nas dinámicas de aula que propician. As destrezas implicadas en cada actividade e os procesos cognitivos que impulsan deben estar habilmente combinados para que cada día de traballo resulte un todo coherente e equilibrado: debe haber momentos para o lúdico e tempo para a reflexión, actividades en grupos e tarefas individuais, atención a aspectos formais e interacción significativa entre os membros do grupo, tempo para o estudo e para a práctica da lingua e materiais para o descubrimento da cultura.

**Aula de galego** concibiuse como un material axustado á estrutura horaria dos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga e ás expectativas e ás necesidades dun alumnado que realiza estancias breves en Galicia e adáptase perfectamente aos diversos contextos e realidades do alumnado que estuda galego a través dos programas de lectorado.

Cada nivel cobre arredor de 75 horas lectivas (incluíndo actividades complementarias e avaliacións) e preséntase en forma dun só volume, cunha serie de unidades didácticas estruturadas do seguinte modo:

## portadaña

Na primeira páxina de cada unidade, atópanse o título e unha imaxe que gardan relación cos contidos que se van aprender. Eses dous elementos permiten realizar actividades introdutorias para mobilizar os coñecementos previos dos estudantes. Ademais, indícase cal vai ser a tarefa final da unidade, así como os contidos lingüísticos necesarios para levala a cabo.



## comprender


Preséntanse textos e documentos moi variados que contextualizan os contidos lingüísticos e comunicativos básicos da unidade e fronte aos que os alumnos desenvolven fundamentalmente actividades de comprensión.



## explorar e reflectir

No segundo bloque, o alumnado realiza un traballo de observación da lingua a partir de novas mostras ou de pequenos corpus. Trátase de ofrecer un novo soporte para a tradicional clase de gramática, co que os alumnos, dirixidos polo material e polo profesor, descubren de modo indutivo o funcionamento da lingua nos seus diversos niveis (morfolóxico, léxico, sintáctico, funcional, discursivo...). É dicir, trátase de ofrecer ferramentas alternativas para potenciar e para activar o coñecemento explícito de regras.

Na mesma sección, preséntanse **esquemas gramaticais** e funcionais a modo de cadros de consulta. Con eles perséguese, ante todo, a claridade, sen renunciar a unha aproximación comunicativa e de uso á gramática.



## practicar e comunicar

O terceiro bloque está dedicado á práctica lingüística e comunicativa. Inclúe propostas de traballo moi variadas, pero que sempre consideran a significatividade e a implicación do alumno no seu uso da lingua.

Nunha primeira parte, o obxectivo é experimentar o funcionamento de regras en actividades que focalizan unha ou outra forma lingüística no que poderíamos chamar “microtarefas comunicativas”.



Na segunda parte desta sección, propóñense tarefas cuxo obxectivo é exercitar verdadeiros procesos de comunicación no seo do grupo, que implican diversas destrezas e que se concretan nun produto final escrito ou oral (unha escenificación, un póster, a resolución negociada a un problema etc.).

Cabe resaltar as novas propostas comunicativas que encontramos nesta parte do manual, baseadas na experiencia do alumno nun contexto galegofalante: as súas observacións, a súa percepción do contorno convértese en material de reflexión intercultural e nun potente estímulo para a interacción comunicativa dentro do grupo-clase.



Inclúe materiais con contido cultural (textos informativos, imaxes...) que lle axudan ao alumno a acercarse e a comprender mellor a realidade cotiá e cultural galega.

Alén diso, o libro complétase coas seguintes seccións:

## Máis exercicios

Propóñense novas actividades de práctica formal que estimulan a reflexión e a fixación dos aspectos lingüísticos presentados na unidade, deseñadas de xeito que o alumnado as poida realizar de forma autónoma, aínda que tamén poden ser utilizadas na clase a modo de recapitulación de aspectos gramaticais e léxicos da secuencia.

## Resumo gramatical

Ademais da sección de gramática incluída en cada unidade, o libro conta cunha sección que aborda brevemente, pero de forma máis detallada, os contidos gramaticais das diferentes unidades, aínda que se poida precisar do apoio do profesor para aclarar algúns aspectos.


## Nivel B2 en lingua galega

Ofrécese unha descrición por competencias do nivel B2, segundo o establecido no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa, que se corresponde coas esixencias do Celga 3.

## Transcricións

Por último, proporcionanse as transcricións de todo o material auditivo que se atopa no cd que acompaña o libro.

Con **Aula de galego**, pretendemos encher un baleiro evidente cun material dúctil pero coherente; actual dende o punto de vista das novas tendencias metodolóxicas, pero, ao mesmo tempo, fácil de usar e rico, sen ser complexo. É un material que lles dedicamos a todos os colegas que realizan esa apaixonante, e ás veces non sempre suficientemente valorada, tarefa de ensinar a lingua galega dentro e fóra de Galicia.



# índice

## 4 | O proxecto Aula de galego

### 9 | UNIDADE 1 De deseño

Nesta unidade imos deseñar un obxecto que solucione un problema da vida cotiá.

Para iso, imos repasar e aprender:

- ◆ a describir as características e o funcionamento de algo
- ◆ a opinar sobre obxectos ◆ os superlativos en **-ísimo/a/os/as** ◆ algúns modificadores do adxectivo: **excesivamente, demasiado...** ◆ as frases exclamativas: **que...!, que... tan/máis...!** ◆ as frases relativas con preposición ◆ a voz pasiva
- ◆ algúns participios irregulares ◆ empregos do indicativo e do subxuntivo en frases relativas

### 17 | UNIDADE 2 Temos que falar

Nesta unidade imos simular unha discusión de parella.

Para iso, imos aprender:

- ◆ a expresar intereses e sentimentos ◆ a falar das relacións entre as persoas ◆ a mostrar desacordo en diversos rexistros ◆ a suavizar unha expresión de desacordo ◆ a contraargumentar

### 25 | UNIDADE 3 Misterios e enigmas

Nesta unidade imos organizar un debate entre esotéricos e científicos.

Para iso, imos aprender:

- ◆ a facer hipóteses e conxecturas ◆ a relatar sucesos misteriosos ◆ algúns usos do futuro de indicativo
- ◆ o pospretérito ◆ construcións en indicativo e en subxuntivo para expresar diferentes graos de seguridade ◆ usos de **crer**

### 33 | UNIDADE 4 Boas novas

Nesta unidade ímonos converter na redacción dun medio de comunicación.

Para iso, imos aprender:

- ◆ a redactar unha nova ◆ a referirnos a unha nova e a comentalas ◆ formas e valores do participio ◆ verbos de transmisión da información: **manifestar, declarar...** ◆ construcións pasivas e impersoais ◆ vocabulario relacionado cos medios de comunicación

### 41 | UNIDADE 5 Eu faríao se...

Nesta unidade imos decidir que compañeiros poden participar nun *reality show*.

Para iso, imos aprender:

- ◆ a dar consellos ◆ a evocar situacións imaxinarias: **se fose, estivese...** + pospretérito ◆ a opinar sobre accións e condutas ◆ a expresar desexos ◆ algúns usos do pospretérito
- ◆ o pretérito imperfecto do subxuntivo de **ser, estar e poder**

### 49 | UNIDADE 6 E que che dixo?

Nesta unidade imos tomar partido nun conflito entre dúas persoas.

Para iso, imos aprender:

- ◆ a transmitir ordes, peticións e consellos ◆ a referir o que dixeron outras persoas no pasado en estilo directo e en estilo indirecto ◆ a forma e algúns usos do pretérito imperfecto de subxuntivo

### 57 | UNIDADE 7 Só ou acompañado?

Nesta unidade imos determinar as calidades da nosa parella ideal.

Para iso, imos aprender:

- ◆ a expresar condicións e consecuencias hipotéticas ◆ algúns verbos con preposición ◆ a falar de sentimentos, do carácter e da personalidade ◆ vocabulario para falar de relacións persoais e afectivas ◆ conectores para engadir, matizar, contraponer e desmentir unha información ◆ algúns usos e valores das preposicións

### 65 | UNIDADE 8 Maneiras de vivir

Nesta unidade imos deseñar un paraíso onde vivir.

Para iso, imos aprender:

- ◆ a correlación temporal nas frases de relativo ◆ o emprego dalgúns conectores ◆ a expresar desexos ◆ a expresar a causa e a finalidade: **por** e **para** ◆ os usos especiais dos posesivos

### 73 | UNIDADE 9 Como non o sabía...

Nesta unidade imos vulgar algunhas decisións e as súas consecuencias.

Para iso, imos aprender:

- ◆ o infinitivo conxugado ◆ a falar de feitos pasados e das súas consecuencias no presente ◆ outros empregos do pospretérito e do imperfecto de subxuntivo ◆ a colocación e as combinacións dos pronomes de obxecto directo e de obxecto indirecto ◆ a facer reproches

### 81 | UNIDADE 10 Escollas

Nesta unidade imos falar das consecuencias das nosas escollas na vida.

Para iso, imos aprender:

- ◆ a informar sobre causas e razóns: **porque/por/como/debido a/a causa de/por mor de/por culpa de/grazas a** ◆ a retomar causas coñecidas: **como/ao** + infinitivo/**xa que, posto que, dado que** ◆ construcións enfáticas con valor causal: **tan... que/tanto que/con/de** ◆ estruturas pasivas con **se**

### 89 | Máis exercicios

### 113 | Resumo gramatical

### 145 | Nivel B2 en lingua galega

### 149 | Transcricións



En que páxina estamos?

Déixasme un bolígrafo?

Si, toma.

"Policía" leva acento?

Na 45.

Si, no segundo "i".

Aprobaches?

Si, saquei un 7. É ti?

Cando se usa esta expresión?

Podes explicalo outra vez, por favor? É que non o entendín ben.

Eu suspendín.

Podes escribilo no encerado?

Está claro? Entendéstelo?

Como é o pretérito imperfecto de subjuntivo do verbo "ser"?



## UNIDADE 1

# De diseño



**Nesta unidade imos deseñar un obxecto que solucione un problema da vida cotiá.**

**Para iso, imos repasar e aprender:**

◆ a describir as características e o funcionamento de algo ◆ a opinar sobre obxectos ◆ os superlativos en **-ísimo/a/os/as** ◆ algúns modificadores do adxectivo: **excesivamente, demasiado...** ◆ as frases exclamativas: **que...!, que... tan/máis...!** ◆ as frases relativas con preposición ◆ a voz pasiva ◆ algúns participios irregulares ◆ empregos do indicativo e do subxuntivo en frases relativas

## 1. OBXECTOS SINGULARES

**A.** Observa estas fotografías. Coñeces os obxectos que aparecen nelas? Que cres que son e para que cres que serven? Poderías describilos? Coméntao cos teus compañeiros.




**B.** Agora, le o seguinte texto e descubre que son realmente os obxectos.

**N**o ano 2007, dos 5600 inventos que se patentaron en España, 268 foron ideados en Galicia, o cal confirmou a tendencia alcista da nosa comunidade en innovación e desenvolvemento, grazas ao empeño conxunto de administracións, empresas e universidades, que conseguiron elevar a Galicia ata o quinto posto da clasificación estatal. Con todo, a invención a miúdo continúa a estar asociada á inspiración individual e a imaxe do inventor odoita representarse entre a delgada liña que separa o louco visionario do xenial creador. Talvez por iso a identidade das persoas que idearon moitos dos utensilios cos que hoxe operamos segue no anonimato dos grandes fitos da humanidade.

Así pasou, por exemplo, con Ramón Silvestre Vereá García, nado o 11 de decembro de 1833 na Estrada, e que foi o inventor da calculadora, como o testemuña a máquina conservada na sede central da IBM. O artefacto, feito de ferro e aceiro amarelo, pesa 22 quilos e foi a primeira calculadora capaz de multiplicar e dividir de maneira automática.

A mesma sorte correu Alexandre de Fistera, o inventor dun dos xogos que máis animaron as tardes de lecer de moitos rapaces: o fútbolín. Convalecente nun hospital valenciano en 1936, por mor dun bombardeo, enxeñou o



# Todo enxeño

novo pasatempo para que os nenos ingresados puidesen seguir gozando do fútbol, malia os seus impedimentos físicos. Tras iso, Alexandre viviu en Francia e Ecuador e, á volta, comprobou como os comerciantes valencianos patentaran o seu invento sen o seu coñecemento.

Afortunadamente, hoxe en día, a autoridade das patentes está máis protexida, polo que se salvagarda a pulsión inventiva que os galegos continúan a ter. Diso dan mostra tres obxectos pensados para contribuír á mellora da vida doméstica e cotiá da cidadanía.

José Gómez Vieites e Anxo Picón Calvo, de Ordes e Rianxo, respectivamente, crearon un dispositivo que avisa os condutores da presenza de ciclistas ou peóns, para, deste modo, evitar accidentes indesexables. Os autores aínda están a perfilar tanto a forma como a eficacia dos aparellos –un emisor para os ciclistas e outro receptor para o condutor–, que suporían un grande avance na seguridade viaria. Pola súa banda, José Muruáis, da Pontenova, centrou os seus esforzos en resolver unha cuestión doméstica: ideou un soporte para xamóns que incrementa o sabor e permite aproveitar toda a carne, deixando só o óso. A grandes males, grandes remedios.

**C.** Aquí tes unha serie de opinións sobre os inventos anteriores. Con cal ou cales estás máis de acordo?

**1.** A verdade, para min varios deles facilítannos moito a vida cotiá.

**2.** Parécenme alucinantes. Encóntroos superorixinais. Gústanme moito.

**3.** Creo que son bonitos, pero, francamente, algúns non os vexo demasiado útiles.

**4.** Non sei, non me acaban de convencer. Uns parécenme moi raros e outros desfasados.

**5.** Hai algún que non me desagrada, pero, sinceramente, hai outros que me parecen pouco prácticos.

## 2. QUE HORROR!



**A.** Vas escoitar seis conversas nas que se fala dun obxecto. Sabes a cal destes se refiren en cada caso? Márcao.



**B.** Escoita de novo as conversas. Toma notas no teu caderno para saber se o valoran positivamente ou negativamente.

**C.** Agora, imaxina que queres comprar estas cousas. Como as pedirías nunha tenda especificando algunha das súas características?

## 3. QUE É?

A. Sabes a que se refiren estas descricións? Escríbeo.

1 É UN MOBLE **NO** QUE GARDAS A ROUPA E QUE NORMALMENTE TEN PORTAS.

2 É UNHA FERRAMENTA **COA** QUE PODES CORTAR PAPEL, TECIDO, PELO...

3 SON UNHAS SEMENTES **DAS** QUE SE OBTÉN ACEITE.

4 SON UNS LUGARES **AOS** QUE VAS VER FILMES.

5 É ALGO **CO** QUE TE PEITEAS.

B. Fíxate no que vai en cor verde. Que tipo de palabras son? A que palabra se refire en cada caso?

C. Observa as contraccións marcadas en vermello. Sabes que elementos contraen en cada caso? Por que cres que son necesarios os dous elementos neste tipo de construcións? Coméntao cun compañeiro e logo aclárate co voso profesor.

D. Agora, intenta formar frases relativas a partir da información de A e B. Despois compara as túas frases coas do teu compañeiro. Fíxestelo do mesmo xeito?

A. unha peza de vestir B. cobres a cabeza <b>con</b> esa peza	Un chapeu é .....
A. un establecemento B. compras medicamentos <b>nese</b> lugar	Unha farmacia é .....
A. un tema B. hai moita polémica <b>sobre</b> ese tema	A clonación é .....
A. un lugar B. vas <b>a</b> ese lugar cando estás enfermo	Un ambulatorio é .....

## 4. QUE TEN OU QUE TEÑA?

A. Que diferenza hai entre estas dúas frases? Coméntao cos teus compañeiros.



Estou procurando unha secretaria que **fala** alemán.

Estou procurando unha secretaria que **fale** alemán.

B. Marca a opción correcta en cada caso.

	SI	NON
<b>1. Sabe se existe o libro?</b>		
A. Estou procurando un libro que ten fotos de Villariz.		
B. Estou procurando un libro que teña fotos de Villariz.		
<b>2. Sabe se existe ese programa?</b>		
A. Quero un programa de deseño que se poida instalar nun ordenador portátil.		
B. Quero un programa de deseño que se pode instalar nun ordenador portátil.		
<b>3. Sabe se venden esa torta?</b>		
A. Quero unha torta que leva chocolate e tona.		
B. Quero unha torta que leve chocolate e tona.		

## 5. É DE PAPEL?

Ecolle un destes obxectos. Logo, o teu compañeiro vaiche facer preguntas para adivíñalo; pero ti só podes responder **si** ou **non**.

uns calcetíns      unha cadeira      un garfo  
unha lámpada      unha chaqueta      unha revista  
un sacarrollas      unha xerra      unha porta  
unha chave      unha frixideira      un afiador

• É de papel?  
o Si.

É de algodón/la/cristal/madeira/pel/papel/plástico...  
Serve para + infinitivo

## Frases relativas

As frases relativas serven para engadir información sobre un substantivo ou para determinalo.

- Este anel, **que pertenceu a miña avoa**, é de ouro.
- Esta é a casa **que queremos mercar**.

### CON INDICATIVO OU SUBXUNTIVO

Empregamos o indicativo para referímonos a algo cuxa identidade concreta xa coñecemos ou que polo menos sabemos que existe.

- Ola... Quería ver unha cámara **que custa** 330 €. Ensinouma vostede onte. (Sabe que a teñen e que vale 330 €)

Usamos o subxuntivo para falar de algo cuxa existencia ou identidade concreta descoñecemos.

- Ola... Quería ver unha cámara **que custe** sobre 300 €. (Non sabe se teñen cámaras deste prezo)

### CON PREPOSICIÓN

Cando as frases relativas levan preposición, o artigo (**o, a, os, as**), que vai situado entre a preposición e o pronome **que**, concorda en xénero e en número coa palabra á que se refire, facendo as debidas contraccións cando corresponda.

	o	a	os	as
a	<b>ao (ó)</b>	<b>á</b>	<b>aos (ós)</b>	<b>ás</b>
con	<b>co</b>	<b>coa</b>	<b>cos</b>	<b>coas</b>
de	<b>do</b>	<b>da</b>	<b>dos</b>	<b>das</b>
en	<b>no</b>	<b>na</b>	<b>nos</b>	<b>nas</b>

- Este é o coche **no que viaxaban os meus avós**.
- É esta a chave **coa que pechaches a porta?**
- Necesito o libro **do que sacamos esta cita**.
- Os hoteis **nos que nos aloxamos** eran moi bos.
- Alí están as rapazas **das que che falei**.
- Esta é a mesa **sobre a que debuxan os nenos**.

Cando nos referimos a lugares, podemos empregar **onde** en lugar de **no/na/nos/nas que**.

- *Esta é a casa **na que** nacín.* = *Esta é a casa **onde** nacín.*

Cando nos referimos a persoas, podemos usar **quen** en lugar de **o/a/os/as que**.

- *Este é o rapaz **co que** traballo.* = *Este é o rapaz **con quen** traballo.*

Non obstante, cun referente en plural prefírese o emprego de **os/as que**.

- *Estas son as rapazas **coas que** traballo.*

## Falar do funcionamento e das características

- **Serve para** lavar verduras.
- **Úsase para** tapar as orelas cando vai moito frío.
- **É fácil/difícil de** usar...
- **Vai/Funciona xenial/(moi) ben/(moi) mal/fatal...**

- **Vai/Funciona con pilas/electricidade/enerxía solar/gas...**
- **Engúrrase/Avaríase/Rompe** con facilidade...
- **Non se engurra/se avaría/rompe...**
- (Non) **Pasa de moda**.
- **É (feito) de plástico/madeira/metal...**
- **É usado polo panadeiro/médico/pintor...**
- **É usado para comer/viaxar/durmir...**
- **Consome moito/bastante/pouco**.
- **Tómala/o/as/os cando** tes sede/fame/dor de cabeza...
- **Ocupa moito/bastante/pouco** (espazo).
- **Cabe** en calquera sitio.
- **Ten moita/pouca capacidade**.
- **Dura moito/bastante/pouco** (tempo).

## Valorar

- (Eu) **Encóntroo** moi bonito.
- (Eu) **Encóntroa** moi bonita.
- (Eu) **Encóntroos** moi bonitos.
- (Eu) **Encóntroas** moi bonitas.
- (A min) **Paréceme** moi bonito/bonita.
- (A min) **Parécenme** moi bonitos/bonitas.

### VALORACIÓNS NEGATIVAS

- (A min) **Non me desagrada, pero** eu non o compraría.
- **Non está mal, pero** non é o que estou procurando.
- (A min) **Non me convence./Non me acaba de convencer**.
- **A verdade, para min é excesivamente** moderno.
- É bonito, **pero, francamente/sinceramente**, non lle vexo ningunha utilidade.

### FRASES EXCLAMATIVAS

- **Que** marabilla/horror!
- **Que** (cadro **tan**) orixinal! = **Que** (cadro **máis**) orixinal!

## Superlativos e outros gradativos

feo	caro	rico	rápido
<b>moi feo</b>	<b>moi caro</b>	<b>moi rico</b>	<b>moi rápido</b>
<b>feísimo</b>	<b>carísimo</b>	<b>riquísimo*</b>	<b>rapidísimo</b>

\* Ás veces hai cambios ortográficos: rico – riquísimo.

Para intensificar un adxectivo, na lingua coloquial, adoitamos empregar o prefixo **super-**.

- É un aparello **super**práctico.

Con adxectivos que expresan unha grande intensidade, polo xeral non empregamos o adverbio **moi**, nin o sufixo **-ísimo**, nin o prefixo **super-**. Usamos, no seu lugar, **realmente** ou **verdadeiramente**.

- É **realmente/verdadeiramente** fantástico/horrible.

Outros gradativos:

- É **demasiado/excesivamente** rechamante.
- É **(moi) pouco\*** práctico.
- É **un pouco\*** caro. (= É caro)
- **Non é nada** interesante.

\* Recorda que **pouco** só se emprega con adxectivos de significado positivo. **Un pouco** só se emprega con adxectivos de significado negativo.



## 6. ESTÁ DE MODA

**A.** Mira estes deseños de roupa. Que che parecen? Coméntao co teu compañeiro. Tedes os mesmos gustos? Informade o resto da clase.

- *A min estes pantalóns parécenme demasiado rechamantes. Nos os poría nunca.*
- *Pois a min encántanme, parécenme supermodernos.*

**B.** Responde o cuestionario sobre a roupa e a moda.

1. Cal é a túa cor favorita?
2. Sabes cales son as cores de moda desta tempada?
3. Usas roupa de deseñadores?
4. Cal é a túa marca favorita?
5. Cres que o xeito de vestir dunha persoa é reflexo da súa personalidade?
6. Canto tempo tardas en vestirse?
7. Gardas algunha peza de roupa dende hai anos? Úsala?
8. Gústache chamar a atención coa roupa?
9. Gastas moitos cartos en roupa?
10. En galego dise: "para campar, hai que rabiar". Estás de acordo?

**C.** Agora, comenta o cuestionario cun compañeiro. Logo, pensa que peza de roupa lle regalarías para o seu aniversario e descríbela con detalle.

- *A Nuria regalaríalle...*

## 7. PODES USALO NA COCIÑA?

**A.** Pensa nun obxecto que teña especial importancia na túa vida cotiá. Despois tenta responder mentalmente as preguntas que aparecen na folla.

**B.** Agora o teu compañeiro vaiche facer preguntas para adiviñar en que obxecto pensaches. Ti só podes responder si ou non.

- *Podés usalo na cociña?*
- *Non.*
- *Serve para...?*



debuxos rexistrados / registered pattern: Miriam Ocariz

- É útil?
- É caro?
- Para que serve?
- Engúrrase?
- Derrámase?
- Rompe?
- Funciona con pilas/electricidade?
- Pasa de moda?
- É fácil de usar?
- Dura moito tempo?
- Ocupa moito espazo?
- Podés usalo na cociña/no salón...?
- Podés levalo enriba?
- Consume moito?

## 8. TES...?

**A.** En parellas, buscade un compañeiro que teña algunha destas cousas. Gaña a parella que consiga máis.

### Alumno A

- ALGO QUE SIRVA PARA PROTEXERSE DA CHOIVA
- UNHA COUSA QUE ROMPA FACILMENTE
- UN OBXECTO QUE SIRVA PARA MIRARSE
- UNHA PEZA DE ROUPA QUE SEXA DE LA
- ALGO QUE ESTEA DE MODA

### Alumno B

- UN OBXECTO QUE SIRVA PARA APAGAR O LUME
- UNHA PEZA DE ROUPA QUE SE POÑA NA CABEZA
- UN APARATO QUE FUNCIONE CON PILAS
- UNHA COUSA QUE SE ENGURRE MOITO
- ALGO QUE CAIBA NUN PETO E QUE NON SEXA ELECTRÓNICO

• *Tes algo que sirva para protexerse da choiva?*  
o *Non, síntoo.*

**B.** Agora presentádelle ao resto da clase os obxectos que obtivestes e convencédeos de que realmente teñen esta utilidade ou estas características.

## 9. DESEÑO DE ENCARGA

**A.** En parellas, imaxínade que o departamento de investigación e desenvolvemento dunha empresa vos ofrece a posibilidade de crear o produto que queirades, sen límites de ningún tipo. Pode ser un obxecto, un local comercial etc. Decidide que ides crear, para que serve e como é.

**B.** Agora explicádelles o voso proxecto aos vosos compañeiros. Cal é a idea máis orixinal?

• *Nós imos crear unha pílula que sirva para ter máis memoria e coa que poidamos aprender galego nunha semana.*

## 10. SOLUCIÓN PARA TODOS

**A.** Estas tres persoas teñen algúns problemas prácticos na súa vida cotiá. Pásache algo parecido? Tes outros problemas? Coméntao cos teus compañeiros.



**1.** Para o mes vou abrir unha tenda de aparatos electrónicos no centro. O deseño do interior da tenda é moi moderno, como de ciencia ficción. O que non teño claro é como vai ser o uniforme dos vendedores e dos técnicos. Só sei que quero que sexan moi modernos, abraiantes...



**2.** Eu teño moi pouca memoria e sempre perdo todo. As chaves da miña casa, por exemplo, pérdoas cada dous por tres. Ata agora non era un problema porque os meus amigos e veciños tiñan unha copia e sempre estaban cerca para botarme unha man, pero acabo de trasladarme a unha vila onde non coñezo a ninguén.



**3.** Eu cando estou durmindo non soporto escoitar ningún tipo de ruído, nin o máis mínimo, así que sempre poño tapóns. O problema é que pola mañá nunca escoito o despertador e sempre chego tarde ao traballo. O meu xefe xa empeza a estar farto.

• *Pois eu teño problemas para atopar os CD. Teño unha chea deles e nunca atopo o que quero.*  
o *Pois a min pásame o mesmo cos calcetíns porque cando saen da lavadora sempre falta un, teño os caixóns cheos de calcetíns desemparellados e...*

**B.** En parellas, decidide que problema queredes resolver (un dos anteriores ou calquera outro) e deseñade un obxecto ou aparello que o solucione. Como se chama? Como é? Para que serve? A quen vai dirixido? Podedes debuxalo?

**C.** Agora presentádelle o voso invento ao resto da clase. Cal é o deseño máis útil?

• *A nosa proposta chámase... É un aparello co que se pode...*

## 11. MODA GALEGA

**A.** Le o seguinte texto sobre a historia da moda galega. Logo comenta co compañeiro se coñecías algúns aspectos da información referida.

### De Adolfo Domínguez a Marta Montoto

**A comezos dos anos oitenta**, a moda galega comezou a facerse notar con voz propia. Nun período en que a alta costura foi desprazada polo prêt-à-porter, os traballos de Adolfo Domínguez e Roberto Verino comezábanse a consolidar na Pasarela Cibeles e a as súas tendas contabilizaban unha importante facturación no estranxeiro. O primeiro, Adolfo Domínguez, naceu na Pobra de Trives en 1951 e, a comezos dos setenta, fíxose cargo da tenda de moda do seu pai en Ourense. A partir dese momento iniciou unha carreira de éxito, que, alén da expansión comercial, se caracterizou polo seu estilo propio e funcional e por facer célebre a frase “a engurra é bela”.

**Roberto Verino (Manuel Roberto Mariño)** conservou a referencia ás súas orixes (Verín) no seu nome artístico. Segundo el, homenaxe á tradición medieval que designaba os artistas conforme ao lugar do que proviñan. Tamén partiu do negocio familiar en Ourense, en 1982 creou a súa primeira colección e dous anos máis tarde presentaba os seus deseños na Pasarela Cibeles. Como Adolfo Domínguez, a súa liña caracterízase por unha estilo moi concreto no que priman a calidade, a funcionalidade e a coherencia de todos os seus produtos.

**Ambos puxeron os cimentos** da importante industria téxtil galega, pero a principal revolución veu do grupo Inditex, creado por Amancio Ortega, e que integra as marcas Zara, Massimo Dutti, Pull and Bear, Bershka e Stradivarius. As características máis innovadoras radican en que, sen seguir unha liña de creación autorial, como a dos devanditos modistos, creou un sistema de produción e distribución que permite dar unha resposta inmediata aos gustos e necesidades do consumidor a uns prezos asequibles.

**Con todo**, a moda de autor continúa a gozar dunha saúde excelente, como se comprobou en 2009 na Pasarela Cibeles coa coincidencia nunha mesma cita de catro deseñadores galegos: José Castro, Kina Fernández, María Barros e Marta Montoto. A xuventude destas últimas, nadas en 1980 e 1985, indica o excelente presente e futuro da moda galega.

**B.** Tes algunha peza de roupa dalgunha marca galega?





## UNIDADE 2

# Temos que falar

**Nesta unidade imos simular unha discusión de parella.  
Para iso, imos aprender:**

- ◆ *a expresar intereses e sentimentos* ◆ *a falar das relacións entre as persoas*
- ◆ *a mostrar desacordo en diversos rexistros* ◆ *a suavizar unha expresión de desacordo* ◆ *a contraargumentar*

## 1. ADOLESCENTES

**A.** Aquí tes as fotografías dos cuartos de dous adolescentes galegos: o dun rapaz e o dunha rapaza. De quen cres que é cada un? Por que? Escribeo e, logo, coméntao cos teus compañeiros.



**B.** Agora, le este texto sobre os adolescentes galegos. En parellas, propoñede un posible título para o texto.

**A** adolescencia non chega á mesma idade para os nenos e para as nenas. Actualmente, as nenas entran nesa etapa entre os 9 e os 11 anos, mentres que os seus compañeiros varóns, en xeral, seguen sendo nenos e facendo cousas propias dos nenos ata os 12 ou 13 anos.

Coa adolescencia cambian os gustos e as preferencias: as nenas empezan a preocuparse polo seu aspecto físico, pola roupa e pola moda en xeral. Encántalles ir de compras coas amigas e, a miúdo, quedan a durmir na casa dalgunha delas para pasar a noite probando roupa ou maquillándose.

Tamén comezan a interesarse polos rapaces, especialmente polos que son maiores ca elas, e a querer saír ata tarde. Os seus ídolos son as estrelas do cinema e da música e, en xeral, deixan de interesarlles as súas bonecas. O seu novo xoguete preferido é o

teléfono móbil, e comunícanse coas amigas e cos amigos a través de mensaxes e de chats.

Os cambios nos intereses das rapazas adolescentes provocan frecuentemente os primeiros conflitos; en moitos casos, a escola, os exames e as notas preocúpanlles menos que saír coas súas amigas e divertirse. Por iso, ás veces, os resultados escolares empeoran e comezan a aburrirse no colexio, tanto que fan calquera cousa para non estudar. E aquí empezan, loxicamente, os conflitos cos pais.

Estes cambios afectan tamén os rapaces, pero acostuman chegar un pouco máis tarde. Aos rapaces adolescentes interésanlles os deportes e os xogos de ordenador e os seus ídolos son, en xeral, futbolistas e outros deportistas famosos. Normalmente só se relacionan con outros rapaces, e as rapazas prodúcenlles sentimentos contradictorios, incluso de rexeitamento nalgúns casos.

**C.** Estás de acordo co que di o texto? Como foi a túa adolescencia? Sénteste reflectido? Cántallo á clase.

• *Eu cando tiña 12 anos era un pouco rebelde, pero continuei a ter boas notas no colexio.*

## 2. O DIARIO DE VERO

Vero é unha adolescente galega de 13 anos. Aquí tes algúns fragmentos do seu diario. Cales das cousas que di Vero che parecen típicas dunha rapaza da súa idade? Cales che parecen menos frecuentes? Coméntao cos compañeiros.

Hoxe déronme a nota de Matemáticas. Saquei un 5. Uf! Case suspendo. A verdade é que as mates deste ano son moi difíciles e o profe é un pesado. Abúrrome como unha ostra nas súas clases. En cambio, saquei un 9'5 de media en Ciencias Naturais, a mellor nota da clase! A profe púxome un 10 nun traballo que fixen sobre a reciclaxe e no exame saquei un 9. Non está mal. Os meus pais están contentos porque aprobei todo. Pero a miña nai di que, se quero ser bióloga, tamén teño que estudar Matemáticas porque son moi importantes para os científicos. Non sei. Eu, en realidade, o que quero é ser de Greenpeace, vixiar por todo o mundo nos seus barcos e salvar as baleas e a todos os animais que están en perigo de extinción. Seguro que é moi guai. Como premio polas miñas notas, os meus pais déronme 20 euros para recargar o móbil: así poderei volver enviar mensaxes. Esta semana non puideron chamar nin enviar mensaxes e foi horrible. Por sorte, cando chegaba á casa despois do cole, podía chatear coas miñas amigas. Hoxe fun patinar con Marta e con Lara e, logo, fomos de compras. A miña nai dérame 80 euros e comprei un montón de cousas: unha colonia, unha crema contra o acné, dous "tops" e dous CD de música clásica. Marta é xenial. Temos os mesmos gustos e pasámolo moi ben xuntas. Ademais, usamos a mesma talla e podémonos intercambiar roupa. Encántame que me invite á súa casa a cear e durmir. Pasamos a noite falando das nosas cousas e probando roupa. É xenial. En cambio a Lara non a aguanto. Lara é a prima de Marta e, por iso, moitas veces temos que quedar con ela. Pero é que é moi mandona e estou farta de que sempre fagamos o que ela quere. Eu chámolle "Lariña" porque sei que lle molesta que lle chamen así. He, he... Durante a comida, os meus pais volveron discutir sobre as miñas vacacións. Son uns pesados! Estou cansada de que nunca estean de acordo. A meu pai parécelle ben que vaia de vacacións con Marta e seus pais a Ribeira, pero a miña nai dálle vergoña que pase dúas semanas na casa doutra familia. Pero... por que? Se Marta e eu somos coma irmás!! Ademais, eles van traballar durante todo o mes de agosto e todas as miñas amigas van de vacacións. Non quero quedar soa aquí coma o ano pasado, mentres todos os meus amigos están na praia. Ademais, en Ribeira estará Álvaro, o primo de Marta... e é tan guapo! Ben, agora, querido diario, déixote. Vou á clase de kárate. Ata mañá!

- A min paréceme unha rapaza moi normal, gústalle estar coas amigas, empeza a ter problemas cos pais.
- o Si, pero...

### 3. ODIO MENTIRLLES AOS MEUS AMIGOS

A. Cales das seguintes opinións compartes? Podes sinalar máis dunha para cada tema.

- Encántame** facer regalos. Son moi atento/a.
- Non me gusta nada** ter que facer regalos.
- Non me importa que** se esquezan do meu aniversario. Eu non me lembro de case ningún.
- Estou farto/a** das relacións superficiais.
- Non me interesa** facer novas amizades; xa teño amigos suficientes.
- Apaixóname** coñecer xente nova.
- Non me gustan** as persoas demasiado sinceras.
- Odio** mentirlles aos meus amigos.
- Séntame fatal que** un amigo me minta. Iso non o perdoo.
- Encántanme** as festas grandes, con moita xente.
- Non me gusta que** me inviten a unha festa se non coñezo a ninguén.
- Dáme preguiza** facer festas na miña casa.
- Non soporto** as viaxes con grupos grandes de amigos.
- Dáme medo** viaxar só/soa.
- Séntame mal que** os meus amigos marchen de vacacións e que non me conviden a ir con eles.
- Dáme moita rabia que** alguén doutro país critique o meu.
- Horrorízame** a xente que non acepta opinións e costumes distintos aos seus.
- Fascíname** coñecer persoas doutras culturas.

B. Compara as túas respostas coas dun compañeiro. Coincides en moitas cousas? Coméntallelo aos demais.

• *Xil e eu temos bastantes cousas en común: aos dous nos encantan as festas e non soportamos...*

C. Fíxate nas expresións que aparecen en grosa nas frases anteriores e distribúeas na táboa seguinte. Observa especialmente os casos nos que aparece a estrutura verbo + **que** + subxuntivo. Entendes por que?

verbo + substantivo	verbo + infinitivo	verbo + <b>que</b> + subxuntivo

D. Agora, escribe cinco frases nas que expreses os sentimentos que che provocan outras situacións ou outras actitudes no ámbito das relacións de amizade ou familiares. Intenta empregar as tres estruturas anteriores.

### 4. ESTÁ ENFADADO?

A. Iván falou con distintas persoas esta semana. Mira os debuxos, le o que lle dixeron e apunta en que contexto ou con quen fala en cada caso.



- Dixéronme que ultimamente sempre chega vostede tarde.



-Síntoo, pero tiña un mes para poder trocar o produto. Agora xa non aceptamos devolucións.



- Pois, en principio, todo ben... aínda que vexo que engordaches un pouco...



- Papá, pásache algo? Estás moi raro.



- Mira, Iván, estou cansa de facer eu soa todo na casa. É que ultimamente non fas nada!

**B.** Escoita as respostas de Iván. Primeiro, anota a que situación corresponde cada unha. Logo, fíxate nos recursos cos que mostra desacordo co que lle dixeron.

1. .... 2. .... 3. .... 4. .... 5. ....

C. Agora, imaxina que o profesor vos di: "Participades moi pouco na clase". Cantas maneiras diferentes se vos ocorren para mostrar desacordo? Dicídeas en voz alta, prestando especial atención á entoación.

## Expresar intereses e sentimentos

A maioría dos verbos ou expresións que, como **encantar**, serve para expresar intereses, sentimentos ou sensacións pode funcionar con estas estruturas.

**Encántame** o meu traballo. (+ substantivo singular)  
**Encántame** vivir aquí. (+ infinitivo)  
**Encántame** que me regalen flores.\* (+ **que** + subxuntivo)  
**Encántanme** os gatos. (+ substantivo plural)

\*O suxeito do verbo en subxuntivo non é o mesmo que a persoa que experimenta a sensación.

Entre outros moitos, os seguintes verbos funcionan do mesmo xeito que **encantar**.

<b>molestar</b>	<b>sentar (ben/mal)</b>
<b>interesar</b>	<b>poñer (nervioso/triste...)</b>
<b>gustar</b>	<b>facer (ilusión/graza...)</b>
<b>apaixonar</b>	<b>dar (medo/rabia/preguiza...)</b>
<b>importar</b>	
<b>fascinar</b>	
<b>entusiasmar</b>	
<b>horrorizar</b>	
<b>irritar</b>	

Con todos eles é necesario empregar os pronomes persoais **me/te/le/nos/vos/lles**. Hai que ter en conta que o suxeito gramatical do verbo é a cousa ou a acción que produce o sentimento.

SUXEITO

**Fascíname** a xente orixinal.  
**coñecer** xente orixinal.  
**que me presenten** xente orixinal.

**Fascínanme** as persoas orixinais.

Cos verbos **odiar, (non) soportar, (non) aguantar, adorar, estar canso/farto de...**, o suxeito é a mesma persoa que experimenta a sensación.

- **Odio** madrugar as fins de semana.
- Síntoo, pero **non soporto** a teu irmán.
- **Estou farto de que** ninguén faga nada nesta casa!

Moitos deses verbos non aceptan gradativos porque xa teñen un significado intensificado.

**Adoro/Encántame/Apaixóname = Gústame moito/moitisimo**  
**Odio/Non soporto = Non me gusta nada**

## Mostrar desacordo

Un xeito de expresar desacordo é repetir, en forma de pregunta, o que dixo o noso interlocutor. Este recurso serve para mostrar sorpresa, incredulidade ou enfado.

- Silvia, onte non apagaches as luces ao saír...
- **Que non apaguei as luces ao saír?**

Tamén podemos retomar, en forma de pregunta, só unha parte do enunciado.

- Luís, estás un pouco distraído, non?
- **Distraído, eu? Ai, non sei...**

En xeral, as preguntas con **que** e con **como** expresan rexeitamento ao que nos acaban de dicir.

- Non sei que che pasa, pero estás de moi mal humor.
- **Como?/Que?** E agora dirasme que ti estás de moi bo humor, non?

No rexistro coloquial, algunhas fórmulas serven para expresar un rexeitamento total, incluso un pouco agresivo.

- Carme, creo que a túa actitude non foi moi correcta.
- **(Pero) Que dis!** Comporteime perfectamente.

Outras expresións coloquiais serven para negar con énfase unha afirmación.

- Estiveches na praia? Tes moi boa cor.
- **Que va!** Se estiven toda a fin de semana na casa.

## Suavizar unha expresión de desacordo

É habitual empregar diferentes recursos para suavizar o noso desacordo. Polo xeral, estes recursos presentan a nosa opinión como algo “persoal e subxectivo” e non como afirmacións absolutas.

- Alba, o teu irmán é un pouco antipático, non?
- **Eu non diría iso.** O que pasa é que está nun mal momento.

- Creo que non nos deron a subvención porque non somos o suficientemente coñecidos.
- **Ao meu modo de ver**, ese non é o problema. **O que pasa é que** nos faltan recursos

- Polo xeral, Helena non fai ben o seu traballo.
- **Home, eu non estou totalmente de acordo con** iso.

## Contraargumentar

Para introducir un argumento contrario ao que acabamos de oír, empregamos **pois** ou, para mostrar a nosa sorpresa, **(pero) se**.

- O informe que me deches onte non é moi completo.
- **Pois** ao xefe de vendas pareceulle perfecto.


- Xa non tes detalles comigo: non me chamas ao traballo...
- **(Pero) Se** ti me prohibiches chamarte ao traballo!



## 5. O XOGO DA VERDADE



**A.** Anxo e Olaia levan un ano casados. Un amigo fíxolle unha serie de preguntas por separado sobre a súa vida de casados. Anota que cousas positivas e que cousas negativas conta cada un deles.



	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Para Anxo...		
Para Olaia...		

**B.** Dirías que Anxo e Olaia son un matrimonio feliz? Coméntao cos teus compañeiros.

## 6. PERO QUE DIS!



**A.** A entoación serve para marcar unha determinada actitude. Vas escoitar tres pequenas discusións, cada unha delas en dúas versións diferentes. Tenta anotar en cada caso o grao de enfado da persoa que responde.

Non moi enfadado	Moi enfadado

1	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Pero, Pablo, que horas son estas de chegar! E seguro que non fixeche os deberes!</li> <li>○ <b>Que si, mamá, non sexas pesada, que xa os fixen na biblio.</b></li> </ul>	A			
		B			
2	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Pedro, xa non saímos nunca: nin ao cine, nin cear, nin pasear...</li> <li>○ <b>Que non saímos nunca? E logo non fomos o sábado á casa dos meus pais?</b></li> </ul>	A			
		B			
3	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Non o tomes a mal, pero estás colaborando pouco no traballo.</li> <li>○ <b>Pero que dis! Se a semana pasada quedei todos os días na oficina ata as nove da noite.</b></li> </ul>	A			
		B			



**B.** Agora ides escoitar unha serie de reproches e acusacións. O profesor dirá a quen de vós van dirixidas. O alumno indicado deberá reaccionar.

## 7. XA CHEGA DE RUÍDO

**A.** Que te amola? Estás farto de algo? Agora é o momento de queixarse. Escribe a túa protesta no encerado.

### RELACIONADO COA TÚA CASA

Unha cousa negativa:

- Da(s) persoa(s) coa(s) que vives.
- Da casa.

### RELACIONADO COA TÚA RÚA/CIDADE/ VILA/ALDEA

Un aspecto negativo:

- Do lugar onde vives.
- Dos teus veciños.

### RELACIONADO CO TRABAÑO

Unha cousa negativa:

- Da(s) persoa(s) coa(s) que traballas.
- Do traballo.

### RELACIONADO COA POLÍTICA OU A SOCIEDADE

- Unha cousa negativa do teu país.
- Algo que funciona mal no mundo.

**B.** Agora lede as queixas dos vossos compañeiros e marcade cunha cruz aquelas coas que esteades de acordo. Despois, comentade cos vossos compañeiros as frases que non entendedes ou as que vos chaman máis a atención.

- Quen escribiu "Estou farto dos pelos de Britney"?
  - o Eu
  - E logo quen é Britney?
  - o A cadela do meu mozo, que é moi riquiña, pero deixa todo o piso cheo de pelos.

**C.** Seleccionade as protestas máis interesantes e colgádeas pola clase en forma de carteis.

## 8. TRAPOS SUXOS

**A.** Samuel e Virxinia son unha parella que están pasando por unha crise. Hai varias cousas que provocan desacordos, tensións, malentendidos. En parellas, tedes que inventar, como mínimo, un problema para cada un destes ámbitos.

### O traballo

(os horarios, as tensións, o salario...)



### A familia

(os pais, os cuñados, o tempo que pasades con eles...)



### As tarefas da casa

(o reparto das tarefas, a orde, a limpeza...)



### Os amigos

(o tempo que pasades con eles, a cales vedes máis...)



### As vacacións

(onde as pasades, cando, con quen...)



### Outros temas



**B.** Hoxe ides ter unha discusión en parella, un vai ser Samuel e outro Virxinia. Cada un vai pensar nas cousas que non lle gustan da relación, que cousas tedes que cambiar etc. Negociade que temas ides tratar.

**C.** Agora, diante de toda a clase, ides representar unha conversa sobre os vossos problemas.

- Virxinia, temos que falar.
  - o Oi, iso non me gusta nada!
  - Non, home, non, pero creo que hai algunhas cousas que non funcionan, que deberíamos falalás. (...)
  - o Mira Samuel, estou farta de ser eu a que sempre ten que ir ao súper.
  - Pero que dis! Se a ti che encanta ir de compras!
  - o Pois si, pero non ao súper! E ademais estou farta de...

## 9. TODA UNHA VIDA

**A.** Participaches algunha vez nun blogue? Que perfil adoitan ter as persoas que teñen un blogue? Coméntao co teu compañeiro.

**B.** Agora le a seguinte presentación da autora dun blogue. En parellas comentade como a imaxinades (idade, profesión, méritos).

**María Amelia López Soliño**, galega de Muxía e autora dun blogue, gañou en 2009 o premio BOB á mellor bitácora en español. A partir do seu espazo na rede coñeceu persoas de todo o mundo e dos lugares máis afastados. Conseguiu ser unha blogueira internacional, foi obxecto de reportaxes por xornalistas e ata tivo unha entrevista co presidente do Goberno.

**C.** Agora lede a súa biografía e vede se responde ás vosas hipóteses. Logo podedes buscar máis información sobre a autora no seu blogue ou en informacións dixitais e compartilas co resto da clase.

### María Amelia López Soliño

naceu o 23 de decembro de 1911 en Muxía. O día que cumpría 95 anos, un dos seus netos fíxolle un agasallo moi especial e regaloulle un blogue. A partir dese día a vida, de María Amelia cambiou e foi unha das persoas máis coñecidas na rede. Tivo visitas e encontros con persoas dos sete continentes, obtivo premios e recoñecementos e durante moito tempo foi a blogueira máis anciá do planeta.

Ela confesaba que o blogue lle sacara 20 de anos de encima e que lle fixera recuperar a ilusión. De feito, o seu foi un testemuño de ilusión para a terceira idade, á que animaba a que se conectase á rede para se comunicar con persoas do todo o mundo.

María Ameilia morreu o 20 de maio de 2009, tras 35.578 días de vida e 1.635.128 visitas no seu blogue. O seu pasamento deixou orfos a moitos internautas, pero o seu testemuño de vitalidade e xovialidade aínda continúa a ser unha ventá de aire fresco na rede.





## UNIDADE 3

# Misterios e enigmas

**Nesta unidade imos organizar un debate entre esotéricos e científicos.  
Para iso, imos aprender:**

◆ *a facer hipóteses e conxecturas* ◆ *a relatar sucesos misteriosos* ◆ *algúns usos do futuro de indicativo* ◆ *o pospretérito* ◆ *construcións en indicativo e en subxuntivo para expresar diferentes graos de seguridade* ◆ **usos de *creer***

## 1. O DEMO DE ANLLÓNS

**A.** Coñeces algunha historia de misterio ou de medo? Gústanche? Coméntao co teu compañeiro.

**B.** Agora, le o seguinte texto. Con cal das explicacións do suceso que se narra estás máis de acordo? Coméntao cos teus compañeiros.



Na parroquia de San Fins de Anllóns, os veciños aínda lembran unha historia enigmática e arrepiante. Como testemuña, a casa recentemente restaurada que agocha os terribles feitos que hai un século lles aconteceron a Xuliana Rodríguez e á súa neta, María Cundíns.

Había dous anos que Xuliana enviuvara e no ano de 1899, no mes de defuntos, comezaron a pasar sucesos estraños na casa por mor dunha forza sobrenatural, que avivaba o lume, tiraba os ovos por un buraco e movía os mobles de lugar. Pronto o espírito maligno comezou a atacar a dona da casa: cuspiálle, tiráballe do cabelo e sometíaa a outras vexacións, coa neta como testemuña. Tres meses despois, a propia neta era tamén vítima dos ataques. Ante a gravidade da situación, Xuliana acudiu ao crego, don Xoán Antonio Combarro, para ofrecer unha misa, sospeitando que, tras das trasnadas, podía estar o espírito do seu defunto marido.

O crego ao principio non daba creto, pero cando foi comprobar *in situ* a situación batéronlle cunha

pedra e contemplou un baile de fenómenos: obxectos que aparecían e desaparecían ou un grupo de patacas que formaban unha pirámide. Asustado e verificada a intervención dos malos espíritos, informou a curia, que o autorizou a realizar un exorcismo, acción que levou a cabo acompañado de don Severino Mesías, boticario de Ponteceso, e do señor Mosquera, xuíz municipal.

O asunto non tardou en chegar á prensa. Segundo as testemuñas, cestas de ovos voaban sen romper, pedras marcadas que aparecían e desaparecían e a vella Xuliana e a súa neta eran atacadas polas forzas do mal e ata agredidas sexualmente.

Ambas foron trasladadas a casas diferentes. Xuliana morreu tempo despois e María Cundíns emigrou a América, pero con elas non desapareceu o misterio que aínda pervive en Anllóns. Chegou a realizar o exorcismo o crego? De que morrera o home de Xuliana? Sería el o espírito maligno? Que foi en todo este tempo da casa? Son enigmas aínda sen resolver do misterio de Anllóns.

**As teorías sobre o *poltergeist* (evento sobrenatural) indican que estes feitos adoitan estar relacionados cunha púber e explícanse coas alteracións psicolóxicas propias da puberdade.**

**Estudos sobre os *poltergeist* sosteñen que estes sucesos se orixinan cando alguén morre en medio dun sentimento de ira.**

**Hai persoas que certifican a veracidade destes feitos, xa que afirman que viviron sucesos semellantes aos que conta a historia.**

**Algúns xornalistas que investigaron este caso afirman que é difícil encontrar testemuñas na prensa da época sobre o asunto, polo tanto poden ser construcións da memoria colectiva.**

**Os físicos explican os fenómenos paranormais pola atracción que se pode xerar a partir da electricidade estática.**

**Os antropólogos explican a proliferación destes feitos pola fame que asolaba a boa parte da poboación galega nesa época.**

Para min a explicación máis/menos lóxica/convincente é a de...

Eu (non) estou de acordo coa teoría de...

A min convénceme/non me convence a teoría de que é/son...

**C.** Oíches falar algunha vez dalgún misterio ou enigma semellante ao desta historia? Coméntao cos compañeiros.

- *Eu si, dunha casa solitaria que había na aldea dos meus avós. Dician que estaba encantada.*
- *Pois eu non, ademais danme moito medo.*

## 2. EXPERIENCIAS PARANORMAIS

**A.** Ás veces pasan cousas que non teñen unha explicación lóxica. Aquí tes algunhas. Podes pensar noutras? Fala co teu compañeiro e completa a lista.

- *Sabes cando vas a un lugar por primeira vez e tes a sensación de que estiveches antes?*
- o *Si, xa me pasou algunha vez.*

**B.** Le estes tres testemuños e relaciónaos cun dos fenómenos da listaxe anterior.

- Ter unha premonición.
- Ter soños que se cumpren.
- Ter telepatía.
- Ter a impresión de que xa vivimos algo.
- Oír voces estrañas.
- Entender unha lingua que nunca oímos antes.
- Notar unha presenza.
- Pensar en alguén e encontralo pouco despois.

.....

.....

.....

1



Lembro unha vez que estaba soa na casa e non me encontraba ben. Estaba moi inqueda. Lembro que pensei: “Será a calor ou estarei volvéndome tola?”. Tiña o presentimento de que algo non ía ben. É difícil de explicar, pero era un malestar raro, como de estar en perigo. Sentín a necesidade de saír da casa e así o fixen. Na rúa empecei a sentirme mellor. Fun dar un paseo e, cando regresei, vin que unha árbore caera sobre o teito da miña casa e a esnaquizara completamente.

2



Un día, todos os compañeiros do centro no que fago ioga fomos a unha reunión que facía unha líder espiritual india. A muller non falaba galego nin español; tíñaste que aproximar e ela abrazábase e dicíache unhas cousas ao oído, en sánscrito, creo. Cando me tocou a quenda, achegueime, ela abrazoume e díxome unhas palabras. Lembro que sentín moita tranquilidade e moita paz e que entendín perfectamente o que dicía: “Non teñas medo, non teñas medo”. Quizais porque era iso o que quería entender.

3



A min pasoume varias veces iso de que un día, de súpeto, empezas a pensar en alguén que hai tempo que non ves, un amigo ou unha amiga da infancia, por exemplo, e ao longo do día hai pequenos detalles ou cousas que che lembran esa persoa e preguntaste que sería da súa vida, onde estará, que fará... E, ao final, resulta que coincides con ela nalgún lugar. Talvez sexa só pura casualidade, pero nunca deixa de sorprenderme.



**C.** Agora, vas escoitar unha persoa relatando unha historia. Toma notas. Con cal dos fenómenos da lista o relacionas?



**D.** Aquí tes algunhas opinións sobre este tipo de experiencias. Con cales estás máis de acordo? Coméntao cos compañeiros.

Eu creo que, cando pasan estas cousas, se trata simplemente de casualidade.

Pode que exista unha forma de comunicación extrasensorial.

Para min, a casualidade non existe.

Os animais e os homes temos un sexto sentido que aínda non desenvolvemos.

O que pasa é que quizais vemos o que queremos ver...

Seguramente, dentro duns anos entenderemos cousas que agora nos parecen inexplicables...

- *Eu tamén creo que no futuro, entenderemos....*

### 3. O RAPAZ DA VÍA

**A.** Le o seguinte texto. Cres que consiste nun misterio? Coñeces algún caso parecido? Coméntao cun compañeiro.

Nunha noite primaveral de lúa chea, un tren que sae da estación de Santiago de Compostela con destino a Ourense, ao entrar nunha zona boscosa, atropela un rapaz duns vinte anos de idade, 1,65 m, pelo negro, curto e liso. Á parte da separación das pernas do tronco polo abdome que lle causara o atropelo, o resto do seu corpo presenta diversas malformacións: cabeza desproporcionadamente voluminosa, dentadura demasiado saínte e moi afiada, orellas moi planas, deitadas cara a diante e considerablemente separadas.

O rapaz non leva ningún documento de identificación. Sacan as súas impresións dixitais e envíanllas á policía científica de todas as partes, pero non logran identificalo. Así mesmo, distribúen fotografías súas a todos os medios de comunicación, pero tampouco conseguen ningunha resposta. Ao parecer, non está de alta no rexistro civil nin tampouco ninguén sabe da súa existencia, xa que, misteriosamente, a día de hoxe o “rapaz da vía” aínda segue sen identificarse.

**B.** Aquí tes unha serie de opinións e hipóteses sobre este misterioso acontecemento. Indica con cales estás de acordo e con cales non. Logo, compara as túas respostas coas do teu compañeiro. Fixéstelo parecido?

	SI	NON
1. <b>Pode que</b> sexa un extraterrestre.		
2. <b>Igual</b> é un fillo discapacitado rexeitado pola familia que se criou soíno no bosque.		
3. <b>Ao mellor</b> as malformacións débense á adaptación ao medio que sufriu o seu corpo ao medrar e desenvolverse no bosque.		
4. <b>Quizais</b> é un ser primitivo que non se relaciona cos demais humanos.		
5. <b>Seguramente</b> é un produto de experimentación científica que, ao non saír como se esperaba, foi abandonado no bosque.		
6. <b> Talvez</b> tivo un accidente coa súa familia e foi o único sobrevivente; e as anormalidades son as secuelas que lle quedaron.		
7. <b> Talvez</b> padeza algunha enfermidade.		
8. <b> Quizais</b> todo isto non sexa máis que unha fraude para promover a localidade e atraer as persoas curiosas.		
9. <b> Seguro que</b> as malformacións se deben ao impacto do atropelo e que, ao tratarse dun rapaz moi conflictivo, ninguén se quere ocupar do seu enterro.		
10. <b> É probable que</b> a súa familia non saiba nada do accidente porque non dispón de ningún medio de comunicación.		

**C.** As expresións que están en groma serven para expresar hipóteses. Clasifícaas no teu caderno segundo o modo verbal que as acompaña: indicativo, subxuntivo ou ambos.

**D.** Considerando aínda as partículas en groma, con cal delas expresamos máis seguridade? E con cal menos? Coméntao cos teus compañeiros.

### 4. QUE PASARÍA?

**A.** Le as seguintes conversas e marca no cadro quen é o máis optimista e quen é o máis pesimista en cada diálogo.

**Ana:** Cheira a queimado, non?

**Braulio:** Uí! **Estarase** queimando a casa?

**Ana:** Non, home, non! Seguramente é o veciño que está cociñando.

**David:** Hai tempo que non vexo a Lupe. Ti sabes algo dela?

**María:** Pois a verdade é que non.

**David:** Non sei... cres que **conseguiría** traballo? Seguro que aínda non.

**María:** Si home, seguro que xa o conseguiu.

**Eva:** Estou preocupada por Mario. Xa tiña que estar aquí. **Tería** un accidente?

**Nuria:** Non, muller, non! **Estará** por aí cos seus amigos.

**Lúa:** Carlos, o xefe quere falar connosco.

**Carlos:** Ostras! Fariamos algo mal? **Quererá** despedirnos?

**Lúa:** Non, que va! **Teranos** un proxecto novo ou **pedirá** a nosa opinión sobre algo.

	Ana	Braulio	David	María	Eva	Nuria	Lúa	Carlos
Optimista								
Pesimista								

**B.** Fíxate nas formas verbais que están marcadas. Unhas están en futuro e outras en pospretérito, pero todas serven para expresar hipóteses. Distribúeas no cadro, segundo o tempo verbal que corresponda.

	Futuro	Pospretérito
Para formular hipóteses sobre o presente		
Para formular hipóteses sobre o pasado		

## Recursos para formular hipóteses CON INDICATIVO

Estou seguro/a de que

Seguro que

Seguramente

está ben.

Probablemente

casaron.

Posiblemente

foron de vacacións a Bos Aires.

Supoño que

estaban moi cansos.

Ao mellor

Igual\*

\* Igual emprégase só na lingua coloquial.

## CON SUBXUNTIVO

O máis seguro é que

estea enfermo.

É probable que

teña problemas.

É posible que

veña axiña.

Pode que

## CON INDICATIVO E SUBXUNTIVO

Talvez **está/estea** enfermo.

Quizais **vén/veña** máis tarde.

## CON FUTURO

Para formular hipóteses sobre o presente, podemos empregar o futuro.

Afirmamos algo

Pepe **está** traballando.

Formulamos unha hipótese

**Estará** traballando.

Invitamos o interlocutor a especular

Onde **estará** Pepe?

- Onde **estará** teu irmán? Estou preocupada.
- Tranquila, **estará** na biblioteca, coma sempre.

- Estivo todo o día na cama. Creo que lle pasa algo.
- Non... **Estará** canso ou **terá** sono atrasado.

## CO POSPRETÉRITO

Para formular hipóteses sobre o pasado vinculado ao presente, podemos empregar o pospretérito.

	pasar	ter	conseguir
(eu)	pasaría	tería	conseguiría
(ti)	pasarías	terías	conseguirías
(el/ela/vostede)	pasaría	tería	conseguiría
(nós)	pasariamos	teríamos	conseguiríamos
(vós)	pasariades	teríades	conseguiríades
(eles/elas/vostedes)	pasarían	terían	conseguirían

Afirmamos algo

María **foi** ao cinema.

Formulamos unha hipótese

**Iría** ao cinema.

Invitamos o interlocutor a especular

Onde **iría**?

- Onde **gardaría** o xornal de hoxe?
- **Estará** no moble da entrada. Miraches alí?



Por que están tan asustados?

Non o sei... verían un fantasma.

## Outros recursos para expresar graos de seguridade

Estou convencido/a de + substantivo

de que + indicativo

É moi probable/posible + substantivo

+ que + subxuntivo

Non estou moi seguro/a, pero creo (que) + indicativo

Lin/Vin/Oín (non sei onde) que + indicativo

Din que + indicativo

- Estou absolutamente convencida...  
... **da existencia** dos extraterrestres.  
... **de que existen** os extraterrestres.

## Crer

Para expresar unha opinión, podemos empregar a construción **crer que** + indicativo.

Eu **creo que** as predicións do horóscopo non se cumpren nunca.

Para rexeitar unha hipótese ou unha afirmación previa, empregamos **non crer que** + subxuntivo.

Eu **non creo que** existan os extraterrestres.

Para expresar unha crenza, empregamos **crer en** + substantivo.

As persoas ateas **non cren en** Deus.

## 5. QUE ESTARÁ FACENDO?

Imaxina que unha persoa da clase gañou un concurso. O premio consiste nunha viaxe a un lugar do mundo que o gañador escolla. Hai dous días que marchou. Pensa nun compañeiro e escribe algunhas frases sobre onde cres que iría, que cres que estará facendo etc. Os teus compañeiros terán que adiviñar de quen se trata.

- *Estará no Caribe? Seguro que está tomando o sol*
- *É Lucía, seguro.*
- *Moi ben!*



## 6. EXISTEN OS OVNIS?

**A.** Cres que hai unha explicación científica para os fenómenos paranormais ou pensas que hai enigmas que a ciencia non pode explicar? Marca se estas afirmacións che parecen falsas ou verdadeiras.

	V	F
1. O movemento e a situación dos planetas (especialmente o Sol, Marte e a Lúa) inflúen no noso comportamento.		
2. A astroloxía non ten poder de predición.		
3. Os únicos horóscopos fiables son os que publican as revistas especializadas.		
4. Moita xente ve cousas no ceo que non pode explicar.		
5. Seguramente non estamos sós no Universo.		
6. Os extraterrestres xa nos visitaron, visitánnos e visitarannos sempre.		
7. A NASA e a CIA teñen probas de que existen os ovnis, pero non as revelan.		
8. Os mentalistas poden dobrar obxectos metálicos co poder da mente.		
9. Está comprobado que os fenómenos de telepatía poden explicarse dende a física electromagnética.		
10. A mente e o espírito poden existir independentemente do corpo.		
11. A morte é irreversible e non hai nada despois dela.		
12. As persoas que din que poden adiviñar o futuro ou falar cos mortos son desequilibrados ou farsantes.		

**B.** Agora comenta as túas respostas co teu compañeiro.

- *Eu si creo que os planetas inflúen no noso comportamento.*
- *Non sei, pode que nos afecten dalgunha maneira, pero non creo que inflúan no noso comportamento.*

**C.** Alguén da clase tivo unha experiencia paranormal? Atrévete a contala?

## 7. O ESPÍRITO DA CASA

**A.** Le este conto de suspense. Como cres que acaba? Comentádeo en parellas e, despois, escribide o final da historia.

A muller da limpeza encontrara o cadáver do señor Velázquez o luns. Pasara a fin de semana cunhas tesoiras espetadas nas costas e nin el nin a casa tiñan moi bo aspecto. A policía chegou de inmediato e, uns días despois, comezou a investigación para achar o culpable. Porén, tras máis de seis meses de infrutuosa busca, o caso foi arquivado.

Dende que souben que, moitos anos atrás, se cometera na miña casa aquel crime aínda non resolto, obsesionoume a idea de resolver eu mesma o misterio. Revolvía caixóns de mobles que levaban moito tempo alí, daba golpes nas paredes para atopar portas falsas e pasadizos secretos, invocaba o espírito do morto... ata que un día o espírito respondeu.

Unha noite espertei de madrugada coa miña irrefreable necesidade de escribir. De súpeto, o meu brazo era totalmente autónomo e esborrachaba mensaxes estrañas, case inintelixibles. Unha delas dicía "morro por erro" ou "por amor". Tamén escribín unha palabra moi estraña "terivantex" e debuxei un home calvo e con gafas. Eu nunca soubera debuxar, pero o retrato era de gran perfección. Decidín conservar aquela folia e todas as que viñeron despois, en posteriores "ataques de psicografía". "Busca na cociña" e "busca nos laboratorios" escribín nos días seguintes. Tiña novas pescudas e sabía que acabaría aclarando o misterio.

Días despois, fun á hemeroteca e descubrín, nun pequeno xornal de 1924, que o tal Velázquez era un coñecido psiquiatra. O artigo dicía tamén que descubrira un medicamento para a ansiedade, agora en desuso, chamado Terivantex. Emocionada, seguíndo lendo. "Non haberá unha foto de Velázquez?", pensei. Ao final do artigo atopeina. Era unha foto antiga e non se vía moi ben, pero alí estaba él: o home calvo que eu debuxara.


**B.** Agora cada parella vaille contar o seu final á clase. Cal vos gusta máis?

## 8. ESOTÉRICOS VS. CIENTÍFICOS

**A.** Aquí tes unha serie de novas sobre fenómenos paranormais. Que che parecen? Podes darlle unha explicación a algunha das novas? Coméntao cos teus compañeiros.

### Acampan nun prado e aparecen nunha lagoa

Un grupo de excursionistas de entre 17 e 20 anos acamparon, supostamente, a noite do pasado xoves nun bosque. Á mañá seguinte, espertaron nunha illa no medio dunha lagoa.




### Demo ou esquizofrenia

Fontes do Vaticano manifestaron hoxe que, segundo os seus especialistas, máis da metade dos 30 000 casos de exorcismos tratados no ano 2005 se deben a trastornos da personalidade e non a posesión demoníaca.



### Poderosos ollos

En Zobra (Pontevedra), unha nena de 13 anos sorprende a todos os seus veciños pola súa capacidade para mover obxectos (algúns de ata 50 quilos) co poder da súa mirada. "Só teño que abrir moito os ollos e concentrarme", dixo.



### Os extraterrestres son moi boa xente

Centos de persoas confesaron nos últimos anos que foron abducidos por extraterrestres. A maioría só recorda o que pasou despois de someterse a hipnose. "Leváronnos á nave, examináronnos e sacáronnos sangue, pero non nos fixeron mal ningún."



### Avistamento de ovnis en Fisterra

Varias persoas afirman que viron ovnis durante a noite do pasado 23 de xuño. A descrición do sucedido realizada por unha das testemuñas resulta arrepiante: "Catro puntos de luz moi intensa que avanzaban moi lentamente".




### Os círculos volven á Terra Chá

Nun campo de millo cerca de Muras, apareceu unha figura composta por 19 círculos de entre catro e quince metros de diámetro, moi similares aos crop circles detectados no sur de Inglaterra.



- Eu, o dos ovnis, non o creo. Seguramente o que viron foi un avión ou unhas estrelas.
- Pois eu si que creo nos ovnis, co grande que é o Universo non podemos ser os únicos que o habitamos!
- E eu tamén o creo, ao mellor é outro tipo de vida, pero habela haina!

**B.** Agora, o profesor dividirá a clase en dous grupos: os esotéricos e os escépticos. Cada grupo vai preparar argumentos para defender a súa postura. Aquí tedes algúns, pero podedes inventar outros. Logo, podedes comezar o debate. Por que non o gravades?



### ESOTÉRICOS

1. As estrelas determinan o noso carácter. Se non, por que hai tantas diferenzas entre un peixe e un libra?
2. Temos unha mente moi poderosa, pero non sabemos empregala para ver outras realidades.
3. A maxia é unha ciencia que non está suficientemente explorada.
4. A ciencia só pretende que sexamos escravos da técnica.
5. O home non é unicamente un corpo, hai algo máis.

.....

.....

.....

.....

.....



### CIENTÍFICOS

1. Só existe o que pode ser probado cientificamente.
2. Os sucesos paranormais son só fenómenos que a ciencia aínda non puido explicar.
3. O mundo está gobernado por leis físicas e matemáticas.
4. No futuro inventaranse microchips que enviarán ondas para ler o pensamento.
5. Os parapsicólogos só queren aproveitarse dos inxenuos.

.....

.....

.....

.....

.....

## 9. TERRA DE MEIGAS

**A.** Sabes o que é unha meiga? Que elementos coñeces do imaxinario galego relacionado co misterio e o fantástico? Coméntao co compañeiro.

**B.** Agora le este texto sobre os elementos supersticiosos da cultura galega.

**D**i o proverbio que “as meigas non existen, pero habelas, hainas”. Con el refírese o carácter supersticioso que, de sea, tivo secularmente o pobo galego. Moitos dos males e desgrazas atribuíanse á intervención dunha meiga que podía interferir nunha mala colleita, na doenza dun animal ou nas desventuras que pasaban acotío na vida dunha persoa. Para iso, había que preservarse do “mal de ollo” con todo tipo de conxuros, realizados tamén por outras meigas.

Pero o imaxinario galego deu ademais outros fenómenos mitolóxicos, case sempre relacionados coa morte. Por exemplo, a Santa Compañía, que é unha procesión de ánimas que asaltan os camiños e que teñen a capacidade de predicir a morte e castigar as faltas dos vivos. As representacións da Santa Compañía dispoñen as ánimas en dúas filas, cun faro e vestidas cunha túnica e unha carapucha. Á fronte adoita ir un vivo cunha cruz, penando as faltas que cometeu e das que non quedará redimido ata atopar a outra persoa que cargue coa cruz. Acostuman penar por montes e, no caso de se atopar con ela, é preciso non lles mirar á cara aos espíritos, deitarse cara a abaixo, trazar un círculo e meterse dentro ou levar un obxecto sagrado. De non ser así, a

comitiva obrigará a testemuña a unirse a ela todas as noites. Nin que dicir ten que son un motivo frecuente en lendas escritas e orais e nos contos de medo que se precen.

Do mesmo xeito, son varios os animais que teñen a capacidade de ventar, de intuír a chegada da morte. Así, cando os cans ouvean, dise que están a anunciar a morte de alguén, tamén que o curuxar da curuxa predí un falecemento inminente. Tamén o corvo ten a capacidade de sinalar a inmediata morte dunha persoa doente.

Dun carácter máis benigno é o trasno, que só se dedica a ocasionar danos, pero, en principio, inocuos. Adoita ser un ser diminuto e fantástico, de carácter doméstico, que cambia as cousas de lugar e lle gasta bromas á xente da casa. Tamén se bota man do trasno para explicar sucesos inauditos ou enigmáticos e a miúdo se representa pequeno, delgado, con uñas moi longas e vestido cun gabanciño e un gorro vermellos.

O trasno ten unha connotación máis positiva, pero ao igual que a Santa Compañía, as meigas e a curuxa, contribuíu á crenza sobre carácter mítico, misterioso e enigmático de Galicia. Será porque “habelas, hainas”?



Os cruceiros, situados nos cruzamentos de camiños, serven de protección contra a Santa Compañía.

**C.** Coñeces outros fenómenos semellantes? Se non es galego, na túa cultura hai algo parecido?



## UNIDADE 4

# Boas novas

**Nesta unidade ímonos converter na redacción dun medio de comunicación.**

**Para iso, imos aprender:**

◆ a redactar unha nova ◆ a referirnos a unha nova e a comentala ◆ formas e valores do participio ◆ verbos de transmisión da información: **manifestar**, **declarar...** ◆ construcións pasivas e impersoais ◆ vocabulario relacionado cos medios de comunicación

## 1. NOTICIAS DE ONTE

**A.** Un xornal galego publicou unha cronoloxía de noticias aparecidas na súa portada dende a súa fundación. Leas e decide con que sección do xornal as relacionas. Logo, coméntao cos teus compañeiros.



### Cronoloxía de noticias:

1981	Primeiras eleccións autonómicas ao Parlamento de Galicia
1982	Gabriel García Márquez gaña o Premio Nobel de Literatura
1983	Un grupo de científicos consegue identificar o VIH, o virus da sida
1986	IBM presenta o seu primeiro ordenador portátil
1989	Cae o muro de Berlín
1991	Declárase a Guerra do Golfo
1993	Inaugúrase o Centro Galego de Arte Contemporánea
1996	Grave crise no sector gandeiro pola síndrome das “vacas tolas”
1997	Científicos do Instituto Roslin de Escocia anuncian que lograron a clonación dunha ovella
1999	Nace o euro: a moeda única europea
2001	O Goberno arxentino impón o “corralito”
2004	Atentados terroristas en varias estacións de tren madrileñas
2005	O furacán Katrina arrasa Nova Orleáns
2006	España gaña o mundial de baloncesto
2008	O índice hipotecario, o euríbor, alcanza máximos históricos
2009	Detéctase o primeiro caso de gripe A en México

Seccións:	Internacional	Galicia	Tecnoloxía	Economía	Deportes	Cultura	Saúde
-----------	---------------	---------	------------	----------	----------	---------	-------

**B.** Pensa agora noutras noticias que lembres. Cal foi a noticia máis importante no teu país nos últimos anos? Coméntao cos teus compañeiros coa axuda da listaxe de vocabulario.

- *Eu creo que a noticia máis importante foi a unificación de Alemaña.*

**C.** E no ámbito internacional?

- *Eu lembro especialmente o 11 de setembro. O Pois eu a Guerra dos Balcáns.*

**O nacemento de...**

**A declaración de independencia de...**

**A morte de...**

**O asasinato de...**

**O atentado de/en...**

**A unificación de...**

**A invasión de...**

**A retirada de...**

**A creación de...**

**A guerra de...**

**O golpe de estado en...**

**A crise de...**

**A caída de...**

**O triunfo de...**

**A derrota de...**

**O aumento de...**

**A diminución de...**

**O resultado de...**

## 2. UN XORNAL

A. Esta é a portada dun periódico dixital imaxinario. Le as noticias e relaciónas coas frases do cadro.

O Mundo Imaxinario
edición dixital

Internacional

España

Opinión

Sociedade

Tecnoloxía

Economía

Deportes

Cultura

Saúde

Titulares do día

Versión texto

Publicidade

---

A fondo

Multimedia

Participación

Chat

Enquisas

Foros

Entrevistas

Servizos

Carteleira

Horóscopo

Grella TV

Tempo

**1. Fin da era nuclear**

A ONU aprobou onte por unanimidade o peche e desmantelamento de todas as instalacións dedicadas á fabricación de armamento nuclear.

**3. O ministro de Economía anuncia unha rebaixa nos impostos**

Baixan os impostos aplicados aos artigos de primeira necesidade, como a alimentación e a gasolina.



**7. O bebé que chegou do frío**

Nace un neno a partir de esperma conxelado hai 21 anos.

**2. O tempo**

Sol e calor para a fin de semana en toda Galicia. Algunhas nubes no litoral cantábrico e altas temperaturas na franxa atlántica e en zonas do interior das provincias de Lugo e Ourense.





**4. Aparece no patio dunha escola un tigre que escapara do zoo de Vigo**

Uns nenos tiñano escondido no ximnasio do colexio.

**8. Culmínase a primeira liña de metro en Vigo**

Autoridades locais e autonómicas inauguraron a obra.

**5. Finalizan as obras da Cidade da Cultura**

Tras varios anos de intenso traballo, finalizáronse as obras e a dotación de material para as instalacións do complexo.


**6. O ensino obrigatorio prolóngase ata os 18 anos**

Aprobada a nova reforma educativa.

**9. Voda real**

Onte celebrouse a voda dos príncipes de Rainistán. Cada cidadán do país recibiu 1000 €.

Frases	Noticia
Os veciños mostraron a súa ledicia por facilitárenlles o acceso ás partes máis altas da cidade.	
O ministro anunciou tamén un aumento das axudas aos desempregados.	
O pacto foi asinado pola totalidade dos países representados na asemblea.	
As novas instalacións ofrecerán unha mostra impresionante de diferentes expresións artísticas e culturais.	
Os veciños alertaron a policía despois de ver uns nenos con bolsas cheas de carne.	
A nova lei atrasa o acceso ao mundo do traballo ata a maioría de idade.	
O neno naceu en 2004, pero o caso non saíu á luz pública ata agora.	
Os noivos foron aclamados polo numeroso público que abarrotaba as rúas.	
Lixeiro descenso das temperaturas a partir do luns.	

 **B.** Agora, vas escoitar en versión televisiva máis información sobre algunhas das novas anteriores. De que noticia falan en cada caso? Que nova información dan? Completa o cadro.

	Noticia	Nova información
1		
2		
3		
4		

### 3. FEITOS E DATAS

A. Le este cuestionario. Sabes as respostas?

1.	O primeiro xornal electrónico de Galicia foi fundado en...	<input type="checkbox"/> 1987 <input type="checkbox"/> 1999 <input type="checkbox"/> 2002
2.	A Muralla Romana de Lugo foi declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco no ano...	<input type="checkbox"/> 1963 <input type="checkbox"/> 1990 <input type="checkbox"/> 2000
3.	A primeira programación televisiva en lingua galega foi emitida en...	<input type="checkbox"/> 1978 <input type="checkbox"/> 1985 <input type="checkbox"/> 1992
4.	A Torre de Hércules foi construída na cidade de Coruña polos romanos no século...	<input type="checkbox"/> VII <input type="checkbox"/> I <input type="checkbox"/> IX
5.	O libro de relatos de Manuel Rivas <i>Que me queres, amor?</i> , no cal se baseou o filme <i>A lingua das bolboretas</i> , foi publicado en...	<input type="checkbox"/> 1985 <input type="checkbox"/> 2003 <input type="checkbox"/> 1995
6.	A ponte Millenium de Ourense, que destaca pola súa singular forma de gaivota, foi inaugurada no ano...	<input type="checkbox"/> 1995 <input type="checkbox"/> 1995 <input type="checkbox"/> 2001
7.	As Illas Cíes, situadas na boca da ría de Vigo, foron declaradas parque natural en...	<input type="checkbox"/> 1969 <input type="checkbox"/> 1980 <input type="checkbox"/> 1999
8.	Os hórreos de Combarro, así como as súas casas mariñeiras, foron construídos no século...	<input type="checkbox"/> XVIII <input type="checkbox"/> XIV <input type="checkbox"/> XVII
9.	O Camiño de Santiago foi declarado itinerario cultural europeo polo Consello de Europa en...	<input type="checkbox"/> 1950 <input type="checkbox"/> 1973 <input type="checkbox"/> 1987

B. Fíxate nas estruturas que están marcadas en grosa. Podes deducir para que serven e como se forman?

C. En que contextos cres que poden aparecer todas estas frases?

- Nunha enciclopedia.
- Nunha conversa entre amigos.
- Nunha nova no xornal.
- Nun libro de historia.

D. Estas frases dan algunhas informacións sobre un xornal dixital. Complétaas cunha das estruturas dos cadríños.

**é visitada**   **é utilizado**   **serán lidas**   **foi visitada**   **foi escrito**

- O mes pasado, a nosa web ..... por máis de 300.000 persoas.
- Calculamos que o próximo mes as nosas páxinas dixitais ..... por máis de 400.000 internautas.
- Habitualmente, a sección de deportes ..... por unha media de 1003 persoas por minuto.
- Esta semana, o suplemento de saúde ..... por un famoso experto en operacións de estética.
- O noso buscador ..... por máis de 1000 persoas cada día.

### 4. SOUBÉCHELO?



A. Vas escoitar uns amigos comentando unhas novas aparecidas en diferentes medios de comunicación. Completa o cadro.

Que ocorreu?
1.
2.
3.
4.

B. Volve escoitar as conversas. Fíxate en que recursos utilizan para referirse a unha nova e completa os espazos.

- Oíches? Soubeches ..... Fernando, o futbolista?
  - Sí, lino no xornal. Parece que se retira, non?
- Oíches, Pedro, que sabes ..... García?
  - Din que dimitiu por cobrar comisións ilegais, non?
- Viches ..... acaban de inventar en Xapón?
  - Non, que?
  - Un tecido novo increíble, que protexe da calor e do frío.
- Oíches, ao final que pasou ..... barco ese?
  - Pois que afundiou preto da Costa da Morte.

C. Liches hoxe o xornal? E onte? Soubeches dalgunha nova? Verifica se os teus compañeiros tamén a coñecen. O profesor recollerá a información no encerado.

● *Soubestes o do accidente en...?*

## O participio

O participio fórmase coa terminación **-ado**, para os verbos rematados en **-ar**, e coa terminación **-ido**, para os que rematan en **-er** e en **-ir**.

cantar = cantado    beber = bebido    vivir = vivido

Principais participios irregulares:

abrir = <b>aberto</b>	facer = <b>feito</b>	prender = <b>preso</b>
descubrir = <b>descuberto</b>	limpar = <b>limpo</b>	romper = <b>roto</b>
dicir = <b>dito</b>	morrer = <b>morto</b>	secar = <b>seco</b>
escribir = <b>escrito</b>	pagar = <b>pago</b>	soltar = <b>solto</b>
espertar = <b>esperto</b>	poñer = <b>posto</b>	ver = <b>visto</b>

O participio ten dúas funcións básicas. Como verbo, acompaña os auxiliares **ter** e **dar** nas perífrases verbais e é invariable.

- *Podo facer a queimada porque a **teño feito** para o magosto doutros anos.*
- *Non dou **rematado** este traballo hoxe.*

Como adxectivo, concorda co substantivo en xénero e en número e refírese a situacións ou estados derivados da acción do verbo. Neses casos, emprégase moitas veces cos verbos **ser** e **estar**.

- *É un neno moi **esperto**.*
- *A porta estaba **pechada**.*

## Construcións pasivas e impersoais

Ás veces interéranos resaltar o obxecto da frase (a persoa ou cousa que “sofre” a acción) ou resaltar esa acción. Para iso, en galego existen diferentes recursos.

### A VOZ PASIVA: SER + PARTICIPIO (+ POR + COMPLEMENTO AXENTE)

Na voz pasiva, o verbo **ser** conxúgase en todos os tempos. O participio concorda en xénero e en número co suxeito paciente.

O presidente suxeito	aceptou verbo	as condicións obxecto directo
-------------------------	------------------	----------------------------------

<b>As</b> condicións suxeito paciente	<b>foron</b> aceptadas ser + participio	<b>polo*</b> presidente c. axente
--	--	--------------------------------------

\* Lembra que a preposición **por** se emprega coa segunda forma do artigo: **polo, pola, polos, polas**.

- *A arquitecta **será recibida** polo creador do proxecto.*
- *Os ladróns **foron descubertos** polos nenos.*
- *Hoxe **foron postos** en liberdade os reféns.*
- *Mañá **será clausurado** o festival de cinema de Ourense.*

Nas construcións pasivas non sempre aparece explícito o complemento axente, ben porque non é importante, ben porque se sobreentende.

- *Os atracadores **foron detidos** onte pola tarde, cando tentaban saír do país.*

### VERBO CONXUGADO EN 3.ª PERSOA + SE

Con esta construción, non se menciona quen é o “actor” da acción.

- Nesa época **cometéronse** varios atentados.
- **Baixarase** o prezo da gasolina.

### 3.ª PERSOA DO PLURAL

Outro recurso é empregar a terceira persoa do plural para evitar mencionar un suxeito que non é relevante (ou que é descoñecido) e destacar a acción.

- *Soubeches de que xa **liberaron** as nenas secuestradas?*

## Anticipación do complemento

Unha maneira de resaltar o obxecto directo dunha frase é anticipalo. Nestes casos, hai que redobrar o obxecto co pronome correspondente.

- *A **voda** viñérona* ver miles de curiosos.
- *Os Xogos Olímpicos vímolos* pola tele.
- *As imaxes da manifestación censuráronas.*
- *O **ladrón** detivérono* esta mañá na comarca onde vivía.

## Referirse a un tema xa coñecido

- *Oíches, soubeches **o de** Moncha?*
- *Viches onte **o do** submarino ese que se afundiou?*
- *Ao final, que pasou **co da** fraude no concurso?*

## Verbos de transmisión

Nos medios de comunicación adóitanse empregar determinados verbos para citar as palabras doutras persoas. Ese discurso pode aparecer de forma directa ou indirecta.

“Non deixaremos que pechen a empresa”, **manifestaron** os traballadores.  
**afirmaron**  
**dixeron**



O presidente	<b>comentou</b> <b>explicou</b> <b>recoñeceu</b> <b>lembrou</b> <b>admitiu</b>	as causas da crise. que a crise é/era moi grave.
O ministro	<b>declarou</b> <b>engadiu</b> <b>dixo</b> <b>confesou</b>	que non pensa/pensaba dimitir. que a crise é/era moi grave.
O secretario xeral da ONU	<b>prometeu</b> <b>insistiu en</b> <b>anunciou</b>	a retirada das tropas. que as tropas se van/ían retirar.

## 5. MEDIOS DE COMUNICACIÓN

**A.** Contesta as seguintes preguntas sobre os teus hábitos en relación cos medios de comunicación.

### Televisión

1. Ves moito a tele? Cando?
2. Cal é a túa canle favorita?
3. Que tipo de programas che gustan máis?
4. Ves canles doutros países?

### Radio

1. Cales son as emisoras que escoitas?
2. Que escoitas normalmente na radio?
3. Que tipo de programas che gustan máis: os humorísticos, os musicais, os consultorios sentimentais...?
4. Tes algún locutor preferido?
5. Quen cres que escoita máis a radio: xente que traballa na casa, taxistas...?

### Prensa

1. Acostumas comprar algún xornal? Algunha revista? Cal?
2. Mércalo todos os días?
3. Que tipo de lector compra esa publicación?
4. Que seccións do xornal son as que máis che gustan?
5. Les acotío un xornal en galego?

**B.** Comenta as túas respostas con algún compañeiro. Que temas lle interesan máis? Despois contádello ao resto dos vosos compañeiros.

- *Bea acostuma comprar revistas de cine porque lle interesa moito. Tamén ve unha canle de cine clásico. E, de cando en vez, compra o xornal para...*



**C.** Aquí tes unha serie de afirmacións. Marca aquelas coas que esteas máis de acordo. Despois, coméntao cos teus compañeiros. Tenta achegar exemplos concretos.

- Só nos preocupamos dunha cousa cando é unha nova de xornal.
- Os medios de comunicación só buscan vender.
- Os xornalistas teñen máis poder ca os políticos.
- Un bo xornal axuda a garantir a democracia.
- Existen medios de comunicación obxectivos.
- Os xornais axudan a xente a formar unha opinión sobre a realidade.

- *Para min, é evidente que nos preocupamos de certas cousas só cando son novas de xornais.*
- *Si, por exemplo, en África houbo unhas guerras horribles e ninguén dixo nada, simplemente porque non saían nos medios de comunicación.*

## 6. NOVAS

**A.** As novas adoitan darlles resposta ás seguintes preguntas (aínda que non sempre nesta orde): que, quen, cando, onde, por que, para que e como. Le esta nova e tenta responder a cada unha delas.

### UNHA FINAL DESIGUAL

Ás nove menos cuarto desta noite, terá lugar na Coruña a final da Liga de Campións, que enfrenta o Real Club Marítimo e o Atlético Esportivo. O equipo vermello perfílase como favorito, xa que aínda non coñece a derrota nesta competición e recupera a súa estrela, o checo Jaroslav. Pola súa banda, o Atlético terá que xogar sen o seu máximo goleador, o brasileiro Rogerio, lesionado dende hai varias semanas. O encontro será retransmitido pola canle Telegal7.

**B.** Aquí tedes tres fotos que poderían ser portada dun xornal. En parellas, elixide unha e inventade un posible titular.



## 7. PERO TI QUE CONTAS?



**A.** Agora imos dividir a clase en dous grupos. Un grupo (A) espera fóra da clase e o outro (B) vai escoitar unha nova. Os membros do grupo B deberán tomar notas para poder comentarlilla despois ao resto de compañeiros.

**B.** Agora, imos traballar en parellas. Un membro do grupo B cóntalle a nova a unha persoa do grupo A. Xuntos deben tentar escribilla.



**C.** Imos escoitar outra nova. Esta vez os membros do grupo B saen da clase.

## 8. O XORNAL DA CLASE

**A.** En parellas, tedes que inventar unha nova para *O xornal da clase*. Pode ser unha nova de prensa, de radio, de televisión ou de xornal electrónico. Pode ser real, inventada ou algo que sucedeu na clase durante o curso. Primeiro tedes que decidir os seguintes puntos.

**1. Sección:** deportes, cultura, economía etc.

**2. Formato:** prensa, televisión, radio, xornal electrónico...

**3. Nova:** que, quen, cando, onde, por que, para que, como...

**B.** Agora ides redactar a nova. As de prensa escrita van estar colgadas na parede da clase e as de radio e televisión retransmitirédelas diante dos compañeiros. Tamén as podedes gravar. Cal é a máis orixinal? E a máis divertida? E a máis surrealista?

## 9. HÁBITOS RADIOFÓNICOS

**A.** As seguintes persoas comentan os seus hábitos radiofónicos. Leos e comenta co teu compañeiro se adoitas escoitar e radio e, en caso afirmativo, se coincides con algún destes testemuños.



**1.** Pois eu non son moito de radio, pero algo si que a escoito. Como viaxo moito, cando vou no coche alterno entre a música do CD e os programas de radio. Non sigo ningún en especial, agás os informativos nas horas punta. Ás veces, cando hai algún tema de actualidade que me interesa, sintonizo os programas de discusión política das mañás.



**2.** Para min, a radio e a noite son inseparables. Na cama sempre teño a radio e, como me gustan os deportes, sempre quedo durmido escoitando o programa *Caneando*. Non perdo nada das últimas noticias do fútbol galego. E claro, a fin de semana, se estou na casa ou vou no coche, non perdo o *Galicia en goles*, para acompañar a xornada futbolística.



**3.** A radio? Pois sempre despois do xantar. Chego do traballo, como e, mentres estou no sofá, escoito o *Diario cultural*. Ten de todo, entrevistas, novidades, comentarios críticos... É a mellor forma de estar ao día do mundo da cultura. Ademais, é un programa moi áxil. E a esa hora na tele non hai nada que me entusiasme; así que, mentres descanso un pouco, paso un momento agradable.



**4.** Eu levo a radio como un apéndice. No traballo teño a radio todo o tempo, xa que estou só nun despacho e cando estou na casa tamén adoito tela acesa. A verdade é que escoito un pouco de todo, ningún programa en especial, aínda que a miúdo sintonizo canles que poñen música. Ás veces fan algúns especiais de música dos 80 que están moi ben.

**B.** Coñeces os programas que se mencionan nos comentarios? Agora, fíxate na grella da Radio Galega e, en grupos de tres, escollede un programa e escoitádeo por Internet. Logo presentádelo á clase expoñendo que tipo de programa é e se vos gustou ou non.



### Programación da radio galega

<b>7:00</b>	<b>Galicia primeira hora</b>
	Programa de información e debate que achega a actualidade informativa do día.
<b>9:00</b>	<b>Un día por diante</b>
	O <i>magazine</i> das mañás da Galega, con humor, entretemento, actualidade e a voz da rúa e da audiencia, con espazos intercalados para a información xeral e local.
<b>14:00</b>	<b>Crónica das dúas</b>
	No cerne do día, este espazo informativo presenta o que está a acontecer no noso contorno, con conexións en directo nos puntos clave.
<b>14:45</b>	<b>Galicia en goles. Semana</b>
	Avance da última hora do deporte galego.
<b>15:05</b>	<b>Diario cultural</b>
	Programa de divulgación cultural, no que se mestura información, entrevistas, crítica e recensións.
<b>16:05</b>	<b>O tren do serán</b>
	A revista da tarde na Radio Galega, con entrevista, páxina de lembranzas, entretemento e a actualidade social e política da man dos colaboradores máis reputados.
<b>19:05</b>	<b>Aberto por reformas</b>
	Espazo para a difusión musical en lingua galega.
<b>20:00</b>	<b>Crónica das oito</b>
	Informativo serán
<b>21:00</b>	<b>Crónica economía</b>
	O último momento na actualidade económica.
<b>21:30</b>	<b>Punto de encontro</b>
	Programa para a cultura, o entretemento e o coñecemento que achega as novidades editoriais, as estreas na carteleira e un cóctel de temas que van dende o musical ao tecnolóxico.
<b>22:05</b>	<b>A crónica</b>
	O debate e análise máis profunda da actualidade, a cargo dos convidados á tertulia.
<b>23:30</b>	<b>Caneando</b>
	Entrevistas, análises e información dedicada, en especial, ao fútbol galego e ao deporte en xeral.
<b>1:05</b>	<b>Milenio</b>
	Programa dedicado ao misterio e aos fenómenos paranormais e enigmáticos.
<b>2:05</b>	<b>Deriva atlántica</b>
	O protagonismo da música máis esquecida, a da nostalxia.



## UNIDADE 5

# Eu faríao se...

Nesta unidade imos decidir que compañeiros poden participar nun reality show.


Para iso, imos aprender:

- ◆ a dar consellos ◆ a evocar situacións imaxinarias: **se fose, estivese...**
- + pospretérito ◆ a opinar sobre accións e condutas ◆ a expresar desexos ◆ algúns usos do pospretérito ◆ o pretérito imperfecto do subxuntivo de **ser, estar e poder**

## 1. UNHA MODA DE AGORA?

**A.** Gústanche as tatuaxes? E os *piercings*? En que partes do corpo che parecen máis bonitos?

- A min gústanme os do embigo.
- Pois a min parécenme horrorosos.



A CELLA



O LABIO



AS COSTAS



A LINGUA



O EMBIGO



A ORELLA



O PESCOZO



O OMBREIRO



A PERNA



O BRAZO



O NARIZ

**B.** Que sabes sobre a orixe dos *piercings* e das tatuaxes? En que culturas se fan ou se fixeron estas prácticas?

- Os piratas levaban pendentes, non?
- Si, e creo que algúns indíxenas do Amazonas tamén.

**C.** Agora, le este artigo sobre a historia das tatuaxes e dos *piercings*. Logo, comenta cos teus compañeiros que cousas te sorprenderon máis.

# PIERCINGS E TATUAXES

Durante milleiros de anos, diferentes culturas de todo o mundo adornaron os seus corpos por moitos e variados motivos. Os soldados romanos, por exemplo, facían *piercings* no peito como mostra de virilidade e lealdade ao emperador. Os antigos maias perforaban a lingua con propósitos espirituais, os cazadores dalgunhas tribos do Amazonas atravesaban o nariz con ósos de animais e as tribos da Polinesia agasallaban os seus xefes con tatuaxes que simbolizaban o seu status na comunidade.



## Lembra

Se queres seguir esta moda e facer un *piercing* ou unha tatuaxe, recomendámosche que acudas a un profesional. Non te poñas en mans de xente inexperta porque non adoitan usar métodos de esterilización adecuados nin materiais homologados polas autoridades sanitarias. Neste tipo de prácticas existe o risco de reaccións alérxicas e de contraer enfermidades graves, polo que toda precaución é pouca.

A partir do século XV esta práctica popularizouse entre mariñeiros, aventureiros e membros de grupos sociais marxinais, o que provocou unha actitude de rexeitamento en diversas culturas, como a occidental. O capitán Cook, na súa primeira viaxe á Polinesia en 1796, observou que os indíxenas pintaban os seus corpos, introducindo tinta de cor negra baixo a pel. Os mariñeiros de Cook quedaron fascinados polo *tatau* polinesio e, deste xeito, empezou a tradición universal da tatuaxe mariñeira e militar. Tamén en Xapón, no século XVIII, houbo un florecemento da tatuaxe decorativa tras estar prohibida durante máis de dous séculos.

A tatuaxe moderna data de 1880, cando o tatuador neiorquino Samuel O'Reilly deseñou a primeira máquina eléctrica para practicalo. Este aparato seguiuse utilizando ata a actualidade, aínda que sufriu varias modificacións para facilitar e mellorar os resultados.

A palabra *piercing* vén do inglés *pierce*, que significa 'furar'. Trátase, como vimos, dunha práctica milenaria que se realiza en todas as partes do corpo: cellas, lingua, labios, nariz, orellas, mamilas, embigo, pene, clítoris etc. Tanto o *piercing* como a tatuaxe foron nos últimos anos un símbolo de rebeldía social. Con todo, o feito de que cada vez haxa máis xente que os leva fai que se estean convertendo en, simplemente, unha moda.

- Eu non sabía que os romanos se facían piercings.
- Pois eu pensaba que...

## 2. E TI, FARÍALO?



**A.** Vas escoitar estas catro persoas falar sobre os *piercings* e sobre as tatuaxes? A quen corresponde cada unha das opinións?

- Se non fose tan maior, poría un.
- Eu nunca faría unha.
- Encántame, teño unha.
- Eu só o faría nunha parte moi discreta do corpo.



1. Lurdes

2. Xaime

3. Sara

4. Milucho

**B.** Comenta cun compañeiro con quen estás máis de acordo.

- Eu penso que con Sara...

### 3. O POSPRETÉRITO

**A.** Lembra como se conxuga o pospretérito? Completa as formas que faltan.

Verbos regulares			
	ESTUDAR	ENTENDER	VIVIR
(eu)	estudaría	.....	.....
(ti)	.....	entenderías	.....
(el/ela/vostede)	.....	.....	viviría
(nós)	estudariamos	.....	.....
(vós)	.....	entenderíades	.....
(eles/elas/vostedes)	.....	.....	vivirían

Verbos irregulares		
	DICIR	FACER
(eu)	diría	.....
(ti)	.....	fariás
(el/ela/vostede)	.....	.....
(nós)	diríamos	.....
(vós)	.....	fariades
(eles/elas/vostedes)	.....	.....

**B.** Fíxate nestes pares de frases e discute cun compañeiro as diferenzas ou matices de significado entre elas. Podedes imaxinar situacións nas que se poderían dicir?

- a. Que fame teño! Vou comer un bocadillo.  
b. Que fame teño! Comería un bocadillo.
- a. Eu non vivo nunha cidade porque non soporto o ruído.  
b. Eu non viviría nunha cidade porque non soporto o ruído.
- a. Non me parece un bo traballo. Eu non o aceptarei.  
b. Non me parece un bo traballo. Eu non o aceptaría.
- a. Gústache ir de excursión á montaña?  
b. Gustaríache ir de excursión á montaña?
- a. Os médicos deben dedicarlles tempo aos seus pacientes.  
b. Os médicos deberían dedicarlles tempo aos seus pacientes.
- a. Poderías pasar a recollerme en coche o sábado?  
b. Pasas a recollerme en coche o sábado?
- a. Non deberías saír á rúa.  
b. Non debes saír á rúa.

**C.** Das frases anteriores con pospretérito, cal corresponde a cada un dos seguintes usos?

- Suxerir.....
- Propor.....
- Evocar situacións imaxinarias.....
- Aconsellar.....
- Expresar desexos difíciles.....
- Opinar sobre accións e condutas.....
- Pedir con cortesía.....

### 4. CONSELLOS

**A.** Relaciona cada un destes problemas con cadansúa solución e descubrirás diferentes maneiras de dar consellos e recomendacións.

Problemas
<ol style="list-style-type: none"> <li>Pois eu marcho, que non podo perder o autobús. Quedei con Aurora na outra punta da cidade e xa vou con atraso!</li> <li>Vou estar en Lugo por primeira vez esta fin de semana e non sei que facer por alí. Ti viviches nesa cidade, non? Que me recomendas?</li> <li>Ultimamente non podo durmir pola noite. Vivo nunha rúa que parece unha autoestrada. Hai tanto ruído!</li> <li>Hai máis dunha semana que teño unha dor de cabeza horrible... Pensaba ir ao médico mañá pola tarde.</li> <li>Mañá teño convidados para comer e aínda non sei que preparar.</li> <li>Teño que mercar un coche se quero seguir neste traballo. Pero é que non teño diñeiro e xa pensei en pedir un crédito ao banco, pero non sei...</li> <li>Este mes teño dous exames. Se os suspendo, terei que repetir o curso.</li> <li>Vou estar en São Paulo só unha semana e hai tantos lugares que quería visitar...</li> </ol>
Solucións
<ol style="list-style-type: none"> <li><b>Por que non</b> pos aquelas ventás de vidro dobre?</li> <li><b>Eu de ti</b>, non lle daría máis voltas. Total, valo pagando aos poucos e xa está.</li> <li><b>Eu, no teu lugar</b>, non deixaría de ir a Santos. Ten uns xardíns impresionantes ao longo de toda a praia. A min encantoume.</li> <li><b>Recoméndoch</b>e, sobre todo, <b>que</b> deas un paseo pola muralla, visites a catedral e probes o polbo no Mesón da Cova.</li> <li>Pois <b>deberías</b> quedar na casa e estudar un pouco máis, no canto de saír tanto.</li> <li>Oi, pois <b>eu</b> collería un taxi. A estas horas hai moito tráfico e poucos autobuses.</li> <li>Pois eu, <b>se estivese no teu lugar</b>, iría agora mesmo. Coa saúde non se xoga!</li> <li><b>Poderías</b> facer unha paella, por exemplo. Non é nada complicado e sempre gusta.</li> </ol>

**B.** Que tempos verbais acompañan estas estruturas?

- Eu, no teu lugar, **pospretérito**.....
- Se estivese no teu lugar, .....
- Eu de ti, .....
- Eu .....
- Deberías .....
- Poderías .....
- Recoméndoch que .....
- Por que non .....

## Outros usos do pospretérito

En galego, empregamos o pospretérito para varias cousas: expresar desexos difíciles de realizar, aconsellar, pedir con cortesía que alguén faga algo, evocar situacións imaxinarias, opinar sobre accións e condutas...

- *Morro coa sede!* **Bebería** un litro de auga.
- **Deberías** ir ao médico. *Tes moi mala cara.*
- **Poderías** achegarme ao supermercado en coche?
- *Se fose millonario,* **compraría** un iate.
- *Eu nunca* **faría** unha tatuaxe.

## Aconsellar/Suxerir

### DEBERÍAS/PODERÍAS + INFINITIVO

- Hoxe é o voso aniversario de voda, non? Pois **deberías** facerlle un regalo moi bonito á túa muller. **Poderías** regalarlle unha viaxe, por exemplo.

### POR QUE NON + PRESENTE DE INDICATIVO?

- Por que non **aforras** un pouco e **mercas** un coche?

### EU, NO TEU LUGAR/SE ESTIVESE NO TEU LUGAR/EU DE TI/EU + POSPRETÉRITO

- **Eu, no teu lugar,** asinaría o contrato agora mesmo.
- **Eu, se estivese no teu lugar,** buscaría outro traballo.
- **Eu de ti,** aceptaría esta proposta.
- **Eu** non lle diría nada. Total, nunca escoita os demais.

### RECOMÉDOCHE/LLE/VOS/LLES, SUXÍROCHE/LLE/VOS/LLES, ACONSÉLLOCHE/LLE/VOS/LLES + PRESENTE DE SUBXUNTIVO

- **Recomédoche que** probes o arroz con lumbrigante. Está boísimo!
- **Suxírolle que** tome unhas clases de condución antes do exame.
- **Aconséllvos que** non o molestedes moito hoxe. Non se encontra moi ben.

## Opinar sobre accións e condutas

- Mira a saia que leva esa rapariga! Eu nunca **poñería** algo así.

- Os bares da miña rúa pechan ás catro da madrugada.
- Arre demo! O concello **debería** facer algo.


## Evocar situacións imaxinarias

### POSPRETÉRITO

- En que lugar do mundo **vivirías**?
- Eu, en África do Sur.

### SE + PRETÉRITO IMPERFECTO DE SUBXUNTIVO, POSPRETÉRITO

- **Se tivese** máis cartos, **viaxaría** moi a miúdo.



## Expresar descoñecemento

Ante informacións que descoñeciamos, empregamos as expresións **non sabía que/cría que/pensaba que** + copretérito (para feitos presentes) ou antepretérito (para feitos pasados).

- Bego! Que sorpresa! **Non sabía que estabas** aquí. (= **está** aquí)
- Hoxe comín con Maura.
- Con Maura? **Pensaba que marchara** onte. (= non **marchou**)

### PRETÉRITO IMPERFECTO DE SUBXUNTIVO

	SER/IR	ESTAR	PODER
(eu)	fose	estivese	puidese
(ti)	foses	estiveses	puideses
(el/ela/vostede)	fose	estivese	puidese
(nós)	fósemos	estivésemos	puidésemos
(vós)	fósedes	estivésedes	puidésedes
(eles/elas/vostedes)	fosen	estivesen	puidesen



## 5. SE FOSE...

**A.** Pensa nun personaxe famoso e imaxina un final para estas frases. Ocorrénsete outras?

Se fose un animal, sería...

Se fose unha flor, sería...

Se fose un país, sería...

Se fose unha música/  
canción, sería...

Se fose un libro, sería...

Se fose unha película,  
sería...



**B.** Agora, os teus compañeiros vanche facer preguntas para descubrir de quen se trata.

- *Se fose un animal, cal sería?  
o Un tigre.*

## 6. O HOME INVISIBLE

**A.** Imaxina que podes ser invisible durante un día. Que cousas farías? Escríbeo.

- *Eu entraría na casa de alguén e miraría nos caixóns, despois lería as mensaxes...*

**B.** Agora contállelo aos teus compañeiros. Quen de vós aproveitaría mellor o día? Decidídeo entre todos.



## 7. POBRE MANUEL

**A.** Manuel está preocupado porque ultimamente a súa filla Laura, de 15 anos, cambiou bastante. Le o que lle comenta a un amigo seu.

“Xa non quere falar con nós. Sempre está de mal humor e, ademais, perdeu o interese polos estudos. Estamos desesperados!”

“Antes tiñamos moi boa relación e faciamos moitas cousas xuntos. Viña de vacacións coa súa nai e comigo, iamos ao cine... pero este ano cambiou moitísimo!”



“Chega moi tarde todos os días. As fins de semana pásaa na casa dunha amiga que non coñecemos. E aínda por riba, sae cun grupo de amigos que non nos gusta nada.”



**B.** escoita os consellos que lle dan a Manuel diferentes persoas e toma nota do que lle din.



1. Unha amiga



2. Un amigo



3. A súa psicóloga



4. O seu irmán

**C.** Con quen estás máis de acordo? Que credes que debe facer Manuel? Coméntao cos teus compañeiros.

- *Eu non creo que a psicóloga teña razón; eu creo que a rapaza necesita máis normas que os pais non lle dán, deberían...*

## 8. PARTICIPARÍAS NUN REALITY SHOW?

**A.** As cadeas de televisión teñen diferentes concursos, cales cres que son os máis famosos? Algunha vez pensaches en participar nalgún? Coméntao cos teus compañeiros.

**B.** Nalgúns programas-concurso, os participantes teñen que convivir e gañar a simpatía dos telespectadores. Un deles é *Unha casa para ti*.

Seis parellas péchanse nunha casa que está en construción durante tres meses. Os concursantes teñen que acabar de construír a casa: pintar as paredes, facer o xardín, colocar as ventás etc. Telega2 retransmite o programa as 24 horas do día. Cada dúas semanas, por votación popular, unha parella abandona a casa. A última parella gaña a casa.

**C.** Cántalle á clase se cres que o teu compañeiro podería participar nun programa deste tipo. Xustifica a túa resposta.

**D.** Agora, en parellas, imaxínade como podería ser un dos seguintes programas (ou outros). Tedes que decidir como funciona o concurso, onde se desenvolve, cal é o premio etc. Tamén podedes elaborar un cuestionario para a selección de concursantes.

**A torre de BABEL**

NUNHA PALLAZA  
NO CEBREIRO

Son mariñeiro

Bo Camiño!

VIVIR NUN PISO  
DE ESTUDANTES

Pechados na coziña

**E.** Agora, buscade outra parella e entrevistádea para saber se poden participar no voso concurso. Ao final, cada grupo informa a clase dos resultados.

## Unha casa para ti

[www.telega2.com/unhacasaparati](http://www.telega2.com/unhacasaparati)

TeleGA2



### Cuestionario:

- Daríaslle un bico á túa parella diante dunha cámara?
- Poderías pasar tres meses sen ver a túa familia e amigos?
- Serías quen de espirte diante das cámaras?
- Atreveríaste a subir a un tellado para amañar unha antena?
- Saberías preparar comida para unha ducia de persoas?
- Estarías disposto a falar das túas intimidades diante de todo o país?
- Durmirías no mesmo cuarto coa túa parella e outras cinco parellas máis?
- Serías quen de convivir durante tres meses con alguén con quen non te levas ben?



## 9. RUTA XACOBEA

**A.** Comenta co teu compañeiro o que sabes do Camiño de Santiago. O seguinte texto axudaráche a saber algo sobre el.

Dende comezos do século XII, Santiago de Compostela foi, e aínda é, lugar de peregrinación para as persoas que tiñan como fin a visita do sepulcro do Apóstolo Santiago o Maior. As orixes remóntanse a catro séculos antes, cando se difunde a noticia de que en Compostela descansan os restos do Apóstolo.

A partir dese momento comezan as visitas dende diferentes puntos de Europa, que acadan o seu esplendor na Baixa Idade Media. O Camiño de Santiago convértese deste xeito nun dos elementos fundamentais na cohesión relixiosa, política e cultural de Europa, cuxa expresión artística máis representativa neses séculos é o románico, que adorna todo o camiño con importantes mostras desta arquitectura.

A Ruta Xacobeá vaíse consolidando e constitúe un auténtico fito na Europa medieval, tanto que xorden manuscritos que axudan ao peregrino a realizar o seu periplo. Por exemplo, o *Codex Calistinus*, datado do século XII e conservado na Catedral de Santiago, unha guía para peregrinos que en nada envexaría as actuais: contén información de rutas, consellos e ata as obras de arte e os costumes locais cos que o viaxante se podía atopar.




Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela; *Liber Sancti Iacobi* ou *Códice Calixtino*; fol. 1r. CP 14

Despois de moitos anos de declive, no último decenio do século XX, o Camiño volveu recuperar o esplendor de antano e persoas de todas as partes do mundo percorren as diversas rutas que conflúen en Compostela cun obxectivo común: a Catedral de Santiago. En bicicleta, a pé ou en cabalo, son moitos os peregrinos que realizan o camiño por unha motivación relixiosa, espiritual, cultural, turística ou ata por lograr un reto persoal. Para acreditar que se realizou, a Catedral de Santiago expídelle un certificado oficial—a Compostela—a todos aqueles que percorreron 100 km do Camiño a pé ou a cabalo, ou 200 en bicicleta.



**B.** Fixeches algunha vez o Camiño de Santiago? Comparte a túa experiencia coa clase. Se non foi así, fáíalo? Comenta co compañeiro se che parece unha experiencia atractiva.



A tradición xubileá (a renovación espiritual) conserva varios rituais que seguen a meirande parte dos peregrinos: pasar polo Pórtico da Gloria, abrazar a imaxe do Apóstolo ou pasar pola Porta Santa. Só que este último acto só pode ser realizado en Ano Santo, é dicir, aqueles en que o 25 de xullo —festividade de Santiago e Día de Galicia— coincide en domingo. Nese ano a Porta Santa ábrese o 1 de xaneiro e péchase o 31 de decembro ata o seguinte ano santo. Así como durante todo o ano, pero especialmente en festividade santa, constitúese o rico mosaico de culturas que conflúen en Santiago perpetuando as raíces antropolóxicas do Camiño.

### CONSELLOS PARA FACER O CAMIÑO



#### Antes de iniciar a marcha:

- Facer un sinxelo recoñecemento médico.
- Adestrarse camiñando, durante algúns días sucesivos, distancias cada vez maiores.

#### Vestido e calzado para a marcha:

- A vestimenta debe ser folgada e transpirable, para evitarmos os frecuentes rozamentos que producen a dermatite de contacto, sobre todo na parte interna das coxas. Ademais débese levar roupa adaptada á climatoloxía da época na que se realice a peregrinación. Cómpre non esquecer un sombreiro para evitarmos as insolacións.
- O calzado é fundamental. Debe ser bota que abraza o nortello, pois os camiños son irregulares, para evitar as escordaduras que poderían obrigarnos a suspender a marcha. Ademais de ser alta, a bota debe ser impermeábel e transpirable, para evitar os problemas derivados da sudación do pé, como as ampolas e as micoses.
- Complemento do calzado son os calcetíns, de la ou similar, que se deberán cambiar a miúdo.

#### Outras recomendacións:

- Levar unha caixa de primeiros auxilios.
- Se se viaxa de noite, usar reflectores.
- Circular sempre pola cuneta do lado esquerdo.
- Evitar crear grupos ou amorearse na calzada.
- Facer sempre caso das recomendacións da Garda Civil, da policía, de protección civil e de Cruz Vermella.
- Manter a limpeza dos locais e lugares de acampada e procurar ser respectuoso e amábel coa poboación. Hai que valorar e apreciar o esforzo das persoas que atenden os albergues.

adaptado de [www.xacobeo.es](http://www.xacobeo.es)



## UNIDADE 6

# E que che dixo?

**Nesta unidade imos tomar partido nun conflito entre dúas persoas. Para iso, imos aprender:**

◆ a transmitir ordes, peticións e consellos ◆ a referir o que dixeron outras persoas no pasado en estilo directo e en estilo indirecto ◆ a forma e algúns usos do pretérito imperfecto de subxuntivo

## 1. RAPAZ PARA TODO



Lucho traballa nun bufete de avogados como “rapaz para todo”. Esta mañá non foi traballar. Por iso, cando chega pola tarde á oficina, Rosa, a secretaria, infórmao de todas as cousas que ten que facer. Escoita a conversa e escribe que ten que facer con cada unha destas cousas ou persoas.

O coche do xefe

O xefe

A fotocopiadora

A cafeteira

As chaves da oficina

O contrato do señor Carballo



## 2. DIXÉRONME QUE TIÑA QUE PAGAR

**A.** Sentiches algunha vez que te querían estafar? As tres persoas da fotografía, si. En grupos de tres, cada un vai ler un dos testemuños. Despois, explicarállelo aos seus dous compañeiros.

**B.** Os tres casos están resumidos nestes cadros, aínda que as frases están desordenadas. Identifica as tres historias e ordena as frases.

- Pedíronlle que fose á axencia e que pagase a cambio dunha lista de pisos.
  - Chamou a unha axencia para se informar sobre un piso.
  - A xustiza deulle a razón.
  - Non o fixo e presentou unha queixa nunha asociación de consumidores.
  - Dixéronlle que ese xa estaba alugado, pero que tiñan outros semellantes.
- Chamou e dixéronlle que fose ese mesmo día facer unha entrevista.
  - Deuse de conta despois de que todo era unha estafa.
  - Ofrecéronlle comezar esa mesma semana.
  - Viu un anuncio de traballo interesante no xornal.
  - Pareceulle estraño e non aceptou o traballo.
  - Puxéronlle unha condición: comprar un ordenador e uns programas.
- Quixo devolvelo, pero obrigábase a pagar o transporte.
  - Ao final, non o pagou, pero teno aínda na casa.
  - Adquiriu un aparello de cociña por teléfono.
  - Cando chegou, o aparato non era como o describía a publicidade.
  - Tivo que agardar moito tempo para recibir o produto.


**C.** Que cres que hai que facer cando te encontras cunha situación dese tipo? Coméntao cos teus compañeiros.

- *Eu creo que nunca debes pagar á primeira. Primeiro, informarte...*



### Xoán, 31 anos, A Coruña

Unha vez, buscando traballo, tentaron estafarme. Resulta que lin un anuncio no que buscaban universitarios mozos para traballar dende a casa a través de Internet. O anuncio dicía que podías gañar ata 2000 euros ao mes. Chamei ao teléfono que poñía no anuncio e dixéronme que fose ese mesmo día a unha entrevista. Na entrevista dixéronme que podía comezar xa esa semana, pero que tiña que comprarlles un ordenador de 1500 euros. Pareceume moi sospeitoso e non o fixen. Unhas semanas despois, encontrei na rúa unha moza que coñecera o día da entrevista. Contoume que todo era unha grande estafa e que a empresa desaparecera do mapa sen entregar ningún ordenador.



### Marta, 25 anos, Quiroga

Hai uns anos, comprei un electrodoméstico deses que anuncian pola tele. Era unha máquina para facer pan e tortas, e non sei que máis, que custaba 110 euros. Paguei coa tarxeta e, dúas semanas máis tarde, aínda non chegara. Chamei e pedíronme que esperase cinco días máis porque había moitos pedidos. Despois dunha semana recibino, pero non tiña nada que ver co que anunciaban na tele: nin facía tortas nin era tan fácil como dicían, e o peor é que, para que funcionase, había que comprar unha chea de produtos especiais, carísimos, que só che podían vender eles. Total, que os chamei para devolvelle e entón dixéronme que tiña que pagar o transporte de volta. Eu negueime e eles dixéronme que non me podían devolver o diñeiro se non pagaba o transporte. Ao final, pedínlle ao meu banco que non pagase o cargo da tarxeta de crédito e aínda estou agardando que veñan buscalo.




### Xocas, 43 anos, Vigo

Hai dous anos, empecei a buscar un piso para alugar. Un día, vin no xornal un anuncio dun que estaba moi ben: bastante grande, moi ben situado e moi barato. Entón chamei e dixéronme que ese xa estaba alugado, pero que tiñan unha lista con apartamentos parecidos e que, se me interesaba, podía pasar pola axencia recoller a folla cos pisos. Pareceume estraño, pero fun. Alí pedíronme que cubrise un formulario cunha chea de datos. Cando lles preguntei para que era todo aquilo, dixéronme que a lista custaba 200 euros, pero que mos devolverían ao encontrar piso. Evidentemente, non paguei nada e fun directamente á asociación de consumidores poñer unha queixa. A asociación puxo unha denuncia contra a axencia e o xuíz condenounos a pagar unha multa considerable.


## 3. MENSAXES



**A.** Antón e Miguel viven xuntos. Antón escoltiu no contestador tres mensaxes para Miguel e deixoulle esta nota. Escóitaa e fíxate na estrutura marcada (**que** + subxuntivo). Cres que serve para transmitir unha información ou unha petición?




**B.** Agora pensa en como foi a mensaxe orixinal que Antón resumiu na seguinte nota.



**C.** Comparade as mensaxes orixinais que preparastes. Son todas iguais?

## 4. TOMÉ E SUSANA

**A.** A Tomé e a Susana hoxe dixéronlles cousas moi bonitas. Cando chegaron á casa, contáronllo á súa familia. Relaciona cada imaxe coa súa frase correspondente.



- |  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Esta tarde Sandra pediume que case con ela. | <input type="checkbox"/> Hoxe o meu xefe díxome que son a mellor secretaria do mundo. |
| <input type="checkbox"/> Es a mellor secretaria do mundo.            | <input type="checkbox"/> Casa comigo.   |

**B.** Fíxate que, cando transmiten o que lles dixeron, nos dous casos se producen cambios de persoa (**es** a mellor > **son** a mellor/casa **comigo** > que case con **ela**). No segundo caso, prodúcese tamén un cambio de modo verbal.

Imperativo  
**casa**

Presente de subxuntivo  
(Pediume que) **case**

**C.** O malo é que, pasado o tempo, as dúas historias acabaron mal. Relaciona cada frase coa continuación máis axeitada.

- |   |
|---|
| <input type="checkbox"/> <b>A</b> Aquel día o meu xefe díxome que era a mellor secretaria do mundo,     |
| <input type="checkbox"/> <b>B</b> Aquela tarde Sandra pediume que casase con ela,                       |
| <input type="checkbox"/> ... pero dous meses máis tarde descubrín que me enganaba con outro e deixeiña. |
| <input type="checkbox"/> ... pero uns días despois botáronme do traballo.                               |

**D.** Fíxate outra vez nos cambios que se producen ao transmitir as frases orixinais un tempo despois e completa o cadro.

Presente <b>Es</b> a mellor.	Copretérito Díxome que ..... a mellor.
Imperativo <b>Casa</b> comigo.	Imperfecto de subxuntivo Pediume que ..... con ela.

**E.** Observa agora que tamén se producen mudanzas nos marcadores temporais. Intenta completar este cadro.

hoxe	<i>aquele día</i>
mañá	.....
esta mañá/tarde/noite	.....
a semana que vén	.....
o mes/ano que vén	.....

## Pretérito imperfecto de subjuntivo

	<b>casar</b>	<b>beber</b>	<b>vivir</b>
(eu)	casase	bebese	vivise
(ti)	casases	bebese	vivises
(el/ela/vostede)	casase	bebese	vivise
(nós)	casásemos	bebésemos	vivísamos
(vós)	casásedes	bebésedes	vivísedes
(eles/elas/vostedes)	casasen	bebesen	vivisen

As formas irregulares fanse engadindo as mesmas terminacións ás bases irregulares. Fíxate en que, na maioría dos casos, a irregularidade da raíz é a mesma das formas irregulares do pretérito de indicativo.

dix-	
estiv-	<b>-ese</b>
fix-	<b>-eses</b>
fo-	<b>-ese</b>
pux-	<b>-ésemos</b>
quix-	<b>-ésedes</b>
tiv-	<b>-esen</b>
viñ-	

En galego, algunhas construcións esixen o emprego do subjuntivo. Cando o verbo da oración principal está en copretérito, pretérito ou pospretérito, o tempo que se usa na segunda oración é, polo xeral, o pretérito imperfecto de subjuntivo.

### Verbo + que + imperfecto de subjuntivo

Quería	<b>que</b>	<b>respectases</b>	os meus sentimentos.
Esixín	<b>que</b>	me <b>devolvesen</b>	os cartos.
Encantaríanos	<b>que</b>	nos <b>acompañásedes</b>	ao baile.


### Verbo + adxectivo + que + imperfecto de subjuntivo

Púñame nervioso	<b>que</b>	non me <b>dixese</b>	a verdade.
Foi horrible	<b>que</b>	<b>estafasen</b>	aquela xente tan pobre.
Sería inxusto	<b>que</b>	<b>tivese</b>	que volver pagar as taxas.

### Verbo + substantivo + que + imperfecto de subjuntivo

Procurei un traballo	<b>que</b>	me <b>permitise</b>	seguir cos estudos.
----------------------	------------	---------------------	---------------------

## Transferir ordes, peticións e consellos



Cando a orde, petición ou consello aínda está vixente, é dicir, cando aínda se pode cumprir, podémoslo transmitir mediante a estrutura **que** + presente de subjuntivo.

**Díxolle que pase** esta tarde pola súa casa.  
**Pediulle que lle axude** a poñer a mesa.  
**Aconselloulle que non deixe** o traballo.

Cando a orde, petición ou consello xa non se pode cumprir ou xa se cumpriu, empregamos a estrutura **que** + imperfecto de subjuntivo para transmitilos.

**Díxolle que pasase** esta tarde pola súa casa.  
**Pediulle que lle axudase** a poñer a mesa.  
**Aconselloulle que non deixase** o traballo.

## Transmitir as palabras doutras persoas no pasado

### ESTILO DIRECTO

No estilo directo citamos textualmente as palabras ditas.

Esta noite saímos. → **Díxolle:** “Esta noite saímos.”  
 Lara, estás moi guapa. → **Díxolle:** “Lara, estás moi guapa.”  
 Séntese aquí, por favor. → **Dixo:** “Séntese aquí, por favor.”

### ESTILO INDIRECTO

No estilo indirecto ás veces cambiamos os tempos e/ou modos verbais.

Presente indicativo	Verbo + que + presente indicativo
<b>Traballas</b> demasiado.	<b>Díxolle que traballa</b> demasiado.
Presente indicativo	Verbo + que + copretérito
<b>Tes</b> bo aspecto.	<b>Díxolle que tiña</b> bo aspecto.

Imperativo	Verbo + que + presente subjuntivo
<b>Chámao.</b>	<b>Díxolle que o chame.</b>
Imperativo	Verbo + que + imperfecto subjuntivo
<b>Séntese</b> , por favor.	<b>Díxolle que se sentase.</b>

De todos xeitos, hai que ter en conta que cambiar ou non os tempos e/ou modos verbais na transposición do estilo directo ao indirecto vai depender das circunstancias ou dos contextos nos que tanto o estilo directo coma o indirecto son formulados.

Estilo directo: **Volverei pronto.**

Estilo indirecto: *Dixo que **volverá** pronto* (aínda non volveu) ou *Dixo que **volvería** pronto* (xa pasou o momento no que debería volver).

Estilo directo: **Traballo moito.**

Estilo indirecto: *Dixo que **traballa** moito* (a información aínda é válida neste momento, é dicir, segue traballando moito) ou *Dixo que **traballaba** moito* (pode ser válida neste momento ou non).

Así mesmo, sofren transformacións outras palabras relacionadas co contexto: tempo, espazo, persoas que falan...

### Díxolle que...

Chega <b>hoxe.</b>	chegaba <b>ese/aquel día.</b>
Chega <b>mañá.</b>	chegaba <b>o día seguinte.</b>
Chega <b>esta</b> tarde.	chegaba <b>esa/aquela</b> tarde.
Chega <b>dentro de</b> tres días.	chegaba <b>ao cabo de</b> tres días.
Espera <b>aquí.</b>	esperase <b>alí.</b>
Proba <b>isto.</b>	probase <b>iso/aquilo.</b>
<b>Ven</b> a Ferrol.	<b>fose</b> a Ferrol.
<b>Tráeme</b> os xornais.	lle <b>levase</b> os xornais.
<b>O meu</b> curmán chámase Iago.	<b>o seu</b> curmán se chamaba Iago.

## 5. VAIA LERIA!

A Mateo regaláronlle hai unha semana uns pantalóns, pero quedánlle pequenos e non lle acaen ben, así que decidiu trocalos por outros, pero non foi nada doado. Le esta conversa que tiveron hoxe Mateo e o seu amigo Samuel e tenta reconstruír todas as conversas que tivo sobre o asunto.

- Que pantalóns máis bonitos Mateo!
- Non me fales, que me deron unha cantidade de problemas...
- E logo?
- Bo!, resulta que o outro día a miña nai regaloume uns pantalóns de TARA e díxome que, se non me gustaban, podía cambialos.
- E non che gustaban...
- Pois non moito, a verdade. Ademais quedábanme moi pequenos.
- E que fixeches?
- Pois... primeiro leveinos a unha tenda da rúa Principal e alí díxéronme que non nos podían cambiar porque os compraran noutra tenda.
- Xa.
- Así que fun á tenda da rúa Casino e alí pedíronme o tícket de compra.
- E xa non o tiñas, claro!
- Pois non, e díxéronme que sen o tícket non nos podían cambiar!
- Home, é que iso sempre é así, non?
- Si, supoño, en fin, o caso é que tiven que ir á casa buscalo e, cando volvíñ á tenda, díxéronme que, do modelo que quería, xa non lles quedaba ningún talle e que lles chegarían máis para a vindeira semana.
- Ou sexa que esperaches unha semana?, quen te vería!
- Non, diso nada, díxenlles que na tenda da rúa Principal si que tiñan do meu talle e que se podían chamar alí e pedir que me trouxeran uns.
- E fixéroncho?
- E logo que pensas! Ao final puideron cambialos.
- Pois vaia leria por uns pantalóns!



## 6. TEN VOSTEDE EXPERIENCIA?



**A.** Hai quince días, Xandra viu un anuncio de traballo nun xornal. Interesoulle e ese mesmo día chamou por teléfono para informarse sobre o posto. Uns días máis tarde, tivo unha entrevista. Imos dividir a clase en dous grupos: A e B. O grupo A vai escoitar a primeira conversa de Xandra e tomar notas de todo o que sucede: con quen falou, que lle preguntaron, que lle dixeron etc. Mentres, o grupo B espera fóra

da clase. Despois, ides facelo ao revés coa segunda conversa.

**B.** Agora, en parellas formadas por un membro do grupo A e outro do B, ides poñer en común toda a información que recollestes. En que consiste o traballo?, gustaríache facelo? Coméntao co teu compañeiro.

## 7. PÁSAO!



Imaxina que queres que o compañeiro que está ao teu lado faga algo: que se levante, que recolla as súas cousas e que saia da clase ou calquera outra cousa que se che ocorra. Pero faslle chegar esa orde ou petición polo camiño máis longo: vaslla dicir ao oído a un compañeiro, este ten que transmitirla a outro compañeiro, este a un terceiro e así sucesivamente ata chegar ao último, que deberá darlle a orde ou a petición en voz alta ao compañeiro que está ao teu lado. Modificouse a petición durante todo o proceso?

## 8. CONTA AS TÚAS EXPERIENCIAS

**A.** Pensa nalgunha experiencia interesante que tiveses. Resúmea por escrito e, despois, cóntallela aos teus compañeiros. Se non lembrás ningunha, podes inventala. Aquí tes algunhas ideas.

**Unha vez confundíronme con outra persoa e foi bastante complicado.**

**Unha vez fixen unha reserva nun hotel e cando cheguei non o rexistraran.**

**Unha vez puxéronme unha nota inxusta nun exame e protestei.**

**Unha vez participei nun xuízo.**

**B.** Quen contou a historia máis incríbel? E a máis divertida? Alguén contou unha historia falsa?

## 9. PARELLAS, MENTIRAS E PISOS DE ALUGAMENTO




**A.** Fran e Isa teñen un conflito. Hai unha semana, decidiron que ían alugar un piso xuntos. escoita a conversa que tiveron aquel día e anota no teu caderno que dixo cada un sobre as características do piso que lles gustaría alugar.

**B.** Esa mesma tarde, Isa foi ver un piso de alugueiro que lle encantou. Como había outras persoas interesadas, decidiuse: asinou o contrato por un ano e pagou por adiantado 2000 euros en concepto dos tres primeiros meses de alugueiro. A Fran non lle pareceu ben. Le esta mensaxe para entender como está agora a situación.

**C.** Cres que Fran debe pagar a metade dos 2000 euros? Debatédeo na clase. Despois, en grupos pequenos e segundo a vosa opinión, podedes responder á mensaxe de Isa en nome de Fran.

- *Eu creo que Fran ten que pagar.*
- *E por que?*
- *Pois por varias razóns: primeiro porque dixo...*



## 10. DEREITOS COMO CONSUMIDOR

**A.** Algunha vez tiveches que facer unha consulta ou presentar unha reclamación para protexer os teus dereitos de consumidor? Coñeces algún organismo que protexa os consumidores? Coméntao co compañeiro e logo le o seguinte texto.



### Que é a OMIC?

A OMIC (oficina municipal de información ao consumidor) é un servizo gratuíto ofrecido polos concellos para informar, axudar e orientar o consumidor e mediar entre os conflitos que xurdan entre o consumidor e as empresas ou organismos públicos, para tentar resolvelo de forma amigable. A OMIC tamén se encarga das reclamacións que presenten directamente os consumidores ou das que se presenten mediante as oficinas de información ao consumidor ou as que protexen os seus dereitos.

A OMIC tramita todos os asuntos que afectan os consumidores, dende bens e produtos (automóviles, roupa, electrodomésticos), fornecementos (auga, electricidade, gas ou teléfono) e diferentes servizos (restaurantes, axencias de viaxe ou seguros).

Para presentar unha reclamación, é preciso que se realice de forma detallada e que se indique de forma clara e concreta o que se solicita. Nela haberá que espe-

cificar os datos persoais do interesado, os datos da empresa ou establecemento (nome, domicilio, teléfono) e achegar a documentación relativa ao caso (facturas, orzamentos ou información publicitaria).

A OMIC fomenta igualmente a educación e formación dos consumidores e colabora con outras entidades públicas ou privadas, tamén dedicadas á protección dos dereitos dos consumidores.

**B.** A continuación tes unha táboa da OMIC da Coruña que detalla as consultas que tiveron nos diferentes servizos. Sorpréndete que os marcados fosen os que máis queixas suscitaron? Discutide en parellas cales credes que son os motivos que levan a alguén a realizar unha consulta nestes servizos.

SERVIZOS/SECTORES	CONSULTAS
Administración	162
Axencia de viaxes	408
Auga	640
Bancos	365
Comercio electrónico	241
Vivenda en alugamento	313
Contratos realizados fóra de establecemento	154
Electricidade	324
Ensino	162
Gas natural	259
Gases licuados	183
Gasolineiras, estacións de servizo	177
Hostalaría e restauración	224
Internet	264
Reparación e mantemento do fogar	421
S.A.T. electrodomésticos	326
Sanidade privada	166
Sanidade pública	128
Seguros	528
Talleres de reparación de automóviles e servizo de guindastre	302
Telefonía fixa	485
Telefonía móbil	489
Tendas de lavado	305
Transporte público (ferrocarril, aéreo, autobús de liña, taxis etc.)	262
Venda a distancia (catálogo, telefónica, televisiva)	241





## UNIDADE 7

# Só ou acompañado?

**Nesta unidade imos determinar as calidades da nosa parella ideal. Para iso, imos aprender:**

◆ a expresar condicións e consecuencias hipotéticas ◆ algúns verbos con preposición ◆ a falar de sentimentos, do carácter e da personalidade ◆ vocabulario para falar de relacións persoais e afectivas ◆ conectores para engadir, matizar, contraponer e desmentir unha información ◆ algúns usos e valores das preposicións

## 1. SOLTEIROS, PERO NON SÓS

**A.** Coñeces moita xente que viva soa? Todos o fan polos mesmos motivos?

- *Eu teño algúns amigos que viven sós. Algúns están solteiros, outros separados...*

**B.** Unha revista publicou as testemuñas de dous homes e dúas mulleres que viven sós. Le os textos e anota as vantaxes e os inconvenientes que comentan da súa situación. Despois, compara as túas anotacións coas dun compañeiro.

## Sós ou independentes?

Ser solteiro xa non é o que era, e proba diso é que cada vez hai máis xente que vive soa. A través das testemuñas de varias persoas, exploramos os porqués deste fenómeno e como se leva ser solteiro hoxe en día.



### Marcela, 37 anos Divorciada

Eu, se puidese elixir, no canto de estar soa, preferiría estar ben con alguén. Iso si, con alguén que me comprenda, que pense coma min. Non con calquera. Ao principio foi moi duro non ter parella. Gañas liberdade, pero perdes outras cousas. O mellor é que me sinto máis relaxada e gozo moito da relación cos meus fillos. Iso si, como nai, teño outras responsabilidades e, cando penso en se volverei encontrar alguén, doume de conta de que as miñas esixencias son moito maiores. De feito, volvinme máis autosuficiente e máis desconfiada, pero non renuncio á idea de compartir de novo a miña vida con outra persoa.

### Euloxio, 47 anos Divorciado

Se tivese que escoller entre só ou mal acompañado, quedaríame coa primeira opción. Agora tócame estar só e acéptoo. Levo dez anos sen parella e esa soidade permíteme tomar decisións sen pensar noutra persoa. O de perder a cabeza por alguén é parte do pasado. Non é que me ille do amor, ao contrario, o que pasa é que non o busco como facía cando era máis mozo. Teño moitas parellas ao meu redor e non sinto envexa por ningunha delas. Pero se encontrase unha persoa con ganas de empezar algo novo, volvería formar unha familia.

### Alba, 35 anos Solteira

Non quero renunciar a nada por estar con outra persoa. Ademais, prefiro estar soa en vez de mal acompañada. Levo moi ben estar solteira. Nestes tempos é diferente, de feito, ser solteiro está de moda. Os solteiros somos unha comunidade e é fácil encontrar clubs para coñecer xente que comparta os mesmos intereses e facer cousas xuntos. Ademais, sei que se estivese en parella non faría moitas das cousas que fago. Recoñezo que ás veces botas de menos o cariño, organizar cousas con outra persoa, ter unha familia... En realidade, estou dándolle voltas á idea de formar a miña propia familia eu soa. Son moi independente e decidida, sei o que quero e así síntome plena.

### Alberte, 50 anos Viúvo

Aprendín a ser feliz só; non necesito a ninguén que encha a miña vida. Co tempo deime de conta de que son unha persoa moi independente e estou moi ben así. Estar só non é unha traxedia, ao contrario, é unha oportunidade para coñecerte e aceptarte como es. Por suposto que, se encontrase alguén que me quixese e que compartise intereses comigo, me apetecería recuperar a complicidade propia dos que viven xuntos por amor. Pero, por outro lado, pásalo ben experimentando cousas novas e coñecendo xente coa que tes afinidades. Ademais, son moi consciente de que non podo recuperar o que perdín.

VIVIR SÓ	
VANTAXES	INCONVENIENTES
Tes moita liberdade	

C. Identificaste con algunhas das afirmacións destas persoas? Coméntao cos compañeiros.

- Eu estou de acordo con Euloxio, non se debe buscar, pero se aparece...
- Si, talvez funciona así, pero...

D. En parellas, decide se existe un perfil típico das persoas que viven soas. Cal é? Tomade notas e, logo, comparádeas coa información desta páxina web de *singles*.

**SINGLES**

**Un *single* non é máis ca un solteiro, pero a palabra galega pode ter connotacións negativas (soidade, falta de compañía). Por ese motivo, prefírense novos termos para designar as persoas que conforman este grupo social: “os independentes”, “os neosolteiros” etc. En calquera caso, así son:**

- Teñen entre 30 e 55 anos.
- A maioría vive na cidade e cerca dos núcleos urbanos.
- Algúns son *singles* por vocación ou por decisión propia, porque lle dan preferencia á súa carreira profesional; outros sono por causas alleas á súa vontade: defunción da súa parella, divorcio, dificultade para encontrar unha parella estable...
- Posúen un alto nivel cultural e adquisitivo. Profesionalmente son persoas cualificadas.
- Gastan moito diñeiro en viaxes, produtos de beleza, artigos de luxo e ocio en xeral.
- Pagan con tarxeta e adoitan comprar por Internet.
- Son moi independentes, competentes, seguros de si mesmos, amantes do risco e preocúpanse pola súa imaxe.
- Son sociables e buscan en Internet novas formas de relacionarse: chats, foros...
- En Estados Unidos algúns *singles* levan un anel cun diamante na súa man dereita, non só como símbolo de pertenza ao grupo, senón tamén do seu poder adquisitivo.

## 2. PREPARADO PARA VIVIR EN PARELLA?

**A.** Estás preparado para vivir en parella? Contesta as preguntas deste test e compróboo. Logo, comenta as respostas cos teus compañeiros.

### 1. Para ti os compoñentes dunha parella son como...

- a) o ceo e o inferno
- b) o café e o leite
- c) dúas gotas de auga

### 2. Se estiveses na casa esperando a túa parella que se está preparando para saír e tarda moitísimo...

- a) **daríaslle** un bico e **marcharías**.
- b) **axudarlíalle** para que fósedes máis rápido.
- c) **comezarías** a ver a tele e **diríalles** que se tomase o seu tempo.

### 3. No voso aniversario, sentiríate máis feliz se a túa parella...

- a) te **agasallase** con algo moi, moi caro.
- b) te **levase** ao lugar onde vos coñecestes. Aqueles foron os mellores tempos.
- c) **colgase** carteis pola cidade dicindo que non pode vivir sen ti.

### 4. Se tiveses problemas coa túa parella...

- a) **procurarías** as causas, a orixe da situación.
- b) **analarías** as consecuencias desa situación.
- c) **propoñeríaslle** ir a un conselleiro matrimonial.

### 5. Se descubreses unha infidelidade...

- a) **cometerías** ti outra para compensar.
- b) **recordarlíallo** constantemente.
- c) **esqueceríallo** para sempre.

### 6. Se puides planificar a viaxe perfecta...

- a) **preferirías** ir só/soa; así **poderías** coñecer máis xente durante a viaxe.
- b) **darías** a volta ao mundo cos teus amigos e **pasarías** uns días coa túa parella.
- c) **levarías** a túa parella a un lugar paradisíaco.

**C.** Completa os seguintes enunciados coa túa opinión.

1. Se de repente me cruzase co meu actor ou actriz favorita, ...
2. **Deixaría** de traballar para sempre se...
3. Se atopase na rúa unha bolsa chea de cartos e sen identificación do propietario, ...
4. Se....., **queixaríame** aos responsables.
5. Se un descoñecido me dixese “apetécame pasar a tarde contigo”, ...
6. Se....., **volvería** estudar.

## 3. DE FLORES, DE HUMOR, DE CADA UN

**A.** Segundo os expertos, estas son algunhas das cousas que debemos facer acotío para nutrir e manter unha boa relación de parella ou de amizade. Cal che parece a máis importante? Cal consideras máis difícil de cumprir? Engadirías algunha máis? Coméntao cos teus compañeiros.

- Manter a amabilidade e o respecto **antes de** nada.
- Saber equilibrar **con** madurez as posicións **de** poder.
- Pedir desculpas **por** calquera comportamento ou actitude desagradable.
- escoitar e apoiar **no canto de** acusar e criticar, principalmente **en** momentos difíciles.
- Sorprender ocasionalmente **con** algún detalle como un ramo **de** flores, un libro ou unha cea **no** restaurante favorito.
- Enfrontar as dificultades **con** tolerancia e sentido **do** humor.
- Respetar as diferenzas **de** cada un.
- Non impoñer regras e deixarse levar **cara a** unha relación natural e duradeira.

**B.** As palabras e expresións destacadas en grosa son preposicións e locucións prepositivas e empréganse para establecer relacións de diversos significados entre as palabras. Clasifícaaas na seguinte táboa segundo o concepto máis axeitado en cada caso. Logo compara a túa clasificación coa do teu compañeiro e aclárateo co voso profesor.

Materia/Contido	
Dirección	
Causa	
Orde/Posición	
Lugar	
Caracterización	
Poseción	
Tempo	
Modo ou maneira	

### Resultados

**Maioría de A:** A idea de parella perfecta non vai contigo. Aceptas certos compromisos sempre que non interfiran na túa liberdade. Necesitas que ninguén che controle o teu destino.

**Maioría de B:** Es realista e dubidas á hora de lanzarte á vida en parella. O xogo

da sedución atráete e angústiate. Evitas o conflito.

**Maioría de C:** Queres e sabes apaixonarte pola persoa que vive contigo. Vivir a dous reafirmate e dáche enerxía porque compartes proxectos comúns coa túa parella.

**B.** Observa as palabras marcadas con cores no test e completa o seguinte cadro:

	Cor	Tempo verbal
Unha condición difícil ou imposible de realizar		
Unha consecuencia desa condición		

## Preposicións e locucións prepositivas

As preposicións son elementos invariables que serven para unir as palabras, establecendo entre elas relacións de diversos significados. Constitúen un repertorio bastante extenso, pero as máis frecuentes en galego son: **a, agás/excepto, ante/perante, ata, con, contra, de, dende/desde, en, entre, para, por, sen, sobre, tras, onda.**

Tamén é ampla a lista das **locucións prepositivas**, que son grupos de palabras que funcionan coma unha preposición.  
**cara a:** *Ía **cara a** o museo cando o atopei.*  
**por mor de:** *Deixaron de farse **por mor da** herdanza dos pais.*  
**a/en prol de:** *Participei na manifestación **a prol** dos dereitos dos traballadores.*  
**antes de:** *Teño que preparar un informe **antes de** marchar.*  
**no canto de:** *Déixame o azul **no canto do** verde.*

Entre as referencias semánticas que as preposicións achegan ás relacións que establecen, atópanse as seguintes:

**Caracterización:** *un neno **con** carácter; a cabina **de** control.*  
**Modo/Maneira:** *Traballa **con** atención; Fixémolo **entre** os dous.*  
**Tempo:** *Vexo o telexornal **do** serán; Chegou **ás** sete e media.*  
**Lugar:** *Vivimos **en** Verín; Direino **ante** o xuíz.*  
**Compañía:** *Tomou xamón **con** melón; Traballamos **con** María.*  
**Materia:** *Envieille un ramo **de** flores; A caixa era **de** acrílico.*  
**Poseción:** *Este libro é **de** Mateo, Viches o novo coche **de** Xan?*  
**Causa:** *Fixose cura **por** imposición da nai; Preocupábame **por** ti.*  
**Oposición:** *Que tes **contra** min?; Todos van, **agás** Xan.*  
**Orde/posición:** ***Antes de** saír, remato este traballo.*  
**Orixe:** *Vén **de** Nova York; Sandra é **de** Caldas.*  
**Dirección:** *Cando o vin, ía **cara á** igrexa; Pedro foi **onda** o pai.*  
**Instrumento:** *Límpao **con** este trapo; Partiu o pan **coas** mans.*  
**Movemento:** *Mañá imos **a** Combarro.*  
**Carencia:** *Non conduce **sen** o carné.*  
**Finalidade:** *Vive **para** traballar; Merqueino **para** facer churros.*  
**Límite:** *Sigue **ata** a fin da rúa.*

Unha mesma preposición pode expresar distintos matices de significado:

- Gústame esta mesa **de** centro.* (caracterización)
- Este ordenador é **de** lago.* (posesión)
- Tráeme ese bote **de** plástico.* (materia)

## Verbos e expresións con preposición

- Teño **dificultade/facilidade para** encontrar parella.
- Non **renuncio á** miña independencia.
- **Estouille dando voltas á** idea de formar unha familia.
- Se estás en parella, non podes **pensar só en** ti.
- **Perdín a cabeza por** Martiño, pero a relación non funcionou.

## Expresar condicións e consecuencias hipotéticas

En galego, para falar dunha condición cuxo cumprimento é imposible ou consideramos pouco probable, emprégase o pretérito imperfecto de subjuntivo. Para falar das supostas consecuencias desa condición, úsase o pospretérito.

### CONDICIÓN

Se tivese máis tempo,

### CONSECUENCIA

iría ao ximnasio todos os días.

(= non teño tempo agora e a posibilidade de telo é bastante remota.)



Moitas veces, nas construcións condicionais é posible omitir algunha das partes.

- Pero non ías mercar outro coche?
- Si, (**mercaría outro coche**) **se tivese cartos.**
- Cres que todos **aceptarían** traballar as fins de semana?
- Home, **se lles pagasen ben...** (**todos o aceptarían**)

## Falar dunha calidade

### ORACIÓNS DE RELATIVO

que me comprenda/que saiba escoitar/que pense coma min/a quen lle guste viaxar.

Gustaríame coñecer unha persoa...

### ADJECTIVOS

sincera/extravertida/inteligente...

### COMPLEMENTOS PREPOSICIONAIS

con encanto/sen medo aos retos/de bos principios.

## Conectores

### MATIZAR UNHA INFORMACIÓN

- Nestes tempos, vivir só é diferente; **de feito**, ser solteiro está de moda.
- Non me molestaría traballar de noite; **en realidade**, gústame.

### ORGANIZAR A INFORMACIÓN E ENGADIR NOVOS ELEMENTOS

- **Por unha banda**, apetécame estar con alguén; pero, **por outra (banda)**, dáme un pouco de medo. Penso, **ademais**, que a convivencia afecta a calquera relación por moi ben que se leven dúas persoas.

### OPONER INFORMACIÓN

- Estar só non é ningunha traxedia; **ao contrario**, é unha oportunidade que tes para coñecerte e aceptarte como es.
- Eu, se puidese escoller, **en lugar de/en vez de/no canto de** estar só, preferiría estar ben con alguén.

### DESMENTIR UNHA INFORMACIÓN DANDO UNHA EXPLICACIÓN

- **Non é que** non me guste vivir só; **o que pasa é que** estou mellor en parella.
- Que raro que non pidas peixe! Pásache algo?
- Non, home non. **O que pasa é que** hoxe me apetece variar.

## 4. O DIARIO DE TERE

**A.** Aquí tes o blogue dunha rapaza que ten moitas dúbidas. Comenta co teu compañeiro que cres que pode facer na súa situación. Con que consellos estás máis de acordo? Poderías completar os que aparecen cortados e engadir algún máis?

### Martes 12

Boas novas: déronme o traballo en Barcelona. Tiña ganas dun cambio de aires e... apetécame vivir nunha cidade tan moderna e de deseño...



Pero agora vén o malo: que fago con Xabi?

Despois dun ano de relación, non sei se pedirlle que veña comigo. Non quero que deixe os seus fillos por min... Polo de agora non llo pedín. Non me atrevo a aceptar o traballo e marchar soa a Barcelona. Pero tamén me dá medo rexear a oferta e arrepentirme despois. Que podo facer? 😊

### Mércores 13

Levo toda a semana un pouco descolocada. Todo me fai lembrarme del. Conteivos algunha vez o de Xabi e as súas mensaxes románticas?



Cando queda a durmir na casa e ten que espertar antes ca min, non hai un día que non me deixe unha mensaxe de amor pola casa, ou un post-it no espello do baño, ou na neveira, ou pegado na porta do armario, sempre deixa un "quérote" ou un "bos días ruliña", ou un poemiña, calquera cousa que eu vaia atopar. Unha vez que volví dunha viaxe de traballo, cando cheguei á casa tiña un ramo de flores precioso cunha notiña que puña "non hai peor castigo que a túa ausencia". E é que xa me ten tan mal afeitada que un día que non atopei nada levei un desgusto! Pero, cando estaba a piques de saír, metín a man no bolso para buscar as chaves e atopei unha nota que puña: "princesa, hoxe estás abraiante". Detalles así fan moi especial a miña relación con Xabi. Creo que sen el me sentiría moi soa, triste coma unha planta á que non coidan, nin lle botan auga, nin nada... Entre marchar soa para Barcelona, pero cun bo traballo ou quedar cunha xefa odiosa, pero con Xabi e o seu agarimo, non sei que elixir... Ai, esta indecisión toléame! 😊

1. Non deberías ser tan romántica. Que terá iso que ver co amor?
2. Pero ti cres que non vas atopar outro coma Xabier? Pero se o mundo está cheo de rapaces bos, auténticos e románticos...Ti fai o que teñas que facer e non penses tanto.
3. Eu marchaba, con ou sen el.
4. Que complicado! Se eu me atopase nuha situación coma esa...
5. Pois non sei que faría se tivese que escoller entre o amor e o traballo. Creo que...
6. Creo que non tería moitas dúbidas con alguén coma Xabier. Eu se fose ti...

**B.** E ti? Participarías nun blogue ou segues algún na rede? Coméntao cos teus compañeiros.

- *Eu non escribo ningún diario na rede, pero sempre que podo leo o dunha señora moi graciosa que...*

## 5. CITAS RÁPIDAS

**A.** Oíches falar das citas rápidas? Danse entre grupos de homes e mulleres nas que todos teñen uns minutos para falar con cada persoa do outro grupo. Este breve contacto serve para saber que persoa lle interesa. Que che parece? Participaches nalgunha? Comentádeo en pequenos grupos.

- *A min coñecer xente deste xeito paréceme unha trapallada. Eu prefiro...*




**B.** Imaxina que participas nun encontro de citas rápidas. Individualmente, elabora as sete preguntas que lle farías a unha persoa para saber se queres saír con ela outro día. Coméntaas cos teus compañeiros en grupos de tres e, xuntos, escollede as sete mellores. Tentade darlles forma de test con opcións.

## 6. TENDENCIAS



**A.** Aquí tes tres preguntas dunha enquisa que un grupo de estudantes realizou para coñecer os hábitos e os gustos das persoas do seu contorno. Para cada pregunta, vas escoitar as respostas de dúas persoas. Anotade que prefire cada unha e por que.



### 1. Viaxar só ou en grupo?

a.


b.



2. Traballar só na casa ou en equipo nunha oficina?

a.

b.



3. Clases presenciais en grupos ou individuais por Internet?

a.

b.

**B.** En grupos de catro, comentade as vosas opinións sobre estes temas.

• *Eu prefiro viaxar soa. Creo que é máis...*

**C.** Agora contádelle ao resto da clase cal é a opinión maioritaria do voso grupo.

## 7. QUE É UN AMIGO?

**A.** Unha publicación ofreceu un premio á mellor definición de “amigo”. Estas son algunhas das propostas que recibiron. Cal é a mellor para ti? Poderías escribir a túa definición de amigo?

### PARA MIN UN AMIGO...

**1.** é unha persoa que sempre che dá o seu apoio, que está contigo nos bos e nos malos momentos e que, cando te axuda, non che pide nada a cambio.

**2.** é aquel que se alegra cando ti estás alegre e sofre cando ti sofres.

**3.** non é o que che di só o bo que es, senón alguén que che di abertamente os teus defectos e erros. Non é só aquel no que podes confiar, senón o que confía plenamente en ti.

**4.** é aquel a quen lle dis “necesito estar só un minuto”, pero interpreta “queda comigo para sentirme máis seguro”. É a persoa que entende os teus silencios, as túas mensaxes.

**5.** é alguén por quen farías calquera cousa, a quen lle darías todo. É a única persoa coa que irías a unha illa deserta.

**6.** é aquel que queda contigo cando todo o mundo marchou.

**B.** Pensa agora en calidades para cada unha destas persoas e obxectos. Compara as túas respostas coas dos teus compañeiros e, entre todos, elixide a mellor da clase para cada categoría.

UN BO PROFESOR DE GALEGO

UN BO COMPAÑEIRO DE CLASE/DE TRABALLO

UN BO LIBRO PARA APRENDER GALEGO

Un bo profesor/compañeiro/libro é aquel co que

A un bo profesor/compañeiro/libro pediríalle que

## 8. A NOSA PARELLA IDEAL

**A.** Imos procurar a nosa parella ideal, trata de definila segundo estas calidades, numéraas (do 1 ao 9) segundo a importancia que lle deas a cada unha. Explicalle ao teu compañeiro por que escolliches esa orde e comprobade se coincidides nos vosos criterios.

- |  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> sinceridade   | <input type="checkbox"/> tenrura          |
| <input type="checkbox"/> curiosidade   | <input type="checkbox"/> sentido do humor |
| <input type="checkbox"/> xenerosidade  | <input type="checkbox"/> valentía         |
| <input type="checkbox"/> sensibilidade | <input type="checkbox"/> paixón           |
| <input type="checkbox"/> complicidade  |   |

• *Pois para min a máis importante é o sentido do humor. O Ai si? Eu pensei que sería a tenrura.*  
 • *A ver, non é que non sexa importante... pero é que se non me podo rir coa miña parella...*

**B.** Agora imos definir cal é a nosa parella ideal, para iso pensa como che gustaría que fose atendendo aos seguintes parámetros.

- na súa relación comigo:
- na súa relación coa miña familia:
- na súa relación cos meus amigos:
- en relación coas miñas manías:
- en relación cos meus intereses e afeccións:

## 9. PERSOA NOVA E SOLTEIRA

**A.** A continuación, tes uns fragmentos extraídos de diferentes informacións aparecidas nun xornal. Despois de deles, tenta relacionalos cos titulares de prensa que aparecen a continuación.

**1**

Cada vez son máis as persoas solteiras que non se resignan a pasar as fins de semana deitadas no sofá, vendo como pasa o tempo. Por iso, nos últimos anos, proliferaron os lugares de ocio para solteiros, incluso en Galicia proliferaron os clubs que permiten coñecer persoas que non teñen parella. Así é que moitas persoas solteiras, separadas ou viúvas se xuntan para organizar viaxes en grupo ou actividades de lecer. Entre as que se crearon nos últimos anos destacan os cruceiros para solteiros, actividades de fin de semana ao aire libre ou incluso proxectos de cooperación internacional só para solteiros.

**2**

Estar separado e divorciado é cada vez máis habitual na sociedade galega, fronte á situación de hais uns anos, cando unha persoa separada constituía un status ben diferente á media. Así o declara o chairego Isidro, recentemente separado: “A miña situación agora non é nada rara. Hai uns anos, si. Por exemplo, cando meu irmán Manolo se separou da muller era visto na miña aldea con estrañeza, pero agora é unha situación que se repite con máis frecuencia. Claro que non é nada do que me sinta orgulloso, nin reconforta que outras persoas teñan que pasar polo mesmo, pero a miúdo é unha grande axuda poder compartir como te sentes con persoas que están na túa mesma situación. Por exemplo, eu os luns acostumo ir xogar ao fútbol cun grupo de amigos e a maioría está pasando polo mesmo ca min. E así, entre goles, as cervexas de despois e uns risos, a soidade da chegada á casa é menos dura”.

**3**

Os recentes incentivos concedidos ás empresas supuxeron un alivio para moitos traballadores. Algúns deles levaban xa moito tempo no paro e, ademais, víanse na obriga de rexeitar algunhas ofertas laborais por non seren compatibles co coidado dos fillos.

Estas medidas supuxeron, polo tanto, un estímulo para as empresas á hora de contratar persoal laboral con responsabilidades familiares e que contribuíu a que a conciliación entre a vida laboral e familiar comece a ser unha realidade. Todo para que o benestar persoal non quede só a expensas das axudas desinteresadas dos avós.

**4**

As posibilidades de independizarse dos máis novos son cada vez máis tardías e difíciles. En Galicia, aínda que a tendencia nas provincias atlánticas é menor, no seu conxunto, o índice de mozos que aínda vive con seus pais é cinco puntos superior á media europea. A maioría confesa que preferiría emanciparse e non vivir cos seus pais e cos irmáns, pero recoñecen que son diversos os factores que impiden levar a cabo os seus propósitos. Entre as dificultades para encontrar un espazo propio, a mocidade galega menciona a carestía da vivenda, a posibilidade de aforrar en alugamento uns anos e conseguir casa propia ou incluso gozar dos coidados paternos, aínda a custa de compartir fogar.

**5**

Traballan as mesmas horas, están sometidos aos mesmos convenios, pero non teñen a mesma calidade de vida. Apenas teñen liberdade para organizar o seu traballo e están sometidos a unha axenda semanal moi rixida, xa que os coidados dos fillos obríganos a unha planificación da semana moi estricta. Tampouco as empresas colaboran en exceso á hora de superar estas dificultades, debido a que non optan por horarios máis flexibles que permitan unha vida máis conciliadora, aínda a expensas de teren uns traballadores máis cansados e desmotivados.

.....

**Os fogares unifamiliares de separados e divorciados creceron en Galicia nos últimos 10 anos.**

.....

**Persoa nova e solteira que aínda vive cos seus pais.**

.....

**Os solteiros queren gozar da vida.**

.....

**As persoas solteiras e con fillos son as que menos flexibilidade horaria teñen.**

.....

**Axudas fiscais para contratar nais e pais solteiros.**

**B.** Cal das situacións que se describen che resulta máis coñecida? Se non es galego, no lugar onde vives, existen situacións parecidas? Coméntao co teu compañeiro.

**C.** Agora busca na prensa outros titulares de noticias que teñan que ver con xente que vive soa.



## UNIDADE 8

# Maneiras de vivir

**Nesta unidade imos deseñar un paraíso onde vivir.  
Para iso, imos aprender:**

◆ *a correlación temporal nas frases de relativo* ◆ *o emprego dalgúns conectores* ◆ *a expresar desexos* ◆ *a expresar a causa e a finalidade: **por** e **para*** ◆ *os usos especiais dos posesivos*

## 1. O ALEMÁN DE CAMELLE

**A.** Coñeces algunha persoa que viva dunha maneira bastante particular? Que elementos temos en conta para considerar que un estilo de vida é convencional ou excéntrico?

- Si, eu coñezo un home que vive nunha casa moi afastada...

**B.** A continuación tes a historia de *Man*, o alemán de Camelle. Se nunca oíches falar del, o texto proporcionarache algunha información sobre a súa forma de vida. Despois de lelo, comenta co compañeiro o que máis te sorprende.

Nestes tempos de présas, globalización e homoxeneidade, poucos lugares existen con tanta singularidade e maxia como a Costa da Morte. A súa orografía accidentada en convivencia co mar, a lenda negra dunha navegación marcada polo risco e a pervivencia de costumes seculares agrandan o carácter lendario da Fisterra galega.

Por iso, non é de estrañar a atracción que a forza telúrica deste espazo exerce nas persoas ás que lles guste vivir nun contorno natural. Así lle debeu acontecer a Manfred Gnädinger, *Man*, o alemán de Camelle, que, nacido en Dresde, veu dar a esta vila do concello de Camariñas, onde viviu ata a súa morte. *Man* tivo na natureza o seu espazo vital; nos produtos do mar, a súa fonte exclusiva de alimentación; e nun atavío que só lle cubría as partes pudendas, a súa única peza de roupa.

O ermitán *Man* viviu, pois, en absoluta harmonía coa natureza, sen nunca posuír nada de seu. Chegara en 1961 á vila. Descoñécense moitos datos da súa biografía, pero parece ser que un desencontro coa muller alemá coa que vivía ou un desengano amoroso cunha mestra da zona mo-

tivaron o abandono de todas as convencións sociais e levárono a asentar a súa vivenda nas rochas que daban ao mar. Alí construíu a súa cabana e fixo do contorno marítimo o seu fogar, cuxa decoración constituíu un auténtico museo.

Pouco a pouco, conseguiu decorar as rochas e, amontoando pedras, íalles dando forma ata lograr esculturas. Así foi como a expectación arredor deste home foi medrando e medrando. Non sabemos se quería crear un museo que logo se convertese nun lugar habitual das rutas turísticas, pero o certo é que o logrou. *Man* pedíalle un euro a cada visitante e que debuxase no seu caderno aquilo que máis o impresionase.

Pero a natureza decorada que *Man* elaborara con tanto coidado ano tras ano veu quebrarse un 19 de novembro de 2002, cando o petroleiro *Prestige*, tras afundir, tingúa do negro do chapapote toda a costa galega. O alemán de Camelle, ao contemplar o desastre ecolóxico, non volveu levantar cabeza e morría días despois: o 28 de novembro do mesmo ano. Segundo os veciños, seica de tristura.



C. Agora, le as opinións que expresaron diferentes persoas acerca da forma de vida de *Man* e anota no cadro se che parecen positivas ou negativas.

	POSITIVAS	NEGATIVAS
1		
2		
3		
4		

1 Era un home especial de seu. Era moi coherente cos seus principios e coido que quería un modo de vida que servise como testemuño para incrementar a conciencia ecolóxica. Morreu como viviu: rodeado de natureza.

2 Si, eu falei moitas veces con el, aínda que era unha persoa un tanto reservada, pero a min sempre me deu a impresión de que optaba por ese estilo de vida para vivir máis sosegado, sen a presión da vida contemporánea.

3 A min paréceme que era un excéntrico e que, no fondo, desexaba crear un drama no que fose el o protagonista. Foi a forma que atopou para alcanzar a fama. Ademais coido que foi todo por un desengano amoroso. Seguramente tivo problemas cos seus e viu no illamento a única forma de vingarse.

4 Erozaba moito coas visitas que tiña no seu museo. Creo que o principal motivo para decorar as rochas foi por agradecemento a todo o que a natureza lle dera.

## 2. DIME CON QUEN ANDAS E DIREICHE QUEN ES

A. Coñeces algún grupo social ou algún colectivo de persoas que compartan gustos ou afeccións? Coméntao cos teus compañeiros.

- Eu teño un amigo que é afeccionado aos coches antigos e é dun grupo que organiza saídas, excursións...



B. Vas escoitar un programa de radio chamado *Maneiras de vivir*, no que tres convidados falan do colectivo ao que pertencen. Relaciona cada debuxo co número de intervención correspondente e, no teu caderno, anota o nome de cada colectivo e as súas características. Logo, comenta cos teus compañeiros que opinas deses estilos de vida.

C. E ti? Se tiveses que incluírte nalgún grupo, cal sería? Como lle chamarías?

- Eu non o sei, pero coido que estou dentro do grupo de "afeccionados ás telecomedias".
- o Eu, sen dúbida, no dos "futboleiros".



### 3. CAMPO OU CIDADE?

**A.** Estas persoas falan do seu tipo de vivenda ideal. Poderías relacionar cada unha delas co seu testemuño? En que aspectos ou información te baseaches para facelo? Coméntao co resto da clase.

			
Rafael Barros, 42 anos, pintor artístico.	Adela Mendoza, 39 anos, arquitecta.	Ánxelo Andrade, 53 anos, carpinteiro.	Inma e Alexandre, 20 e 22 anos, estudantes.

**Quero** unha casa pequena e bastante cómoda, que **este** no medio do campo, preto dalgunha montaña, pero non moi lonxe dun centro urbano. **Prefiro** que non **haxa** moitos veciños nas proximidades porque iso de estar todo o tempo dándolle conversa á xente non é o meu.

Nestes momentos, **gustaríanos atopar** un piso compartido que **fose** céntrico e non **estivese** moi lonxe da zona universitaria. Tamén **preferiríamos** que non **vivisen** máis de catro persoas en total. Ah, e que a xente non **fose** desta que anda sempre facendo das súas e deixando os compañeiros en apuros.

Pois eu, a verdade, é que non pido moito. O que quero, sobre todo, é unha vivenda de meu. **Podería** ser unha casa de palla ou de barro preto dun río, que **teña** xardíns, hortas e árbores froiteiras. Así poderei vivir en contacto coa natureza, pasar máis tempo cos meus e deixar dunha vez os trastornos e a carestía desta cidade.

Eu confeso que non son quen de vivir sen algunhas comodidades. Din que é algo de meu e non o nego. **Querería** unha casa que **fose** bastante ampla, xa que teño tres fillos e **preferiría** que **tivesen** cadanseu cuarto. Ademais, como traballo na casa, necesito un despacho con moita luz e ventilación. Ah, e tamén **me gustaría** que **houbese** xardín e espazos ao aire libre.

**B.** Fíxate nas formas verbais en grosa que se combinan nos textos en A. Poderías deducir por que os personaxes escollen o presente ou o imperfecto de subxuntivo? Coméntao cos teus compañeiros e, logo, aclarádeo co voso profesor.

**C.** Como describirás a túa vivenda ideal? Formula un pequeno texto como os do ítem A.

• *Pois a min gustaríame atopar unha casa que teña...*

**D.** Fíxate agora nos posesivos que aparecen subliñados nos distintos textos de A. Con cal dos significados de abaixo cres que se relaciona cada un? Coñeces algún outro emprego especial dos posesivos? Compárteo cun compañeiro.

1. Posesión ou pertenza.
2. Distribución.
3. A miña familia.
4. Feitos ou trasnadas que fai unha persoa.
5. Calidade que se ten por natureza.
6. Gustos ou afeccións.

### 4. UN TRABALLO QUE...

**A.** Observa a correlación de tempos verbais que se dá nestas frases.

Estou procurando un traballo que me deixe tempo para a miña familia.



→ Xenaro **estaba procurando** un traballo que lle **deixase** tempo para a súa familia e **púxose a traballar** como tradutor dende a súa casa.

**B.** Fai agora as transformacións necesarias para converter as seguintes frases en pequenos relatos e, deseguida, engádelle un final. Logo, compara os teus relatos cos dun compañeiro. Fíxestelos parecidos?

Mariña: Estou tratando de atopar un grupo de xente que queira facer o Camiño de Santiago.

→ .....

e .....

Sandra: Na empresa necesitamos atopar unha telefonista que fale italiano.

→ .....

e .....

Celia: Estou buscando unha casa que este ben comunicada, duns 300 metros, pero que non sexa moi cara.

→ .....

e .....

Carlos: Non atopo ningún deporte que me permita enmagrecer sen que me dea dor nas costas. Xa sabes, como teño unha hernia...

→ .....

e .....

Nita: Non coñezo a ninguén que saiba ruso, pero necesito traducir este texto.

→ .....

e .....

## Correlación temporal nas construcións relativas

Cando o verbo da frase principal está en presente de indicativo, o tempo do verbo da oración relativa pode variar en función do que queremos dicir.

### PRESENTE DE INDICATIVO → VERBO EN INDICATIVO (presente, pretérito...)

- **Busco** unha persoa que **vive/viviu** neste barrio. (= sei quen é, díxéronme que vive aquí.)

### PRESENTE DE INDICATIVO → VERBO EN SUBXUNTIVO (= presente)

- **Quero** coñecer alguén que **este**a na miña situación. (= non sei se existe alguén que cumpra esa condición ou, se existe, non o coñezo.)



Se o verbo da oración principal aparece en pasado, o da relativa vai, normalmente, en imperfecto de subxuntivo.

### VERBO EN PASADO → IMPERFECTO DE SUBXUNTIVO

- **Buscaba** unha persoa que **colaborase** coas tarefas.
- **Intentei atopar** alguén que me **substituíse**, pero foi imposible.

Cando na frase principal o verbo está en pospretérito, o verbo da relativa pode ir en presente ou en imperfecto de subxuntivo.

### POSPRETÉRITO → PRESENTE DE SUBXUNTIVO

- **Gustárame** atopar alguén que me **coide** moito. (= non coñezo a súa identidade, pero vexo posible que a situación chegue a cumprirse.)

### POSPRETÉRITO → IMPERFECTO DE SUBXUNTIVO

- **Gustárame** atopar alguén que me **coidase** moito. (= vexo pouco probable ou imposible que suceda.)

En todos os casos anteriores, o verbo da oración relativa pode ir en infinitivo se o seu suxeito coincide co da oración principal ou o inclúe.

- **Necesito**
- **Necesitaba** atopar alguén con quen **saír**.
- **Gustárame**

## Expresión da causa e da finalidade: por e para

### Por + substantivo

Fíxose sacerdote **por** vocación.  
A organización suspendeu o evento **por** causas alleas á súa vontade.  
Deixou de saltar en paracaídas **pola** súa familia.

### Por + infinitivo

A Xan admitírono **por** ser o fillo do director.

### Para + infinitivo

Marchou á capital **para** conseguir un traballo mellor.  
Volveu ao campo **para** estar máis tranquila.

## Usos especiais dos posesivos

As expresións **de meu, de teu, de seu, de noso, de voso e de seu** empréganse para expresar pertenza exclusiva:

- Tantos anos de traballo e non tendes nada **de voso**.

Asemade, as devanditas formas poden indicar que unha característica é propia da natureza dunha persoa.

- Seguro que non espera nada a cambio. É que é boíño **de seu**.

Coas formas **cadanseu/s e cadansúa/s** distribúeselle un obxecto a cada persoa dentro dun grupo.

- Utilizade **cadansúas** follas de exercicios.

As formas da primeira persoa cun nome propio empréganse para expresar familiaridade ou afectividade.

- Marchou **o noso** Xael a Estados Unidos.

**Os meus, os teus, os seus, os nosos, os vosos** poden empregarse para substituír 'a miña, a túa, a súa... familia'.

- Pasa aquí todo o curso, pero no verán volve á súa terra porque quere estar **cos seus**.

**As miñas, as túas, as súas, as nosas, as vosas** poden significar 'as cousas, feitos ou trasnadas que fixo unha persoa'.

- Creo que, se volvo facer unha **das miñas**, me despiden.

**O meu, o teu, o seu, o noso, o voso, o seu** poden significar 'o que me/che... gusta'.

- Non me gustou moito a obra, pero se che digo a verdade, o teatro non é **o meu**.

O posesivo **meu** pode aparecer como vocativo para chamar a atención dun compañeiro.

- **Meu**, que che pasa? Véxote un pouco decaído.

## 5. UNHA PALABRA QUE...

**A.** Imos pensar en palabras para lles regalar aos nosos compañeiros e que sirvan para cousas diferentes.

para definir o teu xeito de vivir

para acadar os teus soños

para manter a ilusión na túa filosofía de vida

para rexeitar algo que che amola a vida

para...

**B.** Agora imos compartir cos nosos compañeiros o noso mundo e facer entre toda a clase unha listaxe das palabras que nos gusten a todos. Primeiro cada un vai escribir as súas palabras na seguinte táboa.

Unha palabra que te defina:
Unha palabra que defina o que sentes polo galego:
Unha palabra que che guste desde que aprendiches galego:
Unha palabra necesaria:
Unha palabra que resuma a túa vida:
Unha palabra que defina a túa filosofía de vida:
Unha palabra que che lembre o que aínda queres facer na vida:
Unha palabra que...

**C.** Explicálles aos teu compañeiros que significado teñen para ti as palabras do exercicio anterior e por que as escolliches.

- *Pois para min "independencia" é unha palabra importante polo seu significado na miña vida, para a miña independencia foi moi importante...*

**D.** Entre todos escollede as palabras que máis vos gusten.

## 6. PARAÍÇOS NA TERRA

**A.** Algunhas persoas encontraron o seu lugar no mundo. Aquí tes algún exemplo. Onde poderías vivir ti? Onde non? Por que o rexeitarías?

- *Eu non podería vivir nin unha semana nun lugar no que non vise o sol*

### URBANITAS

- > Homes e mulleres amantes das comodidades da cidade.
- > Viven en *lofts* en antigas zonas industriais, rehabilitadas como áreas residenciais ou no centro da cidade.
- > Traballan en comercios ou servizos.
- > Teñen coches ou motos.
- > Son amantes da velocidade, do asfalto, do luxo e da moda.
- > Encántalles cociñar pratos sofisticados.
- > Van a todo tipo de locais de moda na cidade.
- > Levan roupa de marca e teñen abono para a ópera.
- > O seu lema: "No asfalto e á última".



### HABITANTES DA BLOGOSFERA

- > Viven en calquera parte, case permanentemente conectados á rede.
- > Cada poucas horas actualizan o seu blogue. Colgan fotos, ideas, pensamentos... íspense ante un público ao que non ven.
- > Participan nos blogues doutros e reciben comentarios doutros internautas que poden ser tamén blogueiros.
- > Calquera tema serve para unha nova entrada de diario ou post: unha eclipse lunar, un cambio de traballo, un gran no nariz, o tedio vital...
- > O seu lema: "Vive, publica e logo pensa".



### OKUPAS NEORRURAIS

- Decidiron cambiar a cidade e o seu traballo polo campo.
- > Instálanse nunha vila abandonada e reconstrúena.
  - > Son autosuficientes.
  - > Viven do que obteñen da terra e do comercio en pequenos mercados e feiras.
  - > Algunhas comunidades estableceron un sistema cooperativo no que toda propiedade é común.
  - > Algunhas comunidades rexeitan avances tecnolóxicos como a televisión, o coche, o teléfono...
  - > Teñen que enfrontarse á ameaza constante do posible desaloxo, xa que a maioría son ocupacións ilegais.
  - > Cando os botan dunha aldea, volven empezar a súa vida noutra.
  - > O seu lema: "O natural é sabio".

**B.** Imos deseñar un paraíso alternativo. Como che gustaría que fose? En grupos de tres, pensade nun e cubride a seguinte grella

Nome do lugar/ concello	
Localización xeográfica e superficie	
Temperatura media en inverno	
Temperatura media no verán	
Descrición do lugar	
Flora e fauna	
Economía	
Renda per capita	

**C.** Despois, podedes pensar nun perfil dos compoñentes dese lugar imaxinario atendendo aos parámetros que aparecen a continuación?

<b>Idade</b>
<b>Estado civil</b>
<b>Profesión</b>
<b>Carácter da xente</b>
<b>Tipo de vivendas</b>
<b>Afeccións</b>
<b>Hábitos</b>
<b>Valores máis importantes na vida</b>
<b>Lema de vida</b>
<b>Problemas</b>

**D.** Presentádelle o voso paraíso ao resto da clase. Cantos dos vosos compañeiros poderían vivir nel?

- *Nós pensamos nun paraíso chamado "os postindustriais". Está formado por xente que...*

**E.** Agora tedes que facer un anuncio para unha campaña turística no que vendades as maravillas da vida no voso paraíso imaxinario, coa finalidade de convencer os compañeiros para que veñan visitalo nas vacacións.

## 7. OPINIÓNS DUN ARQUITECTO

**A.** César Portela é un coñecido arquitecto e urbanista galego. Le esta entrevista que lle fixeron nun periódico. Que che parecen as súas opinións?



### César Portela Fernández-Jardón

POR LUIS POUSA

(Pontevedra, 1937; casado; tres fillos) é un dos grandes da arquitectura española contemporánea. Doutor en Arquitectura e ex-catedrático de Proxectos Arquitectónicos na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, Portela foi galardoado en 1999 co Premio Nacional de Arquitectura de España polo edificio da estación de autobuses de Córdoba. Entre os seus proxectos máis destacados están tamén a Domus-Casa do Home (A Coruña, 1995, en colaboración con Arata Isozaki), o faro de Punta Nariga (Malpica, 1995), o cemiterio de Fisterra (2002) ou o Museo do Mar de Vigo (2002, con Aldo Rossi). Na actualidade, César Portela está en plena tarefa coa Estación Central de Valencia, a torre do aeroporto de Granada e o Palacio de Congresos de Beiramar (Vigo).

#### Que lle achegaron Aldo Rossi e Arata Isozaki?

Son dous grandes arquitectos, dúas grandes persoas e dous grandes personaxes. Aprendín moito de Isozaki, un gran profesional dunha cultura moi distinta á miña. Pero Aldo foi decisivo: era un gran teórico. (...)

#### E que dicía Rossi?

Que a arquitectura realmente importante é a da cidade. Que os arquitectos estaban aceptando encargos moi herméticos, e se desentendían un pouco dos problemas da cidade. Iso díxoo nos anos 70, e logo comprobouse que era certo. Hai grandes estrelas que fan grandes edificios, pero nas cidades, os espazos públicos van a menos. En calquera cidade grande ou media, os mellores espazos públicos son de hai 50 ou 100 anos. Con ser moi espectacular a arquitectura dos edificios en Santiago, éo máis a das súas prazas. Percíbese que eses edificios están pensando nunha praza, configurándoa. O encanto de Pontevedra son as súas praciñas. A prazas son o espazo social onde fas amigos, onde te atopas con eles; onde hai nenos, maiores... Son a esencia da cidade.

#### Con que obras súas se sente vostede máis realizado?

Co cemiterio de Fisterra, o faro de Punta Nariga, o Museo do Mar de Vigo ou co arranxo que fixen nas illas de San Simón e Sancto Antonio. Tamén me sinto moi

identificado coa estación de autobuses de Córdoba, o parque dos Toruños de Cádiz, a ponte de Shinminatto en Xapón ou a Escola de Belas Artes de Cidade Bolívar, en Venezuela. Son como os fillos, cada un ten o seu xeito de ser, pero quérelos a todos.

(...)

#### Entra nos seus plans facer algunha estación do AVE nalgunha cidade galega?

De momento estou facendo a de Valencia e a intermodal de El Prat de Llobregat, que é a anterior á de Barcelona e onde se bifurca para o aeroporto. Gustaríame facer unha actuación en Galicia, pero é bo non encadrarse. Adoito alternar unha casíña pequena cun gran proxecto.

#### En vivenda, a actual crise é de oferta ou é de algo máis?

É unha crise de modelo de crecemento. Hai anos, un grupo de profesionais, reunidos na plataforma Cies, fixemos un proxecto, por encargo de Consello Superior de Colexios de Arquitectos, que se chamaba Crecemento versus desenvolvemento. Diciamos que a sociedade debía ter un desenvolvemento equilibrado, harmónico e autosustentado e, con todo, estabamos propiciando un mero crecemento. Se expós que nesta sociedade debe haber un mínimo de igualdade e todo o mundo debe ter os mesmos dereitos, non pode ser que un teña tres casas e dez coches, e moitos non teñan nin unha casa nin un coche. Isto debe reformularse. Realmente es máis feliz cando non levas cartos enriba, dás unha volta cos amigos, sentas na praia e ves unha posta de sol.

(...)

#### Imponse a sustentabilidade?

É fundamental. Na miña casa non se tiraba nada, e as sobras da comida gardábanse e pola tarde viña unha persoa recollelas; levábaas para os porcos. Logo, cando mataba o porco, traíanos uns chourizos. Ese intercambio era sustentabilidade. A metade da froita que se consome en Galicia e ata o peixe, fíxate til, veñen de fóra. Vas ao campo e nas árbores hai mazás, peras, laranxas etc., que ninguén as colle. Non sabemos valorar o que temos.

#### A deterioración da costa galega é irreversible?

É irreversible. A metade da costa galega está degradada.

#### Esa degradación é relativamente recente?

Das tres últimas décadas.

#### A Lei de protección do litoral era necesaria?

Aínda que só fose como un sinal de alarma, eu daríaa por ben empregada. Combarro é unha marabilla; os faros que balizan a costa, o mesmo. Cando a arquitectura é boa, sublima a natureza, non a esnaquiza, pero o que se fixo na costa galega é de tan mala calidade, de tan mal gusto e de tan mala construción que é horrible. Hai lugares aos que non vou porque me poño malo ao velo, caso do tramo de Pontevedra á Toxa.

#### Necesítanse unhas directrices de ordenación do territorio?

É básico. As leis axudan, pero o importante é a cultura; que a xente faga ben as cousas porque lle sae de dentro.

#### Hai que ir a un gran pacto político polo territorio?

Rotundamente, si. Porque se destruímos a costa, os vales, os ríos, as montañas..., que nos queda? Se fósemos conscientes de todo iso, non repoboariamos Galicia de eucaliptos, non cargariamos a costa de apartamentos estúpidos, non acabariamos coa pesca nas rías nin acabariamos cos ríos. Non temos perdón de Deus. É unha traxedia. Vaia herdanza lles estamos deixando aos nosos fillos!

(...)

#### Que importancia lles concede vostede aos materiais?

Os materiais son á arquitectura o que as palabras á literatura. Camilo José Cela era amigo do meu pai. Unha vez veu a Pontevedra, enfermou de gripe, e acompañei o meu pai visítalo ao hotel. Estaba na cama, cunha bolsa de auga na cabeza e un dicionario entre as mans. Contounos que, como non podía escribir, lle estaba dando un repaso ao dicionario para aprender máis palabras. E Cela xa era un escritor famoso. Iso mesmo pasa na arquitectura, non hai materiais bos ou malos; son bos ou malos se sabes ou non empregalos en cada caso. Hai que gastar os cartos que require cada cousa, porque, ao final, o barato adoita saír moito máis caro.

**B.** Se non es galego, os fenómenos dos que fala Portela danse tamén no teu lugar de orixe?

POUSA, Luis: César Portela: "É irreversible: a metade da costa está degradada". En Galicia Hoxe, 10.05.2009.



## UNIDADE 9

# Como non o sabía...

**Nesta unidade imos xulgar algunhas decisións e as súas consecuencias.**

**Para iso, imos aprender:**

- ◆ *o infinitivo conxugado* ◆ *a falar de feitos pasados e das súas consecuencias no presente* ◆ *outros empregos do pospretérito e do imperfecto de subxuntivo*
- ◆ *a colocación e as combinacións dos pronomes de obxecto directo e de obxecto indirecto* ◆ *a facer reproches*

## 1. CAMBIAR O MUNDO

**A.** Unha serie de iniciativas para mellorar o mundo preséntanse a un concurso. Cal che parece máis necesaria? Coméntao cun compañeiro.

### Educación de balde para todos

Unha organización sen ánimo de lucro leva seis anos intentando mellorar a educación en países desenvolvidos. A fundación Aprender sen Fronteiras, que se nutre de axudas económicas de socios colaboradores e apadriñamentos, ofrece educación de balde para os máis pobres en varios países.

O obxectivo de Aprender sen Fronteiras é rescatar os nenos da obriga de traballar dende idades moi temperás e ofrecer un sistema educativo alternativo ao oficial. “Moitos dos nosos alumnos acabarían traballando en fábricas por un soldo baixísi-

mo e non poderían ir á escola máis de dúas semanas seguidas de non teren as nosas bolsas”. Dende a súa creación nos anos noventa, máis de 15.000 alumnos pasaron polas súas aulas e xa están cursando estudos superiores, converténdose así nos donos do seu destino. “De recibirmos axuda institucional, poderíamos chegar a moitísimos máis nenos. Desgraciadamente, contamos con medios moi limitados”, afirma Edurne Gorostiza, a subdirectora da organización.

### Cursos de escritura para nenos con problemas de conduta

Un grupo de psicólogos, grafólogos e pedagogos imparten obradoiros de balde nos barrios máis desfavorecidos para nenos con problemas de conduta, emocionais e de fracaso escolar. O seu método baséase na grafoloxía. Na letra reflíctese a nosa personalidade, quen somos, como nos comportamos e cales son os nosos medos. A través da letra, os expertos da asociación foron capaces de detectar problemas como a depresión infantil nunha nena de sete anos: “Afortunadamente detectámollo a tempo. Senón, a súa depresión tería consecuencias imprevisibles”. Pero a escritura tamén é unha ferramenta de cambio: se un neno con depresión

consegue facer rectas as ringleiras inclinadas, están promovendo un cambio de actitude.

O principal obxectivo da asociación é ofrecerlles aos nenos con problemas unha alternativa á psiquiatría. “En moitos casos, de non detectarmos a tempo o problema, os nenos sufrirían atrasos escolares e, nos casos extremos, poderían ser expulsados dos seus respectivos centros. Iso suporía unha gran limitación para o seu futuro desenvolvemento social e profesional”, segundo palabras de Horacio González, coordinador dos cursos.



*• A min parécenme moi interesantes os obradoiros de escritura, porque...*

**B.** Cun compañeiro, imaxínade un obradoiro ou un curso que creades necesario. Expoñédelle a vosa idea ao resto da clase: a quen vai dirixido? Por que? Para que é necesario?

*• Eu creo que sería moi necesario un curso para...*

**C.** E ti de que maneira poderías axudarlles aos demais? Tes algunha habilidade? Como aprendiches?

*• Eu aprendín só a tocar a guitarra. Axudoume meu avó que era músico...*



## 2. MÉTODO DIRECTO

Le o seguinte artigo sobre un método para aprender linguas. Que che parece a súa proposta? É semellante á que segues na túa clase de galego? Fai unha lista de argumentos a favor e en contra. Coméntao cun compañeiro.

- *Eu creo que é un pouco anárquico...  
o Pois eu...*

### Unha forma diferente de ensinar linguas

O método directo xurdiu nos primeiros anos do século XX e supuxo un avance revolucionario na historia da metodoloxía de ensino de segundas linguas. Tras o fracaso do ensino baseado na tradución de textos literarios, nos que tiña un peso absoluto a memorización das regras gramaticais, comezouse a sentir a necesidade de novas formas de aprender unha segunda lingua. Asemade, os movementos migratorios de Europa aos Estados Unidos fixeron sentir a necesidade de ensinar unha segunda lingua a persoas de baixo nivel cultural, e cuxa principal necesidade era ser competentes na lingua oral.

O alemán Maximilian Berlitz, malia que non foi quen inventou o método directo, foi o principal impulsor e divulgador desta metodoloxía, a través da súa rede de escolas nos Estados Unidos. De feito, o método pasou a ser coñecido como o método Berlitz.

O que caracterizaba este enfoque era a idea de que a lingua se adquire como a lingua materna, polo tanto, tratábase de expor o alumno a expoñentes lingüísticos da segunda lingua que quería aprender, os cales adquiriría de xeito natural. En consecuencia, desterrábase a lingua materna da aula e a relación entre o profesor e o alumno era case entre iguais.

Por outra banda, segundo as necesidades do alumnado, a lingua oral tiña unha presenza máis notoria que a escrita e o léxico, fundamentalmente do ámbito cotián, era aprendido a través de imaxes e nunca se recorría á tradución. Por outro lado, a gramática nunca se ensinaba de forma explícita, senón que era inducida a través de exemplos prácticos. Tampouco se estimulaba en exceso a reflexión, xa que se entendía que a imitación era a técnica fundamental para que estes estudantes adquirisen a lingua obxecto, tal como o fixeran coa materna.



## 3. COMO NON O FIXECHES!



**A.** Vas escoitar tres conversas nas que uns estudantes de galego falan das súas experiencias na aprendizaxe da lingua. No seguinte cadro, anota o motivo polo que se laian e os reproches que lles fan.

	Quéixase de...	Repróchalle que...
1		
2		
3		

**B.** Agora comenta co compañeiro se tes estes mesmos problemas ou outros semellantes na aprendizaxe do galego.

- *A min cústame falar con fluidez. Falo ben, pero demasiado amodo.*



## 4. ARREPÍNTENSE?

**A.** Fixate nas seguintes frases. Algunhas persoas comentan decisións que tomaron nalgún momento das súas vidas. Cres que agora se alegran ou se arrepin-ten? Coméntao cos teus compañeiros.

<b>Serxio:</b>	De non <b>marchar</b> ao rematar o instituto, agora <b>conservaría</b> algunhas amizades aquí na vila e non me <b>sentiría</b> tan só.
<b>Sofía:</b>	De <b>adquirirmos</b> a casa que eu quería daquela, agora os nenos <b>poderían</b> ter cadanseu cuarto e non <b>teríamos</b> tantos problemas de espazo.
<b>Mariña:</b>	Menos mal que decidín vir en avión! Se <b>viñese</b> en tren, non <b>chegaría</b> a tempo á inauguración do congreso.
<b>Eloi:</b>	De <b>escoitar</b> a Sabela cando veu desculpase, agora <b>poderíamos</b> estar xuntos outra vez.
<b>Camilo:</b>	Se non <b>pagase</b> esa hipoteca, <b>podería</b> ir máis de vacacións, pero aínda hoxe <b>seguiría</b> vivindo na casa dos meus pais.
<b>Diana:</b>	De <b>aceptarmos</b> a proposta de Xulio hai dez anos, agora <b>teríamos</b> un negocio de noso e <b>estaríamos</b> máis tranquilos.
<b>Patricia:</b>	De <b>facermos</b> as horas extras que nos pediron o mes pasado, non <b>necesitaríamos</b> o préstamo agora.

• *Eu creo que Serxio se arrepin-te un pouco porque...*

**B.** As formas verbais en vermello están en infinitivo con-xugado. Obsérvaas e completa o cadro.

	<b>marchar</b>	<b>facere</b>	<b>adquirir</b>
(eu)	.....	.....	adquirir
(ti)	<b>marchares</b>	.....	.....
(el/ela/vostede)	.....	<b>facere</b>	.....
(nós)	.....	.....	.....
(vós)	<b>marchardes</b>	.....	.....
(eles/elas/vostedes)	.....	<b>faceren</b>	.....

**C.** Volve observar os diálogos da epígrafe A e completa o seguinte esquema.

Para falar de accións que foron ou non realizadas nun momento do pasado, empregamos a estrutura ..... + ..... ou o imperfecto de subxuntivo.

Para falar dos resultados ou das consecuencias desas accións no presente, empregamos o .....

**D.** Completa agora estas frases e logo comproba cun compañeiro se chegastes a resultados semellantes.

- De ....., non coñeceríamos tantos avances tecnolóxicos hoxe en día.
- Se ....., preferiría vivir no campo actualmente.
- De non matricularme neste curso de galego, .....
- Se non collese aquel autobús, .....
- De ..... no pasado, agora tería mellor calidade de vida.

## 5. REPROCHES

**A.** Le o que contan algunhas persoas sobre algunhas deci-sións propias ou doutros. Logo, relaciona cada intervención coa reacción da dereita que consideres máis axeitada.

<p><b>1</b> Pois ao final non lles dixen aos meus pais que pensaba divorciarme, pero soubérono por outra persoa e tomárono moi mal.</p>	Que raro, non? Puido dicir <b>cho</b> , se non lle custaba nada...
<p><b>2</b> Teo quería facer o cruceiro cos seus amigos, pero logo non foi porque non lle chegaban os cartos.</p>	E non <b>mo</b> puidiches dicir antes? Co difícil que é atopar unha substituta...
<p><b>3</b> Pedílle ao meu irmán unhas fotos de cando era pequena, porque el é quen garda as fotos da familia, e resulta que non mas quixo dar. A ti paréceche normal?</p>	Claro, e con razón. Sinceramente, creo que <b>llelo</b> debiches contar ti mesma.
<p><b>4</b> Síntoo, pero mañá non poderei vir traballar porque teño un exame na universidade.</p>	Muller, a min non! Púido <b>chas</b> deixar, por suposto. Se ao final son de todos...
<p><b>5</b> Bego quedara de chamarme antes de ir a Arxentina, porque quería facerlle un encargo, pero acaban de dicirme que xa está de volta.</p>	E como non <b>llos</b> deixaches? Co boiño que é, mereciao, non?



**B.** Agora escoita e comproba se acertaches.

**C.** Que recursos se empregan nestes diálogos para reprochar? Coñeces algún máis? Compárteo cos teus compañeiros.

**D.** Observa as palabras marcadas en groma. Sabes a que ou a quen se refiren en cada caso? Que diferentes posicións poden ocupar na frase? Coméntao cun compañeiro e logo aclarádeo co voso profesor.

## Infinitivo conxugado

Fórmase engadíndolle ao infinitivo impersoal as seguintes desinencias:

	escoitar	ver	partir
(eu)	escoitar	ver	partir
(ti)	escoitares	veres	partires
(el/ela/vostede)	escoitar	ver	partir
(nós)	escoitarmos	vermos	partirmos
(vós)	escoitardes	verdes	partirdes
(eles/elas/vostedes)	escoitaren	veren	partiren

O infinitivo conxugado é unha das peculiaridades da lingua galega, aínda que non ten emprego obrigatorio. A maioría das veces, vén precedido dunha preposición.

- Necesitan máis fariña **para faceren** este prato.
- Xa fas bastante **con rematares** o informe para mañá.

## Falar de feitos realizados ou non no pasado e das súas consecuencias

### DE (+ NON) + INFINITIVO CONXUGADO + POSPRETÉRITO

Empregamos **de (+ non) + infinitivo conxugado**, para falar dunha acción pasada que condicionou un determinado resultado ou consecuencia no presente. Esta consecuencia exprésase co pospretérito.

- **De teres** máis paciencia con el, agora **seguiría** contigo.  
(= como non tiveches paciencia con el, agora el non está contigo.)
- **Poderían** estar moito mellor, **de non ignoraren** os nosos consellos.  
(= como ignoraron os nosos consellos, agora non están moi ben.)

### SE + IMPERFECTO DE SUBXUNTIVO + POSPRETÉRITO

Para falar do resultado de accións levadas a cabo no pasado, tamén podemos empregar **se + imperfecto de subxuntivo**. Neste caso, a consecuencia tamén se expresa co pospretérito.

- **Se non me erguese** tan tarde, **chegaría** máis cedo á reunión desta mañá.  
(= Consecuencia de erguense tarde: chegou tarde á reunión.)
- **Se viñeses** comigo ao supermercado, agora non **me doerían** as costas por cargar tanto peso.  
(= Consecuencia de non vires comigo: dóenme as costas por cargar o peso.)

❗ A maioría das veces é necesario o emprego de adverbios ou indicadores temporais para deixar claro que a acción xa se cumpriu e a consecuencia ou os resultados se refiren ao momento presente.

- De non abandonalo **daquela**, non te sentirías tan só **hoxe en día**.
- Se asistises ás clases **durante o curso**, agora non pasarías o verán estudando.

## Reprochar

Para facer reproches sobre algo que sucedeu, dispomos de diferentes recursos.

### Pretérito de poder/deber + infinitivo

- Creo que **debestes axudar** a Manolo coa mudanza. Está o pobre máis canso!
- Xa van chegar os convidados e aínda non está a comida.  
**Puידeches botarme** unha man antes, non?

### (E)/Como (non) + pretérito

- **Como non fuches** onte á casa de María? Dixéchesme que estarías alí.
- **E como lle dixeches** esas cousas á nena? Iso non se fai.

## Contraccións dos pronomes obxecto indirecto e obxecto directo

OI	OD	CONTRACCIÓNS
me che lle nos vos lles	o a os as	mo, ma, mos, mas
		cho, cha, chos, chas
		llo, lla, llos, llas
		nolo, nola, nolos, nolas
		voloo, vola, volos, volas
		llelo, llela, llelos, llelas

## A colocación do pronome

Por regra xeral, os pronomes colócanse despois do verbo e unidos a el, na seguinte orde: verbo + OI + OD.

- Estes libros, trouxéron**nos** os rapaces da veciña.
- Este vestido é moi bonito, gustárame **probalo**.
- Non quero estas botellas aquí. Lévalas a Xenaro.

Non obstante, o pronome pódese colocar antes do verbo e separado del nos seguintes contextos:

- con palabras que marcan subordinación (**que, se...**).
  - Quero que **lles** contes aos teus pais o que pasou.
  - Se **llelo** conto, vanse enfadar.
- con algúns adverbios (**non, nunca, xamais, talvez, seica, sempre, tamén, xa, só, aquí...**).
  - Xa **me** deixarás as chaves do piso da praia, non?
  - Non **chas** deixo porque este ano témolo alugado.
- con indefinidos como **algo, alguén, ninguén, nada, calquera...** e con interrogativos e exclamativos (**que, canto, cando, como, por que...**).
  - Como **me** dis agora que deixas a empresa?
  - Ninguén **me** contou o que pasara na reunión.
  - Cando **vos** vexo outra vez?

Nas construcións con preposicións e nalgúns perfrases verbais a posición do pronome é variable.

- Isto é para **lle** regalar a Lucía.  
Isto é para regalar**lle** a Lucía.
- Estábase duchando./Estaba duchándose.
- Tes**me** que axudar./Tes que **me** axudar./Tes que axudarme.

## 6. BIOGRAFÍAS ESCOLARES

Pensa na túa biografía escolar e marca as frases coas que te identificas. Coméntao cos teus compañeiros en grupos de tres. Con quen tes máis cousas en común?

- Sacaba malas notas en case todas as materias.
- Estaba entre os primeiros da clase.
- Ía moi ben en Historia
- Tiña moi bo oído para a música.
- Era un as co balón.
- Dábanseme fatal as Mates.
- Case nunca facía os deberes.
- Ía a un internado.
- Nunca quedaba a comer na escola.
- Algunhas veces non ía á clase, quedaba por aí.
- Copiaba nos exames.
- O/A mellor profe que tiven chamábase.....  
.....e gustábame porque .....
- O peor castigo foi que.....  
porque.....



## 7. QUE PASARÍA SE...?

**A.** Imos facer hipóteses sobre sucesos pasados. A ver quen ten a resposta máis orixinal ou divertida.

### QUE PASARÍA SE...

Os barcos de Colón afundisen antes de chegar a América?

Ata agora non se fixesen leis para protexer o medio?

Non se inventase o teléfono móbil?

Non desaparecesen os dinosauros no século XX?

As mulleres non conseguisen o dereito ao voto?

- *De non lexislar para protexer o medio dende a segunda metade do século XX, agora viviríamos un desastre ecolóxico global.*

**B.** En grupos de tres, pensade nalgunhas preguntas como as anteriores para que as conteste outro equipo. Que equipo fixo a pregunta máis orixinal? Cal foi a resposta máis divertida?

## 8. ARREPÍNTOME DE...

**A.** Se puideses cambiar cousas que fixeches, que cambiarías? Hai algo do que te arrepiñas?

No estudos...
<i>O exame final saíume fatal, se estudase máis durante todo o curso!</i>
No traballo...
Na vida familiar...
Cos amigos...
No amor...
Co diñeiro...


**B.** Pensa agora nas cousas das que te arrepiñas por non facer o que pensabas/querías no seu momento. Completa o cadro atendendo aos mesmos parámetros de antes.

*Se estudase máis cando era novo e non pensase tanto en andar de festa, agora podería ter unha carreira.*

**C.** Agora comenta co teu compañeiro os feitos máis salientables da túa vida no pasado e as consecuencias que tiveron no presente.

## 9. NON DEBICHES FACER ISO!

Nunha escola de negocios están facendo unha selección de persoal entre os estudantes que cursaron un posgrao e enviáronche o informe dunha das entrevistas. Casualmente ti coñeces a persoa entrevistada e decides mandarlle unha mensaxe na que lle expós os acertos e erros que cometeu durante a entrevista.



## INFORME

O candidato chegou á entrevista con dez minutos de atraso e fixo esperar os membros do comité de selección, que decidiron entrevistalo ao final, despois de todos os demais candidatos.

Cando comezou a entrevista e viu que había tres persoas, púxose moi nervioso, pero esperou a que cada un falase e el non falou ata que comezou a rolda de preguntas.

Das respostas conclúese que non quería presentarse como unha persoa perfecta, de feito recoñeceu que tiña eivas na súa formación para o traballo, pero que cría que as podía compensar con entrega e esforzo.

Fixéronse preguntas de orde persoal que rexeitou responder, mesmo cambiando de tema.

Antes de rematar a entrevista, cando lle preguntaron se tiña algunha dúbida sobre o posto de traballo, fixo preguntas sobre o número de persoas que traballaban no departamento ao que iría destinado en caso de obter o posto e cal sería o salario que cobraría.

Ao saíren da entrevista, cando lle presentaron á xerente, ela estendeulle a man e el deulle dous bicos, mantivo unha conversa excesivamente cordial e sen respectar a distancia mínima de separación, e incluso a convidou a tomar unhas cervexas.

## 10. FARÍAS O MESMO?

**A.** Aquí tes unha noticia aparecida nun xornal. Lea, contesta as preguntas que aparecen debaixo e compara as respostas coas dos teus compañeiros.

1. Actuou ben a alcaldesa ao axudar aos seus veciños?
2. Se a alcaldesa non fose do partido que aprobou a lei, debería acceder ao que as familias lle pedían? Por que?
3. Que farías ti no lugar da alcaldesa? Por que?
4. Debemos cumprir sempre as leis?

**B.** Ides discutir sobre a noticia. Formade grupos e, dentro de cada un, establece dous bloques: o dos que están a favor da actitude da alcaldesa e o dos que están en contra. Preparade os vossos argumentos por escrito e iniciade a discusión.

**C.** Alguén cambiou de opinión despois de discutir? Que argumentos foros os máis convincentes?

- *A min convenceume o que dixo Peter sobre...*

## A alcaldesa de Cotavilas, destituída do seu cargo e posta á disposición xudicial.

Remedios Portas, ata onte alcaldesa de Cotavilas, admitiu que falseou o número de xornadas traballadas por algunhas familias para que puidesen alcanzar o mínimo esixido por lei e cobrar o subsidio de desemprego.

A ex-alcaldesa, que dende hai anos loitaba para reformar a lei agraria, afirma que “aínda que foi o meu propio partido o que elaborou a lei, está claro que non cumpre os seus obxectivos. Un xornaleiro precisa probar que traballou oitenta xornadas para cobrar o subsidio, pero a realidade é que ninguén traballa máis de corenta horas”.

A dita reforma, porén, aínda non foi aprobada debido ás continuas presións políticas. “Todo o mundo sabe que algúns empresarios se enriquecen asinando xornadas de traballo que nunca existiron e interésalle que a situación siga igual. Pero hai quen non pode pagar esa chantaxe e os seus únicos recursos son as escasas xornadas de traballo e o subsidio”, denunciou a alcaldesa en rolda de prensa antes de abandonar o concello.

Remedios Portas afirmou que non obtivo beneficio ningún por axuda ás familias que acudiron a ela e declarouse “víctima dunha manobra de certos sectores do meu propio partido co fin de desacreditarme e parar así a reforma dunha lei que xa se demostrou que non funciona”.



## 11. ESCOLAS UNITARIAS

**A.** Oíches falar algunha vez das escolas unitarias? Sabes o que son? O seguinte artigo axudarache a ter máis información sobre elas.



Escola unitaria de Vide.

**A**s escolas unitarias foron o principal vehículo educativo durante a meirande parte do século XX. Localizadas fundamentalmente nos núcleos rurais, acollían rapaces de diferentes idades que convivían na mesma aula. Os edificios estruturábanse en catro partes, as dúas inferiores eran ocupadas pola escola e as superiores polas vivendas dos mestres, que acostumaban vivir no lugar onde traballaban.

A extensión da educación a toda a franxa da poboación, a mellora das vías de comunicación, a implantación do transporte escolar e a posibilidade de clasificar os rapaces en función da idade motivou o agrupamento dos nenos nos colexios e as escolas foron perdendo a súa función primixenia.

O despoboamento do rural determinou a falta de alumnos, o cal ocasionou que fosen pechando e que as poucas que aínda resisten o fagan con moita dificultade. Por exemplo, no ano 2005

só permanecían abertas 281. Co gallo de evitar a desaparición da escola rural, creáronse os colexios rurais agrupados (CRA), que pretendían manter vivo o espírito das escolas unitarias.

Ademais, segundo pedagogos e mestres, eran moitas as vantaxes que achegaban este tipo de escolas. Por exemplo, a convivencia do mestre co contorno do alumnado adoitaba humanizar o ensino e sensibilizalo cos problemas de alumnos, pais e veciños. Por outro lado, nos niveis iniciais, o contacto dos rapaces coa natureza que os rodeaba ao non desapegarse do medio no que se criaron resultaba sumamente beneficioso para a súa aprendizaxe. E, en definitiva, a mestura dos alumnos traía máis vantaxes ca inconvenientes.

**B.** O tipo de escola no que ti estudaches, seméllase a este? Coméntao co teu compañeiro.



## UNIDADE 10

# Escollas

Nesta unidade imos falar das consecuencias das nosas escollas na vida.

Para iso, imos aprender:

◆ a informar sobre causas e razóns: **porque/por/como/debido a/a causa de/por mor de/por culpa de/grazas a** ◆ a retomar causas coñecidas: **como/ao** + infinitivo/**xa que, posto que, dado que** ◆ construcións enfáticas con valor causal: **tan... que/tanto que/con/de** ◆ estruturas pasivas con **se**

# 1. SECTORES PRODUCTIVOS

**A.** No Congreso Anual de Economía Galega, representantes de diferentes áreas económicas realizaron un balance da súa actividade económica. A cal dos seguintes sectores produtivos cres que pertence cada unha das intervencións?

1

O ano que vén de rematar foi un ano de grandes contrastes para nós. Por un lado, dado que a climatoloxía foi boa e que se reduciron os prezos, nas cidades conseguíuse unha ocupación hostaleira incluso superior á media dos últimos anos. Peor foi na costa, xa que a competencia de destinos emerxentes no Adriático e no Mediterráneo, moito máis atractivos dende o punto de vista económico, motivou un importante descenso da demanda. Isto ocasionou unha mudanza nos sistemas de oferta, por exemplo, dos pisos en alugamento. Fronte á práctica de anos anteriores en que se conseguía colocalos polos dous meses de verán, agora alúganse por quincenas e ata por semanas.

No sector vense con preocupación estes fenómenos, debido, sobre todo, a que algunhas empresas pequenas están con dificultades para subsistir. A principal conclusión á que se chegou é repensar o modelo de ofertas e asumir que quizais é preciso realizar alianzas estratéxicas con outros sectores, ou incluso con membros do mesmo sector pero noutros países.

2

O sector xa pasou por mellores momentos. Os últimos anos, a verdade, é que gozou da súa época dourada, foi o *boom*. É certo que houbo grandes críticas a este crecemento, polo impacto que puido ter no medio rural ou nas vilas, pero coído que houbo algo de inxustiza nestas reclamacións, porque se xeneralizaron os excesos cometidos en materia urbanística. Nin sempre foi así. E, por outro lado, foi o principal motor de emprego e da economía autóctona e, en moitos casos, incluso serviu para reactivar zonas que estaban en franco declive. De todos os xeitos, a época de bonanza xa pasou e as empresas do sector enfróntanse a un severo axuste. Houbo moitas que tiveron que pechar, outras fundiron e algunhas estanse a salvar pola exploración que fixeron doutros mercados como, por exemplo, o dos países do Leste ou Brasil, por poñer algún caso.

Outros dos problemas que se está a ter é a dificultade de crédito que permita facerlle fronte ás necesidades máis inmediatas. Malia que se asegurou que habería liquidez, o certo é que comeza a haber problemas de viabilidade para poder manter as obras iniciadas e poder avanzar con outras. É certo que ás veces os axustes son bos e ata necesarios, mais coído que neste caso foi excesivamente abrupto.



Sector gandeiro



Sector turístico



Sector da construción

3

O futuro do sector pasa por ofrecer un produto de calidade e, ao mesmo tempo, por continuar coa creación de cooperativas que tan bos resultados están a dar nos últimos anos. En canto ao primeiro, as regulacións que se fixeron en canto á calidade e ao etiquetado e a consecución de varias denominacións de orixe repercutiron moi positivamente na comercialización dos nosos produtos, pola confianza que inspira no consumidor. Asemade, permitiu a exportación e a competencia no eido internacional coas ofertas e calidade dos países tradicionalmente viticultores. Respecto ás agrupacións, no ano que remata constituíronse dezaioito novas cooperativas, o cal lles permitiu traballar a grande escala non só ás grandes bodegas, senón tamén aos pequenos e medianos produtores que, deste xeito, poden competir en pé de igualdade. Ademais, déronse pasos moi importantes na profesionalización da xestión, produción e comercialización das cooperativas, debido a que nos seus inicios aínda estaban moi apegadas aos sistemas artesanais. Claro que todo isto non sería posible sen os avances en investigación e innovación en enoloxía que se realizaron nos últimos anos.



Sector vinícola

4

Un ano máis, o balance que facemos non pode ser excesivamente optimista. Malia os avances que na materia se fixeron nas administracións autonómicas, estatal e comunitarias, o sector encóntrase en serias dificultades. Xa só poden sobrevivir as grandes explotacións, debido a que as familiares ou as medias tiveron que reciclarse e apostar máis pola agricultura. O principal problema non é que sexa tanta a produción de leite que exceda a demanda interna, senón que a competencia dos países da Unión Europea motiva que non sexa rendible o noso produto. E iso que para paliar esta situación se realizaron fusiões entre empresas lácteas, pero aínda así a supervivencia continúa a ser moi dificultosa.

**B.** Poderías engadir algo máis sobre algún destes sectores? Ou sobre algún outro? Coméntao co teu compañeiro.

- Eu coñezo ben o do turismo e coido que...

## 2. DESCULPAS DE MAL PAGADOR



**A.** A empresa O Dedal acabou o ano cun balance económico moi negativo. Moi enfadado, o xerente decidiu entrevistar a varios dos traballadores da empresa. Escoita as causas que alegou cada un e anótaas no seguinte cadro.

<p><b>García,</b> a comercial</p> 	<p><b>1</b></p>
<p><b>Rosalía,</b> responsable da contabilidade</p> 	<p><b>2</b></p>
<p><b>Augusto,</b> xefe do taller</p> 	<p><b>3</b></p>

**B.** Comenta agora con outro compañeiro que outros departamentos ou cargos das empresas coñeces. Como cres que é o seu organigrama?

- Pois ás veces tamén hai un responsable do departamento de recursos humanos.

### 3. CAUSAS E CONSECUENCIAS

**A.** Conecta os elementos de cada caixa para formar frases con sentido. Logo, compara as túas frases coas dun compañeiro. Algunha desas frases serve para falar da súa experiencia persoal? Coméntao cos teus compañeiros.

1		6	
2		7	
3		8	
4		9	
5		10	

Como non conseguín un traballo na miña zona,	1	a	<b>que</b> non sería capaz de facer outra cousa.
Nunca tiven que cumprir toda a xornada de traballo,	2	b	decidín mudarme á capital.
<b>Grazas a que</b> coñecía moita xente nesta área,	3	c	<b>xa que</b> os meus pais eran os meus xefes.
<b>Do eficiente</b> que era como secretaria,	4	d	<b>a causa dunha</b> enfermidade.
Levo <b>tantos anos</b> traballando no ensino,	5	e	<b>por mor da</b> cita que tiña coa presidenta.
Non ía nunca ás reunións	6	f	non a deixaban ocupar outro posto.
Pasei moitos meses sen buscar unha ocupación,	7	g	<b>que</b> agora xa teñen completo o cadro de persoal.
A área da saúde pareceume <b>tan aburrida</b> ,	8	h	non tiven dificultades para colocarme.
Contrataron <b>tanta xente</b> nos últimos meses,	9	i	<b>porque</b> enviaba un representante.
Non puider ir á reunión cos provedores	10	l	<b>que</b> a deixei logo de licenciarme.

**B.** Agora emprega o conector que che pareza máis axeitado e conecta as dúas informacións facendo unha soa frase. Talvez teñas que modificar algúns elementos para que a frase sexa correcta. Logo compara as túas frases coas dos teus compañeiros. Fixésteelas do mesmo xeito? En que contextos se usarían as diferentes opcións?

1	Corre demasiado. Algún día terá un accidente.	5	As empresas contratan máis mulleres. As mulleres renden máis ca os homes.
2	Os artesáns reuníronse co sindicato. Queren reivindicar uns dereitos.	6	Eran moi diferentes. Separáronse pouco despois de casar.
3	Tiña unha dor moi forte no estómago. Non puido rematar o partido de tenis.	7	Un millonario deulle un millón de euros a un policía. O policía salvoulle a vida.
4	Os donos desta fábrica van despedir moita xente. Deixaron de recibir as subvencións do goberno.	8	Deulle un ataque de ansiedade. Tiña exames, ía calor, estaba moi canso...

### 4. O ANO PASADO CREÁRONSE...

**A.** As seguintes frases están na voz pasiva, pero fálthalles un suxeito. Poderías completalas co suxeito máis axeitado en cada caso? Logo, compara as túas frases coas dun compañeiro e comentade as diferenzas.

- No sector da agricultura, ..... foi despedida ultimamente.
- ..... será realizada polas franquías.
- Non foi feito ..... sobre a produtividade nesta área.
- No ano pasado foron creados menos ..... ca os esperados.
- Foron observadas ..... nas exportacións dalgúns produtos nos últimos meses.

**B.** Agora, transforma as construcións pasivas da epígrafe A, segundo o exemplo. Que cambios tiveches que facer? Que diferenzas e semellanzas teñen as novas frases coas anteriores? Coméntao co teu compañeiro e, logo, acláradelo co voso profesor.

*Este ano foron concedidas menos subvencións neste campo.  
Este ano concedéronse menos subvencións neste campo.*

- .....
- .....
- .....
- .....
- .....

## Informar sobre causas e razóns

### Porque + oración

- Sempre traballei de camareiro **porque** non tiven outra alternativa.

### Por + substantivo/infinitivo

- Déronlle o traballo **pola** súa experiencia neste sector.
- O outro día multáronme **por** estacionar en dobre fila.

### Debido a + substantivo / Debido a que + oración

- Debido ás fortes chuvias, a organización suspendeu o partido.
- Os veciños tiveron que abandonar o edificio debido a que a policía estaba procurando probas.

Se a causa se presenta como algo que ten efectos positivos:

### Grazas a + substantivo/Grazas a que + oración

- Conseguimos superar a crise **grazas ao** esforzo de toda a empresa.
- Hoxe en día, a comunicación é moito máis rápida que antes, **grazas a que** existe Internet.

Se a causa se presenta como algo que ten aspectos negativos:

### Por mor de/ Por culpa de/A causa de + substantivo/oración

- David Fariña, o mellor xogador do equipo xuvenil, non poderá xogar hoxe **por mor/a causa dunha** lesión.
- Chegamos tarde ao cine **por culpa de que** ti tardaches moito naquela tenda.

## Retomar causas coñecidas

Cando unha causa é unha información coñecida polos interlocutores, adoitamos expresala antes da consecuencia cos seguintes conectores: **como, dado que, xa que, posto que.**

### Como

Este conector emprégase sempre con oración e normalmente obriga a colocar a causa antes da consecuencia.

- Onte, **como** non tiña nada que facer, fun ao cine.
- **Como** o neno está un pouco febril, é mellor que quedemos na casa.

Cando como introduce unha oración cun verbo en subxuntivo, esta ten un valor condicional (a miúdo cun matiz de ameaza).

- **Como** non me expliques inmediatamente o que pasou, hoxe non vas xogar cos teus amigos.

### Ao + infinitivo

Ten un valor similar ao das construcións con **como**.

- Non creo que me dean o traballo. **Ao** non **falar** inglés, téño moi difícil. (= **como** non falo inglés...)

❗ Na lingua oral e coloquial é frecuente o uso de **que** para introducir unha causa:

- *Non vou con vós, **que** teño máis cousas que facer.*
- *Remato iso mañá, **que** hoxe non me dá tempo.*


### Xa que/Posto que/Dado que

Con estes conectores introducimos exclusivamente causas que se presupoñen coñecidas.

- **Xa que** esta tarde vas ver a Rosario, podes darlle este CD?

Nun rexistro máis coidado (prensa, informes etc.) é frecuente o emprego de **dado que** e **posto que**.

- **Dado que** a obra tivo tanto éxito, van mantela en cartel un mes máis.
- Non é un libro totalmente autobiográfico, **posto que** dixo o autor que hai datos ficticios.



## Construcións enfáticas con valor causal

### TAN + ADXECTIVO + QUE

- Era **tan alto** que non pasaba por esta porta sen dobrarse.

### Tanto/a/os/as + substantivo + que

- Tiña **tanto diñeiro que** decidiu doarlle unha parte a unha oenegué.
- Comín **tanta torta que** agora non podo pensar en comida.
- Tiña **tantos problemas no traballo que** ao final o deixou.
- Tomou **tantas pastillas que** se puxo fatal do estómago.

### Verbo + tanto + que

- **Gustáronme tanto** estas sandalias que as acabei mercando.

### Con/De

- **Co intelixente que é**, non lle custará aprobar o curso.
- **Con todo o que aforras**, dentro de pouco vas ser millonario.
- **Con tanta chuvia**, non apetece saír da casa.
- **Da pena que tiña**, non paraba de chorar.
- **De tanto oír esa canción**, acabeina odiando.
- **De tan bo que é**, todos se aproveitan del.

### Voz pasiva con que

Con frecuencia, cando non queremos mencionar o axente dunha acción, empregamos o pronome **se** cun verbo transitivo que pode ir en terceira persoa do plural ou do singular, combinando co suxeito.

- **Alúgase** esta casa por tempadas. (*esta casa = suxeito*)
- Esta fin de semana **celebráronse** tres vodas neste restaurante. (*tres vodas = suxeito*)



## 5. PORQUE SI


**A.** Une as diferentes informacións sobre cada situación co conector que che pareza máis adecuado e, no teu caderno, forma frases como no exemplo. Nalgúns casos podes facer pequenos cambios nas frases.



- Nun safari fotográfico, Pedro quería facerlles fotos de cerca aos leóns.
- Saíu do coche. O león atacouno.
- Dende entón, tenlles pavor aos animais salvaxes.



- Carolina saía todas as noites ata que era día.
- Chegaba tarde á clase cada día e non participaba moito.
- Suspendeu os exames e tivo que repetir curso. Enfadouse moitísimo.



- Na súa cidade non había traballo. Henrique marchou vivir á capital.
- Todo era moi caro. Non atopou traballo.
- Volveu á casa.



- A Nacho derramóuselle o ordenador.
- Tentou arranxalo el mesmo.
- Estragouno por completo e tivo que comprar un novo.



- Iago foi comprar un abrigo.
- Tiña moita présa e non o mirou ben.
- Probouno na casa e descubriu que a cremalleira estaba derramada.
- Non lle quixeron devolver os cartos.



- Os pasaxeiros esperaron máis de nove horas no aeroporto e ninguén os informou do porqué do atraso.
- Queixáronse e organizaron unha revolución na terminal 4.
- Déronlles algo de comer, pero non lles devolveron os cartos.



- Marcos saíu de excursión a pé polo deserto ás 12 do mediodía.
- Non levaba cantimplora nin auga.
- Deshidratouse completamente e levárono a urxencias.



- Puxéronse de moda as casas de campo.
- Sonia comprou unha bastante cara para vendela e gañar cartos.
- O mercado inmobiliario perdeu valor. Tivo que vender a casa por menos diñeiro do que lle custou. Arruinouse completamente.

- *Pedro foi a un safari, e como quería facer unhas fotos de cerca, saíu do coche e o león atacouno. Por iso, dende entón, tenlles medo aos animais salvaxes.*

**B.** Expresa o teu punto de vista sobre cada unha das situacións anteriores. Despois ponas en común coas dos teus compañeiros.

- *Pois eu creo que terían que levalos a un hotel ou dárilles comida e, por suposto, esa información puideron dárllela antes da viaxe!*

## 6. TOMAR DECISIONS



Imaxina que es o responsable do departamento económico da túa empresa onde houbo un problema. A partir das declaracións que che deron os implicados, tes que redactar un informe para a dirección da empresa no que consten as causas que levaron á actuación irregular dos empregados, as consecuencias que tivo para a empresa a dita actuación e unha proposta de cambios para evitar no futuro casos similares.

## 7. ATERSE ÁS CONSECUCENCIAS

Agora le a declaración de dúas persoas que cometeron erros que cambiaron as súas vidas. Cubre a grella sinalando que expresións empregan para marcar cales foron as causas e as consecuencias.

**1.** *Pois a min o que me pasou foi que unha vez fun de cea cos amigos e... como o estaba pasando moi ben e era moi novo, pois bebín unhas copas porque pensaba que controlaba e collín o coche para volver á casa, e era unha noite que chovía moito e, debido a iso, o pavimento estaba moi esvaradío. E entón, por mor da choiva e do alcol, saín da estrada e tiven un choque contra outro coche. E, grazas a que non iamos moi rápido, non nos matamos, pero foi un milagre!*

**2.** *Eu, cando estaba no instituto, sacaba moi boas notas porque tiña moita memoria e era moi bo estudante. Pero cando cheguei a facultade xunteime cun grupo de xente que non estudaba nada e, como eu tiña sempre cartos, saíamos todas as noites de festa e ao día seguinte estaba de resaca. Por culpa diso non ía ás clases e, ao non estudar, suspendía todas. E, claro, os meus pais cansáronse e deixei de estudar, e agora teño un traballo que non me gusta nada.*

	Expresión de causa	Expresión de consecuencia
1	<i>como o estaba...</i>	
2		

## 8. ESCOLLAS NA VIDA



**A.** Vas escoitar unha serie de testemuños de persoas que falan sobre decisións que tiveron que tomar. Escoita e completa o cadro.

**B.** Pensa en decisións importantes que tiveches que tomar na túa vida. De cal estás máis contento/a? Cal cres que cambiou máis a túa vida? Axudouche alguén a tomala? Que persoas te axudaron máis a tomar decisións? Prepara individualmente o que vas contar cubrindo esta grella.

**C.** Agora coméntao cos teus compañeiros. Quen de vós tivo que tomar a decisión máis estraña/acertada?

- A min unha vez xurdíume a posibilidade de mercar unha casa moi vella. A verdade é que estaba feita unha ruína, pero estaba moi ben de prezo. Estiven un tempo indecisa e ao final merqueina, arranxeina e vendina polo triplo. Así que agora rehabilito casas.*

	Problema	Decisión	Boa ou mala decisión, por que?
1	<i>Seguir bailando ou ter tempo libre</i>	<i>Deixou o ballet</i>	
2			
3			

	Decisións	Persoas involucradas	Estás contento/a Por que?
1			
2			
3			

## 9. ACTIVIDADE ECONÓMICA

**A.** Comenta co compañeiro cales cres que son os sectores económicos máis importantes de Galicia. O gráfico da dereita e mais o seguinte texto axudaranche a sabelo.



Os recursos naturais, históricos e culturais continúan a ser a principal fonte de ingresos da economía galega. Calquera outra actividade económica fica moi por debaixo do sector servizos que, dende o turismo ata o abastecemento comercial das grandes cidades, cobre unha ampla gama comercial. Ben é certo que o atractivo gastronómico e xeográfico ten sido un importante reclamo para o turismo e fortaleceu notablemente o sector. Tampouco hai que esquecerse do pulo que lle dá ao sector a historia xacobeá e o referente cultural de Compostela.

Nos últimos anos, apareceu tamén como unha actividade emergente a construción, que dinamizou o urbanismo do medio galego e tivo unha incidencia importante na empregabilidade da poboación activa. Na actualidade, as empresas da construción non pasan polo


mellor momento, debido ao parón que tivo. Incluso se produciu unha descapitalización de capital galego nalgunha das grandes empresas do sector, como Fadesa, que foi vendida pouco antes das dificultades económicas.

A industria, sobre todo nos contornos das grandes cidades, continúa a ser unha actividade importante no PIB galego, aínda que nunha porcentaxe menor da que ten lugar noutras economías.


Moi relacionada con esta actividade está a enerxética, que gañou espazo nos últimos tempos, sobre todo coa entrada de grupos empresarias en enerxías emergentes como a eólica.

Por último, cómpre mencionar a gandaría, agricultura e pesca, outro-

ra motores da actividade económica galega e hoxe en día en franco retroceso. A presión da competencia doutros mercados e a dificultade de modernizar un sector produtivo minifundista, artesanal e familiar motivaron unha desactivación destas áreas. Ademais, a crenza de que o emprego no sector servizos ofrecía unha maior calidade de vida e aseguraban unha renda mensual ocasionou a desmobilización de moitos traballadores da pesca ou dos agricultores e gandeiros, mingando notablemente unha actividade económica que fora un signo de identidade da Galicia tradicional.



Actividade	En miles de €	% sobre o PIB galego
Agricultura, gandería e pesca	2.267.227	4,06
Industria	7.858.173	14,07
Enerxía	1.977.818	3,54
Construción	6.833.788	12,24
Servizos	32.714.888	58,58



**B.** Agora, tamén en parellas, comentade que tipo de empresas credes que hai en cada un dos sectores mencionados e logo facede unha posta en común na clase.

**C.** Se non es galego, menciona as semellanzas e diferenzas que existen entre os sectores produtivos do lugar onde vives e os galegos.



**Máis  
ejercicios**

## UNIDADE 1 De deseño

**1. A.** Cales destes comentarios che parecen positivos (+)? Cales son negativos (-)? Márcao.

- 1. Parécenme un pouco caros.
- 2. Parécenme horrorosos.
- 3. Pois a min non me desagrada.
- 4. Esas son un pouco rechamantes, non?
- 5. Non sei se vou compralas.
- 6. Parécenme espantosas.
- 7. Non é excesivamente caro.
- 8. Este vaimos xenial!

**B.** Imaxina que alguén fixo os comentarios anteriores nunha tenda de obxectos de regalo. A que cousas cres que se refire en cada caso? Escríbeo. Presta atención ao xénero e ao número.

- 1. ....
- 2. ....
- 3. ....
- 4. ....
- 5. ....
- 6. ....
- 7. ....
- 8. ....

**2.** Describe as seguintes cousas.

### 1



- É .....
- Serve para .....
- Funciona con .....
- Consome.....
- Ocupa .....
- Cabe en .....
- Vai moi ben para .....

### 2



- É .....
- Serve para .....
- Funciona con .....
- Consome.....
- Ocupa .....
- Cabe en .....
- Vai moi ben para .....

### 3



- É .....
- Serve para .....
- Funciona con .....
- Consome.....
- Ocupa .....
- Cabe en .....
- Vai moi ben para .....

### 4



- É .....
- Serve para .....
- Funciona con .....
- Consome.....
- Ocupa .....
- Cabe en .....
- Vai moi ben para .....

### 5




- É .....
- Serve para .....
- Funciona con .....
- Consome.....
- Ocupa .....
- Cabe en .....
- Vai moi ben para .....

**3. A.** Relaciona os elementos das columnas para obter definicións. Nalgúns casos hai distintas posibilidades.

un abrigo unha lanterna un sofá un sacarollas unhas tenaces un pasaporte unha biblioteca unha drogaría o tempo a adolescencia	un moble unha etapa un obxecto un documento un lugar unha peza de roupa unha tenda un tema un utensilio unha ferramenta	con de a por en	o a	que	ilumina cando non hai luz descansas ou podes botar unha sesta todo o mundo pasa podes cortar un cable te protexes do frío todo o mundo fala podes viaxar a outros países vas ler ou estudar podes comprar produtos de limpeza abres unha botella
--	--	-----------------------------	--------	-----	---

**B.** Completa as seguintes descrições.



Unha carteira é unha cousa (en) .....

.....

.....

normalmente os cartos e as tarxetas de crédito.


O aceite é un líquido (con) .....

.....

.....

.....

.....




Unha tixola é un utensilio (con) .....

.....

.....


Unha cadeira é un moble (en) .....

.....

.....

.....

.....




Un quiosco é un establecemento (onde) .....

.....

.....

.....

.....



**4.** Completa estas frases conxugando os verbos que están entre parénteses en presente de indicativo ou en presente de subxuntivo segundo corresponda.

- Coñecín unha rapaza que se ..... (chamarse) Alba.
- Quero un coche que non ..... (custar) máis de 23.000 euros.
- Quero levar a María Xosé a un restaurante que .....  
..... (ter) terraza sobre o mar, coñeces algún?
- Sabes onde están os zapatos que ..... (poñerse, eu) normalmente co vestido vermello.

# máis exercicios

- 5. Non atopo ningún traballo que ..... (gustar, a min) realmente.
- 6. Sabes ese bar que ..... (estar) na esquina da miña rúa? Pois alí atopei onte a Miguel cunha rapaza moi feitiña.
- 7. Coñeces algún arquitecto que ..... (ter) experiencia en locais comerciais? É que necesito atopar un urxentemente.

## 5. Fíxate no exemplo e transforma estas frases intensificando doutra maneira o valor do adxectivo.

- 1. Era un vestido moi feo. *Era un vestido feísimo.*
- 2. Onte na tenda vin uns zapatos moi caros. ....
- 3. Teño un aparello que fai uns zumes moi bos. ....
- 4. O outro día merquei un sofá moi cómodo. ....
- 5. Encántame, é moi moderno. ....
- 6. Este forno é moi práctico. ....

## 6. Escribe tres nomes para cada categoría.

**Aparellos eléctricos:** .....

.....  
.....

**Obxectos de decoración:** .....

.....  
.....

**Estabelecementos comerciais:** .....

.....  
.....

**Pezas de roupa:** .....

.....  
.....

**Mobles:** .....  
.....  
.....

**Utensilios de cociña:** .....  
.....  
.....

**Recipientes:** .....  
.....  
.....

## 7. A. Relaciona cada unha destas cousas co seu texto correspondente.

**lentes de sol**      **minisaia**      **gravata**  
   **cremalleira**

**1.** .....

O dez de xullo de 1964, a deseñadora Mary Quant revolucionou o mundo da moda coa súa nova colección de verán, na que amosou por primeira vez esta peza de roupa para a muller. Medía entre 35 e 45 centímetros e continúa tendo grande éxito.

**2.** .....

A primeira patente foi americana, en 1893, e posteriormente, en 1913, un sueco perfeccionou a idea con dentes metálicos que encaixaban uns nos outros e se empregaba nas bolsas de tabaco e nos moedeiros. En España chamouse "peche lóstrego" e ata 1932 non se introduciría no deseño de roupa, converténdose nun sistema de peche continuo.

**3.** .....

No século XVII chegou a Francia procedente de Serbia un rexemento de cabalería chamado *cravates*, que levaban unha peza longa de tea dende o pescozo para protexerse do frío. Co tempo, este uso pasou a Italia e de aí a outros países.

**4.** .....

As primeiras datan de 1885 e estaban feitas cun vidro lixeiramente coloreado, pero sería na década dos 30 cando as actrices de Hollywood as popularizaron. A partir dos anos cincuenta apareceron modelos moi rechamantes e xa nos anos setenta triunfaron os modelos máis sobrios. Nos oitenta puxéronse de moda os modelos negros. Actualmente é un complemento imprescindible para ir á moda.

**B.** Agora, no teu caderno, escribe un texto similar sobre outro obxecto ou peza de roupa.

**8.** Escolle unha opción e xustifica a túa preferencia



Ducha ou bañeira?

.....

.....


.....

.....

.....

.....

.....



Bus ou tren?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



Lentes de contacto ou lentes?

.....

.....



.....

.....

.....

.....

.....



Para durmir coa túa parella, camas separadas ou cama de matrimonio?

.....

.....

.....

.....

.....

.....



## UNIDADE 2

# Temos que falar

**1. A.** Marca en cada caso se os seguintes verbos expresan un sentimento positivo ou negativo.

	+	-
1. horrorizar		
2. fascinar		
3. apaixonar		
4. irritar		
5. sentar mal		
6. amolar		
7. dar vergoña		
8. poñer nervioso		
9. poñer de mal humor		
10. facer ilusión		
11. dar rabia		
12. dar medo		

**B.** Que sentimentos che provocan as seguintes cousas ou situacións? Escribeo no teu caderno.

**OS ATASCOS • A XENTE MENTIREIRA •  
TER DEMASIADO TRABALLO • QUE CHE  
REGALEN ALGO • QUE TE CHAMEN POLO TEU  
ANIVERSARIO • FALAR EN PÚBLICO  
• QUE TE ENGANEN • QUE CRITIQUEN A UN  
AMIGO • ENVELLECER**

**2. A.** A que persoas gramaticais corresponden esta serie de verbos? Escribeo. En cada serie hai unha forma que non pertence ao presente de subxuntivo. Márcaa.

- ..... vaíamos esteamos comamos temos
- ..... teña compre está volta
- ..... levades vexades esteades volvades
- ..... escribas fagas perdes teñas
- ..... vendan compren sintan estean
- ..... durma perda pecha veña

# máis exercicios

**B.** Cal destas formas verbais non é da mesma persoa ca as demais? Márcaa.

**esteades/pasedes/vaiades/  
escribades/poñades/leves/  
usedes/durmades**

**3.** Completa cos verbos adecuados este fragmento do diario dun mozo.



Os meus pais son uns pesados. Estou farto de que sempre (eles) ..... todo o que teño que facer. Nada do que fago lles parece ben! Por exemplo, ao meu pai non lle gusta que (eu ) ..... o pelo longo, nin que (eu) ..... gorra dentro da casa. E a miña nai dálle medo que (eu) ..... no *skate*.

Esta tarde estiven na casa de Vanesa. Vanesa mola porque na súa casa podemos pasar a tarde escoitando música tranquilamente, estudando un pouco ou charlando. Aos seus pais non lles molesta que (eu) ..... a tarde na súa casa, e creo que lles gusta que Vane e eu ..... amigos. Son moito máis modernos ca os meus pais! Ademais son moi interesantes. O pai de Vanesa traballa na tele, encántame falar con el, porque sempre me conta contos de persoas famosas que coñece. A súa nai é fotógrafa e, de cando en vez, fainos fotos a Vanesa e a min. A min dáme un pouco de vergoña que nos ..... fotos, pero por outro lado, está moi ben, porque as fotos son superchulas.

**4.** Relaciona cada comezo da frase co seu correspondente final.

- |                             |                         |
|-----------------------------|-------------------------|
| 1. <input type="checkbox"/> | 1. A miña prima Marta   |
| 2. <input type="checkbox"/> | 2. A xente hipócrita    |
| 3. <input type="checkbox"/> | 3. Aos pais do meu mozo |
|                             | A. non os soporto.      |
|                             | B. non me gusta.        |
|                             | C. non a aturo.         |

- |                             |  |
|-----------------------------|--|
| 1. <input type="checkbox"/> | 1. Ás dúas nos fascinan                  |
| 2. <input type="checkbox"/> | 2. Ás dúas nos encanta                   |
| 3. <input type="checkbox"/> | 3. As dúas estamos fartas                |
|                             | A. os mesmos grupos de música.           |
|                             | B. de ter que chegar á casa ás 10.       |
|                             | C. comprar roupa.                        |
| 1. <input type="checkbox"/> | 1. A Pati dálle rabia que                |
| 2. <input type="checkbox"/> | 2. A Pati gústanlle                      |
| 3. <input type="checkbox"/> | 3. Pati non aguanta                      |
|                             | A. os mozos altos e fortes.              |
|                             | B. o seu mozo sexa amigo da súa ex-moza. |
|                             | C. a ex-moza do seu mozo.                |

**5. A.** Moncho e Loli están casados. Estes son algúns dos problemas que teñen. Completa as frases de xeito lóxico.

1. Loli traballa máis de dez horas ao día e chega á casa moi cansa; por iso .....
2. A nai de Moncho aparece na súa casa moitas veces sen avisar, aínda que .....
3. Loli odia facer a cama, pero .....
4. Como a Moncho lle dá medo viaxar en avión, nunca fan grandes viaxes; por iso .....
5. Os pais de Loli queren comer con eles todos os domingos, aínda que .....
6. Moncho está no paro dende hai oito meses; por iso .....
7. Moncho non sabe cociñar e nunca lle fai a cea a Loli, pero ..
8. Loli só ten dúas semanas de vacacións ao ano, así que .....

**B.** Pensa noutros problemas que poidan xurdir nunha parella nos seguintes ámbitos.

- |                          |                  |
|--------------------------|------------------|
| a. o traballo            | c. a familia     |
| b. as tarefas domésticas | d. o tempo libre |

**6.** Ana, Xoana e Xiana son trixemelgas, pero, no que se refire ás relacións cos mozos, son moi diferentes. Completa as frases e tenta formular dúas máis para cada unha.



Ana é moi tradicional e romántica.

- Gústalle que o seu mozo .....
- .....
- Encántanlle .....
- .....
- Fai lle ilusión .....
- .....



Xoana é moi aberta e moderna.

- Non lle importa que o seu mozo .....
- .....
- Non lle gusta demasiado .....
- .....
- Fai lle chiste .....
- .....



Xiana é intolerante e egoísta.

- Non soporta que o seu mozo .....
- .....
- Horrorízalle .....
- .....
- Non lle fai ningunha graza .....
- .....

**7.** Completa estas frases dende o teu punto de vista.

- 1 No traballo ou na clase, ponme nervioso que .....
- .....
- 2 No cine, non soporto que .....
- .....
- 3 Cando estou durmindo, amórame que .....
- .....
- 4 Cando estou vendo a tele, non me gusta nada que .....
- .....
- 5 No metro ou no bus, dáme rabia que .....
- .....
- 6 Diante de descoñecidos, dáme vergonza que .....
- .....

**8. A.** As relacións de parella cambiaron moito dende o tempo dos nosos avós. Das cousas desta listaxe, marca as que cres que se facían nesta época. Despois pensa en que orde cres que se facían.


- |   |                                      |
|---|--------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Namorarse      | <input type="checkbox"/> Separarse   |
| <input type="checkbox"/> Mocear         | <input type="checkbox"/> Coñecerse   |
| <input type="checkbox"/> Vivir xuntos   | <input type="checkbox"/> Casar       |
| <input type="checkbox"/> Ter fillos     | <input type="checkbox"/> Divorciarse |
| <input type="checkbox"/> Empezar a saír | <input type="checkbox"/> Ser infiel  |

**B.** Agora escribe un pequeno texto que fale das diferenzas que cres que hai entre esta época e a actualidade en relación con este tema.



# máis exercicios

**9.** Seguro que na túa vida hai moitas cousas positivas. Escríbeas.



**10. A.** Que valores máis nun traballo? Numera os seguintes factores do 1 ao 8 (1 é o menos importante).

- Ter un contrato indefinido
- Gañar un bo salario
- Viaxar
- Non traballar as fins de semana nin os festivos
- Levarse ben cos compañeiros de traballo
- Traballar menos de oito horas ao día
- Saír antes das cinco da tarde
- Ter máis dun mes de vacacións

**B.** Escribe unha listaxe coma a anterior cos factores que consideras máis importantes nunha relación de parella.

1. ....
2. ....
3. ....
4. ....
5. ....
6. ....
7. ....
8. ....

**11. A.** Das seguintes tarefas da casa, cales fas ti? Márcao.

- |  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Facer a compra    | <input type="checkbox"/> Poñer a lavadora   |
| <input type="checkbox"/> Varrer            | <input type="checkbox"/> Baixar o lixo      |
| <input type="checkbox"/> Regar as plantas  | <input type="checkbox"/> Limpar os cristais |
| <input type="checkbox"/> Preparar a comida | <input type="checkbox"/> Limpar o po        |
| <input type="checkbox"/> Limpar o baño     | <input type="checkbox"/> Facer a cama       |

**B.** Ademais dá detalles sobre o que fas e non fas.

*A compra, ás veces, fágoa eu. E tócame sempre poñer lavadoras e sacar a roupa a secar, que non me gusta nada.*

## UNIDADE 3 Misterios e enigmas

**1. A.** Le o seguinte texto sobre o mal de ollo.

**T**anto as bruxas como as meigas teñen poder para causárenlles males aos seus inimigos. Estes danos son o mal de ollo, que consiste na capacidade de causar nunha persoa danos, desventuras, doenzas que os médicos non conseguen curar e todo tipo de desgrazas e que, para facelo, cómpre saber de bruxería e valerse de certas cerimonias. O meigallo é cousa semellante, e consiste en que, por causa dalgunha meiga, unha persoa non teña sorte nos seus negocios e que todo lle saia mal. O feitizo só se refire a unha cousa determinada e, xeralmente, é cousa de namorados.

Para liberarse dos males que poden producir todas as tocadas do demo, fanse esconxuros que consisten en dicir certas oracións ou proferir ameazas contra o demo facendo cruces sobre a cousa ou persoa con cinzas de follas de loureiro bendito, allo, borralla e manteiga de porco e outras cousas polo xeito.

(texto adaptado da *Revista Nós*, n.º 55)

**B.** Marca agora se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

V	F	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	1. Calquera persoa pode facer un mal de ollo.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	2. O mal de ollo e o meigallo producen os mesmos males.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	3. O feitizo afecta as persoas que padecen do corazón.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	4. As meigas tamén se denominan <i>tocadas</i> .

**2. A.** Relaciona cada elemento da columna da dereita con outro da esquerda para formar unha expresión relacionada con fenómenos paranormais.

- |                       |                     |
|-----------------------|---------------------|
| 1. ler                | a. o tempo          |
| 2. recordar           | b. inmortal         |
| 3. adiviñar           | c. o futuro         |
| 4. ser                | d. as mans          |
| 5. ter soños          | e. maxia            |
| 6. estar en dous      | f. extraterrestres  |
| 7. viaxar en          | g. que se cumpren   |
| 8. ser abducido/a por | h. sitios á vez     |
| 9. facer              | i. vidas anteriores |

**B.** Agora escolle un dous fenómenos anteriores e escribe o que pensas sobre el: se cres que é real, se ten unha explicación racional etc.

**3.** Le esta listaxe de fenómenos paranormais e de sucesos que non teñen unha explicación racional. Despois, completa as frases cos elementos da listaxe e xustifícaa.

- Ler o pensamento
- Adiviñar o futuro
- Recordar vidas anteriores
- Ver unha pantasma
- Ser inmortal
- Ter soños que se cumpren
- Viaxar no tempo
- Facer maxia
- Ver un ovni
- Ler as mans
- Ser invisible
- Ser abducido/a por un extraterrestre

*Gustárame...*

*Daríame moito medo...*

*Sería interesante...*

**4.** María está preocupada porque o seu mozo non chegou á casa. Que ideas lle pasan pola cabeza? Escribe as diferentes hipóteses que baralla María usando o futuro simple ou o pospretérito.



1. ....
2. ....
3. ....
4. ....
5. ....
6. ....
7. ....
8. ....

# máis exercicios

5. Nesta casa están pasando cousas raras. Tenta responder a estas preguntas formulando hipóteses.

**Que está pasando?** *No piso de arriba hai un home facendo a maleta, ao mellor...*

---



---



---

**Que pasou?**

---



---



---



---

**Que cres que vai pasar?**

---



---



---



---



6. Completa estes diálogos conxugando o tempo verbal adecuado dos verbos que están entre parénteses.

1. ● Onde está Pedro?

○ Non sei, ..... (estar) estudando na biblioteca... É que ten os exames finais de aquí a unha semana.

2. ● Oíches iso? Non será unha explosión?

○ Non muller, ..... (chocar) dous coches. Ese cruzamento é moi perigoso. Imos ver que pasou?

3. ● E o teu irmán? Hai tempo que saíu da casa e aínda non volveu.

○ Non sei, ..... (ir) dar unha volta.

4. ● Malena leva todo o mes insistindo para convidarme a cear.

Non sei que quere. Estou un pouco preocupada.

○ Non ..... (ser) nada, muller, ..... (querer) falar contigo e xa está.

5. ● Viches as miñas chaves? Levo media hora buscándoas.

○ (estar) ..... nalgún caixón da cómoda, coma sempre.

7. Es unha persoa desconfiada? Responde a este test e le os resultados. Sénteste identificado? Escribe a túa reacción.

**1. Un compañeiro de traballo faiche un regalo cando non é o teu aniversario.**

- A. Que raro! Que quererá? Seguro que quere algo a cambio.  
 B. Regalaríanllo e non lle gusta.  
 C. Que riquiño! Claro, como son tan simpático/a...

**2. A persoa que vive contigo non chega á casa**

- A. Tería un accidente.  
 B. Seguro que foi tomar algo despois do traballo.  
 C. Estará traballando. Xa chegará.

**3. Recibes unha chamada da túa xefa para que te presentes inmediatamente no seu despacho.**

- A. Seguro que me van despedir.  
 B. Faría algo mal?  
 C. Pois xa que vou falar con ela, voulle pedir un aumento de soldo.

**4. O profesor entra na clase cun ollo morado.**

- A. Pegaríalle un alumno  
 B. Caería polas escaleiras.  
 C. Oullo morado? Non sei, parece canso.

## 5. Ves a un compañeiro de traballo comendo coa xefa.

- A. Seguro que están saíndo xuntos.
- B. Estará facéndolle a pelota para que lle suba o salario.
- C. Estarán falando de traballo.

## 6. Un home ou unha muller diríxese a ti cando vas pola rúa.

- A. Quererá atracarme.
- B. O máis probable é que queira venderme algo.
- C. Estará perdido/a e quere preguntarme un enderezo.

### Resultados:

**Maioría de A:** es moi desconfiado/a e un pouco mal pensado/a. Ante o abano de posibilidades que se che ofrecen, sempre escolles a máis negativa. Se segues así, podes acabar sen amigos.

**Maioría de B:** tentas ser sociable, pero non te fías de todo da xente. Non ves o lado perverso das cousas, pero tampouco te deixas levar polo optimismo e a boa fe.

**Maioría de C:** estás tan seguro/a de ti mesmo/a que nada do que ves che parece sospeitoso. Es unha persoa excesivamente confiada.

## UNIDADE 4 Boas novas

1. Aquí tes unha serie de verbos. Escribe o substantivo correspondente, coma no exemplo. Olo! Algúns son masculinos e outros femininos. Se non sabedes algúns dos substantivos, tentade facer hipóteses, despois, comprobádeo coa axuda do dicionario.

Aprobar	<i>aprobación</i>	Unificar	.....
Invadir	.....	Declarar	.....
Destruír	.....	Pechar	.....
Aumentar	.....	Abrir	.....
Diminuír	.....	Inaugurar	.....
Descubrir	.....	Rexeitar	.....
Propor	.....	Participar	.....
Reprimir	.....	Estoupar	.....
Morrer	.....	Nacer	.....
Asasinar	.....	Atentar	.....
Retirar	.....	Caer	.....
Triunfar	.....	Derrotar	.....

2. Completa cada titular co verbo correspondente.

<b>acusa</b>	<b>consegue</b>
<b>gaña</b>	<b>dimite</b>
<b>maniféstanse</b>	<b>xorde</b>
<b>falece</b>	

1. .... por presións políticas o presidente da Confederación de Empresas.
2. Os bispos ..... contra a clonación e os matrimonios entre persoas do mesmo sexo.
3. Centenares de persoas ..... en Lugo para pedir unha sanidade mellor.
4. .... un conflito público polo control do diñeiro público.
5. .... aos 91 anos o escritor Álvaro Roma.
6. O goberno ..... os sindicatos de facer o traballo sucio da oposición.
7. O candidato demócrata ..... as eleccións por maioría absoluta.
8. O equipo da Universidade de Ourense ..... illar o virus que afecta os cultivos de pementos de Padrón.

3. A. Decide se estas frases son verdadeiras ou falsas.

V	F	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	1. América foi descuberta por un galego.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	2. A penicilina comezou a usarse despois da II Guerra Mundial.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	3. O <i>Quixote</i> nunca foi adaptado ao cine.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	4. "Yesterday" foi composta por John Lennon.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	5. <i>Mar adentro</i> foi dirixida por Almodóvar.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	6. A Torre de Hércules foi construída polos romanos.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	7. Laxeiro foi un grande escultor.

B. Transforma agora as frases falsas en verdadeiras.

4. Aquí tes unha serie de titulares. Fíxate que todos están en presente ou non teñen verbo. No teu caderno, transfórmaos coma no exemplo.

► 1977 Primeiras eleccións democráticas en España en 41 anos.

*En 1977 celebráronse as primeiras eleccións democráticas en España despois de 41 anos anos.*

► 1981 Apróbese o Estatuto de autonomía de Galicia.

► 1982 IBM crea o primeiro ordenador persoal (PC).

- **1983 Un grupo de científicos logra identificar o VIH, o virus da sida.**
- **1989 Cae o muro de Berlín.**
- **1991 Declárase a Guerra do Golfo.**
- **1996 Grave crise no sector alimenticio pola síndrome das vacas tolas.**
- **1997 Científicos do Instituto Roslin de Escocia anuncian que lograron a clonación dunha ovella.**
- **1998 Francia proclámase campioa do mundo de fútbol.**
- **1999 Nace o euro, a moeda única europea.**
- **2002 O petroleiro Prestige afunde fronte ás costas galegas causando unha catástrofe ecolóxica.**
- **2004 Atentados terroristas en varias estacións de tren madrileñas.**
- **2006 Bolivia nacionaliza os seus recursos naturais.**
- **2008 David Cal consegue unha medalla na Olimpíada de Pequín.**

5. Aquí tes unha noticia desordenada. Podes reconstruíla?

## BARZOA SOFRE FERIDAS LEVES AO CAER DUNHA BICICLETA

"Estivo chovendo moito e os camiños do terreo estaban moi esvaradíos", explicou Lois W.

O novo presidente da República dos Aberoh, Moncho Barzoa, resultou ferido leve ao caer da súa bicicleta de montaña.

A proposta dos seus gardacostas de continuar os dous quilómetros que quedaban ata a súa casa en coche e seguiu pedaleando.

Barzoa aproveitou a comparecencia para anunciar que aumentará o número de efectivos do seu corpo de seguridade persoal.

Cando paseaba polas inmediacións da súa propiedade, segundo informou o voceiro do seu goberno, Lois W.

O presidente sufriu mazaduras e feridas no queixo, no nariz, na man dereita e en ambos os xeonllos, así como unha escordadura de nocello, segundo comentou Lois W., quen

A última hora da tarde, o presidente agradeceu en rolda de prensa as innumerables mostras de interese que a cidadanía mostrou polo seu estado de saúde tras coñecerse a nova.

O presidente, que levaba casco e un protector para a boca no momento do accidente, rexeitou

Engadiu que o presidente foi atendido inmediatamente polo seu médico persoal. O voceiro asegurou que a causa da caída foi a forte humidade do terreo debido ás recentes choivas.

6. Aquí tes un resumo da historia do buscador Vieiros. No teu caderno, reescribe as informacións comezando os parágrafos polas palabras **en grosa**.

## Vieiros, pioneiro da internet galega

Vieiros viu a luz un 24 de febreiro de 1996, data que coincidía co aniversario do nacemento de Rosalía de Castro e da primeira emisión da Radio Galega. O novo espazo, que tomou o nome da desaparecida revista do Padroado da Cultura Galega en México, concibiuse nun primeiro momento como **un índice de recursos de interese para Galicia**, inspirándose nos proxectos que se estaban a desenvolver nos Estados Unidos (só uns meses antes nacera o Yahoo!). Nació así o primeiro directorio da rede galega, que axiña ampliaría os seus horizontes coa elaboración de contidos propios.

En 1997, Vieiros estrea novo deseño e comeza a actualizar os seus contidos a diario. O directorio de rexistros deu o salto a buscador (**o primeiro buscador galego**) e publícanse dous novos especiais: o das Letras, e o das eleccións autonómicas. O labor desenvolvido neses dous anos foi galardoado co Premio da Crítica de Galicia a Iniciativas Culturais de 1997.

Tres anos despois, Vieiros contaba con **máis de trinta correspondentes** en diferentes vilas galegas e no exterior: Ferrol, Santiago, Vigo, A Coruña, Ourense, Pontevedra, O Salnés, O Bierzo, Barcelona, Madrid, Bos Aires, Bruxelas, Venezuela, Nova York, Gotemburgo, A Habana, O Porto... nun proceso que non deixou de medrar.

Animado pola experiencia, Vieiros tamén quixo darlle espazo a **colectivos e publicacións temáticas** que tiñan difícil o seu acceso á rede. Xurdían así as canles, como Canal Mundo, xestionado polo Instituto Galego de Documentación Internacional, Canal Lusofonía, en colaboración coa axencia portuguesa PNN, Canal Tempos Novos, Canal Irimia, Canal Ciencia, Canal Verde, Canal Universitaria, Canal Galego.org, ou, máis recentemente, Fwwwrando, un espazo para a reflexión sobre a sociedade da información.

E a finais de 2002, o tratamento do **desastre do Prestige** supuxo un desenvolvemento espectacular de Vieiros, que triplicou o seu número de lectores diarios, e que se consolidou como referencia informativa na internet galega.

Os seus responsables tiñan unha forma de entender Galicia dende a radio, o cinema, a arte... **Unha Galicia moderna, aberta a Portugal**, feita dende o exilio e a emigración para unha comunidade única de galegos no mundo.

(adaptado de [www.vieiros.com](http://www.vieiros.com))

# UNIDADE 5

## Eu faríao se...

1. Completa estes cadros coas formas adecuadas do pospretérito.

preparar	saber	recibir	dicir	ter	facer
prepararía	.....	recibiría	.....	tería	.....
.....	saberías	.....	dirías	.....	.....
.....	.....	recibiría	.....	.....	farías
prepararíamos	.....	.....	diríamos	.....	faríamos
.....	.....	.....	.....	teríades	.....
prepararían	.....	recibirían	.....	terían	.....

2. Relaciona estes principios de frases co seu final correspondente.

1. Tes moi mala cara. Por que non	
2. Non me gustan nada as tatuaxes;	
3. Deberías	
4. Que sono teño! Non durmín nada esta noite,	
5. Recomendolle que	
6. Non sabía que	a. nunca faría unha.
7. Podería	b. dicirme onde queda a estación.
8. Se fose millonario	c. faga unha dieta.
	d. vas ao médico?
e. aforrar un pouco se queres ir de vacacións.	
f. estabas aquí. Cando chegaches?	
g. marcharía para a cama agora mesmo.	
h. compraría unha casa nunha illa do Caribe e pasaría o día tomando o sol.	

1	2	3	4	5	6	7	8
.....	.....	.....	.....	.....	.....	.....	.....

3. Completa estas frases con nomes famosos (ou compañeiros teus da clase) eazona a túa elección.

1. Iría de vacacións con .....
2. Casaría con .....
3. Prestaríalle cartos a .....
4. Pediríalle consellos a .....
5. Invitaría a cear á miña casa a .....
6. Daríalle un premio a .....
7. Contaríalle un segredo a .....

4. Estes estudantes de galego teñen algúns problemas Podes darlle un consello a cada un?

	<b>Maica:</b> Quero adelgazar un pouco, pero non me gusta nada facer deporte. ..... .....
	<b>Diana:</b> A min gústame moito saír e bailar, pero ao meu mozo gústalle quedar na casa. ..... .....
	<b>Xacobe:</b> Ultimamente durmo fatal e durante todo o día estou canso. ..... .....

# máis exercicios



**Olalla:** Os meus pais convidáronme a ir de vacacións con eles, pero eu prefiro ir esquiar cos meus amigos.

.....  
 .....



**Lucía:** Hoxe é o aniversario do meu mozo e aínda non lle comprei nada. Non sei que regalarlle.

.....  
 .....



**Martina:** O meu xefe convidoume a unha churrascada, pero eu non como carne. Ademais non quero dicirle que son vexetariana.

.....  
 .....

## 5. Escribe frases sobre estas cuestións.

1. Unha cousa que non farías nunca.

.....

2. Algún aspecto gramatical que descoñecías antes de facer esta unidade.

.....

3. Algo que farías se foses moi moi rico/a.

.....

4. Unha cousa que farías se estiveses de vacacións.

.....

5. Algo que che gustaría facer agora mesmo.

.....

## 6. Relaciona os elementos destas dúas columnas.

Facer	o nariz
Dar	sobre un tema
Opinar	unha moda
Perforar	unha enfermidade
Seguir	unha tatuaxe
Contraer	un examen
Casar	un consello
Suspender	pola igrexa

## 7. Es unha persoa tímida? Completa o test para averigualo.

**1.** Imaxina que tes que dar un discurso diante de 200 persoas. Poríaste nervioso?

- a) Si, moito
- b) Non, nada

**2.** Acabas de chegar a unha cidade onde non coñeces a ninguén. Custaríache facer amigos?

- a) Si, cústame moito facer novas amizades.
- b) Non, teño moita facilidade para coñecer xente.

**3.** Convidante a unha cea con antigos compañeiros da escola, irías?

- a) Non, non me gustan ese tipo de celebracións.
- b) Claro que si.

**4.** Se estiveses ao lado dunha persoa moi famosa á que admirases, falaríaslle?

- a) Non, creo que non me atrevería.
- b) Si, claro.

**5.** Nunha cea na casa duns amigos pídenche que cantes unha canción.

- a) Diría que non, que vergoña!
- b) Cantaría máis dunha, non me importaría.

**6.** Nun novo traballo ofrécenche a posibilidade de traballar só ou en equipo, que escollerías?

- a) Preferiría traballar só.
- b) Traballar en equipo, non me gusta traballar só.

**7.** Imaxina que te chaman para facer unha entrevista nun programa de televisión.

- a) Non iría.
- b) Encantaríame saír por televisión.

**8.** Ti e os teus compañeiros de clase decidides ir á praia e non levades bañadores. Quedarías en roupa interior?

- a) Non, daríame vergoña.
- b) Si, non tería ningún problema. Non hai moita diferenza entre a roupa interior e un bañador.

## Puntuación

As respostas A valen 2 puntos

As respostas B valen 1 punto

### 10 ou menos de 10

Timidez?, ti non sabes o que é! Non cambies.

### Entre 11 e 15

Es un pouco tímido, pero tentas non deixarte dominar polos teus medos.

### Máis de 15

Es unha persoa tímida. Deberías abrirte un pouco máis ao mundo e superar os teus complexos. Seguro que vales máis do que ti cres.

## UNIDADE 6 E que che dixo?

**1. A.** Anxo é un rapaz moi simpático, pero un pouco cara lavada. Sempre lles pide favores aos seus amigos. Le esta conversa que mantiveron algúns dos seus amigos e determina a que persoa verbal corresponden os verbos que están en grosa.

A que non sabes o que me pediu onte Anxo?

- Pois non sei, calquera cousa...
- Que lle **comprase (1)** o pan!
- E fixéchelo?
- Fixen... como vivo ao lado...
- Pois a nós o outro día pediunos que lle **prestásemos (2)** o coche porque tiña unha cita e quería impresionar a moza.
- Pero que cara ten o tío! De verdade que vos pediu que lle **deixásedes (3)** o coche novo? E fixéstelo?
- Pois si, a verdade é que nolo pediu dun xeito que non nos puidemos negar. Pero non sabedes o mellor; a Azucena pediulle que lle **fixese (4)** unha tradución de 20 páxinas.
- Esa non é a mellor. Aos Ferro pediulles que lle **desen (5)** a camelia aquela tan bonita que tiñan na terraza porque, segundo el, a eles íalles morrer, porque non tiña terra, e que el ía plantala no seu xardín e non sei que máis lerías lles contou.
- É abraiante! E recordas aquela vez, Rita, que che pediu que lles **dixeses (6)** aos seus pais que eras a súa moza?

1. ....
2. ....
3. ....
4. ....
5. ....
6. ....

**B.** Agora completa o cadro coas raíces dos verbos que aparecen en grosa no texto anterior.

Eu	
Ti	
El/ela/vostede	
Nós	
Vós	
Eles/elas/vostedes	

**C.** Completa as formas do imperfecto de subxuntivo dos seguintes verbos, xa tes o final de todas.

	comer → <i>come-</i>	
	estar →	
	asinar →	
	ir →	
eu		-se
ti	pagar →	-ses
el/ela/vostede	pasar →	-se
nós	pedir →	-semos
vós	perder →	-sedes
eles/elas/vostedes	saber →	-sen
	deber →	
	ler →	
	sentir →	
	ser →	
	ter →	
	vender →	

**2. A.** A que persoa corresponden estas series de verbos? Escríbeo.

.....	.....	.....
fósemos	tivese	soubésedes
tivésemos	fose	perdésedes
estivésemos	pedise	fósedes
comésemos	volvese	dixesedes
.....	.....	.....
fixeses	vendesen	pagase
escribises	comprasen	fose
conducises	sentisen	visitase
perdeses	desen	pedise

**B.** Fíxate en que as formas do imperfecto de subxuntivo son iguais en dúas persoas, en cales?

# máis exercicios

3. Completa cos verbos que mellor acaian neste texto no que Ricardo fala da súa adolescencia.

- |                  |                  |                |
|------------------|------------------|----------------|
| <b>levar (2)</b> | <b>pasar (3)</b> | <b>dicir</b>   |
| <b>ir</b>        | <b>cambiar</b>   | <b>apuntar</b> |
| <b>ser</b>       | <b>obrigar</b>   | <b>deixar</b>  |
| <b>burlarse</b>  | <b>ver</b>       |                |

Cando tiña 14 anos, ía a un colexio privado. Non estaba mal, pero había cousas que non me gustaban. Por exemplo, odiaba que nos (eles) ..... a levar uniforme. Non nos permitían que (nós) ..... o cabelo longo, nin que ..... gorra na clase. En realidade, pedínlles varias veces aos meus pais que me (eles) ..... de colexio e me ..... a un instituto, pero non o conseguín. O que máis vergonza me daba era que os meus colegas me (eles) ..... con aquel uniforme ridículo e que (eles) ..... de min.

Daquela o meu mellor amigo era Carlos, un rapaz do barrio dous anos máis vello ca min. Aos meus pais non lles gustaba que (eu) ..... tanto tempo con el, porque pensaban que non era unha boa compañía. Pero Carlos era xenial; a el non lle importaba que eu ..... a unha escola privada e non se ría do meu uniforme. Pasabamos moito tempo na súa casa, aos seus pais non lles parecía mal que (nós) ..... horas e horas escoitando música e tocando a guitarra. Queríamos facer un grupo e incluso lle pedimos a unha amiga nosa que (ela) ..... a cantante do grupo. Creo que o fixemos porque os dous estabamos namorados dela. Chamábase Xandra e, en realidade, queríamos que (ela) ..... as tardes con nós, cantando e charlando. Buscábamos unha rapaza que nos ..... que eramos uns grandes músicos. Ai! Que tempos, que morriña!

4. Completa estas frases que falan dos cambios nas vidas e nas opinións de varias persoas.

1. Antes dábame moita rabia que me ..... nena, pero agora encántame.

2. Agora parécenos terrible ..... aos nenos, pero nos meus tempos era moi normal.
3. Eu nunca lles pedín aos meus pais que me ..... un coche, pero os meus fillos pídenmo constantemente.
4. Cando era novo, non me gustaba que a miña familia ..... as miñas mozas, pero agora quero que os meus fillos me presenten as súas.
5. Hoxe en día, aos máis novos parécelles normal que os seus pais lles ..... todo, pero na miña época nós queríamos ser independentes economicamente.
6. Os meus pais non querían que ..... de vacacións co meu mozo. Hoxe en día, a miña filla vai de viaxe co seu.
7. É terrible que as persoas maiores ..... soas hoxe en día. Antes, sempre vivían cos fillos ou cos sobriños.
8. Antes, buscábamos un emprego que nos ..... estabilidade, que ..... para toda a vida. Agora iso non importa tanto.

5. Pensa como eras aos 13 anos: as cousas que che gustaban, as que che interesaban, os programas de televisión e a música que che gustaban, os teus mellores amigos etc. Escribe un pequeno texto contándoo.

6. A. Onte Sol falou con varias persoas en varios contextos. Ese mesmo día, ela contoulles esas conversas a outras persoas. Completa as frases. Ten en conta se a información aínda é vixente.

Onte durante o día
<ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>O seu fillo:</b> Mamá, es a nai máis guapa do mundo.</li> </ul>
Onte pola noite
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ O meu fillo díxome que...</li> <li>.....</li> </ul>

Onte durante o día
<ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>Unha veciña no ascensor:</b> Sol, tes moi bo aspecto.</li> </ul>
Onte pola noite
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ A miña veciña díxome que...</li> <li>.....</li> </ul>

## Onte durante o día

### ● Un policía na rúa:

Señora, non pode aparcar aí.

## Onte pola noite

○ Esta mañá...

## Onte durante o día

### ● Un compañeiro de traballo cando ía á cafetería:

Sol, tráesme un café, por favor?

## Onte pola noite

○ Esta mañá un compañeiro...

## Onte durante o día

### ● A súa xefa:

Sol, concéntrate, ultimamente estás moi despistada

## Onte pola noite

○ Esta tarde a miña xefa...

## Onte durante o día

### ● A súa irmá:

Sol, cariño, déixasme o vestido azul?

## Onte pola noite

○ .....

**B.** Agora imaxina que o conta hoxe. Completa as frases. Ten en conta se as frases aínda son viventes ou non.

## Hoxe

Onte o meu fillo díxome que .....

Onte unha veciña díxome que .....

Onte pola mañá .....

Onte un compañeiro .....

Onte pola tarde a miña xefa .....

**7. A.** Tiveches algunha vez algún destes problemas? Márcao.

	SI	NON
1. Dixéronme que o produto tiña unhas características que en realidade non tiña.		
2. Cobráronme de máis e non me querían devolver os cartos.		
3. Prometéronme un servizo e logo non cumpriron o prometido.		
4. Vendéronme un produto de mala calidade.		

**B.** Relaciona os problemas que tiveron algunhas persoas co seu sector correspondente.

**1.** Vin un folleto que anunciaba un ordenador cunhas características moi boas e a moi bo prezo. Merqueino e, cando cheguei á casa, comprobei que o ordenador non tiña tantas prestacións como anunciaban.

**2.** Cando me independicei, comprei unha lavadora. A primeira vez que a usei, notei un olor a queimado bastante raro e ao pouco tempo deixou de funcionar.

**3.** Cando me chegou a primeira factura, alucinei. Resulta que me aplicaran unha tarifa máis cara ca que eu contratara. É claro, tiven que pagar para que non me cortasen a liña. Non vexas o que me custou que me devolvesen os cartos.

**4.** O outro día, comprei uns iogures no super do lado da miña casa e, cando fun comer un, vin que levaban caducados unha semana.

**5.** Hai un ano máis ou menos, cortaron a luz en toda a miña rúa por motivos de mantemento da compañía. O caso é que como non avisaran, eu non desconectei os meus ordenadores e perdín parte dun traballo moi importante que estaba facendo.

**6.** Hai unhas cantas semanas, fun comer cos meus compañeiros de traballo a un sitio novo. Cando fomos pagar, queríannos cobrar unhas bebidas que non tomáramos.

Telefonía	<input type="checkbox"/>
Alimentación	<input type="checkbox"/>
Restauración	<input type="checkbox"/>
Electrodomésticos	<input type="checkbox"/>
Subministracións (gas, electricidade, auga)	<input type="checkbox"/>
Informática e electrónica	<input type="checkbox"/>

# máis exercicios

**C.** Que farías ti nos casos anteriores? Escribe no teu caderno unha reclamación para algún destes casos. Aquí tes algunhas posibilidades, pero podes pensar noutras.

- Devolver o produto e exixir a devolución dos cartos.
- Pedir unha folia de reclamacións e informar a oficina do consumidor.
- Non pagar o servizo/produto.
- Exixir o cambio por un produto en bo estado/de boa calidade.

## UNIDADE 7 Só ou acompañado?

**1. A.** Completa as conxugacións destes verbos.

3.ª persoa plural do pretérito	pret. imperfecto subxuntivo	3.ª persoa plural do pretérito	pret. imperfecto subxuntivo
<b>falar</b>		<b>comer</b>	
	fala..... falases		come..... come.....
falaron	fala..... faláse..... faláse..... falasen	comeron	come..... comé..... comé..... come.....
<b>vivir</b>			
	viv..... viv..... viv..... viv..... viv..... viv.....		
viviron			

**B.** Agora fíxate nestes dous modelos de verbos irregulares e escribe as formas dos verbos que faltan.

	3.ª persoa plural do pretérito	1.ª persoa singular do imperfecto de subxuntivo
dicir	<i>dixeron</i>	<i>dixese</i>
ser	<i>foron</i>	<i>fose</i>
ter		
poñer		
traer		

vir		
estar		
pedir		
oír		
producir		
saber		
facer		
morrer		
caber		
ir		
querer		
andar		
ler		
haber		
poder		
saír		
sentir		

**2.** Completa cada unha das oracións conxugando os verbos que faltan en condicional ou en pretérito imperfecto de subxuntivo.

1. Se as hipotecas estivesen máis baratas, .....  
(comprar, nós) unha casa.
2. ● Xa soubeches que Xan e Mónica se separaron?  
○ Aí, estes dous sempre igual. Se non ..... (ser)  
tan testáns, non terían tantos problemas.
3. ● Acabo de mercar unha bici nova e non sei como desfacerme da vella. Non lle interesa a ninguén.  
○ Pois se eu fose ti, ..... (poñer) un anuncio en Internet para vendela.
4. ● A verdade é que ultimamente non estou nada ben no traballo, abúrreme, xa non me motiva...  
○ Pois eu se non ..... (estar) a gusto no meu traballo, deixábao.
5. ● Ti ..... (facer) unha tatuaxe se cho pedise a túa parella?  
○ Eu? Nin tola, non o faría nunca!

6. ● Ti que hotel ..... (escoller) para as vacacións?  
 ○ Non sei, un que ..... (ter) spa.
7. ● Este é o cadro que pintou Alberte? É horrible, non si?  
 ○ Se ..... (saber) o que lle custou facelo, non ..... (dicir) iso.
8. ● Ti con cal ..... (quedar) se ..... (poder) escoller? Este ou este?

**3.** No teu caderno, completa as seguintes frases pensando nas túas experiencias ou sentimentos.

- Só deixaría os meus estudos/traballo se...
- Se puidese ter un poder especial...
- Sería un pouco máis feliz se...
- Se tivese que vivir noutro país...
- Se fose máis novo/a...
- Se de súpeto gañase un millón de euros...

**4. A.** Ás veces pásannos cousas que nos fan cambiar. Le en que cambiaron as seguintes persoas e relaciónao cos acontecementos que aparecen abaixo.

			
Xan volveuse moi desconfiado.	Sara volveuse máis puntual.	Fernanda volveuse máis reservada.	Agustín volveuse unha persoa moi depresiva.

- A. Tivo un grave problema de saúde.
- B. Contoulle un segredo a un amigo e sóboo todo o mundo.
- C. Foi vítima dunha estafa.
- D. Perdeu un traballo por chegar sempre tarde.

**B.** Como cres que se volveron estas persoas? Pode haber varias posibilidades.

## Ana

Antes pasaba o día cos seus amigos  
 Agora gústalle estar moito tempo soa.  
*Volveuse...*

## Xaime

Antes non lle importaba gastar os cartos no que lle gustaba.  
 Agora prefire gastar só o imprescindible.

## Laura

Antes era unha persoa moi activa no traballo, na casa...  
 Agora prefire descansar e facer o mínimo.

## Carlos

Antes precisaba que alguén lle axudase en todo.  
 Agora faino el todo só.

## Cruz

Antes deixaba as súas cousas en calquera lugar da casa.  
 Agora necesita que cada cousa estea no seu sitio.

**C.** E ti? Cambiaches co tempo nalgún aspecto da túa vida? Como te volviches? Por que? Escríbeo no teu caderno.

**5.** Algunhas persoas dixeron estas frases. Identificaste co que din? Escribe as túas reaccións no caderno.

1. Moito me gusta pasar a fin de semana na casa.
2. Dáme moita envexa a xente que ten un can.
3. Cos meus amigos son moi esixente.
4. Dáme medo non atopar a miña media laranxa.
5. Levo fatal facerme vella.
6. Síntome moi realizada no meu traballo.

**6.** Paco é un mozo que se independizou hai pouco. A súa nai foi visitalo e díxolle algunhas cousas. Conxuga os verbos das súas intervencións no tempo que mellor lle acaia.

- Paco, a túa casa é un desastre. Tes que contratar alguén que (vir) ..... limpar polo menos unha vez por semana.
- Paco, tes que comprar mobles. Como mínimo deberías ter unha mesa na que (comer) .....
- Paco, estás moi só fillo. Non che gustaría atopar alguén que te (querer) ..... e que te (coidar) .....
- Paco, é que nunca vas lavar a roupa? Tes que mercar unha lavadora desas que (consumir) ..... pouco, que agora están moi baratas.
- Paco, que lonxe vives. Non atopei ninguén que (poder) ..... traerme ata aquí e tiven que coller dous autobuses.

# máis exercicios

7. Completa as frases coas formas verbais que mellor lle acaian.

- ① Se me (chamar) ..... para traballar en Xapón,  
(ir) ..... sen dubidalo nin un momento.
- ② Non (poder) ..... vivir nesta cidade aínda que  
(gañar) ..... o dobre no meu traballo.
- ③ Que (facer) ..... se che (dicir) .....  
que podes ter un mes extra de vacacións?
- ④ Aínda que (marchar) ..... tan tarde, xa debería  
ter chegado.
- ⑤ Se (levar) ..... moito tempo saíndo con  
alguén e (descubrir) ..... que tivo unha aven-  
tura, que farías?
- ⑥ O/A profe de galego felicitoume polo exame e díxome que  
(mellorar) ..... moito no último mes.
- ⑦ Necesitaba alguén para que me (quedar) .....  
cos nenos os martes e os xoves para ir a pilates.
- ⑧ Tentei atopar alguén para que me (substituír)  
..... nas clases dos venres, pero foi imposible.
- ⑨ (gustar) ..... saber que lle pasou pola cabeza  
para que (pensar) ..... esas cousas tan horri-  
bles sobre ela.
- ⑩ Busco a alguén que (compartir) ..... coche co-  
migo para ir todos os días a Pontevedra.

8. Unha revista seleccionou as mellores respostas dos seus lectores nos últimos meses na sección “E ti que farías?” Por que non escribes o que farías ti nesas situacións. Podes levar as túas respostas á clase e poñelas en común coas dos teus compañeiros para elixir as mellores.

### E ti que farías se foses presidente?

Non teño nin idea, pero creo que non me gustaría nada, o poder acaba corrompendo a todo o mundo.

Ana (Corrubedo)

### E ti que farías se che dixesen que o mundo acaba mañá?

Se mo dixese o meu mellor amigo, iría de troula con el ata o final. Se mo dixese miña nai, daríalle un bico e marcharía de festa co meu mellor amigo. Se mo dixese unha miss universo, diríalle que lle queda pouco de reinado e marcharía de festa co meu mellor amigo.

Anxo (Lugo)

### E ti que farías se ti e a persoa máis fea do mundo fôsedes os únicos habitantes dunha illa deserta?

Pechar os ollos e tentar descubrir a beleza da súa personalidade. Seguro que ao final nos levabamos moi ben.

Miguel P. (Rábade)

### E ti que farías para demostrarlle á túa parella que é a persoa máis importante no mundo para ti?

Eu construíría unha ponte entre os seus ollos e os meus. Iso abonda.

Carlos D. (Santiago)

### E ti que farías se a túa parella te deixase por alguén que coñeces?

Pois choraría e supoño que me enfadaría moitísimo cos dous. Creo que non podería perdoarllo.

Sara. B. (Ponteceso)

### E ti que farías se atopases unha carteira cun millón de euros na rúa?

Pois eu téño clarísimo, desaparecería durante unha tempada.

Pepe (Roís)

## UNIDADE 8 Maneiras de vivir

1. Moitas veces, xunto cos nosos desexos, expresamos a dificultade ou imposibilidade da súa realización. Le as seguintes frases e escolle as continuacións lóxicas.

1. Se quixese, non lle custaría nada aprobar os exames;
2. Se mellorase o tempo, a fin de semana podíamos ir á praia;
3. Se me tocasse a lotería, daría a volta ao mundo;
4. Encantaríame ir contigo ao cine, de verdade;
5. Se mo puidese permitir, comería fóra cada día;
6. Daría calquera cousa por ter un can;


1 .....	2 .....	3 .....	4 .....	5 .....	6 .....
---------	---------	---------	---------	---------	---------

- a. pero é que teño que estudar.
- b. pero como non xogo nunca...
- c. é unha pena que sexa tan caro.
- d. pero xa sabes o preguizoso que é.
- e. a pena é que me producen alerxia.
- f. pero mira, a tele dixo que seguirá chovendo.

2. No teu caderno fai unha listaxe das vantaxes e inconvenientes que ten para ti vivir só/soa.

Vantaxes	Desvantaxes

3. A. Le a mensaxe deixada nun blogue que trata sobre cuestións emocionais.



B. Serías quen de contestarlle? Escríbelle un texto no que lle indiques:

- As posibilidades que ten de refacer a súa vida sen centrarse só en atopar parella.
- As vantaxes que pode ter unha vida de solteiro/a.
- A pouca repercusión que poden ter as desvantaxes de non ter unha parella na súa vida.
- Algunha experiencia similar que tiveses na túa vida e que te axudou a melloralala.

4. Completa as seguintes frases segundo a preposición **por** ou **para**.

- Fíxose vexetariana  
por.....  
para.....
- Levárono preso  
por.....  
para.....
- Marchou a Barcelona  
por.....  
para.....

5. A. En cada intervención, escribe a continuación que consideres máis axeitada en función do conector empregado. En que contexto se podería dicir cada unha?

- Non me molestan as responsabilidades que ten vivir en parella, **de feito**
  - Non me molestan as responsabilidades que ten vivir en parella, **ao contrario**
  - Non me molestan as responsabilidades que ten vivir en parella, **o que pasa é que**

- ... **ás veces hai cousas que se fan un pouco pesadas.**
- ...**encántanme.**
- ... **a maioría das cousas fanme sentir moi ben.**

- Son unha persoa á que lle gusta a soidade; **pero por outra banda**
  - Son unha persoa á que lle gusta a soidade; **ademais**
  - Son unha persoa á que lle gusta a soidade; **en lugar de**

- ... **non creo na parella.**
- ...**quedar cos meus amigos, moitas veces vou ao cine só ou quedo na casa lendo.**
- ...**tamén gozo facendo cousas coa miña parella.**

- A min non me importa vivir só/soa; **o que pasa é que**
  - A min non me importa vivir só/soa; **ademais**
  - A min non me importa vivir só/soa; **en realidade**

- ...**vou comezar pronto os exames e vaime vir moi ben.**
- ... **hai momentos nos que prefiro a compañía.**
- ... **é o que me apetece.**

B. Pensa frases sobre temas que aparecen na unidade e en dúas posibles continuacións nas que empregues polo menos dous conectores.

6. Constrúe frases cos seguintes verbos ou expresións que serven para falar do que nos gusta, de como somos ou de como sentimos as cousas.

**botar de menos/botar en falta**  
**sentirse**  
**encantar**  
**ter medo**  
**gustar**  
**sentir**  
**levar (ben/mal)**  
**dar medo/envexa**  
**gozar**

- *Eu boto moito de menos as conversas que tiña coa miña amiga Rexina.*

## UNIDADE 9 Como non o sabía...

**1. A.** Tenta imaxinar a historia doutro xeito. Que pasaría se non se producisen os seguintes feitos históricos? Escríbeo no teu caderno. Pensa nas consecuencias no pasado e no presente.

A chegada dos españois ao continente americano

A invención do CD

O desenvolvemento da informática

A revolución francesa

• De non acontecer a Revolución Francesa, se cadra agora viviríamos de forma diferente: quizais non se aboliría a escravitude nin...

**B.** Ocórrenseche outros acontecementos importantes na historia da humanidade? E no teu país? Anótaos no teu caderno e coméntaos na clase cos teus compañeiros.

**2.** Podes imaxinar cal é a condición implícita en cada caso? Fíxate no exemplo.

1. Ao final, o concerto foi horrible. O son era malísimo e ademais tocaron fatal. **Non che gustaría nada...**

... se viñeses.

2. A verdade é que eu entendo perfectamente a Rosa. É normal actuar así nunha situación coma esa. Creo que eu **faría o mesmo...**

... de estar no seu lugar

3. • Que onte estivo aquí Alfredo? E como non me dixeches nada, filla?
- Perdoa, pero é que como marcharas de fin de semana, pois...
  - Que rabia! Pois gustaríame velo e **podería vir...**
4. • Que tal foi a peli de onte?
- Foi incríbel! **Encantariache...**
5. • E este señor da foto?
- Ese? Era o meu avó. **Caeríache moi ben...**
6. • Estou canso de verdade. Onte pasei todo o día ordenando a casa nova.
- Ti só?, home, **eu poderíache botar unha man...**

**3.** Cales destas cousas sabes facer en galego? Especifica o teu grao de habilidade e como aprendes. Podes ampliar a lista con outras cousas.

	Grao de habilidade	Como aprendín
Escribir un texto informativo en galego	Fágoo bastante ben	Aprendeume a miña profe
Ler en galego		
Falar de temas específicos que son da miña área		
Facer exercicios de gramática		
Seguir unha película en galego		
Escribir unha mensaxe electrónica		
Solicitar información		
Colocar os pronomes		
...		

**4.** Responde as seguintes preguntas no teu caderno, empregando as formas do infinitivo conxugado.

1. A que personaxe histórico che gustaría coñecer?
  - De escoller un personaxe histórico, eu sería...
2. En que outra época da historia che gustaría vivir?
3. Que película che gustaría protagonizar?
4. Que libro che gustaría escribir?
5. Que canción che gustaría compoñer?
6. Que che gustaría inventar?
7. Quen che gustaría ser noutra vida?

**5. A.** Une cada un dos reproches do primeiro cadro coa resposta adecuada do segundo.

1. Non terías que lle falar así a Xandra, non che parece? Puideches desculparte...
2. Debeu vostede poñer o intermitente antes de xirar: estivo a piques de provocar un accidente. Ensíneme o seu carné de conducir, por favor?
3. Como non compraches máis comida? Co que hai non comen oito persoas.
4. Xa cho dixen: debemos vir onte. O dependente acabame de dicir que xa non lles quedan aqueles armarios de oferta que che gustaban.
5. Fostes ao cine e non me avisastes? E como non mo dixestes? Con amigos coma vós...

- a. E como ía sabelo? Non quedáramos en que eramos cinco persoas.
- b. Xa, pero quen ía dicir que se acabarían tan cedo? Imos a outra tenda a ver se atopamos algo antes de que pechen.
- c. Si, é verdade. Perdo, pero a verdade é que non nos acordamos de chamarte.
- d. O que? Despois do que me dixo? Se hai alguén que ten que pedir perdón é ela, non eu.
- e. Xa, xa o sei. É que ía pensando noutras cousas. Síntoo de verdade, desculpe.

1. .... 2. .... 3. .... 4. .... 5. ....

**B.** Pensa agora na relación que pode haber entre quen fala nas conversas anteriores e que situacións provocaron. Na clase, podes comparar as túas hipóteses coas dos teus compañeiros.

● *A número un poden ser amigos. Parece que un deles tivo un problema coa súa parella.*

**6.** Aquí tes unha nova aparecida nun xornal. Lea e contesta as preguntas que aparecen debaixo.

## Condena de cinco anos para o "ladron das medicinas"

Roxello Flores foi condenado onte por asalto, roubo e negligencia criminal. A pesar da comprensión do xurado, o popular "ladron das medicinas" deberá enfrontarse a unha pena de cinco anos de cárcere.

Hai uns meses Roxello Flores roubou máis de 50 doses dun medicamento en fase de experimentación que lle administrou á súa dona sen ningún tipo de control médico. A opinión pública púxose da súa parte cando se soubo que a muller padecía dende hai anos unha enfermidade dexenerativa para a que, ata o momento, non existe tratamento.

Os esforzos da parella por superar a enfermidade leváronos aos laboratorios Chero, que estaban experimentando cun fármaco que dera moi bos resultados en ratos e chimpancés. Roxello tentou por todos os medios que as autoridades médicas e xudiciais permitisen que a súa esposa recibise o tratamento, pero tanto uns como os outros negáronse, xa que o novo medicamento non se probara en humanos.

A desesperación levou o marido a cometer o delito polo que acaba de ser condenado. "Non me arrepinto. Volvería facelo outra vez se tivese ocasión", declarou o acusado ante o tribunal. Pola súa parte, á dona de Roxello, que experimentou unha melloría considerable, retiróuselle a medicación, aínda que se espera que poida reiniciála en breve baixo vixilancia médica.

1. Tiñan dereito os laboratorios a negarse a axudar a Roxello?
2. Pode a lei decidir sobre este tipo de casos?
3. Pode a sociedade condenar este tipo de actos?
4. Como cres que actuarías ti na situación de Roxello? Por que?
5. Debemos cumprir sempre as leis?

## UNIDADE 10 Escollas

**1.** Escolle o conector adecuado para completar cada un dos seguintes fragmentos de conversacións e textos escritos.

1. Incendio nun bloque de vivendas de Vigo. Non hai que lamentar vítimas ..... os bombeiros chegaron a tempo.

**a causa de que | grazas a que**

2. ● Carlos! Pero que fas aquí? Non ías de excursión?

○ Si, pero anulouse ..... a choiva.

**por culpa de | xa que**

3. ● Volvín suspender Historia! Creo que o profe me ten manía!

○ Pero que dis? Se suspendiches é ..... non te esforzas nin o máis mínimo.

**xa que | porque**

4. ● Ao final déronlle á túa filla o traballo en Londres?

○ Non, ao final non. É que ..... non fala moi ben inglés, non superou a última proba.

**por culpa de | como**

5. ● Vou un momento ao súper. Veño agora.

○ Oíches, cómprasme o xornal, ..... baixas?

**debido a que | xa que**

6. Serxio López di adeus ao mundial ..... unha lesión no xeonllo. A estrela do equipo galego tivo que abandonar nos últimos minutos do partido.

**a causa de | como**

**2.** Completa as seguintes conversacións con **tan/tanto/tantos/tantas**.

1. ● Oi, que cara tes!, e logo que foi muller?

○ Boh!, non, home non, é que durmín ..... que aínda estou un pouco aparvada.

2. ● Gustouche a novela que nos recomendaron na clase de galego?

○ Pois a verdade é que non moito. Pareceume ..... aburrida que a deixei pola metade.

# máis exercicios

3. ● Mmmmh! Que boa estaba a empanada! Comín  
 ..... que vou estoupar.  
 ○ Sempre fas o mesmo Manolo, comes .....  
 que despois te sentes fatal.
4. ● Ti cres nos ovnis?  
 ○ Pois non sei, escóitanse unhas cousas .....  
 raras que xa non sei nin que pensar.
5. ● Non o vas crer: esta mañá había ..... tráfico  
 que tardei dúas horas en chegar ao traballo.  
 ○ En serio? Pero se só son 10 quilómetros ata Bertamiráns.
6. ● E como che vai a escola de linguas que montaches?  
 ○ Pois a verdade é que moi ben. En dous anos, nunca tivera  
 ..... alumnos como ata agora.

### 3. Conxuga os verbos en infinitivo convertendo as frases en pasiva. Todas se refiren ao futuro.

As actividades / realizar / durante o inverno.

*As actividades realízanse durante o inverno*  
 .....

Os invitados / trasladar / en autobuses ata o banquete.  
 .....

Levar a cabo iniciativas / para fomentar o uso do galego.  
 .....

As axudas / recibir / polos que presentaron a documentación en  
 regra.  
 .....

Incrementar / as medidas paliativas para a mellora da saúde na  
 poboación.  
 .....

Decidir / por maioría absoluta cal sería a decisión que se debe de  
 tomar.  
 .....

Un ano máis / convidar / os pais a participar no festival de fin de  
 curso.  
 .....

### 4. E agora, xa para rematar, imos ver canto sabes sobre Galicia. Responde ao seguinte cuestionario.

## CANTO SABES DE GALICIA?

- De onde son os pementos máis famosos de Galicia?**  
De Padrón/De Caión/De Dozón
- Como se saúdan os peregrinos cando se atopan no Camiño?**  
'Bo camiño' / 'Boas, camiñante' / 'Boa xornada'
- Onde está o faro onde os peregrinos rematan o Camiño?**  
Ortigueira/Fisterra/Santiago
- Que prato é típico de Galicia?** Polbo/Butifarra/Paella
- En realidade, cantos Camiños de Santiago hai?** 8/2/7
- En que cidade de Suramérica viven máis galegos?**  
Bos Aires/Caracas/México D.F.
- Que cantidade corresponde á colonia de galegos que viven en Suíza?** Máis de 200.000/Entre 20.000 e 200.000/Menos de 20.000
- De que dous tipos poden ser as rías galegas?**  
Baixas e medias/Altas e baixas/Altas e medias
- Cal dos seguintes é un invento dun galego?** Fútbol/Fregona/Chupa-chups
- Onde naceu o Premio Nobel de Literatura, Camilo José Cela?**  
Santiago de Compostela/Iria Flavia/Ponteceso
- Que famoso pintor viviu na Coruña cando era un neno?**  
Pablo Picasso/Salvador Dalí/Goya
- Cal é a maior tenda de moda galega?** Gap/Mango/Zara
- Que cidade galega ca ten unha muralla romana?**  
Lugo/Ourense/Pontevedra/A Coruña
- En que ano un barco chamado *Prestige* fixo unha vertedura de petróleo fronte ás costas galegas?** 2000/2002/2006
- A que tipo de música está dedicado o Festival Internacional de Ortigueira (A Coruña)?** Celta/Jazz/Música electrónica
- Que ciclista galego foi o gañador do Tour de Francia en 2006?**  
Óscar Pereiro/Alberto Contador/Alvaro Pino
- Que nome recibe o Goberno de Galicia?**  
Goberno de Galicia/Xunta de Galicia/Cabido galego
- Como se chama a bebida feita con augardente á que se lle prende lume mentres se recita un conxuro?**  
Auga de lume/Queimada/Licor de herbas

## RESPOSTAS

1. De Padrón • 2. Bo camiño • 3. Fisterra • 4. Polbo • 5. 8 (Vía da prata, Camiño Francés, Camiño Primitivo, Camiño do Norte, Camiño Inglés, Camiño a Fisterra, Ruta do Mar de Arousa e Ulla e Camiño Portugués) • 6. Bos Aires • 7. Máis de 200.000 • 8. Altas e baixas • 9. Fútbol • 10. Iria Flavia • 11. Pablo Picasso • 12. Zara • 13. Lugo • 14. 2002 • 15. Música celta • 16. Óscar Pereiro • 17. Xunta de Galicia • 18. Queimada

(Vivir) ..... en Monforte

(SER) ..... de Orden

# Resumo gramatical

## Xénero

- En galego só hai dous xéneros: masculino e feminino. En xeral, son masculinos os substantivos rematados en **-o** e femininos os rematados en **-a**, pero hai excepcións: **o fantasma, a moto, o diadema, a tribo** etc.
- Os substantivos que terminan en **-ista** ou **-e** teñen a mesma forma para o masculino e o feminino: **o/a artista, o/a dentista, o/a estudante, o/a cantante, o/a intérprete** etc.
- Os adxectivos que rematan en **-ista, -e** ou **-z** tamén teñen a mesma forma para os dous xéneros: **optimista, individualista, intelixente, alegre, feliz, capaz, perspicaz** etc.
- Son **masculinos**: os nomes das letras (**o xe, o hache**); os substantivos de orixe grega terminados en **-ema** e **-oma** (**o problema, o cromosoma**); os nomes que acaban en **-me** (**o acedume, o abdome...** agás **a servidume, a mansedume**) e os nomes das árbores froiteiras cando a froita que dan é masculina (**o plataneiro, o marmeleiro...** agás **a figueira**).
- Son **femininos**: os nomes acabados en **-axe** (**a mensaxe, a viaxe, a equipaxe...** agás **o traxe, o paxe, o garaxe**) e os nomes das árbores froiteiras cando a froita que dan é feminina (**a maceira, a laranxeira...** agás **o castiñeiro**).

## Formación do feminino

- En xeral, fórmase o feminino dos substantivos e adxectivos cambiando o **-o** final por un **-a** ou engadíndolles un **-a** ás terminacións **-r, -ín, -z** (no caso de substantivos) e vogal tónica: **alto/alta, traballador/traballadora, bailarín/bailarina, rapaz/rapaza, xuíz/xuíza, nu/núa, cru/crúa** etc.
- Os substantivos e adxectivos rematados en **-án** forman o feminino en **-á**, como **curmán/curmá, irmán/irmá, compostelán/compostelá, catalán/catalá, cidadán/cidadá, san/sa, truán/truá** etc.; ou en **-ana**, como **folgazán/folgazana, larpán/larpana, paspán/paspana, papán/papana** etc.
- Os rematados en **-és** fan en **-esa**: **fregués/freguesa, vigués/viguesa, chinés/chinesa**; agás **cortés**, que é invariable.
- Dos substantivos rematados en **-ón**, algúns fan o feminino en **-oa**, pero tamén poden presentar outras formas: **anglosaxón/anglosaxoa, león/leoa, patrón/patroa, ladrón/ladroa** ou **ladra** etc.; e algúns substantivos e adxectivos fan en **-ona**: **lambón/lambona, chorón/chorona, papaleisión/papaleisona, pasmón/pasmona** etc.
- Os adxectivos xentilicios rematados en vogal tónica presentan a mesma forma para o masculino e o feminino: **o/a marroquí, o/a somalí, o/a israelí, o/a hindú** etc.

## Formacións especiais de xénero

- Hai palabras cuxas formas de feminino son moi peculiares: **heroe/heróina, tsar/tsarina, sacerdote/sacerdotisa, profeta/profetisa, poeta/poetisa, xudeu/xudía, rei/raíña, galo/galiña, príncipe/princesa, abade/abadesa, barón/baronesa, actor/actriz, emperador/emperatriz**.
- Hai casos nos que o cambio de xénero implica un cambio de significado, aínda que algunhas veces moi sutil: **o río/a ría, o bolso/a bolsa, o prato/a prata, o pozo/a poza, o caldeiro/a caldeira, o horto/a horta, o leiro/a leira, o saco/a saca, o manto/a manta, o coitelo/a coitela, o peto/a peta** etc.

## Número: regras de formación do plural

- Ás palabras rematadas en vogal, ditongo ou **-n**, engádeselles **-s**: **cadeira/cadeiras, marroquí/marroquís, xersei/xerseis, limón/limóns** etc.
- Ás palabras rematadas en **-r** e **-z**, engádeselles **-es**: **muller/mulleres, fogar/fogares** etc. No caso de **-z**, este cámbiase por **-c** antes de facer o plural: **vez/vecas, luz/luces, capaz/capaces** etc.
- As palabras agudas rematadas en **-s** forman o plural engadindo **-es**: **deus/deuses, autobús/autobuses** etc.
- As palabras rematadas en **-s** ou **-x**, ben sexan graves, esdrúxulas ou que formen grupo consonántico, permanecen invariables á hora de formar o plural: **mércores, lapis, lux, unisex, luns**.
- As palabras rematadas en **-l**, se son graves ou monosilábicas, forman o plural engadindo **-es**: **sol/soles, difícil/difíciles, túnel/túneles** etc. Se son agudas, con máis dunha sílaba, forman o plural substituíndose o **-l** por **-is**: **papel/papeis, español/españóis, civil/civís, caracol/caracois** etc.

## O plural nas palabras compostas

- Nos compostos gráficos, que forman unha soa palabra, a flexión de plural só se fai no último elemento: **socioeconómico/socioeconómicos, cartafol/cartafoles, mapamundi/mapamundis, pasatempo/pasatempos, lavalouza/lavalouzas, beirarrúa/beirarrúas, benvida/benvidas, benfalado/benfalados, branquiazul/branquiazuis, quefacer/quefaceres** etc.



### ATENCIÓN

Algúns compostos gráficos teñen unha soa forma. Nestes casos, só sabemos se están en singular ou en plural polo contexto ou polos determinantes que os acompañan: **o/os paraugas, o/os portafolios, o/os microondas, o/os tirapedras, o/os limpabotas, o/os trabalinguas, o/os abrelatas, o/os gardarríos** etc.

- Nos compostos sintagmáticos formados por substantivo + substantivo, onde o segundo elemento funciona como un modificador do primeiro, só recibe flexión de número o primeiro elemento: **home araña/homes araña, neno prodixio/nenos prodixio, palabra clave/palabras clave, café teatro/café teatro, porco espiño/porcos espiño, moble bar/mobles bar** etc.
- Tamén flexiona só o primeiro elemento dos compostos sintagmáticos que teñen un nexa entre as dúas bases: **sala de estar/salas de estar, ferro de pasar/ferros de pasar, paso a nivel/pasos a nivel, mesa de noite/mesas de noite** etc.
- Nas palabras compostas que se escriben con guións, só recibe flexión de plural o segundo elemento: **non-fumador/non-fumadores, político-económica/político-económicas, maníaco-depresivo/maníaco-depresivos** etc.
- Nos compostos sintagmáticos formados por substantivo + adxectivo, as dúas bases fan a flexión de plural: **garda civil/gardas civís, porco bravo/porcos bravos, pomba torcaz/pombas torcaces, pé dereito/pés dereitos** etc.



## ATENCIÓN

A palabra que vai en plural faino segundo a regra de formación do plural á que pertence: **rúa/rúas; fol/foles; facer/faceres; civil/civís** etc.

## Outros casos especiais na flexión de número

Hai palabras non patrimoniais que presentan a formación do plural dun modo particular.

- Aos estranxeirismos, palabras doutros idiomas que, a pesar do frecuente emprego, manteñen a súa forma orixinal, engadímoslles **-s**: **club/clubs, pub/pubs, clip/clips, robot/robots, croissant/croissants** etc. O mesmo ocorre cos poucos cultismos que se conservan na lingua: **álbum/álbums, réquiem/réquiem, tándem/tándems** etc.
- As marcas non se deben pluralizar, xa que son nomes propios. Algunhas pasaron a designar obxectos comúns e fan a flexión de número a través dos determinantes que as acompañan: **o land rover/os land rover; o kleenex/os kleenex** etc.
- Sobre as siglas, cómpre indicar que estas tampouco se pluralizan. Non obstante, atópanse na lingua algunhas siglas cuxo emprego está moi sistematizado, de xeito que se comportan como palabras comúns, presentando incluso algunha transformación morfolóxica (como o acento gráfico). Todas elas se escriben en letras minúsculas e admiten a flexión de plural, segundo as regras para as palabras patrimoniais: **peme/pemes, ovni/ovnis, láser/láseres, radar/radares** etc.

- Hai tamén casos nos que a formación do plural deste tipo de siglas presenta opinións encontradas, como o que ocorre, por exemplo, con CD e DVD: **cd/cds; o/os CD; cedé/cedés**.

## Artigo

Existen dous tipos de artigos en galego: o determinado e o indeterminado.

### Artigo determinado

- Os artigos determinados (**o, a, os, as**) utilízanse cando falamos de algo en concreto, que é único ou que xa se mencionou antes.
  - *Imos alugar a casa de meus pais.*
  - *Trouxeron o coche de sempre.*
- Tamén o empregamos cando nos referimos a un aspecto ou a unha parte dun país ou dunha rexión, coas formas de tratamento e cos títulos: **o Exipto antigo, a Galicia actual, a doutora Fidalgo, o señor González**.
- O artigo determinado contrae coas preposicións **a, con, de** e **en**, e coa conxunción comparativa **ca**:

	o	a	os	as
a	<b>ao (ó)*</b>	<b>á</b>	<b>aos (ós)*</b>	<b>ás</b>
con	<b>co</b>	<b>coa</b>	<b>cos</b>	<b>coas</b>
de	<b>do</b>	<b>da</b>	<b>dos</b>	<b>das</b>
en	<b>no</b>	<b>na</b>	<b>nos</b>	<b>nas</b>
ca	<b>có</b>	<b>cá</b>	<b>cós</b>	<b>cás</b>

\* Aínda que na escrita poida representarse de dúas formas, a única pronuncia correcta é **ó/ós**.

- Existe tamén unha segunda forma do artigo determinado (**lo, la, los, las**) que se emprega obrigatoriamente tras da preposición **por** (*Imos polo monte*) e do adverbio **u** (*U-los mozos que chegaron?*).
- Ademais destes contextos, a segunda forma do artigo pode aparecer nos seguintes casos:
  - 1) Despois das formas verbais rematadas en **-r** ou **-s**:
    - *Non compartímo-la mesa con eles. (Compartimos + a)*
    - *Debes deixa-los libros no estante. (Deixar + os)*
  - 2) Despois dos pronomes enclíticos **-nos, -vos, -lles**, e dos pronomes tónicos **nós** e **vós**:
    - *Déuno-lo diñeiro que faltaba. (Deunos + o)*
    - *Vó-los tres seguideme. (Vós + os)*
  - 3) Despois de **ambos/as, entrambos/as, todos/as, tras, (e) mais**:
    - *Ámbalas estudantes eran de Porriño. (Ambas + as)*
    - *Entrámbolos dous fixemos o traballo. (Entramos + os)*
    - *Tódolos días facía o mesmo. (Todos + os)*
    - *Vinos tralo hórreo. (Tras + o)*
    - *Fomos eu e maila tía de Luísa. (E mais + a)*

## Artigo indeterminado

- Usamos os artigos indeterminados (**un, unha, uns, unhas**) para mencionar algo por primeira vez, cando non sabemos se existe ou para identificar ou valorar alguén pola súa profesión.
  - *Queremos mercar **unha** casa en Sanxenxo.*
  - *Tes **un** cincheiro por aquí?*
  - *A súa muller é **unha** xornalista moi coñecida.*
- O artigo indeterminado contrae coas preposicións **con, de e en**:

	un/s	unha/as
con	<b>cun/cuns</b>	<b>cunha/cunhas</b>
de	<b>dun/duns</b>	<b>dunha/dunhas</b>
en	<b>nun/nuns</b>	<b>nunha/nunhas</b>

## Casos de omisión do artigo

- En xeral, os artigos non se usan cos substantivos propios (nomes de persoas, de continentes, de países e de cidades), agás cando forma parte do nome: **A Habana, O Cairo** etc. Nalgúns casos, o uso do artigo é opcional: **(A) India, (O) Brasil, (O) Perú** etc.
- Tampouco se emprega se falamos dunha categoría ou de substantivos non contables.
  - *Tes **coche**?*
  - *Merca **sal** e **leite** cando vaias ao súper.*

## Os demostrativos

- Serven para referirse a algo con referencia á súa distancia no espazo ou no tempo respecto da persoa que fala. Están en relación cos adverbios de lugar **aquí** (preto de quen fala), **aí** (preto de quen escoita) e **alí/alá** (lonxe de ambos).

	Masculino		Feminino		Neutro
	Singular	Plural	Singular	Plural	
aquí	<b>este</b>	<b>estes</b>	<b>esta</b>	<b>estas</b>	<b>isto</b>
aí	<b>ese</b>	<b>eses</b>	<b>esa</b>	<b>esas</b>	<b>iso</b>
alí/alá	<b>aquel</b>	<b>aqueles</b>	<b>aquela</b>	<b>aquelas</b>	<b>aquilo</b>

- ***Este** avión é bastante novo, pero **aquel** de alá é vellísimo.*
- As formas neutras serven para referirse a algo descoñecido ou que non queremos ou non podemos identificar cun substantivo.
  - *Que é **isto**? Non entendo nada.*
  - ***Iso**? É a tradución do informe anual.*
- Cando acompañan un substantivo, os demostrativos funcionan como **determinantes** ou **adxectivos**, concordando co devandito substantivo en número e xénero.
  - ***Estas** lentes son graduadas.*
  - *As cadeiras **esas** comprámolas nas rebaixas.*
- Cando os demostrativos aparecen sós, substituíndo os substantivos, denomínanse **pronomes**.
  - ***Estes** son os que procuraba.*
  - *Gústame **aquelas** brancas. Podo levalas?*

- Coas preposicións **de e en** os demostrativos contraen:

	este(s)/esta(s)	ese(s)/esa(s)	aquel(es)/aquela(s)
de	<b>deste(s)/desta(s)</b>	<b>dese(s)/desa(s)</b>	<b>daquel(es)/daquela(s)</b>
en	<b>neste(s)/nesta(s)</b>	<b>nese(s)/nesa(s)</b>	<b>naquel(es)/naquela(s)</b>

- *Traballo **naquel** edificio con cristais negros.*
- *Quen é o dono **deste** coche?*

- Prodúcese a mesma contracción cos demostrativos neutros:

	isto	iso	aquilo
de	<b>disto</b>	<b>diso</b>	<b>daquilo</b>
en	<b>nisto</b>	<b>niso</b>	<b>naquilo</b>

- *Sabes algo **disto**?*

## Os posesivos

- Os posesivos utilízanse para identificar algo ou alguén referíndose ao seu posuidor. Concordan en xénero e número coa cousa posuída e varían segundo o posuidor (eu = a **miña** casa; ti = a **túa** casa...)

	Masculino		Feminino	
	Singular	Plural	Singular	Plural
(eu)	<b>meu</b>	<b>meus</b>	<b>miña</b>	<b>miñas</b>
(ti)	<b>teu</b>	<b>teus</b>	<b>túa</b>	<b>túas</b>
(el/ela/vostede)	<b>seu</b>	<b>seus</b>	<b>súa</b>	<b>súas</b>
(nós)	<b>noso</b>	<b>nosos</b>	<b>nosa</b>	<b>nosas</b>
(vós)	<b>voso</b>	<b>vosos</b>	<b>vosa</b>	<b>vosas</b>
(eles/elas/vostedes)	<b>seu</b>	<b>seus</b>	<b>súa</b>	<b>súas</b>

- Cando acompañan o substantivo, os posesivos funcionan como determinantes ou adxectivos:
  - *Gústame o **meu** traballo.*
- Cando van sós, substituíndo un substantivo xa mencionado ou coñecido polo interlocutor, funcionan como pronomes:
  - ***Este** libro é **meu**.*
- Como determinante ou adxectivo, o posesivo vai obrigatoriamente con artigo determinado, pero en certos contextos (nomes de parentesco, en exclamacións ou vocativos, por exemplo) o artigo pode aparecer elidido:
  - *Onte falei con **meu** pai.*
  - ***Miña** muller traballa toda a tarde...*
  - ***Meu** Deus!*

## Usos especiais dos posesivos

- As expresións **de meu, de teu, de seu, de noso, de voso e de seu** empréganse para expresar pertenza exclusiva:
  - *Tantos anos de traballo e non tendes nada **de voso**.*
  - *Xa tiña moitas terras **de seu** cando casou.*
- Asemade, as devanditas formas poden indicar que unha característica é propia ou da natureza dunha persoa.

- Seguro que non espera nada a cambio. É que é boiño **de seu**.
- Coñézote e sei que es xeneroso **de teu**.

■ Coas formas **cadanseu/s** e **cadansúa/s** distribúese un obxecto a cada persoa dentro dun grupo.

- Utilízate **cadansúas** follas de exercicios.
- Levamos **cadanseu** coche, porque logo non volvemos xuntos.

■ As formas da primeira persoa cun nome propio empréganse para expresar familiaridade ou afectividade.

- Marchou **o noso** Xoel a Estados Unidos.
- Sabedes? A **nosa** Beatriz acaba de aprobar as oposicións!

■ **Os meus, os teus, os seus, os nosos, os vosos** poden empregarse para substituír 'a miña, a túa, a súa... familia'.

- Pasa aquí todo o curso, pero no verán volve á súa terra porque quere estar **cos seus**.
- Cando estou baixa de ánimo, prefiro estar na casa, na compañía **dos meus**.

■ **As miñas, as túas, as súas, as nosas, as vosas** empréganse para indicar as cousas, feitos ou trasnadas que fixo unha persoa.

- Creo que, se volvo facer unha **das miñas**, me despiden.
- Este neno é terrible: anda sempre facendo **das súas**.

■ **O meu, o teu, o seu, o noso, o voso, o seu** poden significar 'o que me/che/lle/nos/vos/lles gusta'.

- Non me gustou moito a obra, pero xa sabes que o teatro non é **o meu**.
- Ana está moi contenta nesta empresa. Nótase que isto é **o seu**.

■ O posesivo **meu** pode aparecer como vocativo para chamar a atención dun compañeiro.

- **Meu**, que che pasa? Véxote un pouco decaído.

## Os indefinidos

■ Son palabras que expresan conceptos como cantidade, intensidade, identidade, existencia ou distribución dun xeito vago e impreciso.

■ Os indefinidos son invariables cando só teñen unha forma: **alguén, ninguén, algo, nada, cada, cadaquén, calquera, demais** etc.; e variables cando admiten flexión de xénero e/ou número: **todo/toda/todos/todas; outro/outra/outros/outras; certo/certa/certos/certas; un/unha/uns/unhas; algún/algunha/algúns/algunhas; ningún/ningunha/ningúns/ningunhas; pouco/pouca/poucos/poucas; demasiado/demasiado/demasiados/demasiadas; abondo/abonda/abondos/abondas; varios/varias; tal/tales; ambos/ambas** etc.

■ Poden funcionar como pronomes, cando substitúen o substantivo, ou como adxectivos, cando o modifican.

- Se chama **alguén**, dígalle que volvo axiña. (= pronome)
- Podes deixarme **calquera** libro de poesía? (= adxectivo)

## Contraccións

● O indefinido **un** (e as súas variantes), cando actúa como adxectivo, presenta as mesmas contraccións ca o artigo indeterminado: **dun/dunha/duns/dunhas, nun/nunha/nuns/nunhas, cun/cunha/cuns/cunhas**. Non obstante, no seu emprego pronominal, contrae con **de** e **en**, pero non coa preposición **con**.

- **Cunhas** reclamacións estamos de acordo, con outras non. (= adxectivo)
- Cada fin de semana sae **con unha**, non quere volver namorarse. (= pronome)

■ Asemade, **ambos** contrae coa preposición **entre**, formando **entrambos** e **entrambas**.

■ Os indefinidos **algún** e **outro** (e as súas variantes) contraen coas preposicións **de** e **en**, da seguinte maneira:

	algún	outro
de	<b>dalgún/dalgunha/dalgúns/dalgunhas</b>	<b>doutro/doutra doutros/doutras</b>
en	<b>nalgún/nalgunha/nalgúns/nalgunhas</b>	<b>noutro/noutra/noutros/noutras</b>

## Pronomes persoais

■ A forma dos pronomes persoais cambia segundo a súa función na oración.

Suxeito	CD	CI	Reflexivo	Con preposición
<b>eu</b>	<b>me</b>	<b>min</b>	<b>me</b>	<b>min (comigo)</b>
<b>ti</b>	<b>te</b>	<b>che</b>	<b>te</b>	<b>ti (contigo)</b>
<b>vostede</b>	<b>o/a</b>	<b>lle</b>	<b>se</b>	<b>vostede (consigo)</b>
<b>el/ela</b>	<b>o/a</b>	<b>lle</b>	<b>se</b>	<b>el/ela, si (consigo)</b>
<b>nós</b>	<b>nos</b>	<b>nos</b>	<b>nos</b>	<b>nós (connosco)</b>
<b>vós</b>	<b>vos</b>	<b>vos</b>	<b>vos</b>	<b>vós (convosco)</b>
<b>vostedes</b>	<b>os/as</b>	<b>lles</b>	<b>se</b>	<b>vostedes (consigo)</b>
<b>eles/elas</b>	<b>os/as</b>	<b>lles</b>	<b>se</b>	<b>eles/elas, si (consigo)</b>

■ Ao lado dos pronomes **nós** e **vós** tamén existen **nosoutros/as** e **vosoutros/as**, respectivamente. Non obstante, estas formas non teñen o mesmo significado en cada caso.

■ **Nosoutros/as** e **vosoutros/as** delimitan un grupo concreto e pechado, coñecido polo interlocutor, que deixa fóra os demais.

- Podemos organizarnos do seguinte xeito: **nosoutros** axeitamos esta parte e **vosoutros** aquela.

■ **Nós** e **vós**, pola súa banda, non establecen ningún tipo de limitación nese sentido.

- **Nós** somos galegos e **vós**, de onde sodes?

■ Os pronomes suxeito empréganse tamén coas preposicións **agás, ata, entre, excepto, fóra, incluso, menos, salvo e segundo**.

- Segundo **ela**, todos estabamos convocados á reunión.
- Entre **ti** e **eu** terminaremos o traballo esta tarde.

- A forma **o**, ademais de complemento directo (CD) masculino singular, pode substituír partes enteiras dun texto, así como predicativos dos verbos **ser**, **estar** e **parecer**.
  - *Ao final, aprobaches os exames?*
  - *Aínda non o sei porque as notas saen mañá.*
  - *Suso parece moi boa persoa, non?*
  - *Pois a verdade é que non o é.*

## Pronomes en construcións valorativas

- En galego moitos verbos combínanse cos pronomes de CI en construcións cuxo suxeito (subliñado nos exemplos) é o que provoca o sentimento ou a valoración. Para marcar o contraste con outras persoas ou evitar a ambigüidade, empregamos tamén as formas preposicionais cos pronomes tónicos **a min**, **a ti**, **a vostede**, **a el/ela**, **a nós**, **a vós**, **a vostedes**, **a eles/elas**.
  - *(A min) esta situación non me gusta nada.*
  - *(A ti) fascinante os espectáculos en vivo, verdade?*
  - *(A vostede) interésalle a arte?*
  - *(A el) os avións danlle pánico.*
  - *(A nós) moléstanos tanto barullo.*
  - *(A vós) non vos parece máis práctico este modelo?*
  - *(A elas) non lles importa esperar un pouco.*

## O pronome de solidariedade

Familiar	<b>che</b>	<b>vos</b>
Cortesía	<b>lle</b>	<b>lles</b>

- O pronome de solidariedade corresponde á forma de pronome persoal de complemento indirecto e emprégase cando se lle quere dar ao interlocutor unha participación afectiva ou un tratamento máis familiar ou especial. A presenza destes pronomes non altera a información que transmite o enunciado.
  - *Évos unha situación ben delicada.*
  - *Pois xa non che sei nada.*
  - *Vaille un frío que arrepiá.*

### ! ATENCIÓN

Os pronomes **te** e **che** corresponden á segunda persoa do singular **ti**. **Te** funciona como complemento directo e como pronome reflexivo, mentres que **che** é a forma de complemento indirecto e tamén do pronome de solidariedade.

- *Vímoste onte na entrada do cinema.* (CD)
- *Érguete máis cedo se non queres perder o autobús.* (Reflexivo)
- *Deixáronche este paquete onte pola mañá.* (CI)
- *Este rapaz éche moi traballador.* (Solidariedade)

## Posición dos pronomes de CI e CD

- Por regra xeral, a orde de colocación dos pronomes átonos é: verbo + CI + CD. Os pronomes colócanse sempre despois do verbo e unidos a el.
  - *Tróuxome todo o que lle pedira.*
- Non obstante, hai determinados contextos nos que o pronome se coloca diante do verbo e separado deste.
  - Despois de palabras que marcan subordinación (**que, aínda que, sempre que, xa que, posto que, se...**):
    - *Dixo que me deixaría todos os apuntamentos.*
    - *Déixoche a moto se me fas este traballo.*
  - Despois de adverbios ou expresións que indican negación (**non, nunca, xamais, tampouco...**) e dúbida (**quizais, talvez, seica, disque**):
    - *Nunca o vin por esta zona.*
    - *Xamais che dirá a verdade.*
    - *Seica lle deron un premio de poesía.*
  - Despois dalgúns outros adverbios (**xa, aínda, mentres, tamén, sempre, ben, mal, só, axiña, logo, máis, menos, aquí, aí, alí...**):
    - *Sempre me ducho pola noite.*
    - *Querías este libro? Pois aquí o tes.*
    - *Xa lle dixen que non dispoño deste material.*
  - Despois dalgúns pronomes indefinidos (**algo, nada, ninguén, alguén, calquera, mesmo, bastante...**):
    - *Ninguén me deu a resposta correcta.*
    - *Algo me dí que isto non está ben.*
  - Despois de interrogativos (**que, por que, como, quen, onde, cando, canto, como...**), exclamativos (**que, como, canto...**) ou frases desiderativas:
    - *Quen che dixo esa barbaridade?*
    - *Cando lle daremos o regalo?*
    - *Canto me alegro por ti!*
    - *Deus me valla!*
- Hai casos nos que a posición do pronome é variable:
  - Diante de preposicións, o pronome pode ir despois da preposición ou despois do verbo:
    - *Os profesores temos o compromiso de lles axudar aos alumnos. / Os profesores temos o compromiso de axudarlles aos alumnos.*
  - Nas perífrases verbais os pronomes poden colocarse despois do verbo principal, despois da conxunción ou preposición que forma parte da perífrase ou detrás do verbo auxiliado:
    - *Tesme que facer un favor.*
    - *Tes que me facer un favor.*
    - *Tes que facerme un favor.*
    - *Estiven chamándote toda a mañá.*
    - *Estívente chamando toda a mañá.*
  - Nas perífrases de participio, o pronome só se coloca despois do verbo auxiliar (ou conxugado), agás nos casos das excepcións mencionadas anteriormente:
    - *Téño visitado alí algunhas veces.*
    - *Non che dou feito isto ata mañá.*

## Contraccións dos pronomes de CI e CD

CI	CD	CONTRACCIÓN	
me che lle nos vos lles	o a os as	<b>mo, ma, mos, mas</b>	• <b>Estas cartas</b> deumas Luísa.
		<b>cho, cha, chos, chas</b>	• <b>Queres isto?</b> Pois déixochos.
		<b>llo, lla, llos, llas</b>	• Non o sei, <b>voulo</b> preguntarlle a Luís.
		<b>nolo, nola, nolos, nolas</b>	• A chave? <b>Entregóunola</b> a conserxe.
		<b>volos, vola, volos, volas</b>	• As publicacións <b>enviáreivolas</b> logo.
		<b>llelo, llela, llelos, llelas</b>	• Estes xoguetes <b>lévallelos</b> aos nenos do orfanato.

## Preposicións e locucións preposicionais

- As preposicións son elementos invariables que serven para unir as palabras, establecendo entre elas relacións de diversos significados. Constitúen un repertorio bastante extenso, pero as máis frecuentes en galego son: **a, agás/excepto, ante/perante, ata, con, contra, de, dende/desde, en, entre, para, por, sen, sobre, tras, onda**.
- Locucións prepositivas** son grupos de palabras que funcionan coma unha preposición, é dicir, son invariables e establecen relacións de distintos significados entre as palabras. Algúns exemplos de locucións poden ser: **cara a, por mor de, a/en prol de, antes de, no canto de, dentro de, debaixo de, detrás de, despois de, ao lado de...**
- Entre as referencias semánticas que as preposicións poden achegar ás relacións que establecen, atópanse os seguintes:
  - Caracterización: *É un neno **con** carácter; Alí está a cabina **de** control.*
  - Modo/Maneira: *Traballa **con** atención; Fixémolo **entre** os dous.*
  - Tempo: *Vexo o telexornal **do** serán; Chegou **ás** sete e media.*
  - Lugar: *Vivimos **en** Verín; Direino **ante** o xuíz.*
  - Compañía: *Tomou xamón **con** melón; Traballamos **con** María.*
  - Materia: *Envieille un ramo **de** flores; A caixa era **de** acrílico.*
  - Posesión: *Este libro é **de** Mateo, Viches o novo coche **de** Pedro?*
  - Causa: *Fíxose cura **por** imposición da nai; Preocupábame **por** ti.*
  - Oposición: *Que tes **contra** min?; Todos van, **agás** Xan.*
  - Orde/Posición: ***Antes de** saír, remato este traballo.*
  - Orixe: *Vén **de** Nova York; Sandra é **de** Caldas.*

- Dirección: *Cando o vin, ía **cara á** igrexa; Pedro foi **onda** o pai.*
- Instrumento: *Límpao **con** este trapo; Partiu o pan **coas** mans.*
- Movemento: *Mañá imos **a** Combarro.*
- Carencia: *Non conduce **sen** o carné.*
- Finalidade: *Vive **para** traballar; Merqueino **para** facer os churros.*
- Límite: *Sigue **ata** a fin da rúa.*

### ! ATENCIÓN

Unha mesma preposición pode expresar distintos matices de significado:

- *Gústame esta mesa **de** centro. (Caracterización)*
- *Este ordenador é **de** Iago. (Posesión)*
- *Tráeme ese bote **de** plástico. (Materia)*

## Adverbios e locucións adverbiais

- Os adverbios son palabras invariables que expresan diferentes matices que poden complementar ou modificar un verbo, un adxectivo, outro adverbio ou ata mesmo un enunciado completo.
  - *Chamáronme **onte** para un novo traballo.*
  - *Era **moi** falador, pero traballaba **pouco**.*
  - *Francamente, a túa actitude decepcionounos **moito**.*
- Os adverbios adoitan achegar algunha información circunstancial que pode ser dos seguintes tipos:
  - Tempo: **onte, antonte, hoxe, mañá, cedo, tarde, logo, despois, agora, antes, acotío** etc.
  - Lugar: **aquí, alí, alá, acolá, dentro, fóra, preto, lonxe, diante, detrás, alén** etc.
  - Modo: **así, ben, mal, gratis, amodo, adrede, asemade, paseniño, devagar** etc.
  - Dúbida: **talvez, quizais, seica, disque** etc.
  - Negación: **non, nin, nunca, xamais, sequera, tampouco** etc.
  - Afirmación: **si, certo, certamente, abofé, tamén** etc.
  - Cantidade ou intensidade: **case, máis, menos, tan, dabondo, moito, moi, bastante** etc.
- As locucións adverbiais son combinacións fixas de dúas ou máis palabras que funcionan do mesmo xeito ca os adverbios: **a cada canto, a miúdo, ao carón, aos poucos, ás agachadas, ás presas, así mesmo, de certo, de momento, de repente, se callar** etc.
- Coa colocación do sufixo **-mente** ao final dalgúns adxectivos femininos ou neutros, pódese formar unha ampla serie de adverbios de modo: **soa/soamente, rápida/rapidamente, difícil/difícilmente** etc.

## ! ATENCIÓN

Ao engadirlle o sufixo **-mente**, os adxectivos que levan acento pérdeno: fácil - **facilmente**.

## Acentuación

■ De acordo coa posición da sílaba tónica, as palabras que teñen máis dunha sílaba clasifícanse en **agudas**, **graves** e **esdrúxulas** e a súa acentuación faise da seguinte forma:

- **Agudas:** son as palabras nas que a sílaba tónica é a última. Levan acento gráfico, chamado acento agudo, cando rematan en **vogal**, **vogal + n**, **vogal + s** e **vogal + ns**: **mañá**, **paté**, **refén**, **francés**, **composteláns**...
- **Graves:** son palabras nas que a sílaba tónica é a penúltima. Levan acento cando rematan en consoante que non sexa **-n** ou **-s** ou en grupo consonántico distinto de **-ns**: **difícil**, **álbum**, **carácter**, **tórax**...
- **Esdrúxulas:** son palabras nas que a sílaba tónica é a antepenúltima; sempre levan acento: **médico**, **bágoa**, **cónxuxe**, **ávido**, **sílaba**...

### Outras regras de acentuación

- Os **extranxeirismos** máis correntes en galego seguen as devanditas regras de acentuación: **popurrí**, **xampús**, **acésit**, **cámping**, **pákinson**, **cárdigan** etc.
- Os **monosílabos** non se acentúan, agás nos casos do acento diacrítico: **da**, **das** (contracción preposición + artigo)/**dá**, **dás** (formas do presente indicativo do verbo dar); **pe** (nome da letra)/**pé** (parte do corpo) etc.
- Cando un verbo leva pronomes complemento ou a segunda forma do artigo, o conxunto que forman considérase unha única palabra para fins de acentuación: **vímolos no parque**, **fixémo-la cea**, **deixóullelos aos fillos**...
- Acentúanse as vogais **i**, **u** tónicas, se van precedidas ou seguidas doutra vogal, para indicar que forman parte de sílabas distintas: **ruido**, **saúde**, **oír**, **inclúe**, **día**...

## ! ATENCIÓN

En galego **non** se acentúan:

- Os monosílabos, salvo nos casos que levan acento diacrítico ou diferencial: **son**, **voz**, **po**, **nu**, **cru**...
- As palabras agudas rematadas en ditongo decrecente, seguidas ou non de **s**: **falou**, **cantei**, **metais**, **aneis**, **anzois**...
- Os adverbios en **-mente**: **tranquilamente**, **rapidamente**, **facilmente**, **habilmente**...
- Os interrogativos e exclamativos: **Que queres?**  
**Cantos somos?** **Que sorpresa!**

## Principais casos de acentuación diacrítica ou diferencial

<b>á</b> (a prep. + a artigo)	<b>a</b> (artigo; pron.; prep.)
<b>bóla</b> ('esfera')	<b>bola</b> (peza de pan)
<b>cá</b> (ca + a)	<b>ca</b> (conx.)
<b>có</b> (ca + o)	<b>co</b> (con + o)
<b>cómpre</b> ('é mester')	<b>compre</b> ('merque')
<b>dá</b> (pres. e imp. de dar)	<b>da</b> (de + a)
<b>dó</b> ('compaixón')	<b>do</b> (de + o)
<b>é</b> (pres. de ser)	<b>e</b> (conx.)
<b>fóra</b> (adv.)	<b>fora</b> (antepret. de ser e ir)
<b>má</b> ('ruín')	<b>ma</b> (me + a)
<b>máis</b> (adv. e. pron.)	<b>mais</b> (conx.)
<b>nó</b> (subst.)	<b>no</b> (en + o)
<b>nós</b> (pron. tónico; pl. de nó)	<b>nos</b> (en + os; pron. átono)
<b>ó</b> (a + o)	<b>o</b> (artigo; pron.)
<b>óso</b> (do corpo)	<b>oso</b> (animal)
<b>pé</b> (parte do corpo)	<b>pe</b> (letra)
<b>pór</b> (poñer)	<b>por</b> (prep.)
<b>présa</b> (apuro)	<b>presa</b> (prendida; presada)
<b>sé</b> (sede eclesiástica; imp. de ser)	<b>se</b> (conx.; pron.)
<b>só</b> (adv. e adx.)	<b>so</b> (prep.)
<b>té</b> (infusión)	<b>te</b> (pron.; letra)
<b>vén</b> (pres. de vir)	<b>ven</b> (pres. de ver; imp. de vir)
<b>vés</b> (pres. de vir)	<b>ves</b> (pres. de ver)
<b>vós</b> (pron. tónico)	<b>vos</b> (pron. átono)

## Emprego das maiúsculas

- En galego escríbese a letra inicial maiúscula nos seguintes casos:
  - No comezo do escrito e das frases: **Un día**, **cando chegaba do traballo**...
  - Nos nomes propios: **Lara**, **Carlos**, **Bos Aires**, **Alexandre**...
  - Nas formas e expresións de tratamento: **Sr.**, **Dra.** **Vde.**, **D.**
  - Na primeira palabra dos títulos de obras literarias e artísticas: **Noite de Reis**. **Ou o que queirades**; **A noite que deixou de chover**.
  - En todos os substantivos e adxectivos dos nomes de períodos históricos, festas relixiosas, institucións, organismos, empresas, publicacións periódicas: **Idade Media**, **Nadal**, **O Correo Galego**, **Tribunal Superior de Xustiza**, **A Nosa Terra**, **Xunta de Galicia**.

## ! ATENCIÓN

Polo xeral, os nomes xenéricos que acompañan as denominacións de lugares públicos ou accidentes xeográficos escríbense con inicial minúscula, agás cando comezan frases: **rúa do Vilar**, **praza de Galicia**, **avenida de Ferrol**, **paseo de Tanxil**, **río Miño**, **monte Louro** etc.

## Procesos de formación de palabras

### Derivación

- A derivación consiste na creación de novas palabras a través da colocación de afixos nunha base. Pode ser por **prefixación** (cando o afixo se coloca antes da raíz) ou por **sufixación** (cando o afixo se coloca detrás da raíz). Estes afixos denomínanse, respectivamente, **prefijo** e **sufixo**.

### Prefixación

- Os prefixos poden achegarlles ás bases os máis variados significados. Xeralmente a nova palabra pertence á mesma clase gramatical da base. Os máis frecuentes son os seguintes:
  - Negación, carencia, privación, ausencia: **indecisión**, **incapaz**, **incumplir**, **amoral**, **disimetría**, **deformar**.
  - Simultaneidade, compañía, unión: **coautoría**, **coexistente**, **sincronizar**.
  - Contrariedade, oposición: **contraataque**, **contradecir**, **reaccionar**, **antinatural**.
  - (Movemento para) fóra de: **ex-comuñón**.
  - Exterioridade, intensidade elevada: **extraversión**, **extrafino**.
  - Por riba de, superioridade, intensidade elevada: **hipermercado**, **hipersensible**, **sobrevoos**, **sobrepoñer**.
  - Posición intermedia, participación conxunta: **interlingua**, **interurbano**, **internacional**.
  - Posterioridade: **posparto**, **posverbal**, **posdatar**.
  - Anterioridade: **preescolar**, **predecir**.
  - Repetición: **reconto**, **readaptable**, **refacer**.
  - Posición inferior ou secundaria: **subclase**, **subtitular**.

### Sufixación

- É o proceso máis común de formación de palabras e, ao contrario da prefixación, a palabra creada por este modo pode ter unha categoría gramatical distinta da que lle serviu de base. Os sufixos máis frecuentes son:

#### Substantivos e adxectivos derivados de verbos

- ado/-ada/-ido/-ida**: aglomerado, partida, saída, resultado, chamada...
- axe**: reciclaxe, hospedaxe, almacenaxe, aterraxe, abordaxe, drenaxe...
- ble**: abarcable, apetecible, adquirible...
- ción/-cción/-sión/-zón/-ión**: elaboración, actuación, redución, redacción, revisión, doazón, opinión...
- deiro/a**: duradeiro, sabedeiro, faladeiro, regadeira, fiadeiro...
- doiro/a**: pagadoiro, abrigadoiro, sumidoiro, apartadoiro, vertidoiro...
- dor/-dora**: falador, vendedor, cumpridor, secadora, produtora, abridor...
- dura/-tura**: roedura, mordedura, cocedura, apertura...
- ivo/a**: consultivo, impulsivo, abusivo...
- mento**: nomeamento, ofrecemento, impedimento...
- ncia/-nza**: militancia, asistencia, doenza...
- ón/-ona**: abusón, respondón, chorón, durmiñón...
- or/ora**: revisor, clamor, fervor, delator...

- tivo/a**: narrativo, cualificativo, negativo, estimativa, tentativa...
- torio/a**: satisfactorio, circulatorio, reformatorio, dormitorio...
- tura**: lexislatura, abreviatura...
- ura**: fervura, untura...

### ! ATENCIÓN

Os substantivos terminados cos sufixos **-axe**, **-ción/-cción/-sión/-zón/-ión**, **-ez/-eza**, **-idade/-edade**, **-ura/-dura/-tura** e **-uxe** son femininos: **a sección**, **a doazón**, **a timidez**, **a hospedaxe**, **a facilidade**, **a brancura**, **a lanuxe**... Nalgúns casos, a raíz do verbo sofre cambios: **disolver** > **a disolución**, **inscribir** > **a inscripción**, **pedir** > **a petición**, **elixir** > **a elección**...

#### Adxectivos e substantivos derivados doutros adxectivos e substantivos

- al**, **-ar**: floral, fenomenal, xenial, mortal, bestial, espectacular...
- án**, **-á**, **-ana**: livián, aldeán, compostelá, ourensá...
- ario/a**, **-itario/a**: utilitario, falsario, ...
- axe**: follaxe, ancoraxe, bandidaxe, linguaxe, plumaxe, estiaxe, barcaxe, equipaxe...
- eiro/a**: careiro, neneiro, obreiro, pasteleiro, pataqueiro, agasalleiro, aduaneiro...
- ería**, **-aría**: tolería, librería, relojería, cafetaría, bruxaría, bicharía...
- és**, **-esa**: burgués, xaponés, francés, vigués...
- ez**, **-eza**: riqueza, beleza, natureza, acidez, timidez, altivez...
- idade (-edade, -tade)**: acridade, actividade, impiedade, dificultade...
- ivo/a**: altivo, festivo, instintivo...
- ía**: melloría, alegría, burguesía, valentía, reitoría...
- ismo**: individualismo, culturismo, absentismo, xornalismo, africanismo...
- ista**: accionista, abolicionista, trapequista, especialista, artista...
- on/-ona**: solteirón, cabezón, narigón, barracón, cuón, abañeón...
- oso/-osa**: custoso, perigoso, cariñoso, bondadoso, poderoso, desexoso...
- udo/-uda**: rabudo, cabezudo, orelludo, forzado, veludo...
- ume**: agrume, arume, cerume...
- ura**: negrura, dozura, brandura, espesura, candidatura, amargura...
- uxe**: ferruxe, peluxe, lanuxe...

### ! ATENCIÓN

Os substantivos terminados cos sufixos **-ez/-eza**, **-ura**, **-idade** son todos femininos.

## Verbos a partir de adxectivos e substantivos

- ear**: branquear, fermosear, tolear, escasear, barbear, follear, varear...
- ecer**: madurecer, palidecer, favorecer...
- exar**: branquear, clarear, negrexar, festexar, formiguear, pestanexar, lagrimexar...
- ificar**: clarificar, amplificar, certificar, exemplificar, pacificar...
- itar**: capacitar, debilitar, habilitar, levar, felicitar...
- izar**: contabilizar, europeizar, paganizar, socializar, caricaturizar, aromatizar, sintetizar...

## Composición

- As palabras formadas por composición teñen máis dun radical ou palabra como base, que poden ser de distintas clases gramaticais (substantivos, verbos, adxectivos, preposicións, conxuncións...). As palabras que constitúen un composto forman xuntas unha unidade sintáctica e léxica, cun único significado. Así, a orde na que se dispoñen é fixa. Tampouco se poden substituír nin suprimir estes elementos, nin intercalarse outros entre eles. As palabras compostas poden ser gráficas (cando os elementos se funden nunha soa palabra) ou sintagmáticas (cando presenta dúas ou máis palabras separadas). Algúns exemplos dos tipos de combinacións máis frecuentes son os seguintes:

Compostos gráficos	Compostos sintagmáticos
<b>vagalume</b> = <b>vagar</b> (verbo) + <b>lume</b> (subst.)	<b>sala de estar</b> = <b>sala</b> (subst.) + de (prep.) + <b>estar</b> (verbo.)
<b>cabodano</b> = <b>cabo</b> (subst.) + de (prep.) + <b>ano</b> (subst.)	<b>porco bravo</b> = <b>porco</b> (subst.) + <b>bravo</b> (adxectivo)
<b>malnacido</b> = <b>mal</b> (adv.) + <b>nacido</b> (adx.)	<b>arco da vella</b> = <b>arco</b> (subst.) + da (prep.+art.) + <b>vella</b> (subst.)
<b>mediodía</b> = <b>medio</b> (núm.) + <b>día</b> (subst.)	<b>capitán xeneral</b> = <b>capitán</b> (subst.) + <b>xeneral</b> (subst.)
<b>bocanoite</b> = <b>boca</b> (subst.) + <b>noite</b> (subst.)	<b>paso a nivel</b> = <b>paso</b> (subst.) + <b>a</b> (prep.) + <b>nivel</b> (subst.)

## A comparación

- A estrutura comparativa componse de dous elementos básicos. O primeiro é un adverbio que indica superioridade, igualdade ou inferioridade (respectivamente, **máis**, **tan/tanto(s)/tanta(s)**, **menos**); o segundo, unha partícula: **que**, **ca** ou **do que** (para as comparacións de superioridade e inferioridade) e **coma/como** (para a comparación de igualdade). Cando a segunda parte da comparación é un verbo, emprégase **do que**.
- Na maioría dos casos, **que/ca** e **coma/coma** úsanse indistintamente, pero cando o segundo termo da comparación é un pronome persoal, faise obrigatorio o emprego de **ca/coma**.
  - *A miña irmá é máis alta **ca** min.*
  - *Traballamos tanto **coma** eles.*

- A partícula **ca** contrae co artigo determinado:

ca + a = **cá**  
ca + as = **cás**  
ca + o = **có**  
ca + os = **cós**

Non obstante, trátase dunha contracción opcional, non obrigatoria:

- *O teu coche consome máis **ca o/ có** meu.*

### Superioridade

- Con nomes e adxectivos:
  - *A Coruña ten **máis** habitantes **ca/que** Ourense.*
  - *Vigo é **máis** grande **ca/que** Santiago.*
- Con verbos:
  - *Eles falan **máis do que** traballan.*
- Ademais das formas analíticas **máis bo**, **máis malo** e **máis grande**, pódense empregar no seu lugar, respectivamente, as formas especiais **mellor**, **peor** e **maior**.

### Igualdade

- Con nomes:
  - tanto** espazo
  - *Esta casa ten **tanta** luz **coma/como** a outra.*
  - tantos** cuartos
  - tantas** ventás
- Con adxectivos:
  - *Aquí as casas son **tan** caras **coma/como** no meu país.*

- Con verbos:
  - *Traballa tanto **como** folga.*

### Inferioridade

- Con nomes:
  - *No meu país hai **menos** bares **ca/que** aquí.*

- tanto** espazo
- *Esta casa **non** ten **tanta** luz **coma/como** a outra.*
- tantos** cuartos
- tantas** ventás
- Con adxectivos:
  - *Esta casa é **menos** luminosa **ca as/cás/que as** outras.*
  - *O seu barrio é **menos** tranquilo **ca o/ có/que o** meu.*
  - *Aquí as casas no son **tan** caras **coma/como** no meu país.*

- Con verbos:
  - *Eles traballan **menos do que** din.*

### Superlativo

- É o grao máis alto que un adxectivo lle pode atribuír a algo ou a alguén.
  - *A ría de Arousa é a **máis** grande **de** Galicia.*
  - *O Nilo e o Amazonas son os ríos **máis** longos **do** mundo.*
  - *Sar é o barrio **máis** emblemático **de** Santiago de Compostela.*

## Gradativos do adxectivo

feo <b>moi</b> feo feísimos	caro <b>moi</b> caro carísimos	rico <b>moi</b> rico riquísimos	rápido <b>moi</b> rápido rapidísimos
-----------------------------------	--------------------------------------	---------------------------------------	--



### ATENCIÓN

Ás veces é necesario facer modificacións ortográficas: rico > riquísimo; longo > longuísimos

- Para intensificar un adxectivo podemos empregar, máis frecuentemente na linguaxe coloquial, o prefixo **super-**.
  - É un aparello **superpráctico**.
- Outros recursos para graduar:
  - É **demasiado/excesivamente** rechamante.
  - É **(moi) pouco** práctico.
  - É **un pouco** caro.
  - **Non** é **nada** interesante.



### ATENCIÓN

**Pouco** emprégase soamente con adxectivos de significado positivo; mentres que **un pouco** só se usa con adxectivos de significado negativo.

## Conectores textuais

### Introducir unha nova información ou comenzar un relato

- **Resulta que** onte pola noite me chamou e quedamos para saír.

### Darlle secuencia á acción

- Acabamos de cear e puxemos a televisión. **Nisto/Entón/Deseguida** chegou Amalia e fomos xogar ás cartas.

### Explicar a causa dos acontecementos

- **Como/Xa que/Dado que** traballas entre semana, fai a compra o sábado.
- Nunca fala con estraños **porque/xa que/posto que** llo prohíbe a súa nai.

### Presentar consecuencias

- Estaba moi canso, **así que/de modo que/polo que** se deitou ás nove.

### Corrixir unha información equivocada

- Aquele non era o meu fillo, **senón** o meu sobriño.

### Introducir unha concesión

- Non son galegos, **pero** falan galego moi ben.
- Non son galegos, **non obstante**, falan galego moi ben.
- **Aínda que** non son galegos, falan galego moi ben.

### Matizar unha información

- Nestes tempos, vivir só é diferente; **de feito**, ser solteiro está de moda.
- Non me molestaría traballar de noite; **en realidade**, gústame.

### Organizar a información e engadir novos elementos

- **Por unha banda**, apetécese estar con alguén; **pero, por outra (banda)**, dáme un pouco de medo. Penso, **ademais**, que a convivencia afecta calquera relación por moi ben que se leven dúas persoas.

### Opoñer información

- Estar só non é ningunha traxedia; **ao contrario**, é unha oportunidade que tes para coñecerte e aceptarte como es.
- Eu, se puidese escoller, **en lugar de/en vez de/no canto de** estar só, preferiría estar ben con alguén.

### Desmentir unha información dando unha explicación

- **Non é que** non me guste vivir só; **o que pasa é que** estou mellor en parella.
- Que raro que non pidas peixe! Pásache algo?
- Non, home non. **O que pasa é que** hoxe me apetece variar.

## A coordinación

- A coordinación consiste en unir dúas oracións independentes por medio de nexos ou conxuncións coordinantes, formando un único enunciado.
  - Cheguei do traballo **e** preparei a cea para todos. (= Cheguei do traballo. Preparei a cea para todos.)
  - Vivimos na costa, **pero** non imos á praia con frecuencia. (= Vivimos na costa. Non imos moito á praia.)
- Segundo o significado da conxunción que as une, as oracións coordinadas poden ser dos seguintes tipos:
  - **Copulativas (e, e mais, nin)**: empréganse para sumar ou engadir segmentos de información.
    - Ana brincaba no parque **e** María xogaba ao balón.
    - Limpou a casa, **fixo a compra e mais** preparou a comida.
    - Non comeu **nin** bebeu nada.
  - **Adversativas (pero, mais, porén)**: introducen unha idea que contrasta con outra anterior, restrinxindo ou negando o seu significado.
    - Gústame Celso, **pero** non o vou invitar á miña festa.
    - Traballa moito, **mais** nunca ten un peso.
    - Estudou maxisterio, **porén** nunca lle gustaron os nenos.
  - **Disxuntivas (ou)**: expresan opcións entre as que se marca unha alternativa.
    - Imos ao cine **ou** vemos un filme na casa?

- **Distributivas (ora... ora, ben... ben):** expoñen accións alternativas, pero que non se exclúen.
  - **Ora** fala ben das amigas, **ora** non as quere ver.
- **Explicativas (é dicir, ou sexa, isto é):** explican ou aclaran o significado da primeira proposición.
  - *Din que é un forasteiro, **ou sexa**, que non é de aquí.*

## A subordinación

- A subordinación consiste na agrupación de oracións, entre as que hai algún grao de dependencia, nun único enunciado.

### Oracións subordinadas adxectivas ou de relativo

- Empregamos as oracións adxectivas ou de relativo para restrinxir, completar ou modificar o sentido dun substantivo. Funcionan como adxectivos e permítennos ligar unha oración ao substantivo ao que se refiren (antecedente), para evitar a súa repetición.

<i>oración 1</i>	<i>oración 2</i>
Alguns profesores coordinarán o simposio.	Alguns profesores traballan neste instituto.
<i>oración de relativo</i>	
Os profesores <b>que</b> traballan neste instituto coordinarán o simposio.	

- Xeralmente, as oracións adxectivas únense á oración principal por medio de partículas relativas como **que, quen, cal, onde, cuxo...**
    - As persoas **que saben idiomas** poden solicitar este posto.
    - O director, **quen acaba de marchar**, quere vernos mañá.
    - A obra, **cuxo autor é anónimo**, representouse no Gran Teatro.
    - O artigo, **o cal aínda non lin**, foi moi criticado.
    - A zona **onde viven** ten uns xardíns preciosos.
  - Segundo a relación que establece co antecedente, as oracións adxectivas poden ser especificativas ou explicativas.
  - As oracións adxectivas son **especificativas** cando permiten distinguir un ou varios elementos dentro dun conxunto.
    - Os nenos **que levan disfrace** participan no festival de Entroido. (Os outros nenos non participan, só estes)
  - Son **explicativas** as oracións adxectivas que só engaden unha información sobre o antecedente, pero non son necesarias para distinguilo. Deben ir entre comas na escrita e, na fala, márcanse por unha pausa.
    - Carme, **que acaba de chegar de Uruguai**, pensa facer outra viaxe.
- ### As partículas relativas
- **Que** pode referirse a persoas ou a obxectos.
    - O home **que** saudei onte no mercado é o meu xefe.
    - Este abrigo, **que** é o meu preferido, merqueino en Nova York.

- **Cal/cales** emprégase sempre co artigo determinado e tamén se refire a obxectos ou a persoas. Aparece con máis frecuencia en rexistros máis formais ou cultos.

- A escultura, **a cal** situaron no centro da praza, foi feita por un prestixioso artista.
- Os exames **aos cales** se presenta a directora do proxecto serán a próxima semana.

- **Quen** emprégase con referente humano e singular, só en oracións explicativas. Tamén é máis común en contextos formais.
  - O técnico do equipo, **quen** asumiu toda a culpa, dimitiu.

- **Cuxo** relaciónase coa idea de posesión ou de pertenza e concorda en xénero e número co substantivo que acompaña, non co seu antecedente.

O home **cuxo** emprego  
**cuxa** familia  
**cuxos** fillos  
**cuxas** obras

### Oracións subordinadas substantivas

- Existe un grupo de oracións subordinadas nas que o suxeito do verbo principal exerce algún tipo de influencia sobre o suxeito da frase subordinada: emítese un xuízo, exprésase un sentimento ou unha orde, maniféstase un desexo ou unha prohibición etc. Nestes casos, o verbo da oración subordinada vai en subxuntivo.
  - O meu pai **quere que estude** (eu) Medicina.
  - **Prohiboche** (eu) **que sigas vendo** (ti) ese rapaz.
  - A algunhas persoas **moléstalles que teñamos** (nós) éxito.
  - Ao ministro **non lle importou que** miles de familias **perdesen** a súa única fonte de ingresos.
- Pero cando o suxeito de ambas as accións é o mesmo, empregamos o infinitivo.
  - **Quero** (eu) **estudar** (eu) Filosofía.
  - A moitos homes **moléstalles** (a eles) **ter**(eles) que **ocuparse** (eles) das tarefas domésticas.
  - **Non me importa perder** (eu) este posto de traballo, **prefiro** (eu) **dormir** (eu) tranquilo.
- Cando na oración principal se emite un xuízo ou unha valoración impersonal sobre unha acción que realiza un suxeito determinado, o verbo da subordinada tamén vai en subxuntivo.
  - **É normal que esteades** un pouco nerviosos.
  - **É lóxico que** a xente **espere** un cambio positivo.
  - **É probable que volvan** gañar as eleccións.
  - **Non parecía posible que** a xente **aceptase** semellantes medidas.
- Pero cando na oración principal se emite un xuízo válido para calquera individuo, o segundo verbo vai en infinitivo.
  - **É normal non querer** quedar sen traballo.  
(= é normal para todo o mundo)
  - **É triste ter que emigrar** por razóns económicas.  
(= é triste para todo o mundo)

■ Cando na oración principal afirmamos que un feito é verdade, na oración subordinada utilizamos o indicativo.

- **Creo que os animais teñen** sentimentos.
- **Din que algo vai** cambiar.
- **Estou convencido de que aprobará** o exame.
- **Perdoa, pensaba que eras** outra persoa.

■ En cambio, cando na oración principal negamos ou cuestionamos a veracidade do expresado, na oración subordinada empregamos o subxuntivo.

- **Non creo que Xavier queira** vir connosco.
- **Dubido que aprobo** o exame.
- **Non vexo que esteas** preparado para ocupar ese cargo.
- **Eu non dixen que** a situación **fose** cambiar.

## Oracións subordinadas adverbiais

### Oracións causais

- As oracións causais enuncian a causa do que se di na oración principal. O conector que máis frecuentemente as introduce é **porque**, seguido doutros como **xa que**, **posto que**, **unha vez que**, **visto que**, **por mor de (que)**, **a causa de (que)**, **por culpa de (que)**, **debido a (que)**, **pois, que** e **como**.
- **Mercamos a tele pequena porque** a grande nos pareceu moi cara.
  - **Como non están os nenos**, sairemos cear fóra.

### Oracións finais

- As oracións finais explican a finalidade da acción da oración principal. O conector máis utilizado é **para (que)**, pero hai outros posibles, como **a que**, **co gallo de**, **a fin de (que)**, **co propósito de (que)**, **co obxecto de (que)**, **con tal de (que)**...
- **Vounos chamar para que** me digan o resultado.
  - **Atrasamos o comezo do evento co propósito de que** todos estivesen na apertura.

### Oracións consecutivas

- As oracións consecutivas expresan o resultado ou a consecuencia dos feitos narrados na oración principal. Os conectores máis frecuentes para introducilas son **así que**, **logo**, **por tanto**, **por conseguinte**, **en consecuencia**, **de modo/maneira que**, **de aí que**, **que** (xeralmente combinado con **tanto(s)/tanta(s)** ou **tal/tales**).
- **Saíremos despois do xantar, así que** non chegamos antes das seis.
  - **Padeceu unha enfermidade moi grave, de aí que** agora leve unha vida moi sa.

### Oracións condicionais

- As oracións condicionais establecen unha condición que debe cumprirse para que algo se realice. Para expresar unha condición que é posible realizar, empregamos a estrutura **se** (presente) + presente ou futuro de indicativo.
- **Se fas a matrícula ata o día 10, regálanche/regálaranche** unha axenda.
  - **Se me chaman para a entrevista, non podo/poderei** acompañarte ao médico.

## Oracións temporais

- As oracións temporais expresan o tempo ou o momento no que se realiza a acción da oración principal. **Cando** é o nexa máis frecuente para introducilas, pero tamén se poden empregar, entre outros, **antes de (que)**, **despois de(que)**, **mentres**, **en canto**...
- **Cando cheguei**, vin que a porta estaba aberta.
  - **Cando teña tempo**, irei verte.
  - **Recollín a cociña mentres** os nenos durmían a sesta.
  - **En canto** entrei na ducha, soou o teléfono.
  - **Estudarei a proposta antes de/despois de** pedir o empréstito.

## ! ATENCIÓN

Cando se refiren ao futuro, as frases introducidas por **cando**, **mentres** e **en canto** van sempre en presente ou futuro de subxuntivo.

- **Cando fagas/fixeres vinte anos**, regalarémosche o coche.
- **En canto remate/rematar a carreira**, farei esta viaxe.
- **Mentres non cheguen/chegaren os convidados**, terminaremos o xantar.

## Impersonalidade

- A impersonalidade pódese expresar de varias maneiras:

### SE + verbo en terceira persoa do singular/plural

- Adoítamos empregar esta forma cando damos instrucións ou cando nos referimos a cousas que son válidas para todo o mundo.
- **Primeiro, fítense** as patacas.
  - **Débese** pedir permiso antes de entrar.

### Verbo en terceira persoa do plural

- Trátase de accións realizadas por unha persoa concreta (ou varias), cuxa identidade non ten importancia para o que fala: a atención céntrase na acción e non no axente.
- **Que partido botan** hoxe na nova canle?
  - **Abriron** un supermercado de gran superficie no noso barrio.
  - **Din** que haberá eleccións anticipadas.

### Verbo en segunda persoa do singular

- Trátase de accións que afectan a todo o mundo, incluídos os interlocutores. Non obstante, aínda que empregamos a forma **ti**, non nos referimos ao noso interlocutor. É unha forma moi característica da lingua oral que equivale a **un/unha** + terceira persoa do singular.
- **Con este tráfico, sabes** a que hora saes, pero non a que hora **chegas**.
  - **Con este tráfico, un/unha sabe** a que hora **sae**, pero non a que hora **chega**.

## Estilo indirecto

- O estilo indirecto, tamén chamado discurso referido, é a transmisión, polo xeral nun novo contexto espacial e temporal, das palabras ditas por outras persoas.
  - *Teño moito sono.*
  - ***Dixo que ten/tiña moito sono.***
- *Chámame o xoves pola mañá.*
- ***Díxome que o chame/chamase o xoves pola mañá.***
- Se o que referimos indirectamente é unha pregunta introducida por unha partícula interrogativa, esta volve aparecer no discurso referido.
  - *Onde mercaches este colete?*
  - ***Preguntoume onde*** mercara o colete.
  - *Cando pensas marchar?*
  - ***Preguntoume cando*** pensaba marchar.
- Pero cando se trata dunha pregunta de resposta pechada (si/non), introducímola con **se** no estilo indirecto.
  - *Tes o enderezo de Eulalia?*
  - ***Preguntoume se tiña*** o enderezo de Eulalia.

### ! ATENCIÓN

Cambiar ou non os tempos e/ou modos verbais na transposición do estilo directo ao indirecto vai depender das circunstancias ou dos contextos nos que tanto o estilo directo coma o indirecto se formulan.

- **Volverei pronto.**
- *Dixo que **volverá** pronto* (aínda non volveu) ou *Dixo que **volvería** pronto* (xa pasou o momento no que debería volver).
- **Traballo moito.**
- *Dixo que **traballa** moito* (segue traballando moito neste momento) ou *Dixo que **traballaba** moito* (pode seguilo facendo neste momento ou non).

- Así mesmo, sofren transformacións outras palabras relacionadas co contexto: tempo, espazo, persoas que falan, verbos...

### Díxolle que...

Chega <b>hoxe</b> .	chegaba <b>ese/aquel día</b> .
Chega <b>mañá</b> .	chegaba <b>o día seguinte</b> .
Chega <b>esta</b> tarde.	chegaba <b>esa/aquela</b> tarde.
Chegou <b>onte</b> .	chegara <b>o día anterior</b> .
Chega <b>dentro de</b> tres días.	chegaba <b>ao cabo de</b> tres días.
Espera <b>aquí</b> .	esperase <b>alí</b> .
Proba <b>isto</b> .	probase <b>iso/aquilo</b> .
<b>Ven</b> a Ferrol.	<b>fose</b> a Ferrol.
<b>Tráeme</b> os xornais.	<b>lle levase</b> os xornais.
<b>O meu</b> curmán chámase lago.	<b>o seu</b> curmán se <b>chamaba</b> lago.

## A voz pasiva

- A voz pasiva fórmase coas formas do verbo **ser** ou do verbo **estar** e mais o **participio** do verbo de cuxa acción queremos falar. Co verbo ser, denomínase **pasiva de proceso**.

	<b>ser</b>	
(eu)	<b>fun</b>	
(ti)	<b>fuches</b>	
(el/ela/vostede)	<b>foi</b>	+ participio
(nós)	<b>fomos</b>	
(vós)	<b>fostes</b>	
(eles/elas/vostedes)	<b>foron</b>	

- *Esta ponte **foi construída** por membros da comunidade local.*
- Na construción pasiva, o CD da oración activa (*esta ponte*) pasa a ser o suxeito pasivo; o suxeito (*a comunidade local*) convértese en complemento axente e vai sempre introducido pola preposición **por**.
- Na estrutura verbal, o verbo **ser** é conxugado no mesmo tempo que o verbo da oración activa e combina en número e en persoa co suxeito pasivo. Con este tamén concorda o **participio** en xénero e número.
  - *Estes **cadros foron pintados** por un artista anónimo.*
  - *O **director** do proxecto **será entrevistado** esta semana.*
- Empregamos a voz pasiva:
  - Cando nos interesa poñer en evidencia o suxeito pasivo ou a propia acción verbal.
    - *Ese home **foi condenado** inxustamente.*
  - Cando non se coñece, non se quere ou non interesa expresar o axente da acción verbal.
    - *A nova escola **será inaugurada** antes da fin deste curso.*
- A pasiva con **estar + participio** denomínase **pasiva de resultado** e emprégase cando o máis importante é o resultado da acción, o seu efecto sobre o suxeito pasivo, e non o da acción en si mesma. Por este motivo é moi raro atopar o complemento axente nesas construcións.
  - *Algunhas especies de animais **están ameazadas**.*
  - *O ordenador xa **está reparado**.*
  - *A casa **estivo vixiada** toda a fin de semana.*
  - *O problema **está resolto**.*
  - *As decisións xa **estaban tomadas**.*

## Expresión da conectura

- Existen varios recursos para facer suposicións:
  - **supoñer que** + indicativo
  - **quizais/tal vez** + indicativo/subxuntivo
  - **ao mellor/igual** + indicativo

- **é probable que/é posible que/pode (ser) que** + subxuntivo
- **o máis seguro/o máis posible é que** + subxuntivo
- **seguramente/probablemente//posiblemente** + indicativo
- **seguro que/estou seguro de que** + indicativo

- Tamén podemos empregar o futuro de indicativo para facer suposicións sobre o presente.
  - *Sabes onde está Paula? Non a vin en todo o día.*
  - *Estará traballando, coma sempre.* (= supoño que está traballando)
- Do mesmo xeito, utilizamos o condicional para facer suposicións sobre o pasado.
  - *O outro día non vin a Mario no partido.*
  - *Ah, non? Pois estaría enfermo, porque non adoita perder ningún.*
- A correspondencia entre os tempos verbais é a seguinte:

O que sei	O que supoño
Presente	Futuro de indicativo
Pretérito	Pospretérito
Copretérito	Pospretérito

## ! ATENCIÓN

Coa forma interrogativa convidamos o noso interlocutor a especular.

- *Que lle **pasará** a Amanda?*
- *Onde **aprendería** Carlos a bailar tan ben?*

## O VERBO

### Formas nominais

- Os verbos teñen tres formas nominais, tamén chamadas non persoais, porque son formas que non se conxugan: o infinitivo, o participio e o xerundio. Estas formas, combínanse con outros verbos conxugados para formar as perífrases verbais. Por si soas, teñen as máis diversas funcións.

### Infinitivo

- Funciona como substantivo e, polo tanto, pode ser suxeito ou complemento directo dunha oración.
  - ***Fumar** é malo para a saúde.*
  - *Odio **estudar** pola noite.*
- Tamén nestes casos, pode ter complementos propios do verbo.
  - ***Estudar idiomas** é moi necesario hoxe en día.* (CD)
  - *É fundamental **explicarlles claramente as cousas aos nenos.*** (complemento de modo, CD e CI)

## Participio

- O participio fórmase coa terminación **-ado**, para os verbos rematados en **-ar**, e coa terminación **-ido**, para os que rematan en **-er** e en **-ir**.
  - cantar = **cantado**    beber = **bebido**    vivir = **vivido**

- Principais participios irregulares:

abrir = <b>aberto</b>	facer = <b>feito</b>	prender = <b>preso</b>
descubrir = <b>descuberto</b>	limpar = <b>limpo</b>	romper = <b>roto</b>
dicir = <b>dito</b>	morrer = <b>morto</b>	secar = <b>seco</b>
escribir = <b>escrito</b>	pagar = <b>pago</b>	soltar = <b>solto</b>
espertar = <b>esperto</b>	poñer = <b>posto</b>	ver = <b>visto</b>

- O participio ten dúas funcións básicas. Como verbo, acompaña os auxiliares **ter** e **dar** nas perífrases verbais e é invariable.
  - *Podo facer a queimada porque a teño **feito** para o magosto doutros anos.*
  - *Non dou **rematado** este traballo hoxe.*
- Como adxectivo, concorda co substantivo en xénero e en número e refírese a situacións ou estados derivados da acción do verbo. Neses casos, emprégase moitas veces cos verbos **ser** e **estar**.
  - *É un neno moi **esperto**.*
  - *A porta estaba **pechada**.*

## Xerundio

- Expresa o modo en que alguén fai algo ou a simultaneidade de dúas accións.
  - *Marchou **chorando**.*
  - *Adoito traballar **oíndo** música.*
- Nesta función de adverbio, o xerundio tamén admite complementos.
  - *Entrou **falando moi alto** para chamar a atención dos asistentes.*

## ! ATENCIÓN

Polo xeral, o xerundio non se emprega na forma negativa. Nestes casos, úsase preferiblemente **sen + infinitivo**.

- *Fíxoo **sen querer**.*

## O infinitivo conxugado

- Tamén denominado infinitivo persoal ou flexionado, esta forma verbal representa unha das principais peculiaridades da lingua galega. Fórmase engadíndolle ao infinitivo impersoal as seguintes desinencias.

<b>andar</b>	<b>beber</b>	<b>partir</b>
andar	beber	partir
<b>andares</b>	<b>beberes</b>	<b>partires</b>
andar	beber	partir
<b>andarmos</b>	<b>bebermos</b>	<b>partirmos</b>
<b>andardes</b>	<b>beberdes</b>	<b>partirdes</b>
<b>andaren</b>	<b>beberen</b>	<b>partiren</b>

■ A pesar de non ter un emprego obrigatorio, recoméndase o seu uso principalmente nos seguintes casos:

- Cando a forma de infinitivo ten un suxeito distinto ao do verbo principal:
  - De **acceptaren** (eles) as nosas condicións, *asinaremos(nós) o contrato cando queiran*.
- Cando, tendo o verbo principal e o infinitivo o mesmo suxeito, a oración de infinitivo vai anteposta:
  - Para **facermos** (nós) máis rapidamente este traballo, *necesitamos (nós) unhas ferramentas máis axeitadas*.
- Cando, coa oración de infinitivo posposta e tendo o verbo principal e o infinitivo o mesmo suxeito, o infinitivo vai distanciada do verbo principal:
  - Temos que ler moi ben as instrucións que acompañan estes mobles, *para poderemos montalos*.
- Cando o infinitivo indica a indeterminación do suxeito. Neste caso vai en terceira persoa do plural.
  - A pesar de todo, o xuíz non permitiu **entrevistaren** os acusados.

## ! ATENCIÓN

Na maioría dos casos, o infinitivo conxugado aparece despois dunha preposición, pero tamén pode encontrarse fóra dese contexto.

- Convén **esclarecermos** todas as dúbidas antes de asinarmos o contrato.
- Lamentas non **conseguires** un traballo, pero tampouco te empeñas tanto en buscalo.
- Cómpre **recordardes** o amable que sempre foron convosco.

## Tempos de modo indicativo

### Presente

(eu)	<b>ANDAR</b>	<b>BEBER</b>	<b>VIVIR</b>
(ti)	ando	bebo	vivo
(el/ela/vostede)	andas	bebes	vives
(nós)	anda	bebe	vive
(vós)	<b>andamos</b>	<b>bebemos</b>	<b>vivimos</b>
(eles/elas/vostedes)	<b>andades</b>	<b>bebedes</b>	<b>vivides</b>
	andan	beben	viven

■ Empregamos o presente de indicativo para:

- Facer afirmacións atemporais: *A auga é H<sub>2</sub>O*.
- Falar de feitos habituais: **Vexo os meus pais todas as fins de semana**.
- Falar do presente cronolóxico: **Vai moito frío esta mañá, verdade?**
- Pedir cousas e accións en preguntas: **Déixasme cincuenta euros?**
- Falar de accións futuras relacionadas con intencións firmes: *Esta noite **chámote e dígoche** algo*.
- Relatar en presente histórico: *Logo da invasión napoleónica, as colonias de ultramar **independízanse***.
- Dar instrucións: *Primeiro **refogas** a cebola, logo **botas** a carne e o viño branco*.

### Copretérito

	<b>ANDAR</b>	<b>BEBER</b>	<b>VIVIR</b>
(eu)	andaba	bebía	vivía
(ti)	andabas	bebías	vivías
(el/ela/vostede)	andaba	bebía	vivía
(nós)	<b>andabamos</b>	<b>bebíamos</b>	<b>vivíamos</b>
(vós)	<b>andabades</b>	<b>bebiades</b>	<b>viviades</b>
(eles/elas/vostedes)	<b>andaban</b>	<b>bebían</b>	<b>vivían</b>

## ! ATENCIÓN

Na primeira e na segunda persoas do plural, prodúcese un cambio de sílaba tónica.

■ Algúns verbos presentan formas irregulares no copretérito:

	<b>SER</b>	<b>PÓR</b>	<b>TER</b>	<b>VIR</b>
(eu)	era	puña	tiña	viña
(ti)	eras	puñas	tiñas	viñas
(el/ela/vostede)	era	puña	tiña	viña
(nós)	<b>eramos</b>	<b>puñamos</b>	<b>tiñamos</b>	<b>viñamos</b>
(vós)	<b>erades</b>	<b>puñades</b>	<b>tiñades</b>	<b>viñades</b>
(eles/elas/vostedes)	<b>eran</b>	<b>puñan</b>	<b>tiñan</b>	<b>viñan</b>

## ! ATENCIÓN

Os verbos derivados dos anteriores tamén presentan as mesmas irregularidades: **repor, compor, supor, recompor, sobrepor, antepor, ater, reter, conter, previr, intervir, sobrevir** etc.

■ Os principais usos do copretérito son:

- Describir calidades en pasado.
  - Antes, *miña nai **levaba** o pelo moito máis longo*.
- Presentar accións habituais nunha etapa do pasado.
  - De neno, ***agachábame** no cuarto cando viña algunha visita á casa*.

– Describir a situación arredor duns acontecementos que relatamos (normalmente en pretérito).  
Adoitamos escribir cousas como a data, a hora, o lugar, o estado ou o aspecto das persoas etc.

- **Estaba** mirando pola ventá cando vin pasar o meu irmán. **Levaba** unha roupa un pouco rara...
- Esta mañá **apetecíanme** tanto uns churros que fun almorzar ao bar de abaixo.

■ Tamén empregamos o copretérito para referirnos a accións que se interrompen ou se modifican durante o seu inicio ou o seu desenvolvemento.

- **Ía** á casa de Iolanda, pero topeime cun amigo e fomos tomar algo. (= non fun á casa de Iolanda)

■ Noutros casos, mediante verbos como **pensar, querer** ou **ir**, o copretérito serve para expresar a nosa intención de levar a cabo unha acción que finalmente non chega a ter lugar.

- **Pensaba** quedar a estudar na biblioteca, pero ao final fun para a casa.
- **Ía** pasar as vacacións cuns amigos, pero enfadámonos e ao final decidín ir de viaxe só.
- A semana pasada **queríamos** pintar toda a casa, pero chegaron uns amigos por sorpresa e, claro, non puidemos.

## Pretérito

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	andei	bebín	vivín
(ti)	andaches	bebiches	viviches
(el/ela/vostede)	andou	bebeu	viviú
(nós)	andamos	bebemos	vivimos
(vós)	andastes	bebestes	vivistes
(eles/elas/vostedes)	andaron	beberon	viviron

■ O pretérito emprégase para relatar accións pasadas, relacionadas ou non co presente.

- Esta semana **coñecín** moita xente interesante.
- Onte **ceei** cuns amigos.
- O mes pasado **descubrí** un restaurante xenial.

## Verbos con terminacións irregulares

■ Os seguintes verbos presentan irregularidades propias na raíz e teñen unhas terminacións especiais no pretérito, independentemente da conxugación á que pertencen.

estar	<b>estiv-</b>	
dicer	<b>dix-</b>	<b>-en</b>
facer	<b>fix-</b>	<b>-eches</b>
ter	<b>tiv-</b>	<b>-o</b>
poder	<b>puid-</b>	<b>-emos</b>
poñer	<b>pux-</b>	<b>-estes</b>
querer	<b>quix-</b>	<b>-eron</b>
traer	<b>troux-</b>	
saber	<b>soub-</b>	

## ! ATENCIÓN

Na primeira e na terceira persoas do singular dos verbos regulares, a última sílaba é tónica; nos irregulares, en cambio, a sílaba tónica é a penúltima. Os verbos **ir** e **ser** teñen a mesma forma no pretérito.

## Antepretérito

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	andara	bebera	vivira
(ti)	andaras	beberas	viviras
(el/ela/vostede)	andara	comera	vivira
(nós)	andaramos	beberamos	viviramos
(vós)	andarades	beberades	vivirades
(eles/elas/vostedes)	andaran	beberan	viviran

## Algúns verbos irregulares

DICIR	ESTAR	FACER	IR/SER	TER
dixera	estivera	fixera	fora	tivera
dixeras	estiveras	fixeras	foras	tiveras
dixera	estivera	fixera	fora	tivera
dixeramos	estiveramos	fixeramos	foramos	tiveramos
dixerades	estiverades	fixerades	forades	tiverades
dixeran	estiveran	fixeran	foran	tiveras

■ Empregamos este tempo para marcar que unha acción pasada é anterior a outra acción tamén pasada, xa mencionada.

- Cando Alfredo chegou ao hospital, **súa muller xa dera** a luz. (= a segunda acción é anterior á primeira: Alfredo non estaba cando naceu o bebé)

## Pospretérito

■ Obtense o pospretérito engadíndolle ao infinitivo as terminacións **-ía, -íais, -ía, -íamos, -íades** e **ían**.

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	andaría	bebería	viviría
(ti)	andarías	beberías	vivirías
(el/ela/vostede)	andaría	bebería	viviría
(nós)	andaríamos	beberíamos	viviríamos
(vós)	andariades	beberíades	viviríades
(eles/elas/vostedes)	andarían	beberían	vivirían

■ Son irregulares os mesmos verbos que en futuro, tamén cunha irregularidade que afecta a raíz.

DICIR	FACER
diría	faría
dirías	farías
diría	faría
diríamos	faríamos
diriades	fariades
diría	farián

■ Usamos o pospretérito para expresar desexos difíciles ou imposibles de realizar.

- *Que soño! **Iría** durmir agora mesmo se puidese.*

■ Para aconsellar.

- **Deberías** empezar a estudar. *Falta moi pouco para os exames.*

■ Para pedir cortesmente que alguén faga algo.

- **Importaríache** axudarme cos deberes?
- **Poderías** suxeitar isto un momento, por favor?

■ Para evocar situacións imaxinarias.

- *Se soubese tocar un instrumento, **tocaría** nun grupo.*

■ Para opinar sobre accións e condutas.

- *Eu nunca **casaría** por diñeiro.*

## Alternancia dos tempos do pasado no relato

■ Nun relato podemos utilizar varios tempos do pasado. Facemos avanzar a historia con cada novo feito que presentamos en pretérito.

- *Aquel día Xan non **oíu** o despertador e **espertou** media hora tarde. **Saiu** da casa sen almorzar e **colleu** un taxi. Por sorte, **conseguiu** chegar a tempo ao aeroporto.*

■ Por outra banda, en cada feito podemos “deter a acción” e “mirar” as circunstancias que a rodean. Para isto, usamos o copretérito.

- *Aquel día Xan **estaba** moi canso e non **oíu** o despertador, así que **espertou** media hora tarde. Como non **tiña** tempo, **saiu** de casa sen almorzar e **colleu** un taxi. Por sorte, non **había** moito tráfico e **conseguiu** chegar ao aeroporto a tempo.*

■ A elección que facemos entre pretérito e copretérito non depende da duración das accións, senón da maneira na que queremos presentalas e da súa función no relato.

- *Onte, como **estaba chovendo**, non **saiu**.* (Non interesa o fin da chuvia: presentámola como unha circunstancia de “non saír”)
- *Onte, **estivo chovendo** todo o día e non **saiu**.* (Informe da duración da chuvia e do feito de “non saír”)

■ Co antepretérito marcamos que unha acción é anterior a outra xa mencionada. De novo, o relato non avanza: damos un salto atrás, en xeral para explicar algunha circunstancia pasada.

- *Aquel día Xan **estaba** moi canso porque **estivera estudando** ata a madrugada e non **oíu** o despertador, así que **espertou** media hora tarde...*

## Futuro

■ O futuro fórmase engadíndolle ao infinitivo as terminacións **-ei, -ás, -á, -emos, -edes e -án**.

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	andarei	beberei	vivirei
(ti)	andarás	beberás	vivirás
(el/ela/vostede)	andar <sup>a</sup>	beber <sup>a</sup>	vivir <sup>a</sup>
(nós)	andaremos	beberemos	viviremos
(vós)	andaredes	beberedes	viviredes
(eles/elas/vostedes)	andarán	beberán	vivirán

■ Hai moi poucos verbos irregulares. Estes presentan un cambio na raíz, pero teñen as mesmas terminacións cós verbos regulares.

DICIR	FACER
direi	farei
dirás	farás
dirá	fará
diremos	faremos
diredes	faredes
dirán	farán



### ATENCIÓN

Todos os verbos compostos dos anteriores tamén teñen formas irregulares de futuro: **desfacer, predicir, refacer...**

■ Empregamos o futuro para referirnos ao futuro cronolóxico dunha maneira neutra. Utilizámolo para facer predicións ou para expresar que algo ocorrerá inexorablemente.

- *Mañá **fará** sol en todo o país.*
- *As cartas **din** que **terás** moitos fillos.*
- *O sol **sairá** mañá ás 6.42 h.*

■ Tamén usamos este tempo para formular hipóteses sobre o futuro ou o presente, algunhas veces acompañado por marcadores como **seguramente, probablemente, posiblemente** etc.

- *Non sei onde **deixei** as chaves do coche.*
- *Pois **estarán** sobre o moble da entrada, coma sempre.*
- *Que vas **facen** esta noite?*
- *Pois seguramente **quedarei** na casa. E ti?*
- *Eu creo que **sairei** tomar algo por aí.*



### ATENCIÓN

Para falar de plans, intencións e accións futuras, en galego emprégase máis frecuentemente o presente de indicativo ou a perífrase **ir + infinitivo**.

- *Mañá **temos** a comida na casa. **Axúdasme?***
- *Pois non **podo**. **Vou** falar co propietario do piso ás 12 e non sei a que hora **volvo**.*

## O SUBXUNTIVO

### Presente de subxuntivo

- A conxugación é case idéntica á do presente de indicativo: só se inverte a vogal temática.

-ar : e                      -er/-ir : a

	ANDAR	COMER	ESCRIBIR
(eu)	ande	coma	escriba
(ti)	andes	comas	escribas
(el/ela/vostede)	ande	coma	escriba
(nós)	andemos	comamos	escribamos
(vós)	andedes	comades	escribades
(eles/elas/vostedes)	anden	coman	escriban

- Alguns verbos irregulares:

DAR	DICIR	ESTAR	FACER
dea	diga	estea	faga
deas	digas	esteas	fagas
dea	diga	estea	faga
deamos	digamos	esteamos	fagamos
deades	digades	esteades	fagades
dean	digan	estean	fagan
IR	TER	SER	VIR
vaia	teña	sexa	veña
vaias	teñas	sexas	veñas
vaia	teña	sexa	veña
vaiamos	teñamos	sexamos	veñamos
vaiades	teñades	sexades	veñades
vaián	teñan	sexan	veñan

- Fíxate en que moitos verbos que presentan unha irregularidade na primeira persoa do presente de indicativo teñen esa mesma irregularidade no presente de subxuntivo. É o caso, por exemplo, dos verbos **pór, facer, ver, ter e ir**.

### Pretérito imperfecto de subxuntivo

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	andase	bebese	vivise
(ti)	andases	bebeses	vivises
(el/ela/vostede)	andase	bebese	vivise
(nós)	andásemos	bebésemos	vivíssemos
(vós)	andásedes	bebésedes	vivísedes
(eles/elas/vostedes)	andasen	bebesen	vivisen

- Alguns verbos irregulares:

ESTAR	DICIR	FACER	IR/SER
estivese	dixese	fixese	fose
estiveses	dixeses	fixeses	foses
estivese	dixese	fixese	fose
estivésemos	dixésemos	fixésemos	fósemos
estivésedes	dixésedes	fixésedes	fósedes
estivesen	dixesen	fixesen	fosen

PÓR/POÑER	QUERER	TER	VIR
puxese	quixese	tivese	viñese
puxeses	quixeses	tiveses	viñeses
puxese	quixese	tivese	viñese
puxésemos	quixésemos	tivésemos	viñésemos
puxésedes	quixésedes	tivésedes	viñésedes
puxesen	quixesen	tivesen	viñesen

- Fíxate que, na maioría dos casos, a irregularidade que presenta a raíz é a mesma das formas irregulares do pretérito de indicativo:

Pretérito indicativo		Imperfecto subxuntivo
estivo	→	estivese
dixo	→	dixese
fixo	→	fixese
etc.		

- O imperfecto de subxuntivo emprégase nas construcións condicionais para falar dunha acción cuxo cumprimento consideramos imposible ou pouco probable.

- Se **estudases un pouco máis, non che sería difícil aprobar o curso**.

- Tamén o utilizamos no estilo indirecto para referir accións pasadas que no seu momento estaban nun plano futuro (en presente ou futuro de subxuntivo e infinitivo conxugado).

- Insistirei ata que me solucionen este problema.**
- Onte prometeu que insistiría ata que lle solucionasen o problema.**

- Cando **saíren os resultados do balance, volveremos falar.**
- A semana pasada **dixo que cando saísen os resultados do balance, volveríamos falar.**

- Os que **quixeren un xustificante de asistencia, deberán pedilo na secretaría.**
- Informou de que os que **quixesen un xustificante de asistencia, deberían pedilo na secretaría.**

- Asemade, empregamos este tempo verbal para referir peticións, ordes, instrucións e invitacións, nos relatos de feitos pasados.

- Non lle abrasdes a porta a ningún descoñecido.**
- Díxonos que non lle abrisemos a porta a ningún descoñecido.**

- Tráeme os documentos para asinar.**
- Pedíume que lle levase os documentos para asinar.**

- Nas oracións subordinadas finais (introducidas, por exemplo, con **para que**), o verbo vai en imperfecto de subxuntivo cando se alude a un momento pasado.

- De pequeno, meus pais leváronme a Arxentina para que coñecese o lugar no que nacera.**

# resumo gramatical

- Recorda que, en galego, as únicas terminacións válidas para o imperfecto do subxuntivo son **-ase**, **-ese** e **-ise**, para as conxugacións **-ar**, **-er** e **-ir**, respectivamente.

## Futuro de subxuntivo

- O futuro do subxuntivo fórmase engadíndolle ao infinitivo impersonal ou ás raíces das formas irregulares as mesmas desinencias do infinitivo conxugado.

ANDAR	BEBER	VIVIR
andar	beber	partir
andares	beberes	partires
andar	beber	partir
andarmos	bebermos	partirmos
andardes	beberdes	partirdes
andaren	beberen	partiren

- Fíxate na coincidencia destas formas regulares coas do infinitivo conxugado.

- Algúns verbos irregulares:

DICIR	ESTAR	FACER	IR/SER	PODER
dixer	estiver	fixer	for	puider
dixeres	estiveres	fixeres	fores	puideres
dixer	estiver	fixer	for	puider
dixermos	estivermos	fixermos	formos	puidermos
dixerdes	estiverdes	fixerdes	fordes	puiderdes
dixeren	estiveren	fixeren	foren	puideren
POÑER	QUERER	TER	SABER	
puxer	quixer	tiver	souber	
puxeres	quixeres	tiveres	souberes	
puxer	quixer	tiver	souber	
puxermos	quixermos	tivermos	soubermos	
puxerdes	quixerdes	tiverdes	souberdes	
puxeren	quixeren	tiveren	souberen	

- Un truco para facer a forma irregular do futuro do subxuntivo é coller a mesma raíz das formas irregulares do pretérito de indicativo:

Pretérito indicativo		Futuro subxuntivo
<b>estivo</b>	→	<b>estiver</b>
<b>dixo</b>	→	<b>dixer</b>
<b>fixo</b>	→	<b>fixer</b>
etc.		

- O futuro do subxuntivo emprégase con máis frecuencia en oracións temporais e condicionais, xeralmente para falar de hipóteses ou de previsións relacionadas co futuro. É máis común na lingua escrita, principalmente na literaria e nalgúns rexistros formais, como a documentación xurídica e administrativa.

- Os que *aínda non estiveren matriculados non poderán presentarse aos exames.*
- Cando *quixeres de min saber, lembra que tiven que te esquecer.*

- Se as reclamacións presentadas **foren denegadas**, seguirán válidos os actuais resultados.

“Cando as pedras **deren** gritos  
e o sol **parar** de andar  
e o mar non **tiver** auga  
heime de ti apartar.”

## IMPERATIVO

### Imperativo afirmativo

- O imperativo afirmativo en galego ten catro formas: **ti** e **vós** (informal); **vostede** e **vostedes** (formal).

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(ti)	anda	bebe	vive
(vós)	andade	bebede	vivide
(vostede)	ande	beba	viva
(vostedes)	anden	beban	vivan

- As formas para **ti** e **vós** obtéñense eliminando o **-s** final da forma correspondente en presente.

estudas = **estuda**      estudades = **estudade**  
comes = **come**      comedes = **comede**

### ! ATENCIÓN

Algúns verbos irregulares non seguen esta regra para **ti**.

poñer/pór = **pon**; facer = **fai**; vir = **ven**; ter = **ten**

As formas para **vostede** e **vostedes** obtéñense cambiando a vogal temática da forma correspondente do presente:

estuda = **estude**; estudan = **estuden**  
come = **coma**; comen = **coman**

### ! ATENCIÓN

Os verbos que son irregulares na primeira persoa do presente teñen, no imperativo afirmativo de **vostede** e **vostedes**, a mesma raíz irregular.

poño = **poña/n**    saio = **saia/n**    fago = **faga/n**  
veño = **veña/n**    vexo = **vexa/n**    teño = **teña/n**  
oio = **oia/n**      digo = **diga/n**    traio = **traia/n**

- **Ser** e **ir** presentan formas especiais no imperativo afirmativo.

	SER	IR
(ti)	<b>sé</b>	<b>vai</b>
(vós)	<b>sede</b>	<b>ide</b>
(vostede)	<b>sexá</b>	<b>vaia</b>
(vostedes)	<b>sexan</b>	<b>vaian</b>

## Imperativo negativo

- As formas do imperativo negativo son as mesmas do presente de subxuntivo para todas as persoas.

ANDAR	BEBER	VIVIR
non andes	non bebas	non vivas
non ande	non beba	non viva
non andedes	non bebedes	non vivades
non anden	non beban	non vivan

- Recorda que co imperativo negativo os pronomes van diante do verbo, agás nas perífrases onde a súa posición pode variar.
  - Non **me esperes** para cear. *Vou chegar moi tarde.*
  - Non **te vaias esquecer** da reunión! *Non vaias esquecer-te da reunión!*
- –Empregamos o imperativo para:
  - Dar instrucións.
    - **Retire** o plástico protector e **coloque** o aparato sobre unha superficie estable.
  - Conceder permiso.
    - *Podo entrar un momento?*
    - *Si, claro. Pasa, pasa.*
  - Ofrecer algo.
    - **Toma, proba** estas galletas. *Están boísimas.*
  - Aconsellar.
    - *Non sei que poñer para a cea de traballo de mañá.*
    - **Pon** o vestido azul, non? *Quédache moi ben.*



### ATENCIÓN

Ás veces empregamos o imperativo para dar ordes ou pedir accións, pero só en situacións moi xerarquizadas ou de moita confianza. Adoítamos suavizar este emprego con elementos como **por favor**, **veña** etc., ou xustificando a petición.

- **Por favor**, Francisco, **fágame** dez copias destes documentos.
- **Ven** comigo de compras... **veña**, que logo non podo con todas as bolsas.

## Perífrases verbais

- As perífrases verbais son construcións que se forman con dous ou máis verbos: un conxugado (cuxo significado se ve modificado) e outro na forma nominal ou non persoal (infinitivo, participio ou xerundio). Nalgunhas perífrases, estes verbos están conectados por algún elemento de relación (preposición ou conxunción).
  - *Aínda que xa cumpriu setenta anos, segue traballando.*
  - *Este verán imos matricularnos nun dos cursos que ofrece o centro social do barrio.*
  - **Teño que falar** cos pais dos rapaces sobre a próxima excursión.

- As perífrases poden encadearse:
  - *Di que **está deixando de fumar**.* (estar + xerundio/deixar de + infinitivo)
  - **Vas seguir indo** a ese restaurante despois do que pasou? (ir + infinitivo/seguir + xerundio)

- A continuación, lístanse as principais perífrases verbais do galego e a relación do que poden indicar.

### Acabar de/Rematar de + infinitivo

- Indica o remate dunha acción, xeralmente nun pasado recente.
  - **Acabas de chegar** e xa pensas saír de novo?
  - *Por fin rematei de poñer o pavimento!*

### Andar + xerundio/a + infinitivo

- Indica que a acción está en proceso, é reiterativa ou prolongada no tempo.
  - **Anda buscando/a buscar** un piso no centro.

### Botar(se) a/Comezar a/Empezar a/Poñerse a + infinitivo

- Empréganse para indicar o comezo dunha acción.
  - *Cada vez que vexo ese filme, **bótome a chorar** coma unha tola.*
  - *O partido suspendeuse porque **comezou/empezou a nevar**.*
  - *Nada máis chega á oficina, **ponse a dar** ordes a todos.*

### Dar + participio

- En frases negativas e interrogativas, indica a imposibilidade ou a dificultade de rematar ou cumprir unha acción. Con frases afirmativas, indica a capacidade de realizar algo, pero é pouco frecuente neste tipo de contextos.
  - *Non **darán chegado** antes das nove.*
  - *Cres que **darás feito** todo o traballo ata mañá?*

### Dar en + infinitivo

- Expresa o comezo dunha nova acción, hábito ou costume.
  - *Agora **deu en chamarme** todas as noites para contarme a xornada.*
  - *Nada máis tiveron o neno, **deron en pasar** as fins de semana na aldea.*
  - *Leva o paraugas porque **dará en chover** en calquera momento.*

### Deber (de) + infinitivo

- Pode indicar, por unha banda, obrigatoriedade ou deber e, por outra, hipótese ou probabilidade.
  - **Debedes visitar** os vosos avós máis a miúdo.
  - **Debeu (de) conseguir** un ascenso no traballo porque *dixo que nos invitará a unha copa.*

## Deixar de + infinitivo

- Indica a interrupción da acción expresada polo infinitivo.
- **Deixei de fumar** cando quedei embarazada.

## Estar + para + infinitivo

- Indica que unha acción está a piques de ocorrer.
- **Estaba para saír** cando chegaron os meus tíos.

## Estar + xerundio/a + infinitivo

- Utilízase para indicar que unha acción está en proceso.

- **Estaba rematando a rematar** a cea cando soou o teléfono.

## Haber (de) + infinitivo

- Indica obrigatoriedade, cun matiz de futuridade, e probabilidade.

- **Has (de) facer** o que che digan.
- **Aínda hei de mercarche** un cabaliño.
- Os nenos **han (de) estar** na eira xogando.

## Hai que/Ter que (de) + infinitivo

- Utilízanse para indicar a obrigación ou a necesidade de facer algo. **Hai que** expresa a obrigatoriedade dunha forma máis xeral e impersonal, mentres que **ter que** o fai de xeito máis persoal.

- **Hai que baixar** o lixo, quen pode facelo?
- **Teño que/de axudarlle** ao meu irmán cos deberes.
- **Teño que/de conseguir** unha parella para as clases de baile.

## Ir + infinitivo

- Utilízase para falar de accións futuras vinculadas ao momento presente ou de algo que planificamos como unha intención.

- **Para a semana imos ter** outra reunión.
- **Vou chamalo** hoxe mesmo e **(vou) contarlle** todo o que ocorreu.

## Ir/Vir + xerundio

- Empréganse para indicar o desenvolvemento progresivo ou gradual dunha acción.

- **Fun lendo** estes libros ata rematar toda a colección.
- **Veñen traballando** niso dende hai seis anos.

## Levar + participio

- Indica que a acción expresada polo infinitivo rematou en varias ocasións ou se realiza de xeito continuado.

- **Levo ido** alí moitas veces e nunca o vin.
- **Levaba pouco durmido** cando o espertou o teléfono.

## Levar + xerundio (+ cantidade de tempo)

- Expresa o tempo transcorrido dende o comezo dunha acción.
- **Levaban vivindo** tres anos na casa da aldea.
- **Levan** máis dunha semana **preparando** o exame.

## Poder + infinitivo

- Emprégase para expresar probabilidade ou hipótese.
- **Como aínda non conseguiron os billetes, pode ser** que non veñan para o Nadal.

## Seguir + xerundio

- Indica que unha acción non se interrompeu.
- Suso **segue saíndo** con Marisol, a súa primeira moza.

## Ter + participio

- Expresa a reiteración dunha acción no pasado.
- **Ten colaborado** coa comisión de festas da localidade en varias ocasións.

## Vir (a)/Acabar por/Chegar a + infinitivo

- Indican a solución ou o resultado final dun proceso ou dunha acción.
- **Apenas se relacionaban de mozos, e logo viñeron (a) ser** moi bos amigos.
- **Despois de procurar en varias tendas, acabou por mercar** o primeiro coche que vira.
- **Fixo moitos cartos en América, aínda que non chegou a ser** millonario.

## Volver + infinitivo

- Indica a repetición da acción expresada no infinitivo.
- Se **volves saír** con eses rapaces, **poderás ter serios problemas**.
- **Cando me xubile, volverei estudar idiomas**.



## ATENCIÓN

Cando o participio aparece flexionado, concordando co complemento, non se trata dunha perífrase, senón do seu emprego como adxectivo.

- **Levo lidas** trinta páxinas deste libro.
- **Xa teño terminados** os informes que me pediches.

# Modelos de conjugación verbal

## Conjugación verbal

### Paradigma dos verbos regulares

ANDAR					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
ando andas anda andamos andades andan	andaba andabas andaba andabamos andabades andaban	andei andaches andou andamos andastes andaron	ande andes ande andemos andedes anden	andase andasen andase andásemos andásedes andasen	andar andares andar andamos andares andaren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
andara andaras andara andaramos andarades andaron	andarei andarás andarás andaremos andaredes andarán	andaría andaría andaría andariamos andariades andarian	anda ande  andade anden	andar andares andar andamos andares andaren	<b>Infinitivo:</b> andar <b>Xerundio:</b> andando <b>Participio:</b> andado

BEBER					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
bebo bebes bebe bebemos bebedes beben	bebía bebías bebía bebíamos bebiades bebían	bebín bebiches bebeu bebemos bebestes beberon	beba bebas beba bebamos bebades beban	bebese bebese bebese bebésemos bebésedes bebese	beber beberes beber bebemos beberdes beberen
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
andara andaras andara andaramos andarades andaron	beberei beberás beberás beberemos beberedes beberán	bebería beberías bebería beberíamos beberíades beberían	bebe beba  bebede beban	beber beberes beber bebemos beberdes beberen	<b>Infinitivo:</b> beber <b>Xerundio:</b> bebendo <b>Participio:</b> bebido

PARTIR					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
parto partes parte partimosA partides parten	partía partías partía partiamos partiades partían	partín partiches partiu partimos partistes partiron	parta partas parta partamos partades partan	partise partises partise partisemos partisedes partisen	partir partires partirá partirmos partirdes partiren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONJUGADO	FORMAS NOMINAIS
partira partiras partira partiramos partirades partiran	partirei partirás partirá partiremos partiredes partirán	partiría partirías partiría partiriamos partiriades partirían	parte parta  partide partan	partir partires partir partirmos partirdes partiren	<b>Infinitivo:</b> partir <b>Xerundio:</b> partindo <b>Participio:</b> partido



## Principais verbos irregulares

DICIR					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
digo dis di dicimos dices din	dicía dicías dicía dicíamos diciades dicían	dixen dixeches dixo dixemos dixestes dixeron	diga digas diga digamos digades digan	dixese dixeses dixese dixésemos dixésedes dixesen	dixer dixeres dixer dixeremos dixerdes dixeren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
dixera dixeras dixera dixeramos dixerades dixeran	direi dirás dirá diremos diredes dirán	diría dirías diría diríamos diríades dirían	di diga  dicide digan	dicir dicires dicir dicirmos dicirdes diciren	<b>Infinitivo:</b> dicir <b>Xerundio:</b> dicindo <b>Participio:</b> dito

ESTAR					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
estou estás está estamos estades están	estaba estabas estaba estabamos estabades estaban	estiven estiveches estivo estivemos estivestes estiveron	estea esteas estea esteamos esteades estean	estivese estiveses estivese estivésemos estivésedes estivesen	estiver estiveres estiver estivermos estiverdes estiveren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
estivera estiveras estivera estiveramos estiverades estiveran	estarei estarás estará estaremos estaredes estarán	estaría estarías estaría estaríamos estariades estarían	está estea  estade estean	estar estares estar estarmos estardes estaren	<b>Infinitivo:</b> estar <b>Xerundio:</b> estando <b>Participio:</b> estado

FACER					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
fago fas fai facemos facedes fan	facía facías facía faciamos faciades facían	fixen fixeches fixo fixemos fixestes fixeron	faga fagas faga fagamos fagades fagan	fixese fixeses fixese fixésemos fixésedes fixesen	fixer fixeres fixer fixermos fixerdes fixeren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
fixera fixeras fixera fixeramos fixerades fixeran	farei farás fará faremos faredes farán	faría farías faría fariamos fariades farian	fai faga  facede fagan	facer faceres facer facermos facerdes faceren	<b>Infinitivo:</b> facer <b>Xerundio:</b> facendo <b>Participio:</b> feito

HABER					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
hei has ha, hai habemos habedes han	había habías había habiamos habiades habían	houben houbeches houbo houbemos houbestes houberon	haxa haxas haxa haxamos haxades haxan	houbese houbeses houbese houbésemos houbésedes houbesen	houber houberes houber houbermos houberdes houberen
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
houbera houberas houbera houberamos houberades houberan	haberei haberás haberá haberemos haberedes haberán	habería haberías habería haberíamos haberiades habrían	-- -- -- --	haber haberdes haber haberemos haberdes haberen	<b>Infinitivo:</b> haber <b>Xerundio:</b> habendo <b>Participio:</b> habido

IR					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
vou vas vai imos ides van	ía ías ía íamos iades ían	fun fuches foi fomos fostes foron	vaia vaias vaia vaíamos vaiades vaian	fose foses fose fósemos fósedes fosen	for fores for formos fordes foren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
fora foras fora foramos forades foran	irei irás irá iremos iredes irán	iría irías iría iríamos iriades irían	vai vaia vamos ide vaian	ir ires ir irmos irdes iren	<b>Infinitivo:</b> ir <b>Xerundio:</b> indo <b>Participio:</b> ido

PODER					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
podo podes pode podemos podedes poden	podía podías podía podíamos podíades podían	puiden puidesches puido puidemos puidestes puideron	poida poidas poida poidamos poidades poidan	puidese puideses puidese puidésemos puidésedes puidesen	puider puideres puider puidermos puiderdes puideren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
puidera puideras puidera puideramos puiderades puideran	poderei poderás poderá poderemos poderedes poderán	podería poderías podería poderíamos poderíades poderían	pode poida  podede poidan	poder poderes poder podermos poderdes poderen	<b>Infinitivo:</b> poder <b>Xerundio:</b> podendo <b>Participio:</b> podido

POÑER/PÓR					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
poño/poño pos/pos pon/pon poñemos/pomos poñedes/pondes poñen/pon	poñía/puña poñías/puña poñía/puña poñíamos/puñamos poñiades/puñades poñían/puñan	puxen puxeches puxo puxemos puxestes puxeron	poña poñas poña poñamos poñades poñan	puxese puxeses puxese puxésemos puxésedes puxesen	puxer puxeres puxer puxermos puxerdes puxeren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
puxera puxeras puxera puxeramos puxerades puxeran	poñerei/porei poñerás/porás poñerá/porá poñeremos/poremos poñeredes/poredes poñerán/porán	poñería/poría poñerías/porías poñería/poría poñeríamos/poríamos poñeríades/poríades poñerían/porían	pon poña  poñede/ponde poñan	poñer/pór poñeres/pores poñer/pór poñermos/pormos poñerdes/pordes poñeren/poren	<b>Infinitivo:</b> poñer/pór  <b>Xerundio:</b> poñendo/ pondo  <b>Participio:</b> posto

QUERER					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
quero queres quere queremos queredes queren	quería querías quería queríamos queríades querían	quixen quixeches quixo quixemos quixestes quixeron	queira queiras queira queiramos queirades queiran	quixese quixeses quixese quixésemos quixésedes quixesen	quixer quixeres quixer quixermos quixerdes quixeren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
quixera quixeras quixera quixeramos quixerades quixeran	quererei quererás quererá quereremos quereredes quererán	querería quererías querería quereríamos quereríades quererían	quere queira  querede queiran	querer quereres querer querermos quererdes quereren	<b>Infinitivo:</b> querer  <b>Xerundio:</b> querendo  <b>Participio:</b> querido

SABER					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
sei sabes sabe sabemos sabedes saben	sabía sabías sabía sabíamos sabiades sabían	souben soubeches soubo soubemos soubestes souberon	saiba saibas saiba saibamos saibades saiban	soubese soubeses soubese soubésemos soubésedes soubesen	souber souberes souber soubermos souberdes souberen
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
soubera souberas soubera souberamos souberades souberan	saberei saberás saberá saberemos saberedes saberán	sabería saberías sabería saberíamos saberíades saberían	sabe saiban  sabede saiban	saber saberés saber saberemos saberdes saberén	<b>Infinitivo:</b> saber  <b>Xerundio:</b> sabendo  <b>Participio:</b> sabido

SER					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
son es é somos sodes son	era eras era eramos erades eran	fun fuches foi fomos fostes foron	sexa sexas sexa sexamos sexades sexan	fose foses fose fósemos fósedes fosen	for fores for formos fordes foren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
fora foras fora foramos forades foran	serei serás será seremos seredes serán	sería serías sería seríamos seríades serían	sé sexa  sede sexan	ser seres ser sermos serdes serén	<b>Infinitivo:</b> ser  <b>Xerundio:</b> sendo  <b>Participio:</b> sido

TER					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
teño tes ten temos tendes/tedes teñen	tiña tiñas tiña tiñamos tiñades tiñan	tiven tiveches tivo tivemos tivistes tiveron	teña teñas teña teñamos teñades teñan	tivese tiveses tivese tivésemos tivésedes tivesen	tiver tiveres tiver tivermos tiverdes tiveren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
tivera tiveras tivera tiveramos tiverades tiveran	tereí tereás terà teremos teredes teràn	tería terías tería teríamos teriadés terían	ten teña  tende teñan	ter teres ter termos terdes teren	<b>Infinitivo:</b> ter <b>Xerundio:</b> tendo <b>Participio:</b> tido

TRAER					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
traio traes trae traemos traedes traen	traía traías traía traíamos traíades traían	trouxen trouxeches trouxo trouxemos trouxeistes trouxeron	traia traias traia traíamos traíades traían	trouxese trouxeses trouxese trouxésemos trouxésedes trouxesen	trouxe trouxeires trouxe trouxeirmos trouxeirdes trouxeiren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
trouxeira trouxeiras trouxeira trouxeiramos trouxeirades trouxeiran	traerei traerás traerá traeremos traereds traerán	traería traerías traería traeríamos traeríades traerían	trae traia  traede traían	traer traeres traer traeremos traereds traeren	<b>Infinitivo:</b> traer <b>Xerundio:</b> traendo <b>Participio:</b> traído

VIR					
INDICATIVO			SUBXUNTIVO		
Presente	Copretérito	Pretérito	Presente	Imperfecto	Futuro
veño vés vén vimos vindes/vides veñen	viña viñas viña viñamos viñades viñan	vin viñeches veu viñemos viñestes viñeron	veña veñas veña veñamos veñades veñan	viñese viñeses viñese viñésemos viñésedes viñesen	viñer viñeres viñer viñermos viñerdes viñeren
Antepretérito	Futuro	Pospretérito	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
viñera viñeras viñera viñeramos viñerades viñeran	virei virás virá viremos viredes virán	viría virías viría viríamos viríades virían	ven veña  vinde/vide veñan	vir vires vir virmos virdes viren	<b>Infinitivo:</b> vir <b>Xerundio:</b> vindo <b>Participio:</b> vido



**Marco europeo común**  
referencia para as linguas:  
**aprendizaxe, ensino, avaliación**

XUNTA DE GALICIA



Niveis de competen  
en lingua galega

Descrición de habilidades e de contidos adaptados  
ao Marco europeo común de referencia para as linguas

XUNTA DE GALICIA

**Nivel B2**  
**en lingua galega**

## Habilidades e contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)

Os contidos lingüísticos e gramaticais presentados e traballados neste libro atenden ao compromiso de fornecer os recursos necesarios para que unha persoa acadese un nivel B2 en lingua galega, segundo a descrición do Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa, que se corresponden coas esixencias establecidas no Celga 3. Aínda así, como xa se dixo na introdución, este libro non dispensa a orientación dun profesor que acompañe o alumno no traballo cotián e compartido que esixe cada unha das unidades, e así facer a aprendizaxe máis completa e dinámica.


Segundo a descrición xeral deste nivel de competencia, as persoas que o acaden posuirán un dominio da lingua que lles permita intervir nun conxunto variado de situacións de comunicación, cunhas estruturas gramaticais e léxicas que lles proporcionarán a suficiente flexibilidade e capacidade para usar a lingua en situacións menos previsibles. Asemade, comprenderá mensaxes orais e escritas sobre temas diversos e de certa complexidade, sabendo distinguir o principal do secundario, e producirá textos comprensibles e cun alto grao de corrección normativa. Poderá defender un punto de vista, incidindo nos proles e contras das distintas opcións e saberá desenvolverse sen moitas dificultades nos contextos en que o galego é lingua de traballo e interacción.

Máis especificamente, logo de acadar este nivel, poderá ofrecer unha información xeral sinalando oposicións e contrastes, ademais de sinalar procesos, resultados e circunstancias. Será quen de expresar queixa, lamento, sorpresa, interese ou desinterese, manifestar dúbidas e reservas e emitir opinións, nas que saiba expoñer e defender posturas persoais, así como xulgar e valorar tomas de postura alleas. En canto aos usos sociais da lingua, poderá facer cumprimentos e devovelos e tamén presentar reclamacións e protestas; así como ofrecer palabras e expresións ao seu interlocutor ou convidalo a formular hipóteses.

De xeito máis pormenorizado, un falante que posúa o nivel B2 terá as seguintes habilidades:

### Comprensión oral

- Será capaz de seguir as ideas principais dun discurso lingüísticamente complexo que trate tanto de temas concretos como abstractos, pronunciados nun nivel de lingua estándar, que poida incluír explicacións ou debates dentro da súa especialidade.
- Poderá identificar en discursos extensos as liñas de argumentación, sempre que o tema sexa razoablemente coñecido e o desenvolvemento se facilite con marcadores explícitos.
- Será quen de comprender mensaxes relacionadas coa vida cotián ou laboral, como conversas de carácter xeral sobre temas variados, consellos médicos, informacións e avisos feitos en lugares públicos ou noticias da televisión co apoio da imaxe e os aspectos principais de programas de radio de temática xeral ou coñecida.
- Conseguirá identificar as ideas principais dunha actividade académica (conferencia, clase ou seminario), sempre que se trate dunha temática coñecida.



	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Para Anxo...		
Para Olalla...		

## Comprensión escrita

- Poderá comprender, cun alto grao de autonomía, textos variados, sempre que non traten de temáticas especializadas ou utilicen unha linguaxe específica. Asemade posuirá un amplo vocabulario e a capacidade lectora permitiralle adaptarse ao estilo de textos de diferente tipoloxía.
- Estará en condicións de comprender cartas e anotacións persoais ou relacionadas coa súa área profesional.
- Terá a capacidade de comprender diferentes tipos de textos dos medios de comunicación, tanto se son de información e temática xeral, como se se relacionan con áreas específicas ou do seu interese.
- Poderá entender textos escritos da vida cotiá, como instrucións sobre o funcionamento de aparellos domésticos ou normas sobre como comportarse nunha situación determinada.
- Será quen de comprender formularios administrativos sobre cuestións diversas, textos relativos a materias de cursos de formación académica e textos literarios sinxelos.

## Expresión oral

- Será capaz de realizar descrições, narracións e exposicións sobre persoas, situacións ou acontecementos da vida cotiá ou profesional. Terá un dominio da lingua e un control gramatical relativamente amplo para se expresar nestas situacións con bastante claridade e eficacia.
- Conseguirá producir fragmentos de discurso cun ritmo bastante uniforme, aínda que poida dubidar, pero sen se apreciar pausas ou silencios moi marcados. Saberá iniciar o discurso, tomar a quenda de palabra e finalizar unha conversa cando teña que facelo e empregará os mecanismos de cohesión máis habituais para converter as súas frases nun discurso claro e coherente.
- Poderá solicitar o reembolso ou o troco de produtos en áreas de servizo relativas ao aloxamento, comida e comercio, pedir informacións ou aclaracións e expresar agrado ou desagrado co servizo. No ámbito da saúde, será quen de explicar síntomas relacionados cunha doenza ou de pedir información sobre os servizos de saúde existentes e a posibilidade de tratamento.
- En conversas ou debates, saberá expresar e argumentar a súa opinión e reproducir mensaxes e opinións doutras persoas. Será quen de pedir información complementaria ou aclaración nunha visita guiada ou orientar visitas e responder a preguntas sobre espazos ou lugares.

## Unha forma diferente de ensinar linguas

O método directo xurdiu nos primeiros anos do século XX e supuxo un avance revolucionario na historia da metodoloxía de ensino de segundas linguas. Tras o fracaso do ensino baseado na tradución de textos literarios, nos que tiña un peso absoluto a memorización das regras gramaticais, comezouse a sentir a necesidade de novas formas de aprender unha segunda lingua. Asemade, os movementos migratorios de Europa aos Estados Unidos fixeron sentir a necesidade de ensinar unha segunda lingua a persoas de baixo nivel cultural, e cuxa principal necesidade era ser competentes na lingua oral.


O alemán Maximilian Berlitz, malia que non foi quen inventou o método directo, foi o principal impulsor e divulgador desta metodoloxía, a través da súa rede de escolas nos Estados Unidos. De feito, o método pasou a ser coñecido como o método Berlitz.



1. Unha amiga



2. Un amigo



3. A súa psicóloga



4. O seu irmán

- *Eu non creo que a psicóloga teña razón; eu creo que a rapaza necesita máis normas que os pais non lle dan, deberían...*

# Nivel B2 en lingua galega

## Exposición escrita


- Será capaz de escribir textos ben estruturados, coherentes e cohesionados, e cun alto grao de corrección sobre unha ampla gama de temas do seu interese ou relacionados coa vida cotiá.
- Posuirá a capacidade de escribir cartas e mensaxes electrónicas relatando feitos, experiencias e valoracións sobre acontecementos da vida cotiá, e poderá describir de xeito preciso e detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
- Será quen de redactar informes breves sobre temas de actualidade ou expoñer por escrito, de maneira sinxela, opinións sobre textos lidos ou oídos ou sobre situacións vividas con anterioridade.
- Será capaz de tomar notas nunha conferencia, aula ou seminario, sobre cuestións de actualidade ou da súa especialidade.

## Lingua e sistema: coñecemento do código

- Os contidos relacionados co código lingüístico –gramaticais, fonéticos, ortográficos e léxicos– que se consideran necesarios para desenvolver de modo satisfactorio as devanditas funcións comunicativas son os que se atopan nas seccións de gramática distribuídas ao longo das unidades do libro e no resumo gramatical.

## Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais

- Os contidos socioculturais cumpren a función de servir como soporte para a comprensión do contexto sociocultural no que se utiliza a lingua galega. Polo tanto, neste nivel realizarase un achegamento a algúns aspectos da historia ou da actualidade de Galicia, a través da indagación sobre acontecementos relevantes de tipo social, lingüístico, cultural, económico, deportivo etc. Esta información apoiárase en fontes diversas e en informacións fornecidas en diferentes modalidades de lingua e en formatos variados: textos impresos, imaxes, gráficos, material audiovisual etc.



*Estou procurando unha secretaria que fale alemán.*

*Estou procurando unha secretaria que fale alemán.*





# Transcripciones

## UNIDADE 1

# De deseño

### PISTA 1

## 2. QUE HORROR!

1.
  - E que tal funciona?
  - Ben, vai perfecto. Ademais é que é moi útil porque che fai masaxes nos pés, nas pernas, sobre todo no pescozo, que eu teño moitísimas molestias... O que che digo, para calquera parte do corpo... É increíble, eh!
  - E é fácil de usar?
  - Si, si, moi fácil. Enchúfase á corrente e xa está.
  - Ah, pois mira, igual compro un porque teño unhas dores nas costas...
  - Ai, pois recoméndocho moito, eh!
  - E é moi caro?
  - Non, non moito.

### PISTA 2

2.
  - Que che parece?
  - É bonita, pero creo que con este vestido non che queda nada ben.

### PISTA 3

3.
  - Mira o que nos regalou miña sogra!
  - Uf! Que feo, non?
  - Horroroso. Ademais, non sabemos nin para que serve.
  - Pois será para pór enriba da mesa, para deixar as chaves e iso, non?
  - Ti cres? Non sei... Eu pensaba que era un cinceiro ou algo así, aínda que na casa non fuma ninguén.

### PISTA 4

4.
  - Pois é moi práctico. Serve para un montón de cousas: para amasar, para picar, para bater claras de ovo. Fai de todo.
  - E, ademais, non ocupa moito, non?



- Non, que va! Ocupa moi pouco espazo. E vai moi ben, eh, de verdade. Onte fixen unha torta riquísima.

### PISTA 5

5.
  - Que práctico, non? Así podes gardar as mantas, a roupa de inverno...
  - Si, é fantástico. Caben un montón de cousas. Ademais, como o meu cuarto non é moi grande... E mira que fácil se abre: levántase por aquí e xa está.
  - Que marabilla!

### PISTA 6

6.
  - Pois é facilísima de usar. Ademais, non tes que poñer case aceite. Só pos un pouco de auga, as verduras, ou a carne, ou o peixe, ou o que queiras. E nuns minutos xa está: tes unha comida riquísima e moi sa.

## UNIDADE 2

# Temos que falar

### PISTA 7

## 4. ESTÁ ENFADADO?

1.
  - Como? Que só tiña un mes? Non pode ser!

### PISTA 8

2.
  - Que non fago nada? Iso non é verdade! Prepároche o almorzo todos os días e sempre frego os pratos.

### PISTA 9

3.
  - Pois iso non é así. A semana pasada tiven que chegar tarde un par de días, pero porque tiña a muller no hospital. Xa llo comentei ao xefe de Persoal.

### PISTA 10

4.
  - Engordei eu? Non, eu diría que non. Estou no meu peso de sempre, creo.

## PISTA 11

5.

- Raro? Como vou estar eu raro? O que pasa é que estou un pouco canso; nada máis.

## 5. O XOGO DA VERDADE

### PISTA 12

1.

- A ver, Anxo que é o que máis che gusta de Olaia?
  - As pernas!
- Non, home, a ver, digo dela, da súa personalidade.
  - Ah, pois que é moi independente, moi forte, non me gustan nada as mulleres que esperan que os homes decidan todo, e nós decidímolos todo xuntos.
- Ah, e que é o mellor da vosa vida en común?
  - Pois iso, que facemos moitas cousas xuntos, por exemplo aos dous nos encanta o mar, e saímos moito no barco, pero se ela un día non quere saír... pois vou eu só. Ou se quero saír cos meus amigos ou ela cos seus, pois cada un vai por libre.
- Ah, iso está moi ben.
  - Pois claro, iso é o bo, que facemos cousas xuntos e tamén por separado, cada un con outra xente.
- E hai algo que non che guste dela?
  - Mmh, pois mira, non, creo que non hai nada que non me guste dela.
- E que é o que non che gusta da vosa vida en común, da convivencia?
  - Pois creo que, ás veces, estamos demasiado tempo na casa. Por exemplo, se vai bo día, a min gustaríame saír máis por aí, pero moitas veces quedamos para limpar, lavar roupa, ordenar, é que ela é moi metódica niso, moi ordenada.



## PISTA 13

2.

- A ver, Olaia, que é o que máis che gusta de Anxo?
  - Fisicamente?
- Non, del como persoa.
  - Pois que é moi divertido e faime rir moito, cando conta algo é moi gracioso... contando historias... ten moita graza e rimos moito.
- E que é o que máis che gusta da vosa vida en común?
  - Pois as afeccións que compartimos, por exemplo aos dous nos gusta moito o mar e saímos navegar, gústame o tempo que pasamos xuntos.
- E hai algo que non che guste del?
  - Pois... dáme pena que non seguisse estudando porque creo que sería un bo arquitecto, extraordinario, é unha pena que plantase a carreira.
- E que non che gusta da vosa vida en común?
  - Ai... a desorde! E que eu son superordenada e el deixa todo tirado, non sabe onde deixou a carteira, non atopa a camisa que quere, e a min ponme dos nervios. Pero, mira..., parece que vai mellorando!

## PISTA 14

### 6. PERO QUE DIS!

A.

1. A

- Pero, Pablo, que horas son estas de chegar! E seguro que non fixeches os deberes!
- Que si, mamá, non sexas pesada, que xa os fixen na biblio.

## PISTA 15

1. B

- Pero, Pablo, que horas son estas de chegar! E seguro que non fixeches os deberes!
- Que si, mamá, non sexas pesada, que xa os fixen na biblio.

## PISTA 16

2. A

- Pedro, xa non saímos nunca: nin ao cine, nin cear, nin pasear...
- Que non saímos nunca? E logo non fomos o sábado á casa dos meus pais?

## PISTA 17

2. B

- Pedro, xa non saímos nunca: nin ao cine, nin cear, nin pasear...

- Que non saímos nunca? E logo non fomos o sábado á casa dos meus pais?

## PISTA 18

### 3. A

- Non o tomes a mal, pero estás colaborando pouco no traballo.
- Pero que dis! Se a semana pasada quedei todos os días na oficina ata as nove da noite.

## PISTA 19

### 3. B

- Non o tomes a mal, pero estás colaborando pouco no traballo.
- Pero que dis! Se a semana pasada quedei todos os días na oficina ata as nove da noite.

## B.

## PISTA 20

### 1.

Sempre chegas tarde á clase.

## PISTA 21

### 2.

Sempre che soa o móbil na clase. Non sabes que está prohibido?

## PISTA 22

### 3.

Por que non fas nunca os exercicios?

## PISTA 23

### 4.

Silencio, por favor, sempre estás falando na clase!

## PISTA 24

### 5.

Por que non prestas atención na clase?

## PISTA 25

### 6.

Na clase, deberías falar sempre en galego.

## UNIDADE 3

# Misterios e enigmas

## PISTA 26

### 2. EXPERIENCIAS PARANORMAIS

- Pois a min unha vez pasoume unha cousa moi rara.
  - Ai, si?
- Si. Estaba en Xapón e era de noite e fun durmir. Deiteime e púxenme a pensar nas miñas cousas... Non sei, supoño que me sentía soa, era moi nova e estaba lonxe da casa.
  - Cantos anos tiñas?
- Vinte e un. E, de súpeto, sentín unha presenza. Unha presenza entre a parede e a cama. Ou sexa, a cama estaba xunto á parede, e entre a parede e a cama...
  - Pero, dentro da cama?
- Dentro da cama, notei que había alguén que estaba aloumiñándome a cara, que me daba un bico... De verdade, estaba alucinada.
  - E que fixeches?
- Asustarme! Asusteime moito.
  - Pero... Tocaches, a ver se había alguén ou...?
- Claro! Non había nada, non había ninguén. Eu tiña... eu estaba coa luz apagada, tentando durmir e non había ninguén...
  - E que pasou logo? Foise a persoa?
- Si, si. Despois deixaron de tocarme e quedei paralizada completamente e non me podía mover.
  - Vaia susto, non?
- Nin che quero contar! Asusteime moitísimo. Tiven que me tirar da cama para poder moverme. Increíble, de verdade. Espero que nunca máis se repita. E iso que eu non cría nada nesas historias...

## UNIDADE 4

# Boas novas

## PISTA 27

### 2. UN XORNAL

#### 1.

Despois de varios anos de obras, dúbidas e discusións, por fin se finalizou a Cidade da Cultura. A conselleira de Cultura explicou que pretende que as instalacións sexan unha referencia para toda Galicia e un atractivo turístico importante tanto para Santiago de Compostela como para toda a comunidade. Con todo, diversos colectivos manifestaron que, malia a finalización das obras, a Cidade

da Cultura aínda presenta moitas incógnitas en relación cos seus contidos e a orientación que terán algúns dos seus edificios.

## PISTA 28

2.

A rebaixa de impostos é a noticia máis destacada tras o Consello de Ministros. O ministro de Economía, en rolda de prensa, confirmou que a partir deste mesmo ano haberá unha importante rebaixa nos impostos. Esta medida estará acompañada, ademais, dun aumento nas axudas aos parados. O líder da oposición, pola súa parte, declarou que tales medidas lle parecen unha estratexia claramente electoralista, tendo en conta que estamos a dous meses das eleccións xerais.

## PISTA 29

3.

Hoxe inaugurouse a primeira liña de metro de Vigo. Toda a corporación municipal, así como representantes das administracións autonómicas e estatais, participaron no acto inaugural. Con ela, satisfaise unha antiga reivindicación municipal e complétase o seu sistema de transporte. O traxecto unirá de norte a sur a cidade en dez minutos e contará con seis estacións. De todos os xeitos, o alcalde expresou o seu desexo de que futuras ampliacións poidan facilitar a conexión de Vigo coa súa área metropolitana.

## PISTA 30

4.

O Consello de Nacións Unidas aprobou onte en sesión extraordinaria o peche e desmantelamento de todas as instalacións dedicadas á produción de armamento nuclear. A resolución, aprobada por total unanimidade, supón un paso moi importante na desnuclearización do planeta. As Nacións Unidas anunciaron que enviarán observadores internacionais a todo o mundo, para vixiar moi de cerca o cumprimento da resolución. Estes equipos de observadores comprobarán que as instalacións se desmantelan realmente e de forma adecuada.

## PISTA 31

### 4. SOUBÉCHELO?

1.

- Oíches? Soubeches o de Fernando, o futbolista?
- Si, lino no xornal. Parece que se retira, non?

## PISTA 32

2.

- Oíches, Pedro, que sabes do de García?
- Din que dimitiu por cobrar comisións ilegais, non?

## PISTA 33

3.

- Viches o que acaban de inventar en Xapón?
- Non, que?
- Un tecido novo increíble, que protexe da calor e do frío.

## PISTA 34

4.

- Oíches, ao final que pasou co do barco ese?
- Pois que afundiou preto da Costa da Morte.

## PISTA 35

### 7. PERO TI QUE CONTAS?

A.

As eleccións celebradas onte domingo en Palandia déronlle a vitoria a Sonia Margulis, candidata do Partido da Muller que obtivo máis do 88% dos votos. Na súa primeira comparecencia pública tras a vitoria, Margulis, presidenta e fundadora deste peculiar partido, non ocultou a súa satisfacción e anunciou que o seu goberno estará composto por 10 mulleres e 10 homes. A presidenta electa lembrou que, tal e como prometera durante a campaña electoral, a prioridade do seu goberno será a igualdade entre mulleres e homes.

## PISTA 36

C.

Hoxe coñeceuse o testamento do famoso deseñador Samuel Müel, uns dos homes máis ricos de Palandia. Müel deixoulle a súa fortuna, calculada en máis de 80 millóns de euros, á Asociación de Animais do seu país. A familia de Müel mostrou a súa profunda decepción e asegurou que levaría o caso á xustiza de Palandia. Müel, un recoñecido modisto e deseñador, fíxose rico nos anos 90 e chegou a ser moi coñecido no mundo por ser o primeiro deseñador de complementos para cans, gatos e cabalos.

## UNIDADE 5

# Eu faríao se...

### PISTA 37

## 2. E TI, FARÍALO?

### 1.

- E a ti, gústanche as tatuaxes?
- As tatuaxes? Si, moitísimo! Incluso teño unha. Discretiña, iso si, eh?
- Ah, si? Onde?
- Nada, é moi pequena, nas costas.
- E que é?
- Un cabaliño de mar. Queres velo?
- Oi, si. A ver?

### PISTA 38

### 2.

- E a ti que che parece a moda dos *piercings* e as tatuaxes?
- A verdade é que me parecen máis bonitas as tatuaxes que os *piercings*. Algunhas tatuaxes son verdadeiras obras de arte.
- É certo.
- Os *piercings* tamén me gustan. Pero... non sei. Os que se poñen na lingua parécenme moi chistosos.
- E por que non pos un?
- Non, non. Eu non. Xa son moi maior para esas cousas. Pero coido que se fose máis novo, poría un.

### PISTA 39

### 3.

- E a tí?
- A min, os *piercings* parécenme horribles. Non sei como poden facer eses furados. A verdade é que me dá un pouco de noxo.
- E as tatuaxes?
- As tatuaxes? Hmm! Non sei... Non me desagradan totalmente, pero eu nunca faría unha porque moitas veces, non sei..., é unha cousa que decides facer un día e, despois, xa non podes facer nada, tes que levala de por vida!

### PISTA 40

### 4.

- E a ti, gústanche?
- Que se me gustan os *piercings* e as tatuaxes? Pois non sei. Depende. A xente que vai chea de *piercings* e de tatuaxes, non sei, non me gusta demasiado. Pero ás veces vexo xente que leva unha cousiña pequena, unha tatuaxe bonita...
- Xa. E ti, farías unha?
- Pois mira, igual si. Faría unha discreta, nalgún lugar pouco visible, iso si.

### PISTA 41

## 7. POBRE MANUEL

### 1.

- No sei que dicirche Manuel, porque non teño fillos, pero se estivese no teu lugar falaría cos profesores, levaríaa ao psicólogo, non sei, ao mellor necesidades unha terapia familiar.
- Mmm.
- Ademais, seguro que ela tamén o está pasando fatal.

### PISTA 42

### 2.

- Mira, Manuel, o meu fillo cando tiña quince anos era igual ou peor, pasámolo fatal. Así que non sei... poderíalle dicir que levase os seus amigos, para coñecerlos, á casa da praia, por exemplo.

### PISTA 43

### 3.

- O seu comportamento é normal, a súa filla só quere demostrar a súa independencia, recoméndolle que fale con ela, pero que respecte o seu espazo, é que a rapaza necesita atopar a súa identidade, definirse con respecto aos adultos, ademais todos temos dereito a unha vida privada, e unha adolescente aínda máis.

### PISTA 44

### 4.

- Mira, Manuel, a nena o que ten é moita liberdade para a súa idade, permíteslle demasiadas cousas, home!, que a tedes moi consentida! O que deberías facer é obrigala a estudar, e controlala para saber que fai e a onde vai e con quen, e que estea na casa antes das nove, e nada de saír as fins de semana. Xa verás como cambia o conto!

## UNIDADE 6

# E que che dixox?

### PISTA 45

## 1. RAPAZ PARA TODO

- Ola, Lucho. Xa estás mellor?
- Si, si. Esta mañá estaba medio mareado, pero xa estou ben.
- Vale. Mira, espérate unha tarde completiña, eh? Tes que facer un chea de cousas.
- Dime, entón. Que hai que facer?
- A ver, o primeiro, o máis urxente, tes que ir á copistería facer tres copias do contrato do señor Carballo, este de aquí, vale? É que a fotocopiadora volve estar rota. Sábelo, non?
- Si, si.
- Ben, a ver se tes un momento e podes arranxala.
- Vale, ben.
- Que máis? Ah, si. Moi importante. Tes que ir levar o coche do xefe a lavar, que cho deixen coma novo, eh? E despois volves aquí, recolles o xefe e lévalo ao aeroporto. A ver... O seu avión sae ás sete e media. Así que tes que saír de aquí ás cinco e media.
- Vale, de acordo.
- E aínda hai máis. A ver... a cafeteira, outra vez non funciona. E é nova; así que deberías levala á tenda a ver que lle pasa e, se é que lle pasa algo, que cha cambien.
- E xa está, non?
- Non, unha cousa máis, cando poidas, fai dúas copias da chave da oficina.

### PISTA 46

## 3. MENSAXES

### 1.

- Miguel, son mamá. Como estás, fillo? Ben? Oíches, que teño que falar contigo, pódeme chamar antes das tres ao móbil? Veña, un bico.

### PISTA 47

### 2.

- Miguel, Miguel, estás aí? Xa vexo que non. Son Rita. Mira, se oes esta mensaxe, faime un favor, recólleme no traballo ás sete. Cres que podes? Anda, vémonos.

### PISTA 48

### 3.

- Ola, son Tati. Miguel, xa sabes que tes que mercar o viño para a cea de hoxe, lembrás? Pois iso. Oíches, e aféitate, por favor, que é unha cea cos meus xefes. Un bico.

### PISTA 49

## 6. TEN VOSTEDE EXPERIENCIA?

### 1.

- Departamento de Recursos Humanos, bos días, dígame?
- Ola, bos días, mire, chamo polo anuncio que acabo de ver no xornal.
- Si, entendeu vostede ben de que se trata?
- Si, ademais xa teño experiencia no sector.
- Ah, perfecto, impórtalle se lle fago algunhas preguntas?
- Non, non, por suposto.
- A súa experiencia foi en hoteis?
- Non, foi en restaurantes, durante tres anos.
- Ah, moi ben. Mire, estamos buscando alguén que se poida encargar da zona sur nun proxecto novo que temos, buscamos alguén que poida facer críticas de hoteis e restaurantes. Ten vostede vehículo propio?
- Si, si.
- E estaría vostede disposta a viaxar; por exemplo, podería pasar dúas semanas fóra da casa?
- Si, si, xa o fixen, ademais gústame.
- Ademais gústalle comer ben, non?, xa sabe que iso é moi importante para este traballo.
- Si, si, non hai problema, ademais son especialista en viños.
- Moi ben, pois mire, por que non nos envía o seu currículo e concertamos unha entrevista?
- Vale, perfecto, pois moitas grazas.
- De nada, a vostede.

### PISTA 50

### 2.

- Ola, bos días.
- Bos días, sente por favor.
- Grazas.
- Vexo que ten vostede un currículo moi interesante, vexo que escribiu vostede para a revista *Comedere* durante dous anos.
- Pois si, do ano 2000 ao 2003 traballei para eles, e fun a autora principal das guías dos anos 2001 e 2002, e nas dúas seguintes encargueime da sección de viños.
- Imaxino que coñece as nosas guías *Gampra*.
- Si, evidentemente, e debo dicir que no seu campo son as mellores do mercado.
- Grazas, nós tamén o pensamos. Mire, dentro de dous anos imos publicar cinco novas guías, e necesitamos unha persoa que se encargue da zona sur do país.
- Ah, que interesante.

## PISTA 51

### 9. PARELLAS, MENTIRAS E PISOS DE ALUGAMENTO

- Mira, se finalmente alugamos un piso xuntos, poderíamos buscar un así antigo, no centro...
- No centro? Uf, non sei! A min gustaríame algo máis tranquilo, cerca do porto ou así. O centro non me gusta nada, Isa, e ademais os pisos antigos... buf! Mellor algo novo, non?
- Ah, pois, si, non sei... Ai, Fran, non sabes as ganas que teño de atopar un piso, estou farta xa de vivir cos meus pais. A ti tamén che apetece saír de casa, non?
- Eu teño moitas ganas de vivir no meu propio piso e apetécame moito vivir contigo, en serio, vai ser xenial!
- O malo é que atopar piso vai estar supercomplicado, seguramente temos que ir todas as tardes ver pisos, porque hai que ver uns cantos antes de escoller.
- Polas tardes? A min vaime fatal, eu adestro todas as tardes e non podo faltar a ningún adestramento.
- Ningún día?
- Que non, que non!, polas tardes imposible.
- Pois mira, eu teño un amigo que traballa nunha axencia inmobiliaria, se queres xa vou eu con el ver pisos.
- Vale, perfecto!
- Vale, vouno ver esta mesma tarde, pareceche ben?
- Perfecto, se ti te encargas de buscar piso, mellor. Ademais, se tes ese amigo que traballa na axencia, seguro que ten algún piso que estea ben e non é moi caro, non?
- Bah! Iso se hai sorte, porque...

## UNIDADE 7

### Só ou acompañado?

## PISTA 52

### 6. TENDENCIAS

#### 1. A.

- A min, a verdade é que viaxar soa abúrreme unha chea, para min onde estea unha viaxe organizada!, que te levan ver todo o que se pode ver, que podes comentar cos compañeiros o que che gusta e o que non, porque... imaxínate que me atopo eu soa nun país no que non falo o idioma e claro... con quen falo?, onde vou comer? Non, non, a min todo organizadiño e a pasalo ben!

## PISTA 53

#### 1. B.

- Eu prefiro viaxar só, organizar eu as miñas viaxes e ir ao meu ritmo, parar onde quero e cando quero e visitar o que me apetece, sen ter que esperar por ninguén. Prefiro ir ao meu aire, falar cando quero e con quen quero, ademais é a mellor maneira de coñecer xente do lugar.

## PISTA 54

#### 2. A.

- Oi! Eu traballar soa na casa é que non podería, que va! Se fose tradutora ou algo así, pois non sei como me organizaría, supoño que estaría despistada, facendo as cousas da casa, vendo a tele, falando por teléfono... A verdade é que eu prefiro ter compañeiros de traballo, ver xente, relacionarme, ir á oficina, non sei... o de traballar na casa non o vexo para min.

## PISTA 55

#### 2. B.

- A min gústame traballar só, ao comezo custoume, pero agora non o cambiaría por nada. É que eu traballo para unha editorial, entón organízome como quero: se teño moito traballo, pois apuro máis durante dous días e despois estou libre.

## PISTA 56

#### 3. A.

- Pois é que eu non me imaxino soa na casa estudando inglés diante do ordenador, chateando con persoas que non coñezo de nada, porque como eu xa levo moitos anos estudando inglés na mesma academia, pois xa fixemos un grupo de xente moi riquiña e levámonos moi ben. Ademais, o profesor xa nos fai as clases adaptadas ao noso nivel.

## PISTA 57

#### 3. B.

- Pois eu xa probei todos os sistemas, o presencial en grupo e os individuais por Internet, e a verdade é que a min o que máis me gusta é o individual, porque o servizo é personalizado, o titor adáptase ás túas necesidades, ademais eu conéctome cando me apetece, cando estou motivado e iso axúdame, porque se tivese que ir a unha clase nun horario estrito, buf! Creo que non podería, ao mellor se tivese que facer unha carreira moi complicada, pero mira... tamén coñezo xente que fixo mestrados a distancia e estaban supercontentos.

## UNIDADE 8

## Maneiras de vivir

## PISTA 58

## 2. DIME CON QUEN ANDAS E DIREICHE QUEN ES

## 1.

- Lembran o famoso dito “dime con quen andas e direiche quen es”? Pois hoxe, no noso programa, temos tres convidados que nos explicarán como e con quen comparten as súas afeccións, os seus gustos, os seus valores. Darannos unha visión da súa particular forma de vivir. Boa tarde. A nosa primeira invitada é Lucía, unha afeccionada ás motos.
- Afeccionada ás motos... *escuterista* mellor. A min gústanme as motos *escúter*.
- E como definirías os *escuteristas*?
- Se tivese que escoller unha palabra, sería liberdade. A afección ás motos é moito máis ca unha afección, é unha forma de vida. Son moitas cousas. A min gústanme as motos, reunirme con *escuteristas*, a música mod, viaxar por estradas secundarias coa Vespa. Fixen o Camiño de Santiago tres veces.
- Mmm! Tres veces o Camiño de Santiago?
- Si.
- Interesante. E cantas motos tes?
- Pois xa teño cinco no meu garaxe...
- Cinco?
- Si, si, cinco. Pero coñezo xente que ten máis de dez. É que o máis interesante de todo isto é rescatar motos vellas e poder arranxalas cos teus amigos e, claro, con outros *escuteristas*.
- E existe algún club de *escuteristas*?
- Buff. Si, hai moitos en todo o mundo. Eu pertenzo a un e reunímonos as fins de semana, fanse entregas de premios. É xenial.
- Perfecto, moi ben. Grazas Lucía e queda aquí con nós.
- Vale!

## PISTA 59

## 2.

- Imos coñecer agora o noso segundo invitado, Andrés Hortas. Andrés é un *ciberadicto*.
- Poi si, son un fanático dos ordenadores. Paso horas e horas diante do ordenador navegando.
- E non te sentes só?
- Non, para nada. Hai toda unha comunidade de xente coma min e estamos en contacto a través de *chats*, foros, *emails*... A verdade é que non necesitamos vernos para coñecérmonos. Encántannos os videoxogos, entón baixámoslos da rede, intercambiámoslos...

- Mmm! A vosa comunidade está formada por xente moi nova, en xeral, non si?
- Si, pero non é un fenómeno para adolescentes unicamente. De feito, algúns dos máis altos directivos das empresas tecnolóxicas tamén o son. E, eu, por exemplo, agora contaxiei a meu avó, que dende que se xubilou pasa moito tempo navegando pola rede. Eu convertíno nun *geek*.
- Nun *geek*?
- Si, algúns chámannos *geeks*.
- E onde vos encontrades normalmente?
- Mira, os nosos lugares de encontro, ademais da rede, son empresas de Internet e tecnoloxía. Ademais, os clubs de xogos de rol, as tendas de informática, os salóns recreativos, os cibercafés e os locais de xogo na rede... Ah! E tamén as conversas de Star Trek ou Star Wars...
- Mmm! Moi interesante. Grazas, Andrés.
- De nada.

## PISTA 60

## 3.

- Tamén temos connosco a Xoán Antonio Bermúdez, presidente da Asociación de Nudistas. Señor Bermúdez, que é o nudismo?
- Para nós, o nudismo é unha forma de vida: é unha concepción filosófica da nudez que considera que o corpo humano é nobre na súa totalidade. E a nudez integral, practicada en lugares e circunstancias adecuadas, nunca é obscena, nin vergonzosa, nin excitante, nin ridícula, senón que sempre é natural, sa; é bonita, é auténtica.
- Moi ben, pero como se pode compaxinar esta filosofía coa vida diaria?
- É que a nós, os nudistas, gústanos facelo todo nus porque nos dá unha gran sensación de liberdade. Estamos cómodos con iso. Nós imos ás praias nudistas ou imos de vacacións aos cámpings ou aos centros nudistas... E claro, gústanos ir nus pola casa: é que o encontramos saudable, cómodo. É agradable.
- E cal é o obxectivo da asociación?
- Ah, o noso obxectivo é que non haxa clubs ou praias nudistas. É que nos cremos que as praias nudistas son unha especie de gueto: uns currunchos, non sempre bonitos, onde a administración nos quere colocar, para termos como controlados, para que non molestemos. Se a sociedade estivese preparada cada un teríase que poder espir alá onde quixese. O que é evidente é que non nos espimos para mostrarnos aos outros. Facémolo porque nos gusta, encontrámonos ben. E, por certo, cada día somos máis.
- Tres formas de vida ben diferentes. Queren saber máis sobre o tema? Pois abrimos as liñas e esperamos as súas chamadas.

## UNIDADE 9

# Como non o sabía...

### PISTA 61

## 3. COMO NON O FIXECHES!

### 1.

- Ola, Olga, que che pasa?
- Ah, que estou un pouco triste!
- E iso?
- Porque fun ver hoxe o exame de galego e fallei todos os tempos en pasado, non o entendo.
- E logo?
- Pois porque estudei moito, incluso unha táboa completa coas formas verbais, e non entendo como case todas estaban mal.
- Pero por onde as estudaches?
- Polos apuntamentos de Marc.
- Como fixeches iso? Co despistado que é!
- Cala, ho! Agora non mo lembres. Que deixada son!

### PISTA 62

### 2.

- Ola, John! Que, como che vai? Estás contento na cidade?
- Si, si, moito, a familia coa que vivo é encantadora.
- Servirache de axuda para mellorares o galego, non?
- Pois non creas, porque falamos bastante en inglés e onte, por exemplo, estiven mirando o telexornal e non conseguín entender case ningunha noticia.
- Pois tampouco é tan difícil, eh?
- Xa o sei, pero creo que descoidei esa parte e agora está a piques de rematar o curso.
- Ti tamén, home! Debiches de falar máis galego na casa!

### PISTA 63

### 3.

- Mi madriña! Cantas faltas de ortografía tiven na carta que nos mandou a profe!
- Si? Moitas?
- Unha chea. Non sei por que?
- Liches os libros que che recomendou?
- A verdade é que non. Pásase tan ben en Santiago, que descoidei un pouco os traballos.
- Entón non te queixes. Debiches de lellos e xa verías como tiñas unha ortografía mellor.

### PISTA 64

## 5. REPROCHES

### 1.

- Pois ao final non lles dixen aos meus pais que pensaba divorciarme, pero soubérono por outra persoa e tomárono moi mal.
- Claro, e con razón. Sinceramente, creo que llelo debiches contar ti mesma...

### PISTA 65

### 2.

- Teo quería facer o cruceiro cos seus amigos, pero logo non foi porque non lle chegaban os cartos.
- E como non llos deixaches? Co boiño que é, merecía, non?

### PISTA 66

### 3.

- Pedinlle ao meu irmán unhas fotos de cando era pequena, porque el é quen garda as fotos da familia, e resulta que non mas quixo dar. A ti paréceche normal?
- Muller, a min non! Púidochas deixar, por suposto. Se ao final son de todos...

### PISTA 67

### 4.

- Síntoo, pero mañá non poderei vir traballar porque teño un exame na universidade.
- E non mo puidiches dicir antes? Co difícil que é atopar unha substituta...

### PISTA 68

### 5.

- Bego quedara de chamarme antes de ir a Arxentina, porque quería facerlle un encargo, pero acaban de me dicir que xa está de volta.
- Que raro, non? Puido dicircho, se non lle custaba nada...



## UNIDADE 10

# Escollas

### PISTA 69

## 2. DESCULPAS DE MAL PAGADOR

### 1.

- A ver García, como explica este balance comercial tan lamentable?
- Pois non foi culpa do departamento. Todo foi debido ás dificultades que ten o sector, xa que agora hai un exceso de importacións que dificultan a rendibilidade do produto. E pola chegada de artigos doutros países, estamos cos problemas que estamos. Eu, se me permite, suxiro uns axustes dos prezos de mercado.
- García, non bote balóns fóra, límítese a contestar ao que lle preguntan.
- Vale, vale.

### PISTA 70

### 2.

- Rosalía, non entendo como a contabilidade puido ir mal. Como non detectamos isto?
- A ver, houbo tantos problemas que xa non sei por onde empezar. Como o contable estivo enfermo boa parte do ano, tivemos que contratar un bolseiro e tardou dous meses en entender as contas da empresa e o que queriamos que se fixese. Logo, cando empezaba a entender a dinámica, os dous administrativos colleron vacacións.
- Colleron vacacións!!!
- Si, é que xa lles tocaban, e entón, dado que estabamos na fase de redución de persoal, o bolseiro tamén se tivo que ocupar da parte administrativa, e só agora ao final nos decatamos de que a contabilidade non ía demasiado ben e os balances non eran positivos.
- Meu Deus!

### PISTA 71

### 3.

- Augusto, quero unha explicación clara e precisa de por que baixou tanto a produción na empresa. Vostede, que é o xefe de taller, digo eu que a terá.
- Pois claro que a teño. Foi pola substitución das máquinas vellas polas novas, que non hai ninguén que as entenda. Estivemos máis de dous meses a tentar entendelas, ata que, por fin, soubemos como funcionaban. Pero non crea vostede que resulta moi doado, eh?
- E o encargado do mantemento?
- Ah! Como as instrucións estaban en alemán...

### PISTA 72

## 6. TOMAR DECISIONS

### 1.

- Hai seis meses que descubrín certas irregularidades na contabilidade da que era responsable a miña compañeira Azucena. Pedinlle explicacións e díxome que estaba pasando un mal momento, que o seu marido estaba en paro e que ela soportaba todos os gastos familiares. Teño que dicir que Azucena e eu somos amigos desde hai anos e pediume que non o contase, que ela devolvería os cartos. Eu deille un prazo de seis meses para devolvelos, pero ao cumprirse comprobei que non os devolvera e por iso decidín contalo.

### PISTA 73

### 2.

- Sinto moito o que pasou, pero é que estaba desesperada, o meu marido no paro, a hipoteca, os meus fillos, e que non vin outra saída e collín os cartos. Pensei que os podería devolver e por iso lle pedín a Álvaro que non me delatase, tamén o sinto moito por el porque somos amigos e non quería involucralo nos meus problemas. Non sei se podo arranxar este estrago... Entendo que me despidan a min, pero que despidan tamén a Álvaro non mo vou poder perdoar nunca.

### PISTA 74

## 8. ESCOLLAS NA VIDA

### 1.

- Tomaches algunha decisión que tivese un efecto importante na túa vida?
- Pois si, cando era pequena facía ballet e era moi sacrificado, moitas horas despois do cole, e algúns sábados. Encantábame o ballet, pasábao moi ben, pero eran tantas horas de ensaio, e eu non tiña tempo libre para min, nin para os meus amigos.
- Claro, ti querías saír cos amigos, e tal.
- Pois si, a esas idades é que non tes nada claro e a min o ballet supúñame moito tempo, e acabei por deixalo. Pero ás veces penso que, se non o deixase, se cadra sería unha bailarina famosa.

### PISTA 75

### 2.

- Tomaches algunha vez unha decisión que tivese un efecto importante na túa vida?
- Pois si, claro, hai 3 anos a miña situación en Venezuela, que é o país de onde veño, non estaba ben, porque perdera o traballo e as perspectivas de obter algo non

eran moi boas. E, claro, tiña un amigo que veu para Galicia e díxome que aquí había máis oportunidades... E como tamén teño familia galega, pois decidín cruzar o charco e, efectivamente, ao chegar aquí, abríronse moitas portas para min.

- E estás contento?
- Moito, moito. Coñecín xente marabillosa, o país é fermosísimo e estou seguro de que, se quedase alí, a miña situación non sería tan boa como a que teño agora.

## PISTA 76

### 3.

- Tomaches algunha vez unha decisión que tivese un efecto importante na túa vida?
- Pois unha non, moitas, pero así unha que poida recordar foi na escola. Eu estaba nun cole de monxas coas miñas primas, a miña irmá. E... a idea que tiñan os meus pais e os meus tíos era que, ao rematar os estudos, pois..., que nos puxésemos a traballar, nunha oficina ou así.
- Ou sexa que querían que foses secretaria.
- Si, e non é que houbera problemas económicos, pero era a idea, o destino que tiñamos todas marcado, estudar ata os 16 e despois empezar a traballar. E un ano veu unha profesora moi nova, moi simpática e contábanos aventuras de cando ela estaba na facultade, e fíxonos cambiar de idea, de que o mundo non acababa aí, que a educación non remataba aos 16 anos. Entón eu rebeleime e dixen que quería estudar e ir á universidade.
- E os teus como o tomaron?
- Pois tiveron que loitar un pouco, pero a min axudoume moito o ambiente do cole, e da profesora, que convenceu os meus pais, como sacaba boas notas, e tal.
- Así que foi pola profesora?
- Si, e se non fose así, pois non estudaría e a miña vida sería coma a das miñas primas, non sei, nin mellor nin peor, diferente.